

# Textos recuperados.

## De Galo Salinas a Castelao

Proyecto de teatro galego ó xeito do da "Chauve  
Somil"

### Programa 1ª Parte

#### 1º © acordeón

Cantos de marxeiros acompañados pol-o acordeón, n' un barco. É noite pesca e o lume da caldeirada alumia en rosso al caral dos marxeiros coidando que as siluetas das sombras se marquen na vela qu'está izada.

#### 2º Campaña de Anllóns

A coñecida poesía recitada pol-o mesmo Ponda Ponda citará sentada n' unha cadeira iluminada a cara pol-a luz morosa d' un quinqué. N'o fondo aparecerá unha visión do prisioneiro de Orán, semellando en luz azul d' unha linterna, que lle bate na figura a luz da luz que entra por atri' os barroteis d' a fenestra. Ó lume pode sentirse unha gaite.

#### 3º Os soldadinhos

Son os exercicios dos novos soldados feitos por soldadinhos de cartón. Os doce movementos pra cargar o fusil son moi cómicos. No fondo un telón con dibuxos de merinos (dibuxos de guerras). A música será a que cantan os mozos en Pontevedra.

#### 4º Romance de cego

Será unha historia arrepiante d' un crime cantado por un cego. No fondo desenvolverase por actores o crime que vai de, rebendo o cego.

#### 5º © orfeón

Un orfeón n' unha taberna de cidade galega onde aparecerán ofenditas típicas, o de sempre cantando esas cosas ridículas que todos coñecemos en castelán.

Edición e notas de IOLANDA OGANDO  
Estudo introdutorio de LAURA TATO




BIBLIOTECA-  
ARQUIVO  
TEATRAL  
FRANCISCO  
PILLADO  
MAYOR

DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,  
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA



# Textos recuperados.

## De Galo Salinas a Castelao



A. D. R. CASTELAO, G. SALINAS, A. NAN DE ALLARIZ, E. CHARLÓN  
& M. S. HERMIDA, E. BALÁS, X. M. LÓPEZ CASTIÑEIRAS, S. CABEZA  
DE LEÓN, M. POSSE, X. ARES, M. VIDAL e M. REI POSE

EDICIÓN E NOTAS: IOLANDA OGANDO  
ESTUDO INTRODUTORIO: LAURA TATO

Deseño da Capa:  
MIGUEL ANXO VARELA

Ilustración da Capa:  
A.D.R. Castelao, *Proieuto de teatro galego ô xeito do*  
*da «Chauve Souris» (páxina 2 do manuscrito orixinal)*

Edita:  
BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL  
«FRANCISCO PILLADO MAYOR»  
<https://www.udc.es/es/publicacions/>

© Da presente edición:  
DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,  
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

© Herdeiros dos AUTORES

© IOLANDA OGANDO  
© LAURA TATO

DOI:  
<https://doi.org/10.17979/spudc.9788497495332>

I.S.B.N.  
978-84-9749-533-2

Depósito Legal:  
C 2415-2012

Impresión:  
LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Maquetación:  
ANTONIO SOUTO

Distribución:  
<https://www.udc.gal/publicacions/distribucion>



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative  
Commons Atribución-CompartirIgual 4.0  
Internacional (CC BY-SA 4.0)



DEPARTAMENTO DE GALEGO-PORTUGUÉS,  
FRANCÉS E LINGÜÍSTICA

Universidade da Coruña • Facultade de Filoloxía • Campus da Zapateira, s/n • 15071 A Coruña

Consello Científico:  
X. CARLOS CARRETE DÍAZ, PERFECTO CUADRADO,  
MANUEL FERREIRO, MANUEL LOURENZO PÉREZ,  
CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO, JOSÉ OLIVEIRA BARATA,  
FRANCISCO PILLADO MAYOR, FRANCISCO SALINAS PORTUGAL,  
ARNALDO SARAIVA, LUCIANA STEGAGNO PICCHIO (†),  
LAURA TATO FONTAÍÑA

A. D. R. CASTELAO, G. SALINAS, A. NAN DE ALLARIZ, E.  
CHARLÓN & M. S. HERMIDA, E. BALÁS, X. M. LÓPEZ  
CASTIÑEIRAS, S. CABEZA DE LEÓN, M. POSSE, X. ARES,  
M. VIDAL e M. REI POSE

# TEXTOS RECUPERADOS. DE GALO SALINAS A CASTELAO

Edición e notas: Iolanda Ogando

Estudo Introdutorio: Laura Tato



## NOTA DAS AUTORAS

Este libro, igual que o publicado polo profesor Carlos C. Biscainho sobre o teatro de Leandro Carré<sup>1</sup>, recolle o froito das investigacións realizadas no marco do proxecto de I+D 'Recuperación do Patrimonio Teatral Galego' (FFI2009-08619), do Ministerio de Ciencia y Tecnología. Con este volume recuperamos unha serie de textos do período comprendido entre 1903 e 1923 que poden axudar a clarificar ou documentar algunhas zonas escuras da historia do teatro galego. Son un total de dezanove textos de diversos autores e de diferente índole: dezaioito pezas dramáticas e unha carta incompleta de Alfonso R. Castelao, en que o autor rianxeiro expón o programa dunha función de Teatro de Arte. Canto aos textos dramáticos, ou ben son manuscritos que permanecían inéditos, esquecidos en arquivos e/ou bibliotecas, ou ben viran a luz en publicacións periódicas de difícil acceso na actualidade.

Abrimos o volume co máis importante de todos eles, tanto desde a perspectiva do autor como desde a perspectiva da Historia do Teatro, co autógrafo de Alfonso R. Castelao. Para presentar os restantes textos, as pezas dramáticas, optamos por as organizar seguindo o criterio cronolóxico que aplicamos, en primeiro lugar, aos seus autores. Así, a seguir, figuran as obras recuperadas de Galo Salinas, que é o dramaturgo máis vello dos que conforman este volume, pois as súas actividades dramáticas, como é sabido, comezaron na derradeira década do século XIX. A continuación, Nan de Allariz, do que ofrecemos dous pequenos textos publicados en revistas da Habana, na primeira década do século XX, ao que seguen tres peciñas de Emiliano Balás Silva. Continuamos con tres pezas datadas en 1915 que ordenamos aplicando o criterio cronolóxico aos seus autores: José M. López Castiñeiras, Salvador Cabeza de León e Manuel Posse Rodríguez.

---

1 Vid. Leandro Carré, *Teatro recuperado*, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña, 2011.

As obras que foron escritas despois destas datas, e que agora recuperamos, están xa na órbita temporal en que as Irmandades da Fala estaban intervindo, dunha ou doutra forma, nas actividades dramáticas, de forma que os autores que as escribiron ou ben se movían no ámbito do rexionalismo ou ben no do nacionalismo: Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, José Ares Miramonte, Manuel Vidal, Manuel Rei Pose e o anónimo Nin Guén.

Esperamos que o coñecementos destes textos axude no seu labor os estudosos do teatro galego e poida interesar tamén o lector curioso. Por último, queremos expresar a nosa gratitude a todas as entidades que nos permitiron reproducir os textos que están baixo a súa custodia, Fundación Vicente Risco e coros 'Toxos e Froles' e 'Cántigas da Terra'.

*Iolanda Ogando*

*Laura Tato*



# ESTUDO INTRODUTORIO



AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO (RIANXO 1886-  
BUENOS AIRES 1950)

O texto de Castelao que incluímos neste volume está constituído por tres follas manuscritas a tinta negra, numeradas a lapis na esquina esquerda, cos números consecutivos 2, 3 e 4. Falta, por tanto, a primeira folla. O documento está catalogado no arquivo da Fundación Vicente Risco co título con que se abre a primeira das follas conservadas: “Proieuto de teatro galego ô xeito do da «Chauve Souris»”. Ao título, segue o programa do que podería ser unha función dramática dun grupo de amadores da época, dividida en dúas partes. A primeira está constituída por cinco estampas ou pequenos *squechs*, e a segunda, por catro: ‘O acordeón’, ‘Campana de Anllóns’, ‘Os soldadiños’, ‘Romance de cego’, ‘O orfeón’, ‘O planto’, ‘A vaca e o can’, ‘Unha noite na eira do trigo’, ‘Cantos de rexouba e baile’.

Este programa vai seguido por unha didascalía en tres parágrafos en que se describen os decorados e a presentación do espectáculo. A seguir, Castelao traza dúas liñas que atravesan o papel, indicando que aí acaba a descrición da función. A partir dese momento, semella que continúa a carta comezada na folla perdida. Descoñecemos o destinatario desta misiva, mais que chegase até hoxe a través da Fundación Vicente Risco pode apoiar a hipótese de que fose dirixida ao propio Risco ou a Ramón Otero Pedrayo. Porén, existe tamén a posibilidade de que o destinatario fose José Rodríguez de Vicente (Vigo 1895 - Buenos Aires 1958), membro das Irmandades da Fala, que no momento en que estas se escindiron, como Castelao e Otero, ficou na Irmandade Nazionalista de Vicente Risco e formou parte do seu núcleo de confianza, que o colocou á fronte da delegación da Irmandade Nazionalista da vila de Baiona.

As boas relacións de Rodríguez de Vicente cos homes da Irmandade Nazionalista explica o afecto que se respira na correspondencia entre el e Ramón Cabanillas, Afonso Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e mais Xavier Prado “Lameiro”, conservada no arquivo particular da familia Paz Andrade. Nesta etapa, de intensa actividade cultural e política, Rodríguez de Vicente revelárase como un gran-

de cómico que utilizaba como nome de guerra «Joselín», polo que Castelao debeu recorrer a el cando, á volta da viaxe de estudos por Europa, pensou en crear un grupo de Teatro de Arte en Pontevedra. Como é ben sabido, en 1921, en París, Castelao ficara seducido polo teatro do ruso Nikita Balief e recollera a experiencia no seus Diarios de Arte, anotando unha serie de ideas que pensaba pór en práctica cando regresase. Sabemos por Filgueira Valverde (1975) que comentou estas intencións no seu círculo de amigos de Pontevedra. Na nosa opinión, este texto que hoxe publicamos ten moitas posibilidades de que fose dirixido a «Joselín», pois na única carta conservada de Castelao a Rodríguez de Vicente, o rianxeiro faille a seguinte pregunta: ¿Que pensaches do proxecto de Teatro Galego? Compre pensar en algo que podía ser serio e aínda produtivo” (Castelao 2000: 96).

Tamén unha das últimas frases que Castelao escribiu no texto que publicamos, “Facerei un esforzo máis e se non calla eiquí todo iso irá ás tuas mans”, só ten sentido dirixida a un actor ou, cando menos, a alguén que tivese certa relación co teatro, e non a Vicente Risco nin a Otero Pedrayo que, nesta altura, estaban moi afastados das actividades dramáticas. Por último, que unha carta dirixida a Rodríguez de Vicente acabase entre os papeis de Vicente Risco non sería difícil de explicar, dado que era un dos seus homes de confianza; “home de plena confianza de Losada e Risco” afirma del o historiador Xusto Beramendi (2007: 671).

A importancia deste breve documento radica en que é a proba definitiva de que nos primeiros anos da década de 1920, despois de regresar da viaxe por Europa e antes de que comezase a ditadura de Primo de Rivera, en setembro de 1923, Castelao tentou crear en Pontevedra un grupo de teatro que contribuíse á renovación dramática a que aspiraban as Irmandades da Fala e que fora iniciada na Coruña, en 1919, polo Conservatorio Nazonal de Arte Galega. Dese intento tiñamos vagas noticias, como xa indicamos, a través de Filgueira Valverde (1975), quen comentou que Castelao procurara convencer os seus contertulios pontevedreses de que debían crear un grupo de Teatro de Arte, mais que os outros consideraran máis acaído fundar unha masa coral, a Polifónica, que fixo a súa presentación pública

en 1925. Tamén apoiaba esta hipótese o feito de que Valentín Paz-Andrade incluíse na súa obra *Castelao na luz e na sombra* o deseño da caracterización para o actor que interpretase un monólogo titulado *Un ollo de vidro*:

Caracterización pr'o monólogo *Un ollo de vidro*: Un capuchón feito de tea de saco, rompido en moitos sitios e rematando abaixo en moitas puntas desiguales, uns zapatos de elástico rompidos. A cara: un casco branco tapand'o pelo, unha casca de noz posta á maneira de antiparra nó ollo izquierdo imitará o ollo de vidro, o ollo dereito e o nariz pintados de negro e logo uns ángulos de negro imitando a sombra que fan os maisilares superiores, e tod'o resto pintado de branco incluíd'os beizos. Os brazos e pernas irán tamén pintados. Para que se vexan as costelas por antr'os rachóns do capuchón compe levar unha camiseta pintada. Un [sic] hombreiros poñeráse unha especie de charretera debaixo do capuchón. Enfocarase unha luz azul. O esquelete aparecerá c'un faroliño para rompela monotónía da coor (Paz Andrade 1986: 227).

A iluminación deste monólogo é a mesma que Castelao apuntara no seu Diario de Arte para a representación de “A campana de Anllóns” e resulta moi semellante á que aparece descrita neste texto que publicamos para a escena do mesmo título. Nun recadro á parte, o rianxeiro engadira a seguinte didascalía sobre o son que debería acompañar a representación do monólogo: «Mentras dure a representación un individuo estará c'unha carraca faguendo ruído en cada movemento que faga o esquelete». A todo isto, agora, engádesa a proba destas follas manuscritas.

Este documento, ademais, serve para ilustrar a evolución que houbo entre o teatro imaxinado por Castelao en 1921 e a realidade do teatro que subiu ás táboas en 1941, no exilio de Buenos Aires, co título d' *Os vellos non deben de namorarse*. No programa do “Proieuto de teatro galego ô xeito do da «Chauve Souris»” non aparecen as máscaras ou caretas, que eran o elemento fundamental do proxecto que se deseñaba en 1934, pois era coñecido como Teatro de Caretas ou Teatro de Máscaras. O primeiro que queremos sinalar é que

as máscaras foron utilizadas como elemento diferencial en ámbitos sociopolíticos en que se estaba intentando crear un teatro nacional diferente ao que consumía a sociedade correspondente. En países tan afastados e dispares como Estados Unidos, Arxentina e Galiza achamos dramaturgos que, na década de 1930 e coa intención de crear un teatro nacional, utilizaron as máscaras. Estamos a nos referir a Eugene O'Neill, nos EE.UU. de América; Armando Discépolo en Buenos Aires e Afonso Castelao, en Galiza.

Non se pode pensar que existan influencias entre eles, pois cando Castelao soubo por Eduardo Blanco-Amor que tamén Eugene O'Neill estaba utilizando máscaras na creación dun teatro norteamericano independente e distinto do teatro inglés do Reino Unido, tivo unha reacción moi humana, primeiro aborreceu a coincidencia e despois alegrouse dela:

Meu querido amigo: a nova do teatro de máscaras de O'Neill contrarioume de primeiras, porque mata certa orixinalidade do meu propósito; pero ben mirado a coincidencia éncheme de ledicia porque me acredita de forza natural, de celta, e despois de todo eu coído que o Mediterráneo pode descubrirse varias veces (Castelao 2000: 209).

A primeira referencia ás máscaras que realizou Castelao está recollida nunha carta a Ramón Otero Pedrayo<sup>2</sup>, onde se entende que, nun primeiro momento, o rianxeiro pensou nas caretas como solución á falta de profesionalidade dos actores galegos, aínda que, como veremos, a súa opinión cambiaría co tempo:

Como non temos actores ocorrúeseme que se podía facer unha obra na que os personaxes aparecesen con caretas. Xa fai tempo que o pensei. As caretas fanse moi ben. Craro está que non é o teatro antigo, pois as caretas son máis humanas, caretas de antroido, feitas de cartón, moi eispresivas. Un personaxe pode sair c'unha careta

---

2 Esta carta está datada por unha man anónima o 25 de outubro de 1934, mais non é posíbel que nesta altura Castelao aínda non tivese perfilado o Teatro de Caretas, posto que está documentado que o seu desterro, que coincide con eses días, interrompeu os ensaios de *Pimpinela*.

diferente en cada escea, según o que teña que representar (Castelao 2000: 219).

Cando xa está no exilio arxentino, e con motivo da estrea da súa obra *Os vellos non deben de namorase*, Castelao publicou un par de artigos en que explicaba a súa visión das máscaras e xustificaba a súa utilización:

No he pensado en la careta que deshumaniza al actor, sino en la que lo hace terriblemente humano, como una caricatura de Goya. ¿Qué razones he tenido para entregarme de lleno a esta experiencia? En primer lugar porque la mímica se pierde a distancia y los espectadores ya no usan gemelos de teatro. En segundo lugar porque el artífice de caretas no tiene más limitaciones que las impuestas por su genio, y posee la facultad de poder revelar a su gusto el carácter psíquico de cualquier personaje. En tercer lugar, porque la careta es el artificio más adecuado para un teatro del pueblo. Y conste que podía dar veinte razones más... (Castelao 1999: 568).

Estes argumentos foron ampliados noutro artigo que Castelao titulou “La careta”, escrito e publicado no mesmo ano e no mesmo xornal, onde especificaba que a súa intención era fixar o carácter de cada personaxe, obrigando o actor a suplir co corpo os acenos que non podía facer co rostro. Ademais, engadía Castelao, coa utilización das máscaras, crearíase a necesidade dunha nova figura, o ‘artífice de caretas’, que uniría na súa persoa o espírito do actor e do caricaturista. Concluía a súa disertación afirmando que “la careta, pues, ha de ser unha obra que salga de las manos de un creador pleno de humanidad” (Castelao 1999: 572). Non podemos deixar de sinalar que Castelao tiña o mesmo concepto da careta que Alfred Jarry:

O actor deverá substituir a sua cabeça por uma máscara de cabeça, efígie da PERSONAGEM, que não terá, como à antiga, carácter de choro ou riso (o que não é um caráter) mas carácter de personagem: o Avarento, o Hesitante, o Ávido empilhando os crimes... (Jarry 2004: 9).

Dadas as características desta introdución, deixamos para outro tipo de estudo a análise das “escenas”, onde o lector poderá encontrar desde o primeiro deseño dunha minúscula peciña (“Se eu fose autor”, incluída en *Cousas*) até os primeiros bocexos dunha grande parte da escenografía dos lances que conforman *Os vellos non deben de namorarse*.

### GALO SALINAS (A CORUÑA 1852-1926)

Galo Salinas foi unha das figuras máis representativas do teatro rexionalista tanto polo seu labor como dramaturgo como por ser o primeiro teórico da historia do teatro galego (Rabunhal 1988). Iniciou esa faceta do seu facer literario en 1890, gañando co drama histórico nun acto, *A torre de Peito Burdelo*, o certame literario convocado polo Liceo Brigantino da Coruña e publicado en 1891, na Coruña. Este drama histórico foi o único estreado en Galiza, en Betanzos, en 1891, por unha compañía profesional de zarzuela, que tamén o representou na vila de Pontedeume e en “varias ciudades gallegas” (Carré Aldao 1913: 49). Esta iniciativa de Galo Salinas foi única na historia do teatro galego en Galiza, xa que non temos noticia de que nin sequera el mesmo repetise a experiencia. Probabelmente non fose rendíbel para o autor, xa que este tipo de compañía percorría o Estado, e non lles podía interesar incluír no repertorio unha peza que unicamente podían representar en Galiza.

En 1892 volveu gañar Galo Salinas o único Certame dese ano que contemplaba o teatro, o de Pontevedra, co drama *Filla...!*, que o seu autor publicou inmediatamente. Aínda que a obra leva o subtítulo de *Coadro dramático de costumes gallegas, nun auto yen verso*, é un drama sentimental. En 1896 está datado o primeiro escrito teórico sobre o teatro galego, a *Memoria acerca del teatro gallego. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo*, da súa autoría. Como anunciaba no longo título do traballo, Salinas consideraba que o rexionalismo podía corrixir estas deficiencias a través dun mecenas, dun empresario xeneroso, rexionalista e amante



do país, que investise o seu diñeiro nunha compañía de teatro galego. Esta compañía percorrería Galiza mostrando o teatro autóctono, servindo de modelo e, á vez, de escola de actores; ao tempo, a súa existencia garantiría que os dramaturgos redixisen máis textos. Por último, cerraba a obra solicitando información sobre as obras e autores que el puider descoñecer.

Tamén o nome de Galo Salinas está intimamente ligado á Escola Rexional de Declamación creada na Coruña, en 1903, por un reducido grupo de actores dirixidos por Eduardo Sánchez Miño, que buscaron o seu apoio e o nomearon presidente da entidade, ademais de estrear, nunha función destinada a recadar fondos, o seu drama *Filla...!* Probabelmente a primeira das pezas recuperadas neste volume, *Sabela*, debeu escribila Salinas para a Escola Rexional, mais o grupo de actores decantouse por estrear o drama social de Manuel Lugo Freire, *A ponte*. Non podemos atribuír só a isto o feito de que Salinas abandonase a presidencia da Escola Rexional (Tato Fontaíña 1999: 47-54), mais puido axudarlle a tomar a decisión. *Sabela* foi estreada ese mesmo ano, 1903, en Madrid, polo cadro de declamación do Centro Gallego desa cidade.

*Sabela, comedia nun acto*, é a primeira comedia de Salinas e a súa primeira obra en prosa, quizás por influencia de Manuel Lugo Freire. A acción desenvólvese nunha aldea de montaña, na casa do Sr. Abade, onde vive tamén un seu protexido, Xulián, estudante de Medicina. Alí chega, para se confesar e pedir consello, Sabela, que foi seducida en Santiago, onde traballaba de criada de servir, por un quinto que a abandonou en canto soubo que esperaba un fillo. O Abade accede a se achegar á casa da rapaza para dar a noticia aos pais, que xa sufriron todas as desgrazas dos labregos galegos: fillo morto nas quintas, ruína e débedas. Nun momento en que Sabela fica soa en escena, entra Xulián, que resulta ser o sedutor, e intenta comprar o silencio da rapaza; mais ela rexítalo con dignidade. O Sr. Abade, experto psicólogo, sospeita a verdade e esixe do seu protexido unha reparación. Xulián confesa o seu inmenso amor por Sabela e a comedia acaba felizmente. Como se pode comprobar polo argumento, Galo Salinas continuaba a liña da temática da honra iniciada en *Filla...!*

Como é sabido, despois de desaparecida a Escola Rexional de Declamación (1903-1904), as actividades dramáticas galegas pasaron por unha etapa de grandes dificultades e non hai noticia de que Salinas continuase a súa produción dramática; mais o dramaturgo volveu a escena cando se impulsaron as representacións coa aparición dos coros populares e o rexurdir do interese pola cultura e a lingua galega que culminou coa creación das Irmandades da Fala. O coro Cántigas da Terra, da Coruña, representou, en 1918, a comedia *Sabela*. Nesta altura, a existencia dun teatro galego era xa unha realidade incuestionábel. Toda esa actividade provocou que desde as Irmandades da Fala se planificase a modernización do teatro utilizando como instrumento o Conservatorio Nacional de Arte Galega da Coruña. Cumpría representar obras que non se desenvolvesen en ambientes rurais e que os seus protagonistas fosen das clases media ou alta, para desvencellar a utilización da lingua das clases populares e demostrar que o galego era válido para todos os falantes e para todos os rexistros. Había que crear un teatro que interesase ás minorías cultas, un teatro que gañase o público non por patriotismo senón polas súas calidades artísticas, e que ademais atraese tamén a clase media urbana máis colonizada, que de ningunha forma se identificaba co teatro rural. Tamén era necesario que o repertorio contase con máis obras longas, porque xa non se trataba de realizar funcións bilingües, nin festivais variados, senón de que todo o espectáculo fose dramático e en galego.

Galo Salinas colaborou nesa renovación incorporando ao seu universo teatral a clase media urbana. A segunda das obras que aquí recuperamos, a titulada *Entre dous mundos. Poema dramático nun acto e en prosa*, datada en Madrid, en 1919, desenvolve a acción na cuberta dun transatlántico e está protagonizada por xentes de clase alta e media. Daniel, o protagonista, é un empregado de banca que vai, coa súa irmá Madalena, para a emigración, e que no transcurso da viaxe se namora de Alicia, filla dun rico home de negocios, que o corresponde. En principio pode parecer que Galo Salinas superara a temática da honra que caracterizara ás súas primeiras obras, mais non é así. A intriga, e motor da peza, é de novo un episodio de honor:

unha muller das clases baixas, Madalena, fora acosada e acusada por un poderoso; os intentos do seu irmán Daniel para protexela acaban cunha denuncia contra as vítimas, de forma que son perseguidos pola xustiza. Todo acaba felizmente por mor da coraxe de Alicia, que “é pola educación moderna ianqui que recebeu, un carácter varonil despreocupada e desprovista de ridículos prexuízos”. Salinas necesita explicar desta forma a falta de convencionalismo da súa personaxe, igual que necesita xustificar que a rapaza fale galego ou facer unha defensa da ideoloxía rexionalista aclarando que “o das patrias grandes e o da pequena patria pódese fundire nun soio indivisíbre”. En resumo, que o dramaturgo seguía a facer o teatro de sempre, substituíndo unicamente a cocíña labrega pola cuberta dun barco. Mais non era o único que consideraba suficiente un cambio de escenario para conseguir a modernización do teatro galego: con el coincidía Leandro Carré, director do cadro de declamación do coro popular Cántigas da Terra, que foi quen recuperou a Galo Salinas para os escenarios dos anos vinte e quen estreou a súa comedia *Bodas de ouro* (1921).

Tamén da man de Leandro Carré, Galo Salinas foi convidado a participar nas actividades da Irmandade da Fala da Coruña (Tato Fontaíña 1997: 151) e chegou a impartir unha conferencia sobre teatro. Isto foi posíbel porque se acababa de producir a escisión definitiva das Irmandades da Fala e Antón Vilar Ponte abandonara a da Coruña, deixando a dirección das actividades dramáticas a cargo de Leandro Carré. Sentíndose apoiado, Galo Salinas acabou por prescindir de todo verniz de modernización e no dubidou en cualificar a terceira peza que incluímos neste volume de “sainete”, *Copas e bastos. Sainete de feitos gallegos, nun acto*. A utilización dese termo, característico da dramaturxia española, servía para marcar distancia coas pretensión tanto dos homes do Conservatorio (A. Vilar Ponte, Xaime Quintanilla, G. López Abente...) como dos do Grupo Nós (Risco, Otero Pedrayo, Castelao) e dos Vanguardistas (Dieste...). O dramaturgo rexionalista volvía ás orixes (en ambientes e personaxes populares) e abandonaba definitivamente o drama, para se centrar na produción de comedias, máis acaídas aos repertorios dos coros. Así, en *Copas*

*e bastos* desenvolve un tema tradicional, o do marido ciumento sen motivos que resulta burlado por querer someter a unha proba a fidelidade da súa muller. E na mesma liña humorística está o monólogo titulado *Os meus amores*, datado na Coruña en 1922 e do que non temos constancia que fose estreado. O protagonista, Ciprián, é o paifoco que provoca o riso do público polo seu pasmo perante o luxo e o refinamento do teatro e das clases altas. Tanto nunha peza como na outra abundan os chistes e referencias “picantes”.

### ALFREDO NAN DE ALLARIZ (XINZO DE LIMIA 1875-MADRID 1927)

Tanto a tradición historiográfica da literatura (Carballo 1981: 457) como a do teatro (Lourenzo e Pillado 1987: 64) localizan o nacemento de Alfredo Fernández na vila de onde tirou o seu nome artístico, Allariz, mais na publicación cubana da que era colaborador a comezos do século XX, *Galicia. Revista Semanal Ilustrada*, o redactor que escribiu o longo artigo titulado “Alfredo Nan de Allariz” (Anónimo 1904) afirma que naceu en Xinzo de Limia e que o seu primeiro destino como emigrante foi Buenos Aires. A esta cidade chegou sendo case un neno e nela conseguiu facerse bacharel, e mesmo iniciar os estudos de Dereito, mentres traballaba como comercial. Tamén aí iniciou a súa andaina como escritor na publicación *El Eco de Galicia* e debutou como actor, en 1897, no Teatro Victoria. Despois de case cinco anos traballando como actor en Uruguai e Brasil, debutou como tenor cómico en Madrid:

Anoche debutó, con la zarzuela “Jugar con fuego” el tenor cómico Sr. Fernández Allariz, que demostró tener excelentes condiciones de voz, de dicción y de soltura. El público las apreció con imparcialidad y justicia, premiando su trabajo con aplausos espontáneos y frecuentes, á pesar de no ser la obra muy adecuada para el lucimiento de un artista del género del Sr. Fernández (Anónimo 1902).

A pesar das boas críticas, a carreira de Nan de Allariz non se consolidou en Madrid e en 1904 está instalado na Habana. Alí, Plácido

Lugrís facilitoulle un exemplar do drama *Minia*, do seu irmán, Manuel Lugrís Freire e o entusiasmo de Nan de Allariz ficou plasmado nunha recensión en forma de peza dramática *Por mor do drama Minia ou Furto, xuízo e sentenza*. Esta é a primeira das peciñas deste dramaturgo que recuperamos. Nela presenta a sala de xulgado en que o propio autor é acusado de roubar o exemplar de *Minia*; confesa que roubou o libro e converte a súa defensa nun lamento polo estado do teatro galego e unha petición a Manuel Lugrís, que escriba unha comedia:

Ofercéndoll'os meus respetos de gallego agradecido a D. Manuel Lugrís Freire a quen desexo que Dios lle día moita saude e longa vida, pra que poida escribir moitas outras, «Minias», e facéndolle o seguinte rogo: Que, coma gallego patriota e mestre n-a *literatura teatral*, escriba unha comédea (ou anque sexa un milleiro) de costumes gallegas (Nan de Allariz 1904).

Alfredo Fernández era, ademais de escritor, un actor profesional, de aí o seu interese en que se crease un repertorio de comedias galegas, xa que nesta altura non estaba publicada ningunha das existentes; mais terá que ser el propio quen inicie esta tarefa publicando o seu primeiro monólogo, *Recordos dun vello gaiteiro*, e estreándoo o 25 de xullo de 1904, nas celebracións do Apóstolo Santiago. Ao ano seguinte aparecía a comedia *¡Airíños... leváime a ela!*, *boceto cómicodramático*, publicada nos tres primeiros números de agosto de 1905 en *Galicia. Revista Semanal Ilustrada*. O tema era dos máis queridos pola colonia galega: un vello emigrante, Marcos, desacougado pola morriña, quere retornar a Galiza, mais carece de medios para pagar a pasaxe. A visita dun sobriño desleigado que leva tres meses en Cuba e, ademais de esquecer o galego, considera todo o alleo superior ao propio, serve de escusa para que se realice un canto de louvanza á lingua e se celebren en escena cantos e bailes. Rematada a demostración da beleza da música e os costumes autóctonos, un bo amigo trae a noticia de que a Sociedade de Beneficencia pagará a Marcos a viaxe de retorno.

Este tipo de pezas, que combinaban partes faladas con números de canto e baile, foron moi queridas polos galegos da emigración e ti-

veron moito éxito, sobre todo en Arxentina, porque ofrecían a posibilidade de que colaborasen os orfeóns cos cadros de declamación das múltiples asociacións en que estaban agrupados. Tamén aquí, en Galiza, Nan de Allariz foi un dos dramaturgos máis representados polos cadros de declamación dos coros populares no primeiro terzo do século XX.

### EMILIANO BALÁS SILVA (FERROL 1859 - 1934)

Emiliano Balás Silva, médico ferrolán moi activo na vida cultural e musical da cidade nas primeiras décadas do século XX, publicou algúns versos galegos e foi o autor de tres peciñas dramáticas. A primeira que incluímos neste volume é un poema, máis que un monólogo, escrito por Emiliano Balás para facer a presentación do coro Aires da Terra, de Pontevedra, nun festival celebrado en honor dos Reis de España, o 6 de febreiro de 1912, no Teatro Xofre de Ferrol. O interese desta peza para a historia do teatro galego radica en que foi recitado por Eduardo Sánchez Miño, creador da Escola Rexional de Declamación (1903-1904) da Coruña, e isto permitiu comprobar que, na altura, estaba residindo en Ferrol e dirixindo a súa Escola Dramática Galega. O texto foi publicado en *El Correo Gallego* o 9 de febreiro de 1912.

A súa segunda peza foi *Estranxeiro na sua terra*, da que foron publicadas cinco escenas en Buenos Aires, no *Almanaque Gallego para 1915*, de Manuel Castro López e que incorporamos a este volume. Está escrita en verso e, realmente, é unha peza bilingüe, pois o protagonista, Xan María, fala en español; a acción desenvólvese nunha aldea e resulta un canto de louvanza á xenerosidade do indiano, explotado pola cobiza dos mesmos parentes que o obrigaran a emigrar de neno. Por último, reproducimos o monólogo *A noite de San Xoan*, que foi estreado o 28 de maio de 1917, no Teatro Xofre de Ferrol, polo cadro de declamación do coro popular Toxos e Froles. Esta pequena peciña describe, coa técnica do conta-contos tradicional, as lendas e costumes da noite de San Xoan e, ao tempo, fai o pranto polos costumes tradicionais que se consideraban en perigo.

JOSÉ M. LÓPEZ CASTIÑEIRAS (LUGO ?- BUENOS AIRES 1921)

O pouco que se sabe da actividade deste presbítero, emigrante en Buenos Aires, no ámbito das letras é que foi autor dunha obra sobre os suevos, en español, e que escribiu unha peza dramática, en galego, que serviu de base ao médico lugués Xesús Rodríguez López para escribir a súa comedia *O Chufón*, estreada e publicada en 1915. Dado que esta foi unha das comedias máis celebradas e estudadas do teatro galego, resulta moi interesante coñecer o texto orixinal en que se inspirou o autor e acabar de vez coa cuestión da coautoría.

*O Chufón. Comedia de costumbres gallegas en dos actos y en prosa. Con escenas calcadas sobre un trabajo literario de igual nombre de José M. López Castiñeiras*, de Rodríguez López, saíu do prelo cunha nota “Al Lector” en que o autor explicaba que a súa comedia estaba inspirada nun traballo de José M. López Castiñeiras:

El notable escritor D. José M. López Castiñeiras ha tenido ocasión de observar en las montañas de Caurel, de la provincia de Lugo, la costumbre de intervenir el *chufón* en las negociaciones matrimoniales, y tuvo la fortuna de trasladarla al papel en un gracioso artículo descriptivo, cuya lectura me sugirió la determinación de escribir la anterior comedia, con objeto de hacer más conocida una antigua costumbre casi extinguida en Galicia. [...] En esta comedia aprovecho el gracioso diálogo del contrato, que figura en la escena 18 del 21 acto, copiado casi íntegro, del trabajo del Sr. López Castiñeiras y quise conservar también los nombres de los cinco personajes que en él figuran. Y aunque para ello fuí autorizado por el propio Sr. Castiñeiras, considero como una deuda de honor el que su nombre vaya unido al mío en este trabajo (Rodríguez López 1915: 61).

A noticia da publicación de *O Chufón*, recollida por toda a prensa, chegou axiña a Buenos Aires, onde residía José M. López Castiñeiras, iniciándose así un dos episodios máis sorprendentes da historia do teatro galego. As profesoras Araceli Herrero e Aurora Marco (1988) reproducen unha longa carta privada de Castiñeiras a Rodríguez López, onde o primeiro acusa ao segundo de se apropiar do seu

traballo e, sobre todo, de ter incumplido o acordo de o publicaren en coautoría. Tamén transcriben o borrador da resposta do médico lugués, explicando ao amigo que unha vez lida a obra que aquel lle entregara, decidira reescribila aproveitando algunhas escenas, coa intención de publicala, como acordaran, en coautoría; mais, unha vez rematado o traballo, Rodríguez López pedira a opinión dun outro amigo común, o bispo de Lugo, que en carta privada cualificara algunhas escenas de altamente inmorais e pecaminosas. Perante a dureza dos comentarios do señor bispo, e dada a condición de eclesiástico de López Castiñeiras, Rodríguez López non se atrevera a incluílo como autor, e para non excluílo de vez, redactara a malfadada nota “Al Lector” e o subtítulo do libro (Herrero e Marco 1988: 265-280). Como a polémica e as acusacións de plaxio encheron durante moito tempo as páxinas da prensa local, a petición dun xornalista que o entrevistaba, Xesús Rodríguez López accedeu a publicar a obra de José M. López Castiñeiras para acabar coa cuestión e os ataques de que era obxecto:

- ¿Por qué no publica V. lo que hizo su colaborador?
- He pensado en hacerlo. Mañana, le enviaré a V. el drama *O Chufón*. Así salimos todos de dudas (Anónimo 1916a).

Rodríguez López cumpriu a palabra e, entre os días 22 e 27 de febreiro de 1916, publicou no xornal lugués *El Progreso*, a obra de López Castiñeiras. Unicamente deixou de publicar as escenas que aproveitara para a súa comedia, aínda que o indicaba. Este é o texto que recollemos no presente volume. Como poderá comprobar o lector que coñeza a divertida comedia de Rodríguez López, *O Chufón*, pouco lle debe o autor a J. M. López Castiñeiras. O argumento da peza de Castiñeiras foi resumido na prensa local da seguinte forma:

El tío Míngos y su esposa Sabela sacan un niño de la inclusa para que el día de mañana les ayude a trabajar los bienes en calidad de criado. Más también recogen una sobrina huérfana de padres, y cuando el incluso, llamado Antón, y la sobrina, llamada Carmela,



son ya mozos los presenta el autor en escena, enamorados el uno del otro. Pero el tío Mingos pretende casar a Carmela con un rico heredero que viene a contratarla con el Chufón, pero pide demasiada dote y se deshace la boda por unos zapatos que reclama para un criadito. Antón al verse solo y huérfano pretende marcharse a América a buscar fortuna y Carmela, no sabiendo hacerle desistir se decide a marcharse con él, en vista de que sus tíos se oponen a su casamiento con el expósito, presentando nuevamente a otro mejor partido, pues en el segundo acto el juez municipal, rico hacendado, se enamora de ella y la pide a sus tíos en casamiento. La obra termina en el segundo acto pidiéndoles Carmela a los tíos, de rodillas, el consentimiento para casarse y la dote para marcharse a América con Antón, en una escena final dramática y desgarrada (Rodríguez López 1916).

Mesmo sen coñecer *O Chufón*, e só con saber que é unha comedia, podemos ver que o argumento da peza de López Castiñeirás é un drama que pouco ten de divertido, onde triunfa a inxustiza con ese final “desgarrado” que expulsa da terra a dous desgrazados inocentes.

### SALVADOR CABEZA LEÓN (BETANZOS 1864-COMPOSTELA 1934)

Salvador Cabeza León foi Catedrático de Dereito Internacional e Canónico na Universidade de Santiago desde 1903. Formou parte do movemento rexionalista, mantivo estreitas relacións con Manuel Murguía e acabou incorporándose ao Seminario de Estudos Galegos cos homes de Nós e das Irmandades. A única peza que escribiu e que vai incluída neste volume, *Camiño da vila*, é moi breve, carece de acción e de valores dramáticos, desenvólvese ao aire libre e contén cantos e música. Está datada en 1915, ano en que comezaban a crearse os coros populares e para eles, e para os orfeóns das Asociacións da colonia galega en Buenos Aires, debeu de escribila. Forma parte dese teatro que se iniciou coas obras de Nan de Allariz, destinado a servir de marco para as actuacións das agrupacións musicais.

## MANUEL POSSE RODRÍGUEZ (NEGREIRA 1892-COMPOSTELA 1968)

Manuel Posse Freire, presbítero e párroco de Santa María de Sar desde 1940 até a súa morte, figura na historia da literatura como autor do poemario *Paisaxes*, publicado en 1925 (Carballo 1981: 608). Agora sabemos que tamén foi, cando menos, adaptador ao teatro dun texto doutro presbítero, F. Ignacio Blanco Freire, que ignoramos se era un conto ou algún tipo de parábola ou discurso doutrinal. No manuscrito en que se encontrou a peza que incluímos neste volume, figura a seguinte atribución e data:

*Inda non quero ser mico*. Apropósito cómico en un acto y en verso, por Don F. Ignacio Blanco Freire y adaptado a la escena por Don Manuel Posse Rodríguez, Presbíteros. Estrenada con gran éxito en el Círculo Católico de Obreros de Santiago el día 6 de Enero de 1915.

A prensa local non informou desta representación, mais está documentada na *Gaceta de Galicia*, en febreiro de 1917, formando parte do programa dunha festa literaria celebrada polas 'Escuelas Dominicales'. *Inda non quero ser mico!* forma parte do teatro didáctico escrito á mantenta para ser representado polas organizacións católicas, pois é un gracioso diálogo entre un labrego e un mozo estudado que se esforza, inutilmente, en convencer ao paisano de que o home non tivo como primeiro pai a Adán, senón un simio. Como era de esperar, e dado o tempo que tardou a Igrexa en admitir as teses evolucionistas, na peciña triunfan as teses do labrego.

Esta obra é, como *Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo* (1885) de Laureano Guitián Rubinos, un exemplo de como as institucións eclesiásticas utilizaron o teatro como medio de instrución e canle para inculcar no pobo a súa ideoloxía. No caso de Guitián Rubinos delataba, ademais, o papel fundamental da Igrexa como medio de colonización lingüística. De todos os xeitos, esta utilización do teatro só se producía naquelas organizacións relixiosas que se ocupaban de instruír as clases traballadoras, Escolas Dominicais, Escolas Nocturnas, Centros Católicos Populares ou Sindicatos Católicos. Nos

seus colexios privados, onde educaban os fillos das clases dirixentes, nunca se representou nada en galego; nestes centros, as obras representadas eran todas en español.

EUXÉNIO CHARLÓN ARIAS (NARÓN 1888-FERROL 1930) E  
MANUEL SÁNCHEZ HERMIDA (FERROL 1889-1940)

Estes dous ebanistas, traballadores dos astaleiros da Maestranza, en Ferrol, que iniciaran a súa actividade teatral na Escola Dramática Galega que Eduardo Sánchez Miño creara en Ferrol, en 1908, marcaron as pautas do teatro popular desde 1915, cando se constituíron en dramaturgos e actores únicos do cadro de declamación do Coro Toxos e Froles. Foron membros das Irmandades da Fala e a súa arte era moi aplaudida e celebrada tanto polos seus correligionarios como polo público e a crítica, mesmo foron recoñecidos como os mellores dramaturgos cómicos da época polo elitista Vicente Risco.

A súa produción dramática comprende seis obras que foron escritas e estreadas entre 1915 e 1917, e todas están pensadas para ser interpretadas por dous actores (Tato Fontaíña 1995). A partir deste último ano abandonaron as actividades como dramaturgos, coincidindo co momento en que as Irmandades da Fala procuraron renovar e modernizar o teatro creando o Conservatorio Nacional de Arte Galega, na Coruña. Semella que eran consciétes de que o teatro escrito por eles, baseado nun profundo coñecemento das clases populares, xa non era o máis acaído para os novos intereses do incipiente nacionalismo e, en consecuencia, cerrasen a súa etapa como dramaturgos, aínda que seguiron representando tanto as súas pezas e como as doutros autores. Carvalho Calero definía a obra de Charlón e Hermida como:

Teatro cómico, teatro popular, obra de artesáns entusiastas das cousas do país, que non perden ocasión de fostregar a desgaleguización dos galegos. Son populares os tipos e as situacións (Carballo 1981: 629).

Como xa indicamos, as súas obras foron estreadas en Ferrol e, a primeira, *Mal de Moitos*, tivo dúas edicións, unha en 1915, o mesmo ano da súa estrea, e a segunda nun volume conxunto con *Trato a cegas*, en 1921; tamén saíron nun só volume *Axúdate* e *O menciñeiro*, en 1922. Neste libro recuperamos outras dúas, *Calquera entende este enredo ¡Ai...se mandáramos nós!* e mais *Nocturno Periodístico*. A primeira foi estreada polos seus autores o 12 de marzo de 1916, no Teatro Xofre de Ferrol, nun festival benéfico co que se pretendía recadar fondos para a caixa de resistencia dunha das folgas máis duras dos traballadores da Maestranza; a segunda, *Nocturno Periodístico*, foi escrita, por encargo, para un festival da prensa celebrado no Teatro Xofre de Ferrol, o 14 de novembro de 1916.

Igual que nos parrafeos que xa coñecemos, tanto *Calquera entende este enredo ¡Ai...se mandáramos nós!* como *Nocturno Periodístico* son pezas breves, nun acto, con catro ou cinco personaxes masculinos, que son representados polos dous autores / actores, Charlón e Hermida. No manuscrito de *Calquera entende este enredo* figura a carón das personaxes o nome do actor, e así sabemos que Charlón representou os papeis de Vicente e mais do Guarda, mentres Sánchez Hermida se facía cargo dos de Anastasio e mais do Borracho. A crítica social, presente sempre na obra destes autores, está centrada na política municipal, que é acusada de perseguir os labregos que se achegan á vila para vender ou comprar, aínda que non falta tampouco o tema nuclear de toda a produción dos ferroláns: a cuestión lingüística. Nesta ocasión é o Guarda urbano, o representante da autoridade e brazo executor da represión sobre o labrego, quen, no intento de se facer o refinado, utiliza un castrapo que o ridiculiza grotescamente.

*Nocturno Periodístico* foi escrita especialmente para un festival da prensa e, por tanto, é unha homenaxe ao traballo dos xornalistas da época. Nesta ocasión temos un protagonista, Tomás, o director do xornal, que fica todo o tempo en escena recibindo a unha serie de personaxes: o Vixiante nocturno, o Tipógrafo, o Caixista, e Salcedo, o mozo literato que fai as crónicas de teatro. Esta é a única peza bilingüe de Charlón e Hermida; probablemente debido a que era unha encarga e a que non se atresesen a poñer aos publicistas da

época falando en galego. De todos os xeitos, a personaxe do Vixiante, encargado de relatar un suceso para o xornal, vai ser convidado polo propio Tomás a facelo en galego, porque “non é desmingua ningunha”. Reproducimos unha crónica da estrea:

Charlón y Hermida interpretaron a continuación el graciosísimo juguete cómico *Noiturno Periodístico* [...] que llama la atención de quienes conocemos las interioridades de los periódicos. Que estos jóvenes, dignos y laboriosos trabajadores conozcan al detalle, esas minucias, es prueba elocuente de su inteligencia e ingenio. El público celebró grandemente el entretenido juguete, ofrendando a sus autores nutridas palmas (Anónimo 1916b).

### XOSÉ ARES MIRAMONTE (BETANZOS 1893-ROSARIO (ARXENTINA) 1976)

En Betanzos, a Irmandade da Fala local creou o seu propio cadro de declamación porque tiña nas representacións dramáticas unha boa fonte de ingresos<sup>3</sup> (Torres Regueiro 1991). Este investigador, igual que a historiografía teatral, salienta a enorme actividade que desenvolveu este grupo que contaba, para as súas funcións, co Teatro Alfonsetti:

Nese ano [1919] representáronse en Betanzos, polo menos, 10 obras galegas: *Enredos* -que precisamente se estreou no teatro Alfonsetti o 28 de Febreiro do ano citado-, *Pra vivir ben de casados* e *Noite de Ruada*, de Leandro Carré Alvarellos; *Norde*, de Fernando Osorio; *No Íntimo*, de Jacobe Casal; *Unha anécdota*, do portugués Marcelino Mezquita; *O miñado e máis a pomba* e *O embargo*, de Avelino Rodríguez Elías; *O Pazo*, do sadense Lúgrís Freire, e *Andacio*, do irmán betanceiro Xosé Ares Miramonte. (Torres Regueiro 1991: 113-114).

3 Os prezos de 1920, segundo informa o programa de man da velada do 13 de marzo, eran os seguintes: “Cadeira, 1’25 ptas.; Dianteira, 0’75; Xéral, 0’50. Prós Irmans: Cadeira, 0’75; Dianteira, 0’50; Xéral, 0’35”.

Esta é a razón pola que convocou un certame de obras dramáticas que alcanzou unha repercusión enorme pola contía do primeiro premio (500 pts.) e no que a Irmandade da Fala de Betanzos se reservaba o dereito a estrear todas as obras que levasen algún premio ou mención honorífica:

Moitos ou poucos, a Irmandade contaba cos ingresos das veladas teatrais para a súa financiación. Neste senso, temos noticia do ingreso rexistrado o 28 de Febreiro de 1919, o día da estrea da obra de Leandro Carré, *Enredos*, que ascendeu a 214,75 ptas., o que denota unha grande afluencia de público, tendo en conta os precios da época (Torres Regueiro 1991: 114).

A única peza de Xosé Ares Miramonte que coñecemos, e que hoxe editamos neste volume, é a que cita Torres Regueiro, *Andacio*. A peña repite o tema do desleixamento dalgúns emigrantes. Silvestre é o mozo que retorna doente e sen fortuna, mais convencido de que adquiriu unha grande cultura porque fala como a “guente fina”. Fronte e el, Vicente é o home maduro que lle abre os ollos á realidade social do país e á necesidade de que a mocidade fique na terra a loitar por ela. Practicamente todos os autores de obriñas dramáticas vinculados ás Irmandades da Fala, tocaron o tema do abandono da lingua e Ares Miramonte afronta o problema directamente, atacando a todos aqueles que renuncian a ela:

Por querer trocar a súa lingoa por outra que lles parece máis fina, fan tal mistura de falas que non hai xuncras que os entenda. Non hai dúbida de que a emigración é un andacio que acabará por faguer de Galicia unha segunda Babel.

MANUEL VIDAL RODRÍGUEZ (MACEDA (OURENSE) 1871-  
COMPOSTELA 1941)

Este eclesiástico foi Catedrático de Literatura do Instituto de Ensino Medio de Compostela. As súas pezas foron estreadas por un cadro de

declamación formado por estudantes de bacharelato, probablemente do seu propio centro, que se presentou ao público no Salón Teatro, en decembro de 1922, e que estaba dirixido polo actor Xermán Prieto. A función foi bilingüe e, na parte en galego, estrearon a comedia *De quen é a vaca?*, de Manuel Vidal. O grupo foi convidado a actuar tamén na Coruña e Ferrol, onde estreou *O “si” de Gabriela*, do mesmo autor. En xaneiro de 1923, o cadro volveu ao Salón Teatro de Compostela cun programa totalmente galego en que repetía as obras de Vidal Rodríguez e estreaba o monólogo *O meu viaxe á Cruña (do sacristán de Boiro)*, orixinal de José Pan Martínez. O ‘Cuadro Escolar’ desapareceu, igual que todos os grupos de teatro galego alleos aos coros populares, coa ditadura do Xeneral Primo de Rivera, en setembro de 1923.

Neste volume reproducimos o texto de *O “si” de Gabriela* publicado en forma de conto dialogado na *Revista Galega*, en 1920, porque é representativo dunha determinada forma de entender o teatro: a dos que consideraban que en galego só se debían representar pezas que se desenvolvesen no medio rural, con personaxes paifocos e de temática costumista e festiva; as obras serias e transcendentales debían ser escritas en español, como facía Manuel Vidal Rodríguez. A lectura deste texto, ademais, pode servir tamén para vacinar contra a crenza de que calquera tempo pasado foi mellor e de que a cultura garante, a nivel individual, que os seres humanos sexan mellores, pois o autor desta peza, malia ser home da Igrexa e catedrático, apela ás malleiras que se dan a unha rapaza para provocar o riso do público. O mais probábel é que Manuel Vidal adaptase o texto aos actores e actrices con que contaba o grupo para a estrea en 1923, pois no reparto que publicou a prensa figuran máis personaxes das que interveñen no texto que fora publicado na *Revista Gallega*. A prensa relacionaba así a personaxes e intérpretes:

*Grabiela*, señorita Inés Barreiro; *Tía Nicasia*, señorita Carmen Ulla; *Tío Brais*, señor Cebreiro Refojo (L.); *Florencio*, Sr. García Acebal; *Fulipe*, Sr. González Muñoz (Anónimo 1923).

## MANUEL REI POSE

Practicamente non sabemos nada de Manuel Rei Pose, unicamente que era natural de Vilagarcía, localidade en que estreou a peza *O Trasnó*, en 1920, e onde debeu estrear tamén o monólogo *Un match internacional de foot-ball*. A primeira representación documentada deste monólogo correu a cargo do actor Xulio Rúa, en 1923, nunha función da Agrupación Artística de Vigo. A obra de Rei Pose que tivo máis repercusión na prensa foi a zarzuela *A lenda de Monte Longo*, estreada polo coro compostelán Cantigas e Agarimos, en 1924, no Salón Teatro de Santiago. O libreto era obra de Manuel Rei Pose en colaboración con José Buhigas Olavarrieta e a música, de Bernardo del Río.

*Un match internacional de foot-ball*, peza que recolleemos neste volume, é un bo exemplo de que algúns autores estaban atentos ás novidades que se ían incorporando á vida social da altura. Nos anos vinte popularizárase o fútbol e, malia que as competicións de Liga (copiadas do modelo inglés) non comezaron até a temporada 1928-29, a ditadura do Xeneral Primo de Rivera potenciou a súa práctica. O historiador Vila-San-Juán (1984: 126) explica que “en el interior de España, de 1923 a 1930, el fútbol ha ido captando la atención de las masas”. A conversión deste deporte nun fenómeno social pódese seguir na prensa, onde, devagaríño, as columnas que se lle dedican van incrementando o seu espazo, ao tempo que pasan a ocupar as primeiras paxinas dos xornais en determinados días da semana.

Manuel Rei Pose, no seu monólogo, reproduce con gracia o pasmo do Feirante que observa, sen entender nada, o primeiro partido de fútbol celebrado en Vilagarcía entre a tripulación dun barco da Armada inglesa e un grupo de “sportistas” nativos. A visión dos homes en calzóns correndo por un lameiro, detrás dunha bola, abren a imaxinación do paisano a diversas interpretacións que provocarían o riso do público.



## NIN GUÉN

Ignoramos quen se esconde baixo o pseudónimo Nin Guén con que se asinou a brevísima peza publicada no xornal ourensán *La Región*, en 1923, co título *O Tornillo*. Na altura, en Ourense o único teatro galego que se aplaudía era o dos cadros de declamación dos Coros Populares, sobre todo o do coro De Ruada. Este grupo tiña como dramaturgo exclusivo a Xavier Prado “Lameiro”, que escribía un teatro caracterizado, como é ben sabido, polo realismo, o ambiente rural e o costumismo. Porén, a minúscula peza que recuperamos neste volume é unha simpática escena en que a teimosía e perfeccionismo dun condutor de automóbil transforma en inútil a moderna máquina.

## BIBLIOGRAFÍA CITADA:

- Anónimo (1902), “Crónica de teatros”, *Heraldo de Madrid*, 10 de decembro.
- Anónimo (1904), “Alfredo Nan de Allariz”, *Galicia. Revista Semanal Ilustrada*, 29, 17 de xullo, pp. 1-3.
- Anónimo (1916a), “Caso de *O Chufón*”, *El Progreso*, 20 de febreiro.
- Anónimo (1916b), “El Festival de los Periodistas Asociados”., *El Correo Gallego*, 15 de novembro.
- Anónimo (1923), “Salón-Teatro”, *El Compostelano*, 29 de xaneiro.
- Beramendi, Xusto (2007), *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo: Edicións Xerais.
- Carballo Calero, R. (1981), *Historia da Literatura Galega Contemporánea (1808-1936)*, Vigo: Galaxia, 3ª ed.
- Carré Aldao, U. (1913), *Memoria crítico-bibliográfica sobre el Teatro Regional Gallego*. Edición e notas de X. López Viñas. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral ‘Francisco Pillado Mayor’ da UDC, 2006.

- Castelao (1999), “Autocrítica sobre la pieza *Os vellos non deben de namorarse* del “Teatro Gallego de Caretas” que se estrenará en el Mayo el día 14 del actual”, *Pensamiento Español*. Reproducida en *Obras I*. Vigo: Galaxia, pp. 567-568.
- Castelao, A.D.R. (2000), *Obras 6. Correspondencia*, Vigo, Galaxia.
- Filgueira Valverde, X. (1975) “Castelao escenógrafo. Os decorados da Polifónica de Pontevedra”, *Boletín de la Real Academia Galega*, A Coruña, nº 357. Recollido e ampliado, cunha referencia ao monólogo *Un ollo de vidro*, en *Cuarto Adral. Castelao na lembranza*, A Coruña, Edicións do Castro, 1987, pp. 77-100.
- Herrero, A. e Marco, A. (1988) *O Teatro de Xesús Rodríguez López*, A Coruña: Ed. do Castro.
- Jarry, Alfred (2004), *Alguns textos teóricos de 1896*. Selecção e Tradução de Eugénia Vasques. Lisboa: Escola Superior de Teatro e Cinema.
- Lourenzo, M. e Pillado Mayor, F. (1987), *Dicionario do Teatro Galego (1671-1985)*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Paz Andrade, V. (1986), *Castelao na luz e na sombra*, 2ª ed., Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- Rabunhal Corgo, H. M. (1988), “Galo Salinas no teatro galego”, *Agalia*, 14, pp. 139-157.
- Rodríguez López, J. (1916), “*O Chufón*. Comedia dramática en dos actos de D. José Manuel López Castiñeiras”, *El Progreso*, 22 de febreiro.
- Tato Fontaíña, L. (1995), *Teatro e Nacionalismo. Ferrol 1915-1936*, Compostela: Laivento.
- Tato Fontaíña, L. (1997), *Teatro galego 1915-1936*, Compostela: Laivento.
- Tato Fontaíña, L. (1999), *Historia do teatro galego. das orixes a 1936*, Vigo: A Nosa Terra.
- Torres Regueiro, X. (1992), “A Irmandade da Fala de Betanzos”, *Anuario Brigantino 1991*, pp. 91-138.
- Vila-San-Juan, José Luis (1984), *La vida cotidiana en España durante la Dictadura de Primo de Rivera*, Barcelona: Argos Vergara.

# TEXTOS RECUPERADOS



## CRITERIOS DE EDICIÓN

Na liña establecida polos criterios xerais da colección, respectamos rigorosamente a escrita dos autores, reproducindo as súas escollas a nivel léxico, gramatical e fonético à hora de transpor ao papel un discurso destinado a ser representado. Deste xeito, para establecer o texto da edición, só intervimos a nivel estritamente gráfico, sempre co criterio de facilitar a lectura sen nos afastar das opcións autorais.

### 1. PRESENTACIÓN XERAL

Ao tratarse da edición de pezas de varios autores, as intervencións realizadas nos textos son necesariamente diversas, pero teñen sempre como criterio orientador o respecto ás escollas do autor. Porén, homoxeneizamos a colocación destas designacións naqueles casos en que aparecían nunha liña á parte, situándoas no inicio de cada réplica.

Asimesmo, homoxeneizamos a tipografía dos nomes e designacións de escenas e actos; ben como con guións longos a ligazón entre os nomes das personaxes e as réplicas (Daniel x Son... > Daniel – Son...), alternativa que nos pareceu conveniente tanto por ser a máis frecuente nas fontes, como por ser unha das máis claras á hora de seguir o diálogo. Os apartes son presentados entre parénteses e sen itálica.

### 2. PUNTUACIÓN

En xeral, respectamos a puntuación orixinal das pezas con leves alteracións puntuais esixidas pola sintaxe, facilitando a comprensión do texto. Deixamos así o uso de signos de exclamación e interrogación seguindo o criterio elixido polo dramaturgo e só engadindo ou retirando algún signo que claramente falta por un erro de copia. Tamén engadimos puntos nos fins das réplicas que ficaban sen ningún tipo de indicación.

## 3. NIVELACIÓN DE ASPECTOS GRÁFICOS

Como xa indicamos, ao se tratar dunha antoloxía de varios autores, encontramos escollas diversas para representar graficamente a lingua ‘falada’, con diferentes opcións para escribir e acentuar palabras, para marcar as elisións vocálicas ou destacar algún termo. Sempre co obxecto de tornar máis clara a forma textual das pezas, decidimos:

- a. Eliminar todos os guións e apóstrofos innecesarios, sobre todo naquelas formas contraídas xa consolidadas graficamente na norma actual:

d-outro / pol-a / n-aquela > doutro / pola / naquela

d’un / c’unha / n’isto / co’a > dun / cunha / nisto / coa;

- b. Colocar ou eliminar os hifens nas segundas formas do artigo segundo os usos actuais: Diol-a teña / facel-a / todol-os > Dio-la teña/ face-la / tódolos;
- c. Respetar todos os apóstrofos que indican elisión vocálica: dend’a / d’Europa / qu’está;
- d. Substituír os escasos hifens utilizados para indicar elisión vocálica por apóstrofos: d-alí > d’alí.
- e. Modernizar a acentuación segundo os parámetros actuais;
- f. Actualizar os usos gráficos de <b/v>, <j/h>, <j/x><sup>1</sup> e h: aver > haber / baso > vaso / ja, ja, ja! > ha, ha, ha! / jente > xente / eiche > heiche / ehí > eí;
- g. Eliminar todos os <y> substituíndoos por <i> nos casos puramente ortográficos (vaya > vaia / mayo > maio); e por <i> nos casos en que indica a transformación da conxunción copulativa ‘e’ en contacto con vocal: y-eso > i-eso / yalma > i-alma / y alí > i-alí;
- h. Homoxeneizar o uso de maiúsculas e minúsculas, para corrixir aqueles casos en que se detectan incoherencias respecto ao uso

1 No caso do texto de López Castiñeiras.

normal no texto (inicios de réplicas, didascalias); e, por outra parte, para actualizar os usos actuais de fórmulas de tratamento ou nomes comúns (o Señor Abade > o señor Abade / Febreiro > febreiro);

- i. Corrixir a grafía dalgunhas palabras con formas que parecen responder non á escolla do autor, senón a grallas: mome > nome / más > máis.

A nivel ecdótico, incluímos notas a rodapé en que son presentados as intervencións ou termos riscados nas copias.

Por último, queremos indicar que nos textos escritos en castelán, as mínimas intervencións realizadas teñen que ver coa actualización da acentuación e a corrección dalgunhas grallas ocasionais.





# ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

(RIANXO 1886-BUENOS AIRES 1950)

## PROIEUTO DE TEATRO GALEGO Ó XEITO DO DA «CHAUVE SOURIS»

PROGRAMA: 1ª PARTE

### 1º. **O acordeón**

Cantos de mariñeiros acompañados polo acordeón, nun barco. É noite pecha e o lume da caldeirada alumea en roxo as caras dos mariñeiros coidando que as siluetas das sombras se marquen na vela qu'está izada.

### 2º. **Campana de Anllóns**

A coñecida poesía recitada polo mesmo Pondal. Pondal estará sentado nunha cadeira iluminad'a cara pola lus morna dun quinqué. No fondo aparecerá unha visión do prisioneiro de Orán, semellando con lus azul dunha linterna, que lle bate na figura a lus da lúa que entra por antr'os barrotes da fenestra. Ó lonxe pode sentirse unha gaita.

### 3º. **Os soldadiños**

Son os exercicios dos nosos soldados feitos por soldadiños de cartón. Os doce movementos pra cargar o fusil son moi cómicos. No fondo un telón con dibuxos de meniños (dibuxos de guerras). A musica será a que cantan os maios en Pontevedra.

#### 4º. **Romance de cego**

Será unha estoria arrepiante dun crime cantada por un cego. No fondo desenrolarase por actores o crime que vai describindo o cego.

#### 5º. **O orfeón**

Un orfeón nunha taberna de cibdade galega onde aparecerán orfeonistas tipos, os de sempre cantando isas cousas ridículas que todos coñecemos en castelán.

### 2ª PARTE

#### 1º. **O planto**

É un cadro a certa outura, onde non se olla máis que unha fiestra pintada d'azul nunha parede encintada de cal. Pola fiestra sae unha muller a chorar polo seu fillo que llo levan ó cemeterio. O fillo acaba de chegar do servicio e como é mozo a murga da aldea vai tocando unha marcha fúnebre. Fágase dunha cousa grotesca unha cousa arrepiante.

#### 2º. **A vaca e o can**

A escea está partida en dous anacos. Descuberto un anaco aparece unha familia de paisanos chorando por unha vaca que se lles morreu. Tápase iste anaco e ó descubrirse o outro aparece unha familia de señoróns chorando por un canciño que se lles morreu. O conto está en facer rir os das *butacas*<sup>2</sup> primeiro e que rabeen dispois.

#### 3º. **Unha noite na eira do trigo**

Nunha noite de luar están sentados ó fresco, cabo dunha botica, o boticario e as señoritas e señoritos da vila. Traxes doutro tempo. O escaparate da botica ten de sere a nota de cor e de humorismo. O boticario toca a guitarra e todos cantan baixiño “unha noite na eira do trigo”.

---

2 Este destacado, así como os seguintes, aparecen suliñados polo autor no texto manuscrito.

## 5º. Cantos de rexouba e baile

Será un cadro moi grande pintado ó xeito novo. Moitisma cor. As caras das figuras serán caras de certo que asoman por buracos que leva o cadro. Istan figuras serán as dun coro galego. Diante diste cadro bailárase a muiñeira, unha muiñeira de pandeiro que cantará o cadro.

Atá eiquí o programa. Non detallo moito; pero xa o teño todo pensado.

As decoraciós serán cousa *nova* sempre. Ó máis que se pode un ir é ó puntillismo e sempre cores puros.

Suprimida a *concha* e tendo coidado de que ó aplaudir non fagan saúdos os actores. Niste teatro os mortos non se erguerán.

Eu teño mentes de faguer o siguiente: Catro verbas de prólogo pra dispoñer os ánimos, dispois contar contos e o que cadre, según conveña, antre cadro e cadro pra ter distraída á xente namentras a escea se prepara.

Todo iso teñ' o pensado pra faguer en Pontevedra. Eu non penso que se poida faguer. Non teño xente. Eu estou disposto a falar, pintar as decoraciós, tocar o acordeón no barco, a guitarra na botica, escribir o que cumpra, etc., etc. Con todo non teño xente. Catro rapaces están moi animados; pero nin son actores, nin cantan, nin fan outra cousa que reloucar de ledicia sempre que lles falo.

Facerei un esforzo máis e se non calla eiquí todo iso irá ás túas mans.

Como ti ves a cousa non ten dificultades ningunhas. Collín cousas facedeiras, onde nin fan falta músicos nin poetas nin nada, porque todo está feito xa.

Eu quería amosrar ás xentes o que ten de eisquisito ise chamado *mal gusto* do pobo, e nada máis. Dispois xa se facería outra cousa.

## Proieuto de teatro galego ó xeito do da "Chauve Souris"

### Programa 1ª Parte

#### 1º © acordeón

Cantos de marxeiros acompañados pol-o acordeón, n' un barco. É noite pesca e o lume da caldeirada alumina en rosso as caras dos marxeiros coidando que as siluetas das sombras se marquen na vela que está izada.

#### 2º Campaña de Anllóns

A coñecida poesía recitada pol-o mesmo Pontal. Pontal estará sentado n' unha cadeira iluminada a cara pol-a luz morosa d' un quinqué. N' o fondo aparecerá unha visión do prisioneiro de Orán, somellando con luz azul d' unha linterna, que lle bate na figura a luz da luz que entra por atri' os barroteis d' a fenestra. Ó longo pode sentirse unha gaita.

#### 3º Os soldadiños

Son os exercicios dos novos soldados feitos por soldadiños de cartón. Os doce movementos pra cargar o fusil son moi cómicos. No fondo un telón con dibuxos de muros (dibuxos de guerras). A música será a que cantan os mozos en Pontevedra.

#### 4º Romance de cego

Será unha estrofa arrepiante d' un crime cantada por un cego. No fondo descurularase por actores o crime que voy de, rebuido o cego.

#### 5º © orfeón

Un orfeón n' unha taberna de cidade galega onde aparecerán orfeóns típicos, n' o de sempre cantando isa, corras ridículas que tolos coñecemos en castelán.

2ª Parte1º O planto

É un cuadro á certa altura, onde un se olla máis que unha fiestra pintada d'azul n'unha parede encintada de cal. Pol-a fiestra sae unha muller a durar pol-o seu fillo que ~~o~~ lle o levan ó cemeterio. O fillo acaba de chegar do servizo e como é mozo a nunca da aldea vai tocando unha marcha fúnebre. Fágase d'unha cousa grótesca unha cousa arrefojante.

2º A vaca e o can

A escena está partida en dous actos. Descuberto un anaco aparece unha familia de paisans durando por unha vaca que se lle, morreu. Tápase iste anaco e ó descubrirse o outro aparece unha familia de señores durando por un canciño que se lle, morreu. O outro está en fazeer vir os dos butacas primeiro e que volven despois.

3º Unha noite na casa do tripo

N'unha noite de luar están cantando ó fresco, cabo d'unha botica, o boticario e as esoritas e seoritas da vila. Tráese d'outro tempo. O escapate da botica ten de ser a nota de cór e de humorismo. O boticario toca a guitarra e todos cantan baizinho "unha noite na casa do tripo".

4º Cantos de resomba e baile

Será un cuadro uní grande pintado ó xeito novo. Nestima cór. As caras das figuras serán caras de certo que atoman por buracos que leva o cuadro. Istan figuras unán en d'un coro galego. Diante d'iste cuadro bailarase a munitión, unha munitión de pauleiro que cantará o cuadro.

Atá eiqni o programa. Non detalles moitos; pero non teño todo pensado.

As desvariacións serán coma nova sempre. É máis que se pode un ir é o puntillismo e sempre cores frescos.

Suprimida a comedia e teño cridado de que é aplaudir non fagan saúdos os actores. N'iste teatro os mortos non se erguerán.

Eu teño métodos de facer o seguinte: Catro verbas, de prólogo pra dispoñer os animos, despois contar contos e o que cada, según convenga, entre cada e cada pra ter distraída a xente namentras a esas se prepara.

Todo iso teño-o pensando pra facer a Portenesta. Eu non penso que se poida facer. Non teño xente. Eu estou disposto a falar, pintar as desvariacións, tocar acordeón no barco, a guitarra na botica, escribir o que cumpira, etc, etc. Con todo non teño xente. Catro rapaces, están unis animados; pero nin son actores, nin cantan nin fan outra cousa que reloxear de ledicia sempre que lles falto.

Faerei un esforzo máis e se non colla eiqni todo iso irá ás tuas mans.

Como ti ves, a cousa non ten dificultades, nin-guntas. Collin cousas facedeiras, vete nin fan falla ninvidios nin poetas, nin nada, por que todo atá feito xa.

Eu quería amosar ás xentes, o que ten de esquisito se chamado mal gusto do pobo. e nada máis. Despois xa se facería outra cousa.

# GALO SALINAS RODRÍGUEZ

(A CORUÑA 1852-1926)

## SABELA, COMEDIA NUN ACTO<sup>3</sup>

GUARDA-ROPÍA

Unha cómoda

Unha imaxen da Virxen dos Dolores no escaparate

Un sofá

Unha silla de palla

Un sillón frailuno

Unha mesa de comedor antiga (ou de pés torneados)

2 cortinas brancas

Cuadros de santos

Unha mariposa

Dous candelabros

Un servizo de chocolate (con este e bizcochos)

Un xarro de viño (con<sup>4</sup>)

Duas cuncas de barro

Unha escopeta

Un morral

Un cinturón para cartuchos (canana)

Unha sombrilla

Un libro de misa

---

3 O manuscrito está formado por catorce follas mecanografadas a excepción da segunda. Na primeira folia, que serve de capa, aparece mecanografado "Sabela" e "Coro Toxos e Flores. Ferrol". Na parte superior aparece o carimbo do coro, e na parte inferior aparece a seguinte nota escrita a man: "De la devolución de esta obra al archivo será responsable el que la pida para evitar su pérdida. Coro".

4 Na copia aparece así.

PERSONAXES

Sabela.....	22 anos
Micaela.....	65 ”
O Sr. Abade.....	70 ”
Xulián .....	24 ”
Tío Ramón.....	60 ”
Pascual .....	35 ”

A acción desenvólvese nunha aldea das montañas de Órdenes, na provincia da Cruña. Época actual. Dereita e esquerda, as do actor.



## ACTO ÚNECO

Sala modesta con porta central no foro. Á dereita desta porta unha cómoda sobre da que hai un escaparate cunha imaxe da Nosa Señora dos Dolores. Á esquerda da porta unha fenestra. Portas laterales. Un sofá e sillas de palla. Unha mesa de xantar, antiga, de pés torneados, e a carón dela un sillón con asento e respaldo de coiro e cravos dourados. Nas pontas laterales cortinas brancas. Cuadros de santos.

Son as dez da mañán dun día espréndido do mes de agosto.

## ESCENA I

Micaela, logo o Abade, Miguel<sup>5</sup> e Pascual

*Micaela cepilla e sacode roupa na fenestra. Falando cos de fóra.*

MICAELA — ¡Señor Abade..! ¡Por Dios, señor! [F]uxa do sol, que<sup>6</sup> mesmo cai a canadas e derrete os miolos ¡Suban, suban!.

ABADE — *(Entra limpando o suor co pano. Atrás del, Ramón e Pascual)* ¡Tes raz[ón] Micaela! Estaba entretido vendo a parra, que ten unha forza de primeira, pero hai que lle atare os biortos, que lle colgan e pode crebar o vento, e para esa operación convidei, ao salir de misa, a Ramón e Pascual.

RAMÓN — Que estan aquí presentes e danlle os bos días.

5 A pesar de que o personaxe se chamará Ramón ao longo da escena, aparece nesta lista inicial como Miguel.

6 Na copia mecanoscrita aparece do seguinte xeito: “que neste mes de Nosa Señora, mesmo cai á canadas”.

- PASCUAL – O tío Ramón falou polos dous.
- MICAELA – I-eu, pol'atención, voules servire unhas cuncas de viño da terra logo de lle dare o chiculate ao señor Abade. (*Recolle o guarda-sol e mailo chapeo do Abade e sal pola dereita, volvendo a aparecer axiña cunha bandexa en que trai o servicio do chocolate, biscoitos, [un] vaso de leite. Volve a saír e volve a entrar con dúas cuncas de loz[a] e un xerro de barro*)
- ABADE – Vaia, amigos, hai que obedecere (*Séntase á mesa e toma o chocolate*)
- MICAELA – Xa están todos servidos (*Séntase*)
- ABADE – Ídevos sentando e botade uns gotos, que este viño aínda non e dos piores da colleita do ano derradeiro.
- RAMÓN – (*Despois de servirse e beber*) ¡De recibo, señor Abade!
- PASCUAL – ¡Por certo; este levanta a paletilla!
- ABADE – Pois bebede e aproveitade, qu'inda vos teño unha pequena reserva, e podedes recuncare.
- RAMÓN – Eu xa non estou pra apinar moito o cóbado porque os anos pasan e non en valuto<sup>7</sup>; eso é bon pra Pascualíño que apenas chega ás tres ducias; pro, eu, que xa conto as cinco vou escomenzando a me cansare co peso do tempo e non convén faguer valentías.
- ABADE – ¡Home...! Os setenta estou eu pra cumprir e aquí me tes tan rufo; e ropara em Micaela, que anda a rente dos sesenta e cinco e mira como traballa e como s'ela remexe.
- PASCUAL – Pro, é que o tío Ramón levou quizais unha vidiña algo tormentosa e agora véñenlle as consecuencias.

---

7 En valuto: en balde, en vano.

- RAMÓN – ¡Oe ti...! ¿Seique coidas que os de denantes somos da condición dos de agora, esmirriados de vivir tan depre-sa? Eu non abuso porque teño adeprendido que Dios deunos a alma pra que a salvemos, e o corpo pra que o conservemos, e o non atendermos ao benestar dun e doutra e contradicire a vontade divina.
- PASCUAL – ¡Cale, ho, cale! Se vostedes os do tempo do oscuran-tismo non poden co progreso e cos seus adiantos (*Con énfasis*)
- RAMÓN – ¡O progreso!... Certamente; porque pra vós, o progreso consiste en facer menosprecio dos costumes dos vosos avós, e hastra tedes vergonza de vestire coma eles, tan prantados e arrogantes... ¡Así estáde-los mozos tan medrados de honra!
- PASCUAL – ¡Valentes figurís!
- MICAELA – (*Rindo*) ¡Home, caládevos, que sempre estades rifando!
- ABADE – ¡Déixaos, muller, que polo d'agora non van mal e aínda gústacheme o asunto!
- RAMÓN – ¡Figurís! ¿E vosoutros, queréndovos parecere aos seño-ritos da vila e quedándovos no camiño, porque imita-des tódolos seus vicios e defeutos e ningunha das súas virtudes... si é que as teñen, ou se alcanzades a velas...? Eu non renego da miña casta, con pucha e calzón curto criáronme e co'este traxe enterraranme; non quero que os meus me desconozan na outra vida.
- PASCUAL – Tamén pódeno enterrar con cirolas, monteira e polai-nas...
- RAMÓN – ¡Naturalmente si! ¿Por un si escaso é máis garbosa esa vestimenta da vila que agora usades, que a vella da al-dea, tanto polo que di aos homes como ás mulleres?

PASCUAL – Pro eso e antigo, e resulta feo e ridículo.

RAMÓN – ¡Ridículo...! Pois mira que vos vere bailar o agarradiño e coma se fórades sarillos éche cousa ben bunita, pois as pernas con tanto remexer somellan as da figura do amolador que queima o fogueteiro polas festas do Santo Patrón... ¿E o corpo con tanta estiradura, pranchadura e outros estricamentos...? ¡Vaia, ho, vaia! ¡Se non hai como a muiñeira, máis bailada con dengue de grana e chaleque repinicado; mantelo con veludo e acebaches e calzón de somonte; pano de rico encaixe e monteira con borlós; arracadas de prata filigranada e panos de seda saíndo con gracia dos patos...

MICAELA – ¡Eso, eso, que o demais son monadiñas!

PASCUAL – Xa lles dixen que canto vostedes lembran son vellouque-rías que téñense de arrombare na foxa do esquecemento pra sempre en xamais amén, como decíamos aló por Boenos Aires, onde hai centros nos que se adeprenden moitas cousas pra saber vivire.

ABADE – ¡Eh, pouco a pouco, Pascual, non tanto!

RAMÓN – ¡Si ese non sabe o que di! (*Con desprecio*)

PASCUAL – ¿Si, eh? Pois sostéñome no dito porque son do tempo do modernismo. Pasa nesto o que na políteca que o au-solutismo foi reemprazado pola democracia.

RAMÓN – ¿Pro ti sábe-lo que falas?

PASCUAL – E tanto que sei.

ABADE – (*Erguéndose; os outros imítano*) Xa abonda de discusión e que non fan outra cousa que alrita-los ánimos. Ide, pois, amarra-las vides xa que esta operación e máis fácil que amarra-las voluntás; ide, meus amigos, que na mentres eu voume dare co breviario.

RAMÓN — Imos aló. ¿Vés ti, Pascual?

PASCUAL — Por servire a Don Inacio o noso crego iría eu á fin do mundo.

ABADE — Así me gustas, ho, así me gustas, e non pretendas aparentar maldades e rebeldías sendo bo coma o bon pan.

MICAELA — Tede coidadiño co pozo que está reboando a auga e aínda fáltalle o brocal, polo que está ao ras do chan coa boca aberta.

PASCUAL — Non hai coidado.

*(Ramón e Pascual vanse polo foro)*

## ESCENA II

Micaela e o Abade

*Micaela pilla o breviario que estará sobre da cómoda e dállo ao Abade, quen co'el na man diríxese novamente ao sillón sen sentarse.*

ABADE — ¿E Xulián? O non vin na igrexa.

MICAELA — ¡Vaiche boa! Non ben alborexaba o día pillou a carabina, colleu os<sup>8</sup> aparellos de caza, chamou<sup>9</sup> polo Polis<sup>10</sup>, e aló foise, cara ao monte co aquel de vere se chamuscaba un par de perdices ou unha boa lebre.

8 Na copia mecanoscrita aparece “colleu o marral e demáis aparellos”.

9 Na copia mecanoscrita “chamou asobiando polo”.

10 Na copia mecanoscrita aparece “Polis, seu can favorito”.

- ABADE – Pois daquela hoxe teremos caza no xantar, porque Xulián onde crava os ollos pon a bala. ¡É moito tino o seu!
- MICAELA – Non tardará en chegar porque xa son as dez e “Lourenzo” quenta que mesmo queima.
- ABADE – Non está mal que faga exercicio, que falla ten del despois de tanto estudare.
- MICAELA – De certo, que estudou moito, pro non se lle conoze, porque como guapo e bon mozo, vaia se volveu...
- ABADE – ¡Anda d’aí, babosona, que mesmo parece que estás namorada do teu sobriño!
- MICAELA – ¡E n’hei d’estalo, señor! ¿Soñei eu enxamais o tere un médico na familia? ¡Nunca, señor, nunca!
- ABADE – Pois queiras ou non, telo e mais aproveitado, formal e sensato.
- MICAELA – ¡Ai, eso si! Non é coma ese trifulcas de Pascual, que porque andivo aló polas Américas algúns anos e folleou uns cantos librotes, xa coida o moi fachendoso que é un sabio que pode falar de todo.
- ABADE – (*Con reserva*) E acó pra *inter nós*<sup>11</sup>, aínda lle non falta razón nalgunhas cousas, mais esto non hai que llo dicir a el porque sería meterlle máis vento na testa e podería voar demasiado alto, cousa que de ningún modo lle convén.
- MICAELA – Non, señor, que xa esbardalla dabondo.
- ABADE – O conto e que non tocante a Xulián, logo o verás feito un señor médico.
- MICAELA – ¿E a quen se debe ese milagre, a quen?

---

11 Destacado do autor.

- ABADE – A Dios, que é quen os fai.
- MICAELA – Eso si, no primeiro lugar, e logo ao seu ministro, a vos-  
tede, meu bon amo<sup>12</sup>, a quen os seus pais e mais eu  
nunca lle pagaremos todo o ben que nos fixo... ¡Dio-lo  
bendiga! (*Choriquea*)
- ABADE – ¡Boeno, muller, boeno; non choriquees! Ti asistíasme  
facía xa doce anos, e con lealtade; eu estaba satisfeito  
da túa honradez e moralidade e quixen premia-los teus  
servicios coa axuda do Todopoderoso.
- MICAELA – E satisfíxoo por enteiro; primeiro empregou o meu ir-  
mán Santiago procurándolle unha praza de legüeiro<sup>13</sup>;  
logo, cando fixo casamento con Maripepa non cansou  
de protexelo, e a final... ¡Eu ao me lembrar choro de  
gratitude! (*Chora*)
- ABADE – ¿Eu que había de facer, Micaela? O teu irmán casou,  
a súa dona deulle un fillo por ano, e en chegando ao  
quinto, pra que non morresen de necesidade, porque  
os oito reás de xornal dos piós camiñeiros pouco dan de  
si, díxenche se querías que eu e mais ti o apadriñásemos  
(*Pasea pola sala, e Micaela atrás del*)
- MICAELA – I-eu, reconocida acetei; e os pais cando o souperon brin-  
caron de ledicia.
- ABD – Pois xa ves. Chegoulle ao picariño o uso da razón, trouxé-  
molo a esta reitoral, aprendinlle as primeiras letras, logo  
foise enterando do latín e doutras ensinanzas, porque o  
meu ouxeto era que sentara praza de crego, coma eu...
- MICAELA – ¡Boh... penso que non había facer bon crego!
- ABADE – ¿Ti que sabes, muller? (*Párase e ela tamén*)

---

12 Na copia mecanoscrita aparece "meu amo ben amado".

13 Legoeiro.

MICAELA – Paréceme que non o chamaba Dios por ese camiño.

ABADE – (*Reanudando os paseos seguido dela*) Eso mesmo cavilei eu despois de esculcare nas súas incrinacións, así que non quixen obrigarlle a segui-la carreira sacerdotal torcendo a súa vocación, que figuróuseme contraria aos meus desexos, de modo que primeiro mandeino a Santiago pra se facer bacharel no Instituto, e logo á Universidade pra cursar a medicina, e, ben ves, somente fáltalle un curso pra se licenciare de médico, e fago mentes de mandalo a Madrí, ao seu tempo pra se doutorare pra que nada lle falte.

MICAELA – ¡Ai, señor Abade, Dios llo pague; vosté foi a Providencia de toda a nosa familia!

ABADE – Non, e polo que respeta ao rapaz, como merecer, mereceo; é humilde, bon estudante, endexamais nos deu un disgusto; vamos, que estou contento e satisfeito del, e non me pesa canto por el teño feito, pois coído que non me deixará mal (*Páranse e falan de pé*)

MICAELA – Cando os seus pais o vexan, xa acabada a súa carreira, co'aquela presenza arrogante que ten<sup>14</sup>, víranse tolos de contento.

ABADE – Bon mozo aínda non deixa de o sere; somella un daqueles tipos que lembran as primitivas razas que povoaron a Galicia<sup>15</sup>.

MICAELA – ¡Será, señor, será!

ABADE – Ben, abonda de parola, que teño présa por botar o meu rezo.

MICAELA – Daquela o deixo en paz.

---

14 Na copia mecanoscrita: “que ten, e aquel bigotiño, e os seus ollos garzos, e todo el feito un mozo lanzal, víranse”.

15 Aparece riscado o resto do parágrafo: “e das que aínda quedan algúns exemplares dende o val de Bergantiños hastra estas estribacións das montañas de Órdenes”.



- ABADE — ¿Non veu ninguén máis que os probes domingueiros d'adoito?
- MICAELA — ¡Ai, si, señor! Coa conversa esquencíame de lle decir que na cociña está unha rapaciña que desexa falarlle.
- ABADE — ¿E ti conócela? (*Séntase no sillón*)
- MICAELA — Non, señor; de por acó non é, estoulle segura.
- ABADE — Será un recado de algún compañeiro das parroquias veciñas. Anda vai e dille que pase (*Ponse a leer no libro*)
- MICAELA — Vou, señor. (*Chega a porta da dereita, chama pola rapaza e logo que esta entra retírase*) ¡Ai nena...! Entra, que o señor Abade agárdate.

### ESCENA III

#### O Abade e Sabela

- SABELA — ¿Dá licencia, señor Abade? (*Entra humildosa, Micaela mutis*)
- ABADE — ¡Adiante! (*Sin levanta-la vista do libro. Ela avanza a modo de hastra se lle pór diante*)
- SABELA — Señor Abade, veño temerosa a lle revelare un segredo, a pedirlle un consello e a lle rogare unha mercé se me concede a súa atención...
- ABADE — (*Deixando o libro*) Veña, pois, o segredo, que polo que e consello e mercé non haberán de che faltaren. Pilla unha silla e séntate a meu rente.

SABELA – (*Sen moverse*) Élle cousa de confesión, que lle farei de xionllo a seus pés, cal se me atopase no tribunal da penitencia (*Axióñllase diante do Abade, que escoita atento*)

ABADE – ¡Fala...! (*Moi grave*)

SABELA – Señor; chámome Sabela i-é o meu lugar unha aldea arredada d'aquí sobre dunhas tres leguas. Os meus pais víronse noutros tempos ben acomodados, mailas malas anadas, a perda das colleitas, a morte dos animás de labranza, as contribucións e outras calamidades redicéronnos cuase que a miseria, porque cando a disgracia entra nun eido non o deixa hastra arruinalo de todo.

ABADE – ¡Non deixa de sere unha triste verdade!

SABELA – A nosa situación chegou a sere tan cativa que foi preciso, fará tres anos, embarcare os meus dous irmáns pra Bos Aires xa mozos, e pra o conseguire houbo necesidade de vendere os derradeiros ferrados de terra que nos restaban... ¡A nosa miseria, señor Abade, era completa!

ABADE – ¡Todo sexa pola santa Pasión del Señor!

SABELA – As cartas dos meus irmáns faguerían chora-las pedras de tristes que viñan... Aló naquelas terras, sobra xente e non hai traballo pra todos... ¡Tamén alí conócese a fame! E gracias que os meus coitados irmanciños atoparon onde s'empregaren, aínda que solo fose pola manenza (*Limpa os ollos co pano*)

ABADE – ¡Confianza en Dios, nena!

SABELA – Pasou deste xeito un ano; coase que estábamos a punto de andare a pedir polas portas, i-eu, denantes que esto sucedese, prefería calquera cousa... ¡A caridade e maila compasión con seren tan grandes, tan boas, poñíanme medo, espantábanme...

- ABADE — Pedire, cando hai necesidade, non é deshonra; enténdeo ben.
- SABELA — Non, señor, pro é humillación pra os que s'atoparon ben algún día. O caso é que daquela tiven unha idea; propuxen aos meus pais que me deran o seu consentimento pra m'eu ire a servir a Santiago i-en troques de serlles unha carga poder axudarlles en algo.
- ABADE — ¡Boa filla, Dios te atenderá!
- SABELA — ¡Pois non me atendeu! (*Dorida*)
- ABADE — ¡Eso é unha brasfemia! ¿Como te esteves a dubidare da bondá divina?
- SABELA — Perdone e atenda a miña confesión.
- ABADE — Podes continuare.
- SABELA — Despois de lles rogare moito, os meus infelices vellos concedéronme o seu permiso e chorando despedinme deles... ¡Quedábanse tan solos! Atopei casa en Santiago; dábanme, ademais da mantenza, cincuenta reás de soldada, por mes, i-eu, deles, mandáballes dous pesos aos meus pais, e co'esta pequena axuda iban vivindo e saíndo do paso... mais... (*Detense envergoñada*)
- ABADE — Sigue, acaba... ¿Que máis?
- SABELA — (*Fai un esforzo de vontade e continúa*) Eu levaba algús meses deste xeito, se non contenta, satisfeita... Un día os meus ollos atopáronse cos dun mozo agarrido e xeitoso... (*Con eisaltación*) Eu non sei o que me pasou que din en tremer como se fose a darme algún mal; eu escoiteino, prendinme das súas palabras e dende aquel instante quedeime sin propia voluntá...
- ABADE — ¿I-el? ¿Que foi del, que che dixo?

SABELA – El díxome que era soldado e estaba de asistente cun xefe que o estim[a] moito, e que pronto cumpriría o seu tempo e licenciaríase... Eu creíno e como estaba apenada polos meus disgustos e delores, entregueime en corpo e alma a aquel cariño que me daba tanto consolo... (*Cálase novamente*)

ABADE – Non te deteñas... acaba...

SABELA – O querer, señor Abade, cando é grande, cando é fondo e prende fortemen[te] en nós, cega os humanos e vira todos os homes e parvas as mulleres, nun deses instantes de tolería ou fatalidade, sen me dar conta... sen pensalo... atordoada... ¡caín! (*Agacha a cara nas mans*)

ABADE – ¡Sabela... Sabela... ti condenácheste! (*O Abade érguese indignado, mais volve a deixarse caer sentado, compadecido. Sabela tómalle as mans e [bi]callas, e sigue a confesión salaiando*)

SABELA – ¡Caín... caín...! ¿Que había de faguer; señor Abade, se non tiña a meu rente ninguén que me aconsellase; se faltáronme as forzas pra m'eu defendere, pois o querer tirábamam? Varréuseme o sentido, o podente cruel amor re[n]dírame... ¡Caín por amor...! ¿Fixen ben? ¿Fixen mal? ¡Qu[e] sei eu o que tiña que faguer...!

ABADE – ¿Que? Defenderte, resisti-la tentación, pensar en que perdía-la túa honra, que endexamais se recobra unha vez perdida.

SABELA – ¡Se non puiden...<sup>16</sup> non puiden...! Cando me volveu o xuicio atopeime sola e dándome conta do que me pasara coidei morrer... Vin xa murcha a miña virtude e esquncido-los meus inocentes soños da niñez, as miñas candideces; o meu honore polo chan, e o limpo nome

---

16 Riscado: se.

da miña familia lixado por min... ¡Ai, señor Abade, cantos amargueiros afogábanme a alma, cantas néboas enloitaron o meu corazón...!

ABADE — ¿I-el, i-el? (*Alritado*)

SABELA — ¿El? ¡Xa verá...! Pro non se incomode, señor, que me pon medo e paréceme que a miña culpa é tan grande que ela non alcanza a misericordia de Dios... ¿Non hai outras tan pecadoras máis pecadoras ca min no mundo que é tan estenso?...

ABADE — ¡Non divagues e fala! (*Máis calmado*)

SABELA — Seguímonos tratando e el prometeume que tan pronto deixara o servicio casaría comigo... Un día ganoume unha ledicia e mais unha grande tristura ao mesmo tempo; tiña ganas de rir e de chorar; e eu non sabía o que me socedía, mais sentín dentro de min algo así como se a miña alma tomase corpo e brincase leda pra me anunciare que xa non estaba sola... ¿Quen mo revelou? Ninguén, pro eu adiviñeino... ¡Era madre! (*Cala envergoñada e baixa a cabeza. O Abade santiguase*)

ABADE — ¡Xesús, Xesús...!

SABELA — Cando o meu amigo chegou a pé de min como tódalas noites que eu saía pra faguer algún mandado, dinlle salaiando e envergoñada a noticia i-el ao parecer alegrouse, mais dende aquela e con disculpas foi acurtando as súas visitas, hastra que chegou un día que non apareceu e en valuto agardeino os seguintes... Daquela reconocín o meu abandono; quixen maldecire o infame causante do meu mal, pro lembreime de era o pai do fillo que levaba nas miñas entranas i-espertándose en min o amor naición polo inocente anxelito, perdoneille...

ABADE — ¿Romataches, Sabela?

SABELA – Logo, señor Abade. (*Pausa pequena*) Cando m'eu vin desamparada coidei que pra min xa se acabara o mundo; sentín un espanto atroz; temín que o meu estado fose presto conocido e morría de vergonza. Entroume a morriña con tódalas súas saudades e decidín tornar á miña aldea, da que ogallá nunca tivera saído, e botarme aos pés dos meus pais pra lles revelare a miña falta e pedirilles perdón... E viñen, proalcontreinos tan tristes, tan esgrouviados, que non tiven valor pra vertere unha pinga máis de fel no cálice da súa delor... Si eu tivese a seguridade de que me matasen pra ocultare a miña deshonra, aínda poida ser que llo contase todo; mais o non farían senón que penarían moitismo, e eu quíxenlles aforrare este novo sofrimento (*Moi triste*)

ABADE – ¡Aínda conservas algún bo sentimento!

SABELA – ¡Ai, si señor! Os bos sentimentos son os que me perderon sempre. Eu neste caso non sabía o que faguer, e nos momentos de desespero, que eran os máis, chegábame a beira do río, púñame a ollare o rudicio do muiño coaquelas rodas que remexendo escumas zorregan na auga, e dábame tentación de me deitar nelas pra me despedazare... (*Resolta*)

ABADE – ¡Aberración... loucura!

SABELA – Si, señor... ¡loucura! Eu estaba tola... ¡eu estou tola! Pro aínda teño istantes de acougo e de sentido... e por eso, cando ouvín falar do Abade de Calvente que din que é un santo, corrín presurosa a me botare aos seus pés, facerlle a miña confesión, pedirlle o seu consello e rogarlle que sexa el quen me faga a mercé de enterare os meus pais da miña situación e outer o seu perdón pra min... ¡Se vostede, señor Abade, non me atende e socorre, estou perdida e xa me non quedará outro romedio que o rudicio do muiño e as augas do río pra nelas afogar as miñas coitas...

- ABADE — *(Erguéndose indinado. Sabela tamén érguese asustada)*  
 ¡Si... eso é! Pretendes borrar cun crime as marcas de outro delito... ¿E así pensas redimirte? Se delinquiches resínate coa túa sorte, e xa que faltaches; ¿por que vés traere o escándalo a estes lugares...? ¿Non sabes que as que coma ti pecan, aínda que arrepentidas teñan o perdón de Dios, os homes condénannas? ¿Iñoras acaso que nestas tranquilas aldeas desconócense a deshonra e mailo deshonore, e que a quen os perde castígase co desprecio? Aló; nas grandes e corrompidas vilas, estas faltas quizais sexan cousa común e corrente, mais neste canto dunha montaña gallega nin podemos ademitilas nin queremos comprendelas... ¡Son cousas maldecidas!
- SABELA — ¡Compasión... misericordia polo santo amor de Dios, señor Abade! *(Xuntando as mans)*
- ABADE — ¡Ben as mester delas, disgraciada...! Pro ben, dáme lástima ao tempo que me indinas, e non quero desampararte... Agárdeme un pouco<sup>17</sup>; e iremos agora mesmo en busca dos teus pais, e logo de lles falare de ouvire o que me digan xa veremos o consello que che podó dare.
- SABELA — ¡A Virxe Santísima lle pague a caridade que me fai, santo Abade! *(Moi sentida)* ¡E o seu consolo polas miñas desditas!
- ABADE — ¡As túas desditas! Quisera eu saber quen foi o causante da túa desventura... Como lle reprocharía eu o seu mal proceder e o seu infame engano e que penitencia lle impoñería pra que roparase a súa falta... ¡Canalla!

---

17 Na copia aparece riscado: “vou mandar que me aparelen o poldro”.

## ESCENA IV

Os ditos e Xulián, polo foro

*Xulián entra sen roparar nos que están en escena. Deixa arrimada a unha silla a carabina e pousa sobre do sofá, virado de costas, o morral, o cinturón dos cartuchos e o chapeo. Logo vólvese.*

XULIÁN – ¡Bos días, padriño!

SABELA – (*Volvéndose lixeira*) ¡Antón! (*Corre a pé do mozo, que fai por reprimir un movemento de solpresa, e baixa os ollos*)

ABADE – ¿Como Antón? (*Admirado, dirixíndose a Sabela*) ¿Ti estás tola? Este é Xulián, meu afillado... o médico... ¿Que alucinación che deu? (*Ao roparar na aitude de ambos mira fixamente pra eles como se unha sospeita cruzáralle o pensamento. Chégase lentamente a Sabela, tómalle unha man e moi grave pergúntalle*) ¿Ti... conócelo...?

SABELA – ¡Non... non señor! (*Apenada, conténdose, tremendo*)

ABADE – ¡Está ben...! Agardádeme, axiña volvo, Sabela. (*Vaise pola porta da esquerda, apertando os beixos e encollendo os hombros como dicindo: '¿que é esto? non entendo'. Ao tempo de saír volve a cabeza e fitaos con dureza*)

## ESCENA V

Sabela e Xulián

*Xulián olla, furtivamente pra a porta por onde saiu o Abade, chégase a Sabela e fálalle en voz baixa inda que enérxico e alritado.*



- XULIÁN – ¿Que viñeches facer aquí, Sabela?
- SABELA – ¡Nada... non sei... estou aturdida...!
- XULIÁN – Eu, si, seino. Viñeches a me comprometer, a perderme, a que o meu padriño me retire a súa protección... Di ¿non estou no certo?
- SABELA – ¡Xúrote, Antón...! (*Outro ton*) ¡Xúrolle, señorito Xulián, que eu iñoraba que aquí vivise...!
- XULIÁN – ¡Eso non cho creo!
- SABELA – ¡Que máis proba pra se convencere que a sorpresa do seu padriño...!
- XULIÁN – Daquela ¿como é que te atopas nesta casa?
- SABELA – Viñen pra me confesare co señor Abade, e pedirlle os seus consellos... nada máis.
- XULIÁN – (*Ansioso*) ¿E confesáchello todo?
- SABELA – ¡Todo... todo canto eu sabía, que agora vexo que non era todo...! (*Tristemente*)
- XULIÁN – Pois é mester que partas axiña, e que nin el nin ninguén seipan nada do que entre nós ten pasado; esta historia debe quedare no misterio... ¿Comprendes?
- SABELA – Denantes que a súa boca dérame esa orde xa mo pidiron os seus ollos, e ben viu como procedín eu... ¿Que máis quere de min?
- XULIÁN – Ren; pois garda sempre o mesmo silencio... eu buscarei-te, eu mirarei por ti...
- SABELA – (*Fitando con indignación*) ¿Xa non é preciso...! Desleixada por vostede, entregada á miña disgracia, nin quero que me busque nin quero que me ampare, pois quen finxe o que non é pra enganar unha coitada muller, pra

deshonrala e perdela, ninguén pode fiar nel, e é merecente dos máis grandes desprecios e aborrecimentos.

XULIÁN – Xa falaremos con máis vagar. Polo pronto o que convén é que ti cales; tennos conta aos dous... Quizais necesites de min e eu socorrereite; polo d'hoxe toma este portamoedas; recólleo pra o que che faga falta (*Pillalle unha man, e nela ponlle o portamoedas que ela guinda no chan*)

SABELA – ¡Como! ¿Que é esto? ¿Diñeiro?

XULIÁN – ¡Recólleo... é teu...!

SABELA – (*Solene, dina, cada vez vai alzando máis a voz*) ¡Cando a ti me entreguei en alma e corpo; cando despoxáchesme da miña honra, eu non me vendín, ofrecinme a ti por amor, coidando que o teu tamén era verdadeiro, e pois daquela non me fixéche-la ofensa de me pagare o meu sacrificio, non me avergonces agora pretendendo mercar o meu silencio...; eu polo poder do cariño fun a túa amante, mais por ningún concepto serei a túa manceba...! (*Con arranque de orgullo*)

XULIÁN – ¡Non berres...! Se nesta casa chegan a decatarse estamos perdidos...!

SABELA – ¡Perdidos...! ¡Eu xa o estou...! Ti no teu egoísmo queres-te salvar solo... ¿Que che interesa a infeliz que deu creto aos teus xuramentos? Nada, o que un farrapo lixado que con desprecio ceibamos na lameira.

XULIÁN – ¡Eu vereite... agora desemula... que non se decaten, porque sería a miña ruína...!

SABELA – (*Axióñllase ante a imaxe que hai na cómoda*) ¡Valédeme miña naiçiña dos Delores!

## ESCENA VI

Os ditos e o sr. Abade

*O Abade trai quitasol e chapeo que pousa nunha silla, colle das mans a Sabela e faina erguer.*

ABADE – ¿É decir que este.. non é Antón? (*Solene*)

SABELA – Xa lle dixen que... non, señor!

ABADE – ¿Pro ti estás segura, Sabela? (*Admirado*)

SABELA – ¡Si... si, señor... non é! (*Salouca*)

ABADE – (¡E ti serás unha hipócrita ou unha santa!)

SABELA – (¡Que angustia, meu Dios, é mellor morrer!)

ABADE – (*Dirixese a Xulián, moi serio*) Nun instante de ispirada lucidez penetrei no fondo da alma desta muller que non vacila en se perdere pra non denunciare o seu sedutore; ensaminei rapidamente unha por unha tódalas fibras do seu corazón, e tan grande, tan nobre, tan subríme é o seu sacrificio, que xa rexenerada da súa culpa elévase á altura dos mártires... Heroína da penitencia: (*A Sabela, bendecíndoa*) *Ego te absolvo* (*A Xulián*) Xa está, pois, redimida ante Dios i-é do caso que se redima pra diante os homes, i-eso é conta túa, Xulián. Con piedosa mentira ela asegurou non te conecere... contesta ¿conócela ti? (*Pequena pausa*). Pro, responde axiña... sen dubidare, sen pensalo... ¡Se me non córta-la frase xa estás sendo delincuente...!

XULIÁN – ¡Padriño...! (*Pausa longa*)

ABADE – ¡Que! ¿É todo eso o que me tes que decire? ¿Daquela non tes entranas? ¡Abonda... xa sei o que pode esperarse de ti... ingrato...! (*Cólleo con violencia dun brazo e faino*)

*axoenllar diante de Sabela*) ¡De xionllos ante esta muller vítima dos teus vicios... de xionllos, que é a única postura que che cadra, miserable!

XULIÁN – ¡Oh! (*Cai de xionllos*)

SABELA – (*Supricante*) ¡Señor... piedade...!

ABADE – (*Chamando*) ¡Micaela, Micaela...! ¡Piedade...! ¿Tívoa el de ti, Sabela?

## ESCENA VII

Os ditos e Micaela

MICAELA – ¿Que se lle ofrece, señor? ¡Virxe Santa!

ABADE – ¿Ves esa muller? Pois é a seducida por este home que nos tiña enganados e chámote pra che dicir que acabamos de perdere, ti un sobriño e eu un afillado... Cheos de amor e piedade encamiñámolo ao ceo, tropezou e a[i] o tes... ¡caído no chan!

SABELA – ¡Ah!<sup>18</sup> (*Fuxe pola porta do foro, decidida*)

## ESCENA VIII

Os ditos menos Sabela

XULIÁN – (*Erguéndose*) ¡Non padriño, non; erguido e cheo de recoñecemento, amor e arrepentimento...!

---

18 Aínda que a exclamación aparece riscada no orixinal, preferimos mantela no texto para xustificar a disposición no parlamento da didascalia, que se mantén.

MICAELA – ¡Xulián... Xulián...! ¿Que din de ti?

ABADE – Xa o saberás todo... (*A Xulián*) ¿E ti que dis, desditado?

XULIÁN – Foi o meu un pecado da mocidade que quero borrar da miña vida, cumprindo co meu deber... (*Volvéndose cara a donde estaba Sabela*) ¡Sabela! (*Notando a falta*) ¿Pro, que é dela?

MICAELA – Fuxiu... (*Micaela e Xulián corren á fenestra*)

XULIÁN – (*Con terror*) ¡Aló vai, cara ao pozo!

MICAELA – ¡Quizais a se botar nel!

XULIÁN – (*Berrando*) ¡Ei, tío Ramón, Pascual... deteñan esa rapaza... axiña...

MICAELA – Xa lle deron alcance... xa veñen.

XULIÁN – Eu vou ao seu encontro (*Vaise polo foro*)

## ESCENA IX

Micaela e o Abade

ABADE – (*Que se chega a fenestra cando Xulián arrédase dela*) ¡Acougade, xa que a providencia nola devolve salva e sa! (*Arrédanse da fenestra*) Demos gracias a Dios que nos salva con tan pouca penitencia. Os pecados da mocidade páganse adoito moi caros, como que o seu precio e o deshonore.

MICAELA – ¡Dios tocoulle ao noso neno no corazón!

ABADE – ¡Ganámolos de novo, Micaela!

MICAELA – ¡Xa é noso outra vez, señor Abade!

## ESCENA X

O Abade, Micaela, Sabela, Xulián, Ramón, e Pascual

RAMÓN – ¡A pouco dános un susto!

PASCUAL – ¡Estivo a dous dedos do pozo!

MICAELA – (*Abrazando a Sabela*) ¡Coitadiña nena!

XULIÁN – ¡Ven, Sabela, ven aos meus brazos! Déboche unha reparación e vouna satisfacere por enteiro; mais denantes, dime: ¿amas aínda ao teu Antón?

SABELA – ¡Con toda a miña alma, Xulián!

XULIÁN – (*Ao Abade*) ¡A súa bendición, señor Abade, pra dous seres que se aman... ¡O seu perdón, padriño, pra dous arrepentidos...!

ABADE – ¡Gracias, meu Dios! (*Bendiceos*) ¡Fillos, sede felices na vosa unión! ¡Eu vos bendigo e vos perdono no nome do Padre, do Fillo e do Espírito Santo!

RAMÓN – ¡Espertaron os vellos sentimentos da raza, da relixión e da honradez!

PASCUAL – ¡Rexurdiu a democracia; niveláronse a crases; triunfou o progreso!

ABADE – ¡E sobre todo, Dios, que é progreso, democracia e relixión!<sup>19</sup>

Cai o pano

Fin

---

<sup>19</sup> Ao lado, escrito a man e sen parénteses de didascalia, aparece engadido “ejecutivo”.

## ENTRE DOUS MUNDOS, POEMA DRAMÁTICO NUN ACTO<sup>20</sup>

El cielo arriba, presidiendo altivo  
de un buque el triunfal peregrinaje;  
abajo, el epiléptico oleaje  
que lava inquieta de un volcán activo.  
En la entraña del monstruo que se agita  
con crepitar de pira homicidante,  
esperanzada, ansiosa y anhelante  
la turba canta, llora, reza o grita.  
Tal vez en espejismo le parece  
los sueños vislumbrar del expatriado,  
cuando distante del terruño amado  
el goce de vivir renace y crece.  
Y unidas en latente sentimiento  
nobleza y ambición, honra y locura,  
en la mente del prófugo perdura  
la aspiración de un solo pensamiento.  
De un pensamiento que piadoso exime  
de toda pena la cordial arteria,  
porque tiende a suplir la vil miseria  
por la riqueza que al mortal redime.  
¡Benditos los que en tráfago errabundo  
hallan la dicha que inconsciente rueda,  
no por el Mundo Viejo que atrás queda  
sino por el potente Nuevo Mundo!

Galo Salinas

---

20 O manuscrito está formado por catorce follas, todas mecanografiadas a excepción da segunda. Na primeira folla, que serve de capa, aparece mecanografiado "Sabela" e "Coro Toxos e Flores. Ferrol". Tamén "Teatro Rexional. Dramática Gallega". Na parte inferior aparece a seguinte nota escrita a man: "De la devolución de esta obra al archivo será responsable el que la pida para evitar su pérdida. Coro".

Nota: Esta composición fue leída por su autor en la velada celebrada a bordo del trasatlántico “INFANTA ISABEL DE BORBÓN”, la noche del 20 de febrero de 1914, vispera de su llegada al puerto de Montevideo, y sirvió de título al drama gallego en un acto y en prosa “ENTRE DOUS MUNDOS”, del propio actor.

Madrid. Ano 1919

REPARTO

PRESOAXES

ACTORES

Alicia .....	20 anos	Sra. <sup>21</sup>
Madalena .....	22 ”	”
Daniel .....	25 ”	Sr.
Don Francisco .....	60 ”	”
Eduardo .....	28 ”	”
Capitán do vapor .....	58 ”	”
Un Mariñeiro .....	” ”	”
Outro id. ....	” ”	”
Unha voz dentro .....	” ”	”

A orquesta d’a bordo que toca no interior.

O argumento desenvólvese na cuberta do trasatlántico “Infanta Isabel de Borbón” nun viaxe á América do Sur, nas vísperas da súa chegada a Montevideo, nunha mañán primaveiral de sol espréndido.

Nota - A poesía que dá título a esta obra e que na mesma figura, foi lida polo autor dela e deste poema na velada celebrada no Infanta, na noite do 20 de febreiro de 1914.

---

21 O reparto aparece así na copia, sen indicacións de nomes.



## DISPOSICIÓN DA ESCENA

Direita i-esquerda do actor – Primeiro termo: espazo da cuberta dun trasatlántico, parte da popa limitada nos bastidores polas bordas por riba das que, así como no fondo, vense o ceo e mailo mar. Bambalinas de celaxe. Enrimados ós costados haberá rolos de cordas e algúns trebellos de náutica, e repartidos comenentemente cadeiras de viaxe, sillós de mimbio e outros asentos. Dos terceiros bastidores atravesando toda a cuberta, arranca o ponte a boa altura cun balconcillo por diante, tendo no centro un mástil no que izarase a seu tempo a bandeira española que estará preparada pro sin verse. Ós lados dous salvavidas co nome do vapor. Pra rubir ó ponte hai unha escada con pasamáns a cada canto, separadas das bordas pra deixar sitio a unha porta por cada borda que comunique co resto do buque. No centro das dúas escadas haberá un banco corrido con respaldar. Polas portas ditas entran e saen os presoaxes. Das bordas suben ó máis auto, cal se xuntáranse no pao, dúas escadas de corda, e vense tubos dos que mandan o ar ás máquinas (*Ventiladores*)

## ESCENA I

*(Ó alzar o pano Daniel aparece en autitude pensativa asomado á borda esquerda coa testa apoiada nas mans – Da porta dereita, baixo do ponte, sal Eduardo que lentamente chega cabo de Daniel pónolle unha man sobor do ombro, volvéndose este enxoitándose os ollos cun pano branco)*

EDUARDO – ¡Ola, amigo Daniel! ¿Vese algo?

DANIEL – ¡Moitas naves polo mar... moitas aves polo ar!...

EDUARDO – Eso recende a poesía.

DANIEL – Poesía é todo canto descúbrese dende a toldilla dun trasatlántico: o sol mandándonos nas súas vibracións lumínicas ansias de vida; a lúa, faro inmenso alumeando todo o universo; as augas, escumantes polo día, fosforescentes pola noite, sempre inquedas e solasmentes amansadas ó lonxe onde o ceo xúntaselles pra contelas... ¡Todo é poesía...!

EDUARDO – Diz ben; ¿pro que lle pasa? (*Cóllelle o pano*)

DANIEL – Non me pasa nada. (*Salaiando*)

EDUARDO – ¿Nada e ten o pano mollado?.

DANIEL – Son lembranzas tristes do que deixei, temores polo que vou a conocer: non lle estrane a miña autitude.

EDUARDO – Sempre acontece o mesmo cando pola primeira vez abandonámo-la patria, a min sucedume tamén, pro daquela eu era un rapaz; logo, traballando moitos anos foi desvaíndose pouco a pouco o meu recordo, e hoxe, co mesmo amor pro con menos sentimento, xa dono dalgún caudal e socio dunha casa comercial, ó faguer meus viaxes a Europa pra mercar nas fábricas os ouxetos do noso negocio, fago un descanso na terriña e torno ás Américas confortado pra seguir traballando.

DANIEL – Pro daquela, como diz ben, era un neno e agora ten o seu vivir independente e asegurado, nas mentres que eu...

EDUARDO – Xa lle teño dito que ben na miña casa ou ben noutra atopareille acomodo.

DANIEL – ¡Non sei o que farei!

EDUARDO – Pois é preciso decidírese e tratar de esquencere cousas que mortifican.

DANIEL – É imposible: aló quédame todo o que eu amaba: patria, amizades, a santa nai morta; canto constituía a miña eisis-

tencia, e levo soio comigo as miñas penas e a miña irmá doente dun mal pra o que penso non hai curación.

EDUARDO – Eso é o pior; pro Dios apiadarase dela e devolveralle a saúde.

DANIEL – Cuase que xa perdo a fe.

EDUARDO – ¡I-é poeta!.. A fe nunca pérdese nin tampouco a esperanza, que neste istante está latente, porque esas naves i-esas aves das que falou, son o anuncio de que atopámonos nas costas de Sud América, e no amañecer de mañán despertaremos xa ancorados na grandiosa badía de Montevideo.

DANIEL – Chego a ela ansioso e desanimado co espanto que dá o desconocido.

EDUARDO – Non se desanime, tanto máis canto debe de estar contento polo éisito que outuvo anoite na derradeira velada de despedida do viaxe.

DANIEL – Éisito, quizais, de cortesía.

EDUARDO – Non eisaxere a modestia; a súa poesía impresionou fundamentalmente a todos polo humana e sincera.

DANIEL – O que ben se sinte non se espresa mal.

EDUARDO – Por certo que non foron dos menos en aplaudilo ese señor banqueiro Don Francisco, que din é millonario, e maila súa filla Alicia.

DANIEL – Non roparei. (*Facéndose o desentendido*)

EDUARDO – ¡Poida...! ¿Permíteme unha indiscreción?.

DANIEL – Diga, Eduardo. (*Pasean e páranse de cando en cando*)

EDUARDO – Pois é que pareceume que no en tanto do festival os ollos de Alicia e os de vostede buscáronse e atopáronse máis dunha vez.

DANIEL – ¿Vostede está tolo...! ¿Habíaseme de acurrir a min estre-  
vamente semellante?

EDUARDO – ¿Que tería de particular?

DANIEL – ¿Non había de tere? ¿Erguer as miñas miradas a dama de  
tanto valimento!

EDUARDO – ¿E se fose ela quen as baixara a vostede?

DANIEL – ¡Cale, cale, que a sola idea de que alguén máis que vos-  
tede dun feito casual poidera tirar consecuencias, aver-  
gónzame...

EDUARDO – Xa vexo que vostede, non oustante o seu talento, é ta-  
mén vítima dos convencionalismos sociais<sup>22</sup> anacróni-  
cos e perxudiciaes.

DANIEL – Pois son os que aínda rixen no mundo.

EDUARDO – Si, no mundo dos parvos ou dos hipócritas, por non  
decir malvados.

DANIEL – ¿E a dinidá? ¿e o xuízo das xentes?

EDUARDO – Neste caso concreto a primeira puidera ser orgulo e o  
segundo difamación.

DANIEL – A ver, espíriquese.

EDUARDO – Un home debe poñer en práctica todo aquilo que non  
vaía contra do seu decoro

DANIEL – Mui conforme.

EDUARDO – E o decoro pérdese cando as nosas aspiracións levan mi-  
ras egoístas.

DANIEL – Tamén conforme.

---

22 No manuscrito aparece riscado: "que xa resultan un"

EDUARDO – Pro cando o egoísmo non guía as nosas auciós o decoro queda incólume e daquela, tendo a conciencia tranquila debemos menosprezar a opinión dos que xulgan sin coñecimento de causa ou con interesada pasión, ou mala fe.

DANIEL – ¿Cal é o fin da súa argumentación?

EDUARDO – Este: as mulleres, polo xeneral, buscan pra se casaren ós homes de posición, levando por toda dote a tan sagrada unión a súa virtude, e ademais, se son facendosas fan a dita dos seus maridos e convirten nun paraíso o fogar por elas gobernado. Nivélanse ¿non?

DANIEL – Sigo estando conforme.

EDUARDO – Pois polo mesmo procedimento i-en boa lóxica un home honrado que non persiga a esprotación senon que enamórese de muller adñeirada, ¿non leva dabondo á sociedade conxugal coa súa honradez, autividá e intelixencia pra adeministrar un capital que se lle entrega e que poide multiplicar emprendendo negocios lícitos e lucrativos?

DANIEL – Debera ser así. (*Siguen paseando e parándose*)

EDUARDO – ¿Hai neste menoscabo pra o seu decoro?

DANIEL – Non sei que lle responder.

EDUARDO – Certamente non o hai, e xa ve como nun e noutro caso a pobreza dalgún deles non é óbice pra a súa felicidade; é como se dixéramos a razón do desequilibrio equilibrado.

DANIEL – ¿Se o comprendesen como vostede todos!

EDUARDO – Comprenderíanse se paráranse a pensar un pouco; pois que: ¿é preferible a xuntanza de dous seres indixentes pra daren orixen a unha prole depauperada, raquítica

e lazarina? ¿Ou polo contrario, a nefanda asociación de dous privilexiados da fortuna unidos sin mutua vacación, rica ela e rico el, pra tiraren cada un polo seu camiño e invadidos polo hastío créense con dereito pra mercar co seu diñeiro honras e amores alleos destrozando vidas e vinculando o adulterio na inviolable pureza do matrimonio...? Non, amigo Daniel, non; nin eso o manda Dios, nin debéao consentir unha sociedade regularmente organizada.

DANIEL – Eso na teoría é divino.

EDUARDO – Pois hai que divinízalo na práctica. De min seille decir que en de me chegando o día de tomar compañeira, non hoxe que pouco teño senón máis adiante aumentando o meu caudal, escollerei sendo boa na máis pobre, e se ademais fora desgraciada tanto millor porque así serei a un tempo proteutor, altruísta e redentor.

DANIEL – ¿E se vostede non contase con nada e houbera muller enriquecida que lle gustara?

EDUARDO – Falaríalle coa mesma franqueza, e tanto pior pra ela se me non ademitía, porque perdería a ocasión de facerse cun bon marido e ter por compañeiro un home de ben.

DANIEL – Considero esas doutrinas irrealizables.

EDUARDO – Deixe rolar o grobo que el parará no tempo de chegar a realización... Pro, calemos, que vexo encamiñarse hacia eiquí ó pai e maila filla. (*Mirando*)

Daniel – ¡Daquela eu retírome! (*Eduardo o detén*)

EDUARDO – De ningún modo, pareceríalles que fuxía... (*Sorrindo*)  
¡Cando eu digo! (*Pola porta esquerda baixo o ponte en frente a que estarán os dous parados, aparece Don Francisco e Alicia vestidos de viaxe; ela moi elegante e rodeada a cabeza cun velo flotante*)

## ESCENA II

Os ditos, Don Francisco e Alicia

D. FRANCISCO – ¡Bos días, señores! (*Dálles a man*)

EDUARDO – ¡Igualmente, Don Francisco!

DANIEL – ¡Moi felices!

EDUARDO – ¿E vostede, señorita? (*Danse as mans*)

ALICIA – Alcóntrome boa, moitas gracias. (*Daniel incríñase ante Alicia i-esta saúdo coa cabeza*)

D. FRANCISCO – O sol doutro día xa non nos atopará a todos nós xuntos neste sitio.

DANIEL – Así é a vida; como as axitadas augas do océano, en continuo fluxo e refluxo; sempre as mesmas e sempre distintas, según embístense ou se acaricien.

ALICIA – É ben certo... ¡Quen fora onda do mar!

EDUARDO – ¿Pra acariciar ou pra embestir? (*Sorrindo*)

ALICIA – Pra as dúas cousas cando houbera motivo, e sobre de todo, pra emancipados do que dirán, procédese sempre con inteira liberdade.

D. FRANCISCO – Debolles manifestar que a miña filla, muller polo sentimento, é, pola educación moderna ianqui que recebeu, un carácter varonil despreocupada e desprovista de ridículos prexuízos.

EDUARDO – Hai que felicitala pola súa modernidade.

D. FRANCISCO – A quen hai que felicitar e a Daniel polos seus versos de anoite.

ALICIA – Son lindos e sentidos: a min conmovéronme.

DANIEL – Non é pra tanto; foron cousa de momento e con asunto forzado que resta espontaneidade.

D. FRANCISCO – Son ispirados e moi do caso e aínda que aplaudino, doulle agora miña noraboa. (*Séntanse todos onde e como queiran*)

DANIEL – Fixen a miña composición en fala castelá porque na gallega poucos a entenderían.

ALICIA – ¿Vostede versifica en gallego?

DANIEL – É o meu falar predileito e teño a honra de que nalgúns certames premiáranme varias composicións e obras dramáticas.

ALICIA – Con moito gusto faríame co eses seus traballos e cunha copia do da velada.

DANIEL – Ofrecereillos co maior pracer pois ademírome de que unha dona americana entenda o agarimoso linguaxe da miña rexión.

D. FRANCISCO – ¡Pro se Alicia é gallega!

DANIEL – ¿É gallega...? (*Daniel e Eduardo ademíranse*)

D. FRANCISCO – Si, señores; gallega polo nacemento e polo amor á terra dos seus ascendentes; creola pola simpatía ó país no que o seu pai realizou unha fortuna, e norteamericana, como lles dixen, polas súas costumes, incrinacións i-educación.

EDUARDO – ¿E como residindo en América casou vosté en Galicia...? Perdóneme a curiosidade.

D. FRANCISCO – Por perdonada, i-en poucas palabras llo espicarei: non contaba eu dez anos cando un curmán do meu pai,



estabrecido en Montevideo, chamou por min. Pasados máis de vintecinco e xa morto o meu tío, atopeime dono dun negocio acreditado e cun capital importante; mais o esceso do rudo traballo destrozárame o organismo, e grave debía de ser o meu estado cando os médicos aconselláronme que deixase todo confiado ós meus administradores e trasladárame axiña a Galicia pra que co reposo mental curáranse o meu corpo e o meu espírito.

EDUARDO – Deso algo eu tamén poido referir.

D. FRANCISCO – Pasei tres anos na terra nativa de Corcubión recorrendo a imponente costa de Finisterre; saneando os meus pulmós cos ares cheos de saúde que trai aquel furioso mar que bate nas praias de Camariñas e Malpica; contemprando o poético río Ézaro que forma a encantadora<sup>23</sup> cascada do helénico Pindo, e admirando toda aquela brava natureza cos seus contrastes de bonanzas e borrascas.

DANIEL – Brava, si, como as cruces tormentas que axitan e comoven certas eixistencias.

D. FRANCISCO – Resurdín, volveume a ledicia de vivir, namoreime, casei e cando tornei a América xa non iba soio porque acompañábame a miña esposa i-esta filla. A pobre da miña dona duroume pouco; Dios levoume quedándome Alicia que é o meu solo cariño, o meu único ben no mundo, e como os nosos gustos coinciden en ausoluto, faguemos frecuentes viaxes de recreio a Galicia onde máis ou menos pronto, liquidádo-los meus negocios, retirareime a descansar.

EDUARDO – É unha historia interesante.

D. FRANCISCO – E co'ela xa teñen acrarado o misterio das tres nacionalidades desta miña filla.

---

23 No original aparece riscado “bela”.

DANIEL – ¿Daquela quererá moito a Galicia? (*A Alicia*)

ALICIA – Sempre vivo nela, porque nun salón que da ó xardín da nosa casa fixen un museo de cousas da nosa terra i-en canto nel hai palpita a alma gallega.

EDUARDO – Rexionalismo puro.

D. FRCO – Si, meu amigo; somos rexionalistas e chegamos hasta a autonomía; pro sempre formando parte da gran familia española, porque o amor da rexión é compatibre co da nación sin tirárense lei nin intensidade.

EDUARDO – Estamos de acordo.

D. FRCO – E ademais, hai que ter presente que ambos aspeutos, o da patria grande e o da pequena patria póidense fundiren nun soio indivisibre: o amor á heroica España con tódalas súas glorias e delores; con tódalas súas grandezas e adversidades; pensar e sentir en contrario e faguer profesión de separatista e aspirar a parricida.

DANIEL – De tal xeito sinto e penso. (*Alicia a Daniel*)

ALICIA – Tamén poseo música e libros gallegos i-hei de lle merecere indíqueme as novidades que sobor deso téñanse publicado.

DANIEL – Todo canto dispoña, señorita.

ALICIA – Sin esquencer a copia que lle roguei. (*Sonrindo*)

DANIEL – Dareille o orixinal. (*Érguese, tira do peto interior da chaqueta un papel e vai a darllo a Alicia*)

D. FRCO – ¿Ten incomenente en nos ler a súa poesía pra millor apreciala?

DANIEL – Ningún, si eso lles agrada.

EDUARDO – Home, si, paréceme ben a idea.

DANIEL — Pois, aló vai. (*Desdobra o papel e lee*)  
 (*Daniel en de acabando de ler a composición que sigue, dobra o papel e fai entrega del a Alicia que correspóndelle cunha amable sonrisa. Todos aprauden a modiño*)

Entre dous mundos  
 “El cielo arriba, presidiendo altivo  
 “de un buque el triunfal peregrinaje:  
 “abajo, el epiléptico oleaje  
 “cual lava inquieta de un volcán activo  
 “En la entraña del monstruo que se agita  
 “con crepitar de pira homicidante  
 “esperanzada, ansiosa y anhelante  
 “la turba canta, reza, llora o grita  
 “Tal vez un espejismo le parece  
 “los sueños vislumbrar del expatriado  
 “cuando distante del terruño amado  
 “el goce del vivir renace y crece  
 “Y unidas en latente sentimiento  
 “nobleza y ambición, honra y locura,  
 “en la mente del prófugo perdura  
 “la aspiración de un solo pensamiento<sup>24</sup>  
 “De un pensamiento que piedoso exime  
 “de toda pena la cordial arteria,  
 “porque tiende a suplir la vil miseria  
 “por la riqueza que al mortal redime  
 “¡Benditos los que en tráfago errabundo  
 “hallan la dicha que inconsciente rueda,  
 “no por el mundo viejo que atrás queda  
 “sino por el potente nuevo mundo!

24 Esta estrofa, e o primeiro verso da seguinte, están escritos na marxe esquerda da folla, coa seguinte anotación: “Entre la 3ª y la 4ª estrofa irán estas agregadas. Véase la copia adjunta”. A copia á que se refere esta nota é a folla solta incorporada ao manuscrito, que di o seguinte: “La poesía en el original manuscrito está incompleta, esta es la que sirve” dunha man distinta á de Salinas; a continuación, a composición dactilografada; e por último, tamén dactilografada, a seguinte nota: “Nota: Esta composición fue leída por su autor en la velada celebrada a bordo del trasatlántico “Infanta Isabel de Borbón”, la noche del 20 de febrero de 1914, víspera de su llegada al puerto de Montevideo, y sirvió de título al drama gallego en un acto y en prosa “Entre dous mundos” del propio autor.

ALICIA – Conservareina con moita estima. (*Colle o papel*)

DANIEL – Eu agradézollo.

D. FRANCISCO – E, diga, Daniel: ¿as letras danlle pra vivir?

DANIEL – ¡Ah, non, señor! Eu cultivo a literatura polo placer que cáusame, mais o meu oficio é outro: eu son profesor mercantil e traballaba nunha casa bancaria onde a miña irmá, asimesmo, estaba de mecanógrafa.

D. FRANCISCO – Moi ben, e quizais aproveitando algunha boa porposición de seguro porvir, veñen a América ambos irmáns.

DANIEL – Non, señor, non levamos senon cartas de recomendación. (*Apesadumbrado*)

D. FRANCISCO – ¡Como, deixan un destino sin teren outro!

DANIEL – ¡Así é, señor! (*Alicia escoita atenta*)

D. FRANCISCO – Pois non mo esprico... (*Ergueuse*)

DANIEL – ¡Cousas da vida, Don Francisco!

D. FRANCISCO – Que eu non pretendo investigar; pro, mire que casualidade, poida que por un mal lles veña un ben.

DANIEL – Non entendo. (*Alicia lee os versos e os garda*)

D. FRANCISCO – No meu escritorio hai sempre praza pra un empregado intelixente; vostede éio e poide acupala, adevirténdolle que tamén haberá acomodo pra súa irmá. As condicións xa trataremos delas. Vostede dirá se lles convén.

DANIEL – Don Francisco, meu agradecemento é grande, pro haberá de perdonarme se non aceto a súa xenerosa oferta. (*Sensación*)

D. FRANCISCO – Dada a súa situación me non esprico a súa negativa. (*Todos asinten*)

DANIEL – ¡Con dolore da alma procedo así!

D. FRANCISCO – Está ben, vostede terá os seus motivos que eu respeto, pro se en calesunquer circunstancias se vise algún día no caso de precisar de min, non teña roparo pois buscándome sempre me alcontrará. Dareille a miña di-reición.

DANIEL – ¡Don Francisco! (*Triste e humilde*)

D. FRANCISCO – Nada, nada, xa está dito... E agora vou botar o meu parrafeo matinal co noso amigo Don Manuel Doscampos, Capitán do “Infanta”, que é tamén un dos bos e enxebres gallegos.

EDUARDO – Daquela acompañareino e fumaremos.

D. FRANCISCO – Corrente, e nas mentres se Daniel o ten a ben, poide lle dare á Alicia as noticias que lle pideu, dos libros.

*(Vanse don Francisco i-Eduardo pola porta da ponte dereita falando en baixa voz. Alicia que en toda esta escena mostrarase desasosegada e con moito interés, séntase e indícalle asento cabo dela a Daniel que o utiliza aparentando reserva i-emoción como loitando con encontrados sentimentos)*

### ESCENA III

Alicia e Daniel

DANIEL – Estou ás súas ordes, señorita.

ALICIA – Terei que renunciar ós seus servicios.

DANIEL – ¿Por que? (*Estranado*)

ALICIA – Lembreime tarde... pronto separarémonos.

DANIEL – ¡Eu farei por vela... eu buscareina!

ALICIA – Pra se non tomar tal molestia o millor houbera sido admitire a proposición que polo seu ben lle fixo meu pai.

DANIEL – ¡Se non poido, señorita!

ALICIA – ¿Quizais pola doenza da súa irmá? Se por eso fose non se preocupe, Madalena pasará na miña compañía todo o tempo que dure o seu restabrecimento; eu estou sola e as dúas levarémonos perfectamente.

DANIEL – Tampouco é por eso... créamo! Estou sufrindo un verdadeiro tormento, porque quixera falar e aínda aparecendo como ingrato non poido decire nada do que a este asunto refírese.

ALICIA – ¿Daquela é un segredo?

DANIEL – ¡Si, é un segredo!...

ALICIA – ¿Tal vez algunha treición de amor?

DANIEL – Fora da miña nai e da miña irmá non ameí hasta o de agora a ningunha outra muller.

ALICIA – Unha derradeira pregunta: ¿ese segredo en nada compromete o seu honor? (*Daniel fai un involuntario movemento de protesta*)

DANIEL – ¡É solo desgracia de familia! ¡Sin honor eu non podería vivir!

ALICIA – Ha de me perdoar a miña insistencia pro sinto tan forte simpatía pola súa irmá... e tamén por vostede agora que sei que ten un profundo delor na alma, que daría calquera cousa por lles prodigar os meus consolos.

DANIEL – Eu llo estimo, Alicia, porque noto en vostede un alma grande, e a súa xenerosidade no meu corazón, desperta

latexos que por non habelos xamais sentido non acerto a definir.

ALICIA – ¿Gardará boa lembranza de min?

DANIEL – Sempre a tendrei presente, e cando rece pola miña nai, o nome de vostede irá xunto co dela pra pedir o seu ben.

ALICIA – ¡O mesmo lle prometo!

DANIEL – ¡Acórdese de min, e unído-los nosos espíritos polo imán da telepatía istantes haberá nos que ambos asociaránse cos mesmos sentimentos!

ALICIA – ¡Faime chorar! (*Érguese e co pano nos ollos diríxese á borda da dereita. Daniel sin se conter a sigue, préndelle unha man e lla bica*)

DANIEL – ¡Alicia! (*Alicia vólvese a el*)

ALICIA – ¡Daniel, Dio-lo ampare xa que eu non poido leva-la calma ó seu atribulado corazón! (*Mira ó mar ocultando a emoción*)

DANIEL – ¡Coidei que xa non quedaba fel no cálice dos meus sofrimentos e inda atopo nel máis amargores.

*(Daniel vai cara á porta esquerda pola que aparece Eduardo traguendo do brazo a Madalena, que vén moi pálida e vestida de negro ou moi escuro cuberta a cabeza por fronte velo. Ó ver a Daniel xúntase a el. Alicia continúa austraída mirando ó mar)*

## ESCENA IV

Os ditos, Madalena i-Eduardo

MADALENA – ¡Daniel! (*Préndelle as mans*)

DANIEL – ¡Miña irmá! ¿Como alcóntraste?

MADALENA – Mareábame na cámara e subín á toldilla<sup>25</sup> pra respirar o ar fresco.

EDUARDO – Eu estaba presenciando as maniobras da tripulación cando vin a Madalena e ofrecinme a acompañala onde vostede.

DANIEL – Moitas gracias, tanto máis canto deixou o seu entretemento pra sere cortés.

EDUARDO – Non, porque o capitán foise co señor Don Francisco, logo de dar as súas ordes, pois quere que cando distíngase a terra tódolos pasaxeiros se lembren da patria nativa ó veren a patria que van a adoutaren.

DANIEL – ¡É un gran patriota o noso capitán!

*(Alicia vólvese e dirixese ó grupo e prende dunha man a Madalena conducíndoa a se sentar cabo dela. Daniel e Eduardo figurando falar quedamente algo interesante vanse ó fondo sentándose no banco entre as dúas portas)*

ALICIA – ¡Veña cabo de min, miña amiga!

MADALENA – Sinto gran pracer en saudala.

ALICIA – ¿Atópase millor? *(Sentándose)*

MADALENA – A miña milloría é ben cativa.

ALICIA – En canto desembarquemos porase ben.

MADALENA – ¡Tal vez váiame pior!

ALICIA – ¿Pro que sinte, que lle doi?

MADALENA – ¡Non o podo expricar! Sinto estranezas, doime todo e non sei onde está o meu mal.

---

25 Castelanismo que designa un tipo de cuberta que teñen algúns buques á altura da borda.



ALICIA – ¿Non será parte del imaxinativo?

MADALENA – A tristeza que enerva, a nerviosidá que enlouquece, os contrastos que descompoñen o ánimo non son efeuto da imaxinación, senón demostraciós de algo grave que desenvólvese alí dentro, moi no fondo onde non alcanzan os medicamentos que receta o cencia de cura-los corpos... porque non profundiza nos espiritos.

ALICIA – ¿Daquela?

MADALENA – Proba de que a miña doenza está na alma.

ALICIA – ¿Quizais en relación co mesmo mal que padece seu irmán? (*Con ansiedade*)

MADALENA – ¿Quizais! ¿Díxolle el algunha cousa?

ALICIA – ¡Nada! ¿Será vostede máis compracente?

MADALENA – Eu, en todo, non fago senón imitar a Daniel; xa de moito tempo acostumeime a non pensar por min i-el é quen pensa polos dous.

ALICIA – Mais se tratárase de lles faguer un ben moi grande, aínda que Daniel opuxérase, ¿vostede non contribuiría a esa boa obra?

MADALENA – Sin el sabelo, sin el ordenarmo, non... na sorte ou na adversidade sempre co'el... ¡É o único que quédame no mundo!

ALICIA – Sinto pena e admiración a un tempo, pro cando ámase moito, así e non de outro xeito deben de proceder os que se aman.

*(Alicia bica na frente a Madalena e paseniño vaise hacia a porta direita sin desaparecer por ela de modo que véxase algo da súa figura. Madalena encamiñase xunto os mozos que lle saen ó encontro)*

MADALENA – ¡Foise triste! ¿Que lle pasará? (*Ós mozos*)

DANIEL – ¿Quen o sabe? (*Tamén preocupado*)

EDUARDO – Tamén está enferma pro a súa doenza é grave... ¡Padece do corazón... está namorada!

MADALENA – ¡Namorada! (*Ademirándose*)

EDUARDO – Si, e mire o que son as cousas, con todo e con ser millonaria, quizais non poida outer a correspondencia do seu querer.

MADALENA – ¿Por imposición do orgulo?

EDUARDO – Ou por prohibición da delicadeza imposta polo seu amado. (*Mira fixamente para Daniel*)

DANIEL – ¡Ímonos de aquí...! (*Molesto e contrariado*)

EDUARDO – ¿Quere o meu brazo? (*Ofrecéndollo a Madalena*)

MADALENA – ¡Quero o dos dous! (*Madalena apóiase nos brazos dos dous e xuntos desaparecen pola porta esquerda a tempo que Alicia déixase ver de todo pola da dereita avanzando a modiño hacia onde fôronse oa outros quedándose ó pé da borda esquerda ollando o mar. Pola porta dereita aparecen D. Francisco e o capitán que viste de mariño, traí barba corrida e leva cruzada o peito a correia da que pende a caixa cos antiollos; na man sostén uns papés azús como de telegramas e vén sostendo unha conversa con Don Francisco. Alicia os sinte e a pouco xúntaselles*)

## ESCENA V

Alicia, Don Francisco e o Capitán

CAPITÁN – Dígolle, Don Francisco, que teño unha verdadeira satisfacción. (*Alicia está atenta*)

D. FRANCISCO – Créollo, Capitán, porque vostede é dos que gozan co ben dos outros.

CAPITÁN – Doíame o verme no caso de perxudicar a ese pobre mozo que ten tódalas trazas de ser un home dino.

D. FRANCISCO – Sonlle da mesma opinión, aínda que...

CAPITÁN – A pesar do parte que mandáranme eu consideireino hasta o punto de convidalo pra que fose un dos principais na nosa festa de despedida. (*Alicia adiántase*)

ALICIA – ¿De quen se trata, Capitán?

CAPITÁN – De Daniel. (*Alicia sobresáltase*)

ALICIA – ¿De Daniel...! ¡Fale, fale, Don Manuel!

D. FRANCISCO – Non son cousas que che interesen, Alicia.

ALICIA – ¡Deixa que fale, papai! (*Supricante*)

CAPITÁN – Felizmente xa non hai ningún perigo pra el nin compromiso pra min, así que direi o que espresan estes partes.

D. FRANCISCO – Que falan moito en tan poucos ringuilós.

ALICIA – ¡Siga, siga, Capitán...!

CAPITÁN – Pois, verán: Cando zarpábamos das Palmas chegou nunha motora a bordo un oficial do porto i-entregoume un cablegrama urxente, este; escoiten: (*leendo*) “Capitán Infanta. Orden expresa Gobernador vigílese atentamente pasaxero Daniel Estévez, camarote primeira 135, por reclamación Juzgado. Espere instrucciones. Comandante Marina”.

D. FRANCISCO – A orden era alarmante.

ALICIA – ¡Non, Daniel non poide ser delincuente...!

CAPITÁN – Están no certo, señorita. Corrían os días, en que por min mesmo exercía asiduo a vixilancia pois a ninguén a confiei, non ouservei nel nada que xustificase a orde recibida. Fai catro días, e xa prúsimos a rendir viaxe, non chegando instrución algunha e véndome no caso de entregar a Daniel ó Cónsul á nosa arribada, dirixín un radiograma.

ALICIA – ¿Que decía nel? (*Ansiosa*)

CAPITÁN – Pouco máis ou menos o seguinte: “Comandante Marina. Daniel Estévez cuya vixilancia ordenose, conducta intachable. Vísperas chegada urgen instrucciónes”.

ALICIA – ¡Moi ben... moi ben! (*Alegrándose*)

D. FRANCISCO – ¿Por que tanto entusiasmo, miña filla?

ALICIA – ¡Acabe, acabe, capitán...!

CAPITÁN – Non recibín resposta, e daquela, no meu desexo de non causar trastornos ós dous irmáns, volví a telegrafiar.

ALICIA – ¿E que...? (*Con eisaltación*)

CAPITÁN – Que fai unha hora entregáronme este outro radiograma que encheume de contento: (*desdobra outro papel e lee*) – “Capitán «Infanta». Sin efecto orden relativa Daniel Estévez – Enterado defensor apeló Juzgado deshaciendo error padecido – Transmítale esta orden Gobernador. Comandante Marina”. (*Alicia moi leda*)

ALICIA – ¿Daquela está libre e nada ten que temer?

CAPITÁN – Ausolutamente nada: libre e limpo.

D. FRANCISCO – Sin embargo, polo pronto hai de por medio un xulgado, un defensor e...

ALICIA – ¿Que imaxinas, papai...?

D. FRANCISCO – Que algo debe de haber porque este feito coincide coa reserva dese mozo e a súa negativa pra aceptar o meu ofrecemento.

ALICIA – E que, ¿xa non o sosterías si el consentise?

D. FRANCISCO – Non sei... poida que non.

CAPITÁN – Pois eu si; sei del que foi un bon fillo e que é un bon irmán i-eso é unha garantía de que será un home honrado.

D. FRANCISCO – Nos negocios toda precaución é pouca.

ALICIA – Papai, non retíre-la túa protección a quen lla ofreciches... Eu respondo de Daniel e si el comprométese el cumprirá ben.

CAPITÁN – Tal o creo.

ALICIA – Capitán, quérolle deber un señalado servicio... Meu pai ten que falar con Daniel i-eu prégolle que vostede en persoa dígalle que o espera agora eiquí.

D. FRANCISCO – ¿Que intentas, Alicia?

ALICIA – ¡Salvar a vida de dous seres que van camiño da miseria! Ande, ande Capitán que Dios llo pagará e todos llo estimaremos...

CAPITÁN – Con gusto a comprazo, e boa sorte. (*Vaise porta dereita*)

## ESCENA VI

Alicia e Don Francisco

D. FRANCISCO – Alicia, ¿a que obedez este teu interés tan grande, esa túa vehemencia?

ALICIA – ¡Non me preguntes! (*Abrázao ruborosa*)

D. FRANCISCO – ¡Filla, miña filla...! ¿Xa non tes dabondo co amor do teu pai e vai tras de outro o teu corazón? (*Delorido*)

ALICIA – Non cabiles, eu quérote o mesmo.

D. FRANCISCO – Non disimules; eu adeviño os teus pensamentos; xa o dixo aquel poeta e filósofo: pra os vellos teñen as nenas o peito de cristal, e pra os vellos que son pais, o cristal é de aumento.

ALICIA – ¡Perdóneme!... Non o puiden evitare...

D. FRANCISCO – Chegoute a hora; ¿que lle habemos de faguer? Pro, ¿acertarás?

ALICIA – Daniel é bon.

D. FRANCISCO – Non o asegures porque ti soio sabes del que é desgrañado.

ALICIA – ¿Acaso o sería se fose un home ruín?

D. FRANCISCO – Alicia, reprimo o natural impulso do paternal egoísmo porque ti sexas feliz, pois nunca soipen negarche nada de canto quiseches outer; pro meu delor sería mortal si no canto de seres ditosa foras desventurada... ¡Pénsao ben, filla, pénsao ben!

ALICIA – Xa o teño pensado e non hai reservas pra un pai tan bo; aténdeme, fai pouco vímonos e falámonos eiquí; as almas del e a miña asomáronse ós nosos ollos, reveláronse e presentáronse como elas eran; merecentes a unha da outra.

D. FRANCISCO – Mais ese segredo que obrígaos a deixa-la súa terra indo tras do desconocido, dáme moito que maxinare.

ALICIA – Pois por eso o fago vir eiquí, pra que mo revele a min sola, sin testigos, e poides ter a seguridade de que se non

fose dino de alternar con nós, renunciaría a el aínda destrozando o meu corazón.

D. FRANCISCO – ¡Que Dios ilumínete, Alicia, e xamais esquezas a gran proba de amor que non sin sacrificarse dáche o teu pai!

*(A bica na frente e vaise pesaroso pola porta dereita. Pola de a esquerda aparece Daniel ollando curioso, Alicia achégase a el e préndeo dunha man pra o tragner ó primeiro termo, ademostando impacencia e axitación mal reprimidas. Na escena que vén, a máis culminante do poema, aparte das indicaciós que fanse, déixase ó arte dos intérpretes os movementos e además que crean oportunos, e sobre de todo Daniel que poide sentarse, erguerse, pasear á súa vontade. Estúdese a situación. Comenzan falando en baixa voz que van alzando)*

## ESCENA VII

Alicia e Daniel

ALICIA – ¡Daniel...! Na vida hai sempre un momento solene no que decídise o noso destino... Este momento chegou pra vostede e... pra alguén máis; polo tanto é preciso que vostede facilite a solución dun problema do que depende a tranquilidade pra moitos...

DANIEL – Non alcanzo o que quere decir.

ALICIA – ¡Necesito a revelación do seu segredo!

DANIEL – ¡Imposible! (*Contrariado*)

ALICIA – No dicionario en que adependen os homes fortes a palabra imposible non ten sinificación.

DANIEL – Mais a ten naquel no que se istrúen os que son comba-  
tidos pola sorte.

ALICIA – Non divague e fale pronto porque se turba, o momento  
pasa e pérdese todo.

DANIEL – É algo tan triste que o seu soio recordo cáusame espanto.

ALICIA – Soio espanta o que vai na compañía da vergonza e do  
deshonor.

DANIEL – Mais o corazón laia e a ferida ábrese e deita sangue.

ALICIA – Eu lla estanearei co bálsamo do meu consolo...

DANIEL – ¡Non poido... non poido! (*Resistíndose*)

ALICIA – ¡Pois ten que ser...! Eu llo prego pola memoria da súa  
nai, pola curación da súa irmá, por cantos outros amo-  
res puidera sentir.

DANIEL – Pois por eses outros amores é que fáltame a decisión.  
(*Falan aínda en pê*)

ALICIA – Eu doulle a ausolución por diante... ¡Confese, Daniel!  
(*Supricante*)

DANIEL – Teño medo de que ó descubri-lo misterio vostede im-  
presiónese e me desprece.

ALICIA – Se xa está ausolto, ¿como pensa que mortificareino  
co'algunha pinitencia?

DANIEL – Fágome treición, pro non poido resistir máis... ¡Estou  
vencido! (*Eisaltado*)

ALICIA – ¡Por fin...! (*Séntase e fai sentar a Daniel cabo dela. Daniel  
pásase as mans pola cara e fala entrecortado*)

DANIEL – ¡Tres anos fai que morreuse a nosa nai! Madalena i-eu aco-  
modámonos nunha casa bancaria, como xa lles dixen.



ALICIA – Si, lémbrome.

DANIEL – O xefe da seición onde miña irmá traballaba era o fillo do xerente do estabrecimento; un deses mozos adiñeirados e viciosos que críanse sin respetos a nada nin miramentos a ninguén, e pra os que con tal de satisfaguer os seus desexos non vacilan en tirar honras nin en levar a destrución ós fogares tranquilos. (*Pausa*)

ALICIA – ¡Eses non son homes, son mostros!

DANIEL – Eu notaba na miña irmá certas alternativas de contento e de tristeza, mais non sospeitaba o motivo. Un día atopina chorando e díxome que sin saber por que estaba apenada; mais noutra ocasión chegou á casa salaiando coa noticia de que fora despedida da oficina; sorprendéndome porque non estaba en antecedentes... ¿Que pasara? Obrigada por min Madalena refereume todo: o seu xefe, aquel mozo sin concencia, finxíralle cariño, fixérase amar por ela e cando a coitada gozaba soñando venturas, o canalla quixo bastardear aquel amor puro atentando á honestidade da infeliz namorada.

ALICIA – ¡Miserable...!

DANIEL – Ela defendeu o seu honor e daquela o infame, acusándoa de faltas con outro que non quixera cometer co'el, ordenou o seu despido coidando que homildándoa acabaría por entregárselle.

ALICIA – ¡Canta baixeza! (*Daniel érguese e pasea*)

DANIEL – ¡Inconcebible, Alicia!

ALICIA – ¡Siga, siga, Daniel!

DANIEL – Non puiden resistir os impulsos da miña indignación; busquei a aquel home e din co'el no seu despacho... Ó verme ergueuse sorprendido. “¡Non tema, -lle dixen-,

non veño a atender contra vostede, senon a eisixirlle a honra da miña irmá, non a da súa virtude que non perdeu, pro si a súa honra social que vostede lle tirou! ¡Madalena saleu caluniada desta casa i-é preciso que volva a ela pra que non se estenda a difamación, i-en pasando algún tempo voluntariamente ela despedirase, deixando a salvo a súa reputación!”

ALICIA – Era xusto, ¿i-el, acedeu?

DANIEL – Con risa sarcástica contestoume que el era por complot alleo a este asunto, pro que cando certas cousas divulgábanse terían o seu fundamento; que pola súa parte nada intentaría pra desfaguer o feito, porque ben puidera ser todo eso unha intriga nosa que tivera por ouxeto a esplotación... ¡O sangue todo do corazón subéuseme a cabeza...! Ceguei... avancei hacia el sin me poider conter pra castigar a súa infamia... el deu un paso atrás, tropezou co seu sillón, perdeu o equilibrio, caeu dando coa testa no canto da caixa de ferro e despromouse no chan polo que correu o sangue que deitáballe a ferida. (*O actor practica a mímica que lle suxire o seu auto*)

ALICIA – ¡Horrible situación! (*Moi impresionada*)

DANIEL – Deu el un grito desesperado... eu din outro de terror... Entraron os empregados, botaron man de min e maltratáronme acusándome da morte daquel home, porque o tremendo golpe tiráralle a vida... (*Séntase fatigado*)

ALICIA – ¡Pobre Daniel!

DANIEL – ¡Fun preso, pecháronme nun escuro calabozo e por deradeira procesáronme!

ALICIA – ¡Martirio atroz! (*Daniel séntase*)

DANIEL – A pobre Madalena aterrouse i-enfermou gravemente con tanta emoción, e desto procede a doenza que a consume.

- ALICIA – ¡Sanarémola a forza de cariño e de cuidados!
- DANIEL – Moitos meses pasei na cárcela; un meu amigo abogado afrecéuseme pra a miña defensa que tomou con calor e como non houbo testigos de cargo no proceso, porque hasta aqueles que maltratáranme non tiveron nada que decrarar en contra de min e por outra parte abonábame a miña boa conduta de sempre, o meu defensor coa elo-cuencia que dan a xusticia e a verdá, logrou que o xura-do non se celebre, polo que a causa sobreseiuse e fun posto en libertá coa obriga de que mediante certo tempo dese costancia da miña vida e da miña residencia.
- ALICIA – ¡Que de sofrimentos, meu amigo!
- DANIEL – ¡Atroces, Alicia; non sei como os soportei!
- ALICIA – ¿E que máis? ¡Acabe!
- DANIEL – Perdido-los nosos empregos e pra moitos hasta a nosa reputación, e non permitíndonos a nosa vergonza resi-dir xa naquel pobo, acordamos emigrar del; vendemos canto tiñamos pra o noso viaxe, cómodo polo mal esta-do de Madalena; tomei consello do meu abogado quen outuvo autorización do xuez pra poider me ausentar, e recollendo algunhas cartas de recomendación, parti-mos pra América onde ninguén nos conoce e poidamos ocultar os nosos delores... ¡Esta é a historia toda do meu segredo! (*Alicia érguese conmovida i-el a imita*)
- ALICIA – ¡Historia cruel de sacrificio e de aunegación cuio derradeiro capítulo, por decreto providencial, desenvólvese entre dous mundos, tendo por limites o ceo inmenso e o insondable mar a bordo dun trasatlántico, onde trázase o primeiro da segunda parte da redención, e a quen tanto sufriu, como premio do feroz martirio, saille ó encontro o amor!...
- DANIEL – ¿O amor!... (*Admirado préndelle as mans a Alicia*)

ALICIA – ¡O amor, Daniel! Se ámbolos dous o sentimos, e o denuncian os nosos ollos, e somos dinos o un do outro, ¿por que habemos de ocultalo e pra que ese esceso de delicadeza por unha parte e de recelo pola outra? ¡Non, Daniel, desdeñémo-los convencionalismos, deixemos que falen os corazós, e basta xa de mortificaciós!

DANIEL – ¿Daquela é certo...? ¡Alicia...! ¡Refleisione! Ese sentimento seu ¿non será campasión, non será caridade da que tal vez arrepíntase algún día? ¡Eu vallo e sinífico tan pouco...!

ALICIA – Pra min todo o que máis val na vida: co amor do pai e do home que meréceme.

DANIEL – ¡Alicia, miña Alicia... Ámote hasta a adoración!

ALICIA – ¡Este é o noso momento solene i-en el soluciónase o problema do noso destino!

*(Don Francisco que pouco antes aparecera na porta adíantase e diríxese a Daniel coas mas estendidas)*

## ESCENA VIII

Alicia, Daniel e Don Francisco

D. FRANCISCO – Si, Alicia, confirmo canto dixeches... ¿Eres feliz?  
*(Abrazándoa)*

ALICIA – Son moi ditosa, papai.

D. FRANCISCO – Daniel, apréixense as mans dos homes honrados.

DANIEL – ¡Don Francisco! *(Danse ambas mans)*

D. FRANCISCO – A custión era pra todos nós trascendental i-eso induceme a cometer unha indiscreción asistindo á súa entrevista coa miña filla sin que notaran a miña presenza. Perdóneme.

DANIEL – ¡Perdóneme vostede, señor!

D. FRANCISCO – Si, pro cunha condición.

DANIEL – Con todas, xa entregueime en corpo e alma.

D. FRANCISCO – Pois daquela xa sei que queda acetado o seu acomodo na nosa casa e na miña amizade.

ALICIA – ¿Soio na túa amizade? (*Alicia vai á porta esquerda e axita un pano branco á porta*)

D. FRANCISCO – Xa el nos dirá se apetece máis.

DANIEL – Confúndeme tanta xenerosidade e non sei como agradecer canto por nós fan... ¡Se paréceme que son vítima dunha alucinación da que temo reaccionare!

D. FRANCISCO – Pois convénzase de que está desperto e de que todo é a realidade. (*Dous mariñeiros salen e rube cada un pola súa escada ó ponte*)

## ESCENA IX e derradeira

Alicia, Madalena, Daniel, Don Francisco, Eduardo, Capitán e os dous mariñeiros

(*Os mariñeiros colócanse un ollando ó lonxe cun anteollo de larga vista e o outro cabo do mástil, no centro do ponte onde estará xa amarrada a bandeira sin sere vista hasta que ó mando do Capitán sexa izada quedando ben ó descuberto e sendo saudada pola orquesta que estará no inte-*

*rior sin vela o púbrico. O Capitán, Madalena i-Eduardo aparecen pola esquerda.)*

CAPITÁN – ¡Veñan, veñan, que pronto presentárase a costa americana que branquexa ó lonxe!

EDUARDO – Arribamos a ela con ben.

D. FRCO – Con todo ben, felizmente. (*O Capitán na borda esquerda olla ó mar cos seus anteollos*)

DANIEL – Chega, Madalena, e apareza no teu sembrante a animación perdida.

ALICIA – Madalena, ¿quixérame por irmá?

MADALENA – ¿Que di, Alicia? (*Alicia a abraza*)

ALICIA – Que de hoxe en diante non nos separaremos.

MADALENA – ¿É certo, Daniel?

DANIEL – Tan certo como que Alicia é un ánxel e seu pai un santo que fai milagres.

D. FRCO – Polo menos xa está feito o de que Daniel acetou as miñas proposicións.

EDUARDO – ¡Polo visto fun profeta! (*A Daniel*)

DANIEL – ¡Si, meu amigo! (*Danse a man*)

D. FRCO – Eduardo, esperamos polas súas visitas pois sempre será por todos nós ben recibido.

EDUARDO – ¡Irei! (*Mira con intención a Madalena que baixa a vista*)

MADALENA – O vérete tranquilo paréceme que revivo, meu irmán. (*Dirixíndose a Daniel*)

DANIEL – ¡Si, esto debe de sere unha alucinación!... ¡Ou é mentira canto aconteceu ou non é verdade canto ó presente

acontécame...! ¡E se o de agora non fose certo... meu Dios, tírame a vida!

*(O mariñeiro que está no ponte co anteollo di:)*

MARIÑEIRO – ¡Terra...! *(En voz alta e ó lonxe outra voz grita tamén: ¡Terra...! (O Capitán alborozado)*

CAPITÁN – ¡Si, aí está: xa divísase como unha nube o cabo Polonio e o de Santa María que limitan a costa de Maldonado... Hacia aquel lado atópanse as illas de Lobos e a de Flores, e cando asome o novo sol teremos á vista os faros do Este, o de Punta-Carretas e o do Cerro que alumea a espréndida badía de Montevideo!

DANIEL – ¡Terra de América, terra de promisión, eu saúdote!

ALICIA – “¡Benditos los que en tráfago errabundo hallan la dicha que inconsciente rueda, no por el mundo viejo que atrás queda, si no por el potente nuevo mundo...!” *(Alicia recita estes versos con sentimento i-emoción ollando amorosa pra Daniel)*

DANIEL – ¡Alicia, miña salvadora... meu esprito prégalle a Dios que tamén a ti bendízate!

*(Cuadro: Alicia e Daniel á dereita. Don Francisco, Madalena i-Eduardo no centro finxen conversar. O Capitán na borda esquerda deixa de mirar i-entusiasta ordena ós mariñeiros e á orquesta que está dentro)*

CAPITÁN – ¡Mariñeiros: izade a nosa bandeira e saudémola co hino da patria...! ¡Viva España! ¡Viva América!

TODOS – ¡Viva...! *(Todos renden a bandeira, as señoras cos panos e os homes co as gorras. A orquesta no interior interpreta a Marcha Real)*

Cae o pano lentamente

Fin do Poema Dramático





COPAS E BASTOS<sup>26</sup>

*Copas e bastos.* Sainete de feitos gallegos nun acto, escrito en prosa e na fala da terra<sup>27</sup> por Galo Salinas Rodríguez

A Cruña, mes de agosto de 1921

## PRESOAXES

Rita. (muller de 35 anos)

Tomás.            50 anos

Lourenzo.        45 anos

Estebo.           20 anos

## ACTORES

Sta. Carmen Cañas

Sr. Manuel Lernus

Sr. Miguel Garcia

Sr. Antonio Calvo

## DISTRIBUCIÓN DA ESCENA

Direita i-esquerda do actor. Sala modesta de pranta baixa: no fondo dúas fenestras i-entre delas unha cómoda con figuras ou froreros enriba dela.

Direita – Porta da entrada segundo termo, outra no primeiro que dá ó corral e ten sobre dela unha bufarda. Separada un pouco unha táboa que sostén un xerro con viño e o mantel cos restos da cea, e cadeiras ó seu rentes.

Esquerda – Porta da cociña, segundo termo, outra no primeiro que da á alcoba. Cadeiras ou bancos pola sola, algún cuadros pendurados

26 A copia mecanoscrita procede do Coro Cántigas da Terra da Coruña e está composta por 14 follas de cadernos diversos. As páxinas da primeira parte están numeradas a partir da terceira páxina escrita, as partes da segunda non están numeradas.

27 Con letra máis pequena engadida posteriormente aparece a seguinte nota: “Estrenouse con gran éxito no teatro “Rosalia Castro”, da Cruña, a noite do 13 de San Xuan de 1922.- Reestrenouse na do 25 de Santiago do propio ano e no mesmo teatro”.

con santos e trebellos da labranza enrimados ás parés. Traxes, os de xente menestral.

Lugar da aición – O barrio de Santo Tomás, na Cruña. Do teito pende un aramio cunha bombilla de luz eléctrica sin tulipa, pro con chave na porta da cociña para dare luz. Hora, o noitecido dun día de outono.

## ESCENA I

Rita, Tomás, Estebo

*Rita recolle e dobra o mantel cos restos da cea deixando o xerro co viño. Tomás fuma i-Estebo, entretense arrombando os trebellos. A escena estará alumeada pola luz dunha bombilla*

TOMÁS – ¡Non, se xa se sabe que comida tranquila non hasma de dare, Rita!

RITA – Como que ti sempre estás en guerra, Tomás.

TOMÁS – Mira, teñámo-la festa en paz.

RITA – Tanto lle dou... ti nunca atopas ben a xanta: que se está sosa, que se está salgada; que se está crúa, que se está pasada; que se fría, que se quente; que se tal, que se cal... ¡O demo que che entenda...!

TOMÁS – Este viño... (*Polo xerro*) (*Estebo o interrompe*)

ESTEBO – ¡Mande, meu amo! (*Chegándose*)

TOMÁS – Non chamo por ti, Estebo, decía que este viño está aviñagrado e xa ten madre.

- RITA – Máis val así, e millor se tamén ten padre.
- TOMÁS – Non te monees porque arréote un lapo que mesmo vól-vote lapa.
- RITA – ¡Coida non resulte percebe!
- ESTEBO – ¿Hoxe vai a sere comedia ou cine?
- TOMÁS – ¡A vere se tamén os cativos van a mete-la pata...! ¡Non, pois se prendo na aguillada fágote de menos, Este-biño!
- ESTEBO – ¡Adios, Napolión...! ¿Vou darlle o penso ós bois?
- TOMÁS – Si, e mais asegura os fungueiros na zorra, porque temos viaxe de madrugada.
- RITA – E bule axiña, que dendes que trouxeron a eléutrica a este barrio de Santo Tomás montando os candís, a luz vai cara.

*(Vaise Estebo porta dereita primeiro termo)*

## ESCENA II

Rita e mais Tomás

*Tomás séntase e Rita remexe pola sala*

- TOMÁS – E nós ímonos a deitar que vai pra as nove.
- RITA – Si, que ti terás moita présa e xa mandaches amañar a zorra quizais pra ire en busca de rapazas.
- TOMÁS – ¡Rita, non comences cos teus celos!

RITA – E mais fundados, e se non lémbtrate do que no derradeiro vran pasoute.

TOMÁS – ¡A min...! ¿E con quen?

RITA – Con María Pita.

TOMÁS – ¡Con María Pita! ¿Seique perdíche-lo sentido?

RITA – Faite o pampo pra que regálenche os ouvidos.

TOMÁS – ¿Pro de que María Pita falas, muller?

RITA – Daquela rapaza que na carroza que armaron no teu carro representando a Cruña na cabalata das festas, iba aló enriba facendo de María Pita, e cando baixouse co aquel de que caíase botácheslle man coído que pra abrazala...

TOMÁS – ¡Pro se non era moza senon un rapaz; o fillo do faroleiro do Campo Volante, que como era así gordiño e ben enxeitado escollérono pra matrona. (*Rita pásmase*)

RITA – ¿Logo non era muller?

TOMÁS – ¡Non che digo que era home! Pro é que ti inventas esas hestorias pra que non che bote en cara as túas.

RITA – ¿Eu hestorias?

TOMÁS – Ti, si, e me non fagas falare.

RITA – Fala, fala, non te quedas no camiño que non teño medo de canto me digas.

TOMÁS – Ti monéaste con cantos homes atopas.

RITA – E mais c'as mulleres, porque o meu caráute é así, falangueiro, pro sinálame un home con quen eu tivera que vere.

TOMÁS – Cun crego...

RITA – ¡Ai Xesús...! ¿Ti que dis?

- TOMÁS – Cun crego, dígoche, consulteime pra vere de trocarate ese teu caraute e díxome que soio pasaríate coa vellez.
- RITA – Eso éche outra cousa, pois deso a que eu entendérame con ningún home hai moitísima deferencia.
- TOMÁS – Así e todo non me fío, porque xa sabes que a muller e maila gaivota máis vella máis tola.
- RITA – Pro imos a vere: ¿que fago eu que che dá<sup>28</sup> motivos pra pensar mal de min?
- TOMÁS – Non sei, pro ando un pouco escamado.
- RITA – Pois así che arrinquen tódalas escamas e mailo pelexo co'elas pola túa desconfianza.
- TOMÁS – Quen cela din que ben quere.
- RITA – Pro hai que tere respecto coas mulleres.
- TOMÁS – Pra queimalas todas elas, que se un os deixare calzábanse os calzós e vistiríanos as faldras.
- RITA – ¿Pro que máis queres de min? Érgome cando déitanse as estrelas; amaño a casa, voume a abri-lo caixón ó Campo da Leña; paso alí a mañán de quincalleira, e polas tardes vou polas casas a mercar trapos e roupa vella.
- TOMÁS – E así pasas todo o día fora da casa.
- RITA – Mira, Tomasiño, vaille a creba-la testa a un santo de pedra e déixame en paz que xa fáltame a paciencia para te aguantare.
- TOMÁS – Si, si, xa sei o que teño que faguere.
- RITA – ¡Anda e que Xuncras te leve! (*Vaise airada porta primeira esquerda. Tomás érguese e chama*)

---

28 Na copia figura “parece dar”.

### ESCENA III

Tomás e mais Estebo

TOMÁS – ¿Estebo... Estebiño! (*Estebo sai apresurado*)

ESTEBO – Ese viño é pra vostede bebelo, que a min dáme auga e gracias. (*Sinalando o xerro.*)

TOMÁS – Agora chámote, ho.

ESTEBO – Pois diga o que quere.

TOMÁS – ¿Puxéche-los fungueiros?

ESTEBO – Puxen, si, señor.

TOMÁS – ¿Ti vasmе dicir a verdade no que che pergunte?

ESTEBO – ¿Sobor de que?

TOMÁS – Ti contéstame porque se non me mintes regalareite este viño.

ESTEBO – ¿El agora chámame ou convídame?

TOMÁS – Agora convídote.

ESTEBO – Pois daquela á súa saude. (*Prende no xerro*)

TOMÁS – ¿Ti que fas? (*Estebo bebe*)

ESTEBO – Bebere, por se acaso, que xa dáme xenreira tanto retruco e tanto ollare pra ese viño sin o catare Estebiño.

TOMÁS – Como lavado inda o eres, pro en fin menos mal se dis verdade e me non enganas.

ESTEBO – Vostede decirá do que se trata.

- TOMÁS – ¿Pro ti prométesme? (*Estebo atallando*)
- ESTEBO – ¿Estoure dunha vez, meu amo...!
- TOMÁS – Escoita; cando estou fora da casa, ¿entra moito Lourenzo nela?
- ESTEBO – Non habendo tempo de neboeiro non sal en todo o día d'eiquí.
- TOMÁS – ¿Como de neboeiro... que ten que vere...?
- ESTEBO – ¿Non me fala do sol, ou seña Lourenzo?
- TOMÁS – Non home, non, fáloche de Lourenzo, o ferreiro noso viciño.
- ESTEBO – ¡Ah! Pois vén nalgunhas ocasións.
- TOMÁS – ¿Estando a miña muller?
- ESTEBO – Unhas veces si e outras non.
- TOMÁS – ¿E que fai co'ela?
- ESTEBO – ¿Con quen?
- TOMÁS – Con Rita, ho. ¿Falan, rin ou que?
- ESTEBO – Eu non lle sei se fan ou se desfán, pro se ten enterés en sabelo pergúntello a eles, que eu non lle nascín pra trompeteiro.
- TOMÁS – ¿E respóndesme así despois de me beber o viño!
- LOURENZO – ¡Ai, Tomás, el estás inda en pé? (*Chama de drento*)
- ESTEBO – ¡Si, tío Lourenzo, entre! (*Berrando e logo fala a Tomás*) Eiquí o ten, agora conféseo (*Lourenzo entra porta casa*)

## ESCENA IV

Tomás e mais Lourenzo

LOURENZO – ¿Quen hai por acó? (*Entrando*)

TOMÁS – Ti verás.

LOURENZO – Home, e víñache a falare dunha cousa.

TOMÁS – Pois xa poides comenzare.

LOURENZO – ¿Non tes onde mandar a Estebiño?

TOMÁS – ¿Como non o mande á...! (*Estebo atallando*)

ESTEBO – Non... non me mande a ningunha parte que aínda teño que amarrar o adival á zorra.

LOURENZO – Pois vai e non te deas présa. (*Estebo vaise falando quedo*)

ESTEBO – Eu esculcareivos dende a bufarda. (*Vaise e de cando en cando asómase á bufarra que hai sobre da porta do corral, primeira esquerda, faguendo siños*)

LOURENZO – Pois eu queríate pedire un favore.

TOMÁS – Si é cousa que eu poida.

LOURENZO – Trátase de que quero mercare un pouco de ferro pra ferrare as rodas dunha carretilla que encarregáronme e fáltanme dez pesos.

TOMÁS – Home, eu na casa non teño o diñeiro porque doullo a gardar ó Benito o tendeiro, pro non sei se aínda ten a tenda aberta.

LOURENZO – E se non que abra que é cedo, con que imos aló que preto está, e tomaremos unhas copiñas de anís infernal que tenno bon.



- TOMÁS – Ben, pro hasme de faguere ti outro favore.
- LOURENZO – Cantos queiras, ho, cantos queiras.
- TOMÁS – Ti es meu amigo, ¿verdá, Lourenzo?
- LOURENZO – De toda a vida, Tomás.
- TOMÁS – ¿E xuras me non enganar no que me fales?
- LOURENZO – Unha vez, e cento, e mil.
- TOMÁS – Abóndame cunha (*transición*). Imos a vere: ¿a ti gústa-che a miña muller?
- LOURENZO – ¿Cal, ho? (*Ollando pra el estranado*)
- TOMÁS – Que eu seipa soio teño unha: Rita.
- LOURENZO – ¿Sabes que a pregunta tenche retranca?
- TOMÁS – Xuráchesme non mentire. (*Séntanse*)
- LOURENZO – Home, eu, a verdade, son un viúdo sin fillos aínda mozo pois soio conto os corenta e cinco, e como gustar gústanme as femias, pro desto a desexar a muller do viciño hai unha gran distancia.
- TOMÁS – ¿Daquela non che gusta...? Pois de fea non che ten nada, e mais é graciosa. (*Retranqueiro.*)
- LOURENZO – ¿Onde vas a parare coas túas voltas e revoltas?
- TOMÁS – Mira, Lourenzo, vouche falar con franqueza: eu, caseime fai dez anos tendo xa corenta e levándolle quince a Rita, con que bota a conta.
- LOURENZO – Esa éche moi enrevesada i-eu soio conto polos dedos.
- TOMÁS – Pois todo redúcese a que eu teño cincoenta e vou pra vello, e a miña parenta non ten senón trinta e cinco, e como non tuvemos familia i-ela está de bon vere, sinto

por veces así como que... ¡Xa me entendes! (*Chusca os ollos*)

LOURENZO – ¿E coidaches que eu...? ¡Pro Tomás!

TOMÁS – Home, si, conféscho; pro agora vexo que andaba enquivocado mais non por eso vánseme as sospeitas.

LOURENZO – Rita, teño pra min que é unha dona honrada.

TOMÁS – Pra me convencereme quero faguere unha proba.

LOURENZO – ¿E se saíres mal dela, Tomás?

TOMÁS – ¡Ai, non mo digas que mesmo adoezo!

LOURENZO – O millor dos dados e o non xogalos.

TOMÁS – Certo, mais por eso fío en ti como bon compañeiro.

LOURENZO – A ver, ho, vai dicindo.

TOMÁS – Eu estouche hoxe que non sei o que me pasa, e non vou durmire se non sallo esta noite mesma do paso.  
(*Remexéndose*)

LOURENZO – Si, estás, como din, fogueado polos nervos, ou noura-sético... ¡Cálmate, ho, cálmate!

TOMÁS – Non poido; e agora vén o favore que che pido.

LOURENZO – Tranquilízate e verei se poido comprecérete.

TOMÁS – Escoita o meu pran: agora os dous imos á taberna a buscare os cartos que pidesme, e volvemos de seguida; ti entras eiquí dicindo que eu quedeime parolando con Benito e tratas de te faguere coa miña muller. Si ela dáte ouvidos será proba de que estou no certo, e sorprendéndoa xa verei o que fago; pro se enrítase e runfra contigo, reconoscerei os meus erros e debereiche a paz de toda a miña vida.  
(*Lourenzo olla pra el e mirao de enriba en baixo*)

LOURENZO – Ropara, Tomás: a outro que fixérame esas proposicións da morrada que lle arrease cegábo do ollo dereito como fan cos cabalos dos touros; pro trátase de ti e vouche a servire pra que non vaias co'esa encomenda a outro, e denantes que esa túa manía convírtase en tolería.

TOMÁS – ¡Dios cho pague!

LOURENZO – E porque teño a seguridade da virtude de Rita, que val moito máis do que ti.

TOMÁS – ¡Gracias, ho, gracias!

LOURENZO – E ademais polas cen pesetas do empréstamo.

TOMÁS – ¡Non son máis que cincoenta...! (*Atallando*)

LOURENZO – Entendiches mal, son cen.

TOMÁS – Ben, como queiras; imos, pois... ¡Estebiño, coida non entre ninguén que logo damos volta!

(*Vanse. Estebiño sai faguendo además e chama por Rita*)

## ESCENA V

Rita e mais Estebo

ESTEBO – ¡Vaian con Dios ou co demo...! Miña ama... ou miña ama!.. (*Rita sai do seu cuarto*)

RITA – ¿Que óso se che te rompeu, Estebo?

ESTEBO – Como ósos poida que crébense algúns.

RITA – ¿Quen estivo eiquí co meu home?

ESTEBO – O tío Lourenzo o ferreiro.

- RITA –            ¿E que quería?
- ESTEBO –        Cartos que meu amo vaillos dare, e aló fóronse cabo de Benito... ¡Cen pesetas... vinte pesos!
- RITA –            Pra llos devolvere de eiquí a un ano.
- ESTEBO –        Estes coido que non terán volta.
- RITA –            ¿Que falas?
- ESTEBO –        Mire, miña ama: eu cuase que dendes de neno como o pan da súa casa e téñolle lei.
- RITA –            Tamén eu téñochoa, por máis que eres un rillote.
- ESTEBO –        E como lla teño non poido consentire o que maxinan fagueren con vostede hoxe mesmo.
- RITA –            ¿E logo? ¡Posme en coidado!
- ESTEBO –        O meu amo estaba celoso do tío Lourenzo sobor de se tiña ou non que vere con vostede.
- RITA –            ¿Que me contas, Estebiño...?
- ESTEBO –        O que eu ouservei dendes aquela bufarra. Trouxo Satanás, alabado sexa porque permeteume sere testigo, trouxo Satanás, digo, esta noite por eiquí ó ferreiro a lle pedire esas pesetas ó tío Tomás; este faloulle en tal sentido, aquel negou e d'estonces conviñeron en que o Lourenzo lle fixese a vostede as beiras por se caía ou non caía pra o meu amo convencérese ou non do seu erro. (*Rita fala indignada*)
- RITA –            ¿Pro ti volvícheste tolo, ou o están eles ou estouna eu...? ¡Fala Estebo! (*Estebo cruza as mans*)
- ESTEBO –        Por esta que son cruces asegúrolle que non tardará o viciño en vir e quedaráse o amo fóra pra sorprendela a vostede.

- RITA –            ;Ah, si...? Pois xúrote que van eles tere unha sorpresa que non a esquencerán nos días da súa vida.
- ESTEBO –         ;Que vai facere?
- RITA –            Xa o verás. Necesito de ti, Estebo.
- ESTEBO –         Conte comigo.
- RITA –            Polo pronto fareille caso a Lourenzo.
- ESTEBO –         ;Señá Rita...!
- RITA –            E dareille unha cita esta mesma noite.
- ESTEBO –         ;Señá Ritiña...!
- RITA –            E hasta poida que o meta no meu cuarto...
- ESTEBO –         ;Eso, non, porra! Señá ama que vai a habere eiquí unha asonada que fará por dez...!
- RITA –            Imos a nos porparar axiña.
- ESTEBO –         Eso si, porque foron soio a tomaren unhas copas.
- RITA –            ;Copas, eh? – Pois deixa, que tamén haberá bastos.
- ESTEBO –         Polo presente xa están acó meus acuses.
- RITA –            E agora acusarémolles as corenta.
- ESTEBO –         Por min, démoslles tute rial e mais capote<sup>29</sup>.
- RITA –            Sin máis tardar ti entras no meu cuarto e vistes a miña roupa pra fagueres de muller.
- ESTEBO –         ;Amodo, señá Rita, que non estamos no Antroido!
- RITA –            Ti vistes como eu cho digo i-espérasme drento.

---

29 Dar capote a alguén: facer que alguén se sinta avergoñado.

ESTEBO – Ben ¿e que máis?

RITA – En de chegando o sedutor, ti saes da cociña e déixaste prender por el das mans.

ESTEBO – ¿E si el porpásase?

RITA – Non che importe.

ESTEBO – ¡Un raxo<sup>30</sup>! Pois era o que me faltaba...

RITA – Non che importe porque eu salirei pola miña habitación, ó mesmo tempo. Ti levas un bo estadullo, eu outro, e cando o meu home chegue a nos sorprendere, eu e mais ti erguemos de paus e mallamos neles.

ESTEBO – Pro defenderanse

RITA – Non, porque como non esperan a embestida asustáranse, e como por outra parte darémonos a conecere quedaranse bulrados.

ESTEBO – Ben; pro eu ¿que vou ganando en todo esto?

*(Rita mírao con certa malicia e sonrí)*

RITA – Deixa, ho, que comigo non has perdere nada<sup>31</sup>.

ESTEBO – Pois, trato feito. Voume disfrazare. Mire, miña ama, ó repartire os bastós non os dea na testa porque fan barullo e o sangue élle moi escandaloso; o que hai que faguer é mandar os paus de punta ás tripas... ¡Poum...! *(Imitando coas mans)* que é mocazo seguro e sabe de rechupete. *(Séntense pasos. Rita empurra a Estebo que desaparece 1ª esquerda. Lourenzo entra 2ª direita)*

---

30 Eufemismo por raio.

31 No manuscrito aparece riscado o final deste parlamento: “De todos xeitos meu home déixame quince ouros, eu lévete a ti outros quince e así igualámonos... Xa que así el o quer, que así el o teña...”

RITA – ¡Eí vén! Vaite, e axiña, colle a roupa e pasa polo interior á cociña. Xa te chamarei.

## ESCENA VI

Rita e mais Lourenzo

LOURENZO – ¿Seique está soíña, Rita?

RITA – ¿E vostede non o sabía? (*Finxindo cortedade*)

LOURENZO – Non... digo, si, porque Tomás quedouse un pouco na taberna i-eu adianteime; pro ouvín falar eiquí i-estrevinme a entrare pra me despedire e mais vere quen estaba.

(*Lourenzo váiselle achegando i-ela sonrí con malicia*)

RITA – Éralle Estebiño que foi a se deitare, i-eu quedeime pra esperar a meu home que xa tarda.

LOURENZO – De verdade, Tomás non sabe o soíña que ten a súa mulleriña tan xeitosa, tan guapa, tan dispоста e tan fresquiña. (*Meloso*)

RITA – Como fresco, vostede tampouco ten queixa.

LOURENZO – Si, consérvome ben. O piquer<sup>32</sup> está en que vostede é muller compormetida, que se non...

RITA – Cale, cale, ¡que mesmo falando somella un meigo!

LOURENZO – A meiga éia vostede, que pra máis deu cun home que, abofellas, non a merez.

---

32 O piquer: o caso, o quid.

RITA – ¡Que lle habemos de faguere, non sempre acerta unha na vida co que lle convén ou atopa co'el cando xa a cousa non ten remedio!

LOURENZO – O remedio non falla cando hai boa vontade.

RITA – Acougue, Lourenzo que se Tomás chegare...!

LOURENZO – Pro é que despois del se deitare podíamos enfiar esta conversa, se vostede fose xenerosa.

RITA – Non estrévome porque é moi celoso;... pro, en fin, teño confianza na formalidade de vostede, así que, chame por el, e cando retírese volva, e se ve a luz morta, entre a modiño que estará a porta entornada, e atendereino... ¡Pro, coidado, moito xuízo...!

LOURENZO – Faime feliz, vidiña, e lembrarei sempre deste momento.

RITA – ¡Inda non o sabe ben! (*Con intención*)

LOURENZO – Así e todo sinto certa cortedade...

RITA – Pois teña presente aquilo do sancristán medio tatexo, que pidindo coa boeta pola eigreja adiante, en vez de pedire: “Ánimas e San Antón!”, decía: “Anímese, San Antón...!

LOURENZO – Daquela vostede... ¡Ten gracia!

RITA – Eu ripítolle: ¡Anímese, San Lourenzo!

LOURENZO – Mesmo estouro de contento. (*Síntese asubiar fôra*)

RITA – Zalameiro, a vere se estoupa de vez...!

LOURENZO – Calemos, eí chega Tomás asubiando... ¡Non falte que xa tárdame o pormetido!

(*Tomás chega asubiando calquer cantar neutro*)



## ESCENA VII

Rita, Lourenzo e Tomás.

TOMÁS – ¿Seique estades de parola? (*Faille siños a Lourenzo*)

LOURENZO – Si, como tardabas adianteime i-esperábate palicando coa túa parenta (*Faille tamén siños*)

TOMÁS – Pois xa debemos de retirarnos porque eu teño un viaxe moi cedo e algo lonxe.

RITA – E mais que xa é hora de nos deitarmos.

TOMÁS – Eu pronto prendo no sono en canto túmbome.

LOURENZO – Daquela, boas noites e descansaren.

RITA – Hasta logo. (*Lourenzo vaise ollando pra os dous*)

TOMÁS – ¡Vai con Dios, ho, vai con Dios!

## ESCENA VIII

Rita e mais Tomás

TOMÁS – ¿Estebíño! (*Finxe tranquilidade*)

RITA – Sopoño que xa estará disfrazado...

TOMÁS – ¿Como? (*Desemulando a súa impacencia*)

RITA – Si, ho, envolto nas mantas do leito.

TOMÁS – O probe está xa cansado; traballa dabondo, é un bon rapaz, leva moitos anos na nosa compañía e por veces somos un pouco feros co el; a vere se tratas pola túa parte de seres co'el máis compracente.

RITA – Según o mandas serás obedecido. E vaite xa que eu teño aínda que arrombare algo.

TOMÁS – Pois márchome e non tardes, que xa vénceme o sono.  
(*Vaise depresa, esquerda*).

*(Rita vai á porta segunda esquerda, fai un siño e aparece Estebo vestido de muller; falan baixo e Rita da volta á chave da luz quedándose ás escuras. Todo con moita calma. Estebo cruzando a escena adiántase a modiño hacia a porta da entrada, 2ª dereita, quedándose Rita na porta da cociña. Lourenzo prende a man de Estebo quen o leva cabo de Rita. Esténdese esta escena mímica).*

## ESCENA IX

Rita, Estebo e Lourenzo

LOURENZO – ¿Xa está eiquí...? (*En baixa voz*)

ESTEBO – ¡Chist...! (*Lévaio atravesando a sala*)

LOURENZO – ¿Onde lévame? (*Rita i-Estebo levan un fungueiro*)

ESTEBO – ¡Á cuadra...! (*Finxindo a voz de muller*)

LOURENZO – Non ouzo... alce a voz... ¿Onde imos?

ESTEBO – Á cociña pra que non nos sintan.

LOURENZO – Era millor nos quedarmos eiquí. (*Chegan onde Rita*)

- RITA – ¿E daquela Tomás? (*Falando rentes de Estebo*)
- LOURENZO – Xa virá... (*Estebo sopárase un pouco*)
- RITA – ¿Como que virá...? (*Aguantando a risa*)
- LOURENZO – ¡Nada... non dixer nada...! Faga o que quixere.
- RITA – Calquera diciría que ten medo.
- LOURENZO – ¿E de quen?... (*Algo desconcertado*)
- RITA – Non sei; eu son máis valente que vostede; pro agora fale o que teña que me decire.
- LOURENZO – Pois... Como estamos ás escuras péreceme que me non estrevo. (*Xa un pouco desconfiado*)
- RITA – Se por eso é alumearémolo. (*Estebo porpara o pau*)
- LOURENZO – E por outra parte, como Tomás e mais eu tomamos unhas copas... (*Rita fai un signo a Estebo*)
- RITA – Claro, chaman polos bastos... que xa chegan.  
(*Estebo dálle un estadullazo nas costas a Lourenzo*)
- LOURENZO – ¡Ai... ceibáronme un pau...!
- ESTEBO – ¡Xa choberán máis! (*Na súa voz natural*)  
(*Aparece Tomás a tempo que Rita da volta á chave da luz*)

## ESCENA X e derradeira

Rita, Tomás, Lourenzo i-Estebo

- TOMÁS – ¡Esas temos, ¿eh? Sorprendinte... agora nega...

RITA – Os sorprendes vades a sere vosoutros.

LOURENZO – ¡Como... que... dúas mulleres...?

ESTEBO – ¡Un demo... non troque os trunfos! (*Tira de si a roupa*)

TOMÁS – Sei que é cousa de encantamento... (*Atordido*)

RITA – ¡Ei, Estebo, mallemos neles pra que comprendan o pampos que son... (*Métenlles pola barriga as puntas dos fungueiros, indo tras deles*)

ESTEBO – ¡Coidado, miña ama, non acuse os bastos na cachola se non no bandullo que non ten ósos que crebar e fan pupa...! (*Dan paus sin eisaxeración e a Estebo cáenlle as saias tirando a brusa*)

LOURENZO – ¿Pro que sucede, meu Dios?

TOMÁS – ¡Ai...! Furáronme o embrigo...! ¿Esto que é...?

(*Rita i-Estebo acougan pro sostendo os fungueiros nas mans*).

RITA – Esto é, que tanto ti como ese lampantín de ferreiro, coidáchedes que esta muller era unha sin vergoña como moitas que conosciades, e ti tramaches un pran axudado por ese que vénche a lamber os cartos; pro como as parés teñen ouvidos desfixemos a combina.

LOURENZO – Eu, Rita, non lle quería, pro... (*Pesaroso*)

ESTEBO – Vostede o que vai faguere pro inmediatamente, é largare xa cen pesetas que cobrare eu, pola axuda que dinlle á miña ama.

TOMÁS – Non, esas cen pesetas ganounas ben Lourenzo.

LOURENZO – Sequera pola sacodida que lle diches á miña roupa levándoa sobor do lombo.

- ESTEBO – Daquela voulle co recordo ós señores chicos de la prensa, pra que poñas este caso na sección de sucesos.
- TOMÁS – ¡Non, eso non...! Pra ti, Estebiño...
- ESTEBO – Eu xa non quero deste viño nin doutro.
- TOMÁS – Digo que pra ti, Estebiño, haberá outras cen pesetiñas, se consigues que a túa compañeira de repique perdóeme a miña falta.
- RITA – De ningún modo, e no pecado levas a pinitencia. Unha muller honrada non disculpa as ofensas do marido que sin causa desconfía dela e a somete a probas homildantes pra ela e mais pra el.
- TOMÁS – Si, muller, tes razón que che sobra e polo mesmo que confésome culpabre, ausólveme.
- LOURENZO – I-eu co'el e xa somos dous os arripintidos.
- ESTEBO – Perdoe, miña ama: xa ve, a meu amo cústalle este mal choio duascenas pesetas e con trescentas máis que vos-tede vai a lle dare pra que as impoña na Caixa de aforros, fan cincocentas, que son un bo recordo pra non tornar a sentire o verme dos celos.
- TOMÁS – ¡Desta feita arruíname este socio!
- ESTEBO – E por outra parte, señá Rita, eu cóntome xa como da familia, e mentres teñamos fungueiros á man e ó seu alcance lombos pra os recibiren, a paz está asegurada.
- LOURENZO – ¡Arrenégote... O que sabe este condergado...!
- RITA – Non sei que faguere; pro, en fin, vaia xa estades ausoltos, mais coa condición de que esta foi a primeira e mais a derradeira; con que, moito ollo.
- TOMÁS – Eu che xuro que nunca máis...

RITA – E vostede, Lourenzo, case de novo porque así ceibo non anda moi ben e poide arrematare moi mal.

ESTEBO – Pois agora, igual que se eiquí non houvere pasado nada, e como fainos falla o descanso, despedámonos e boas noites. (*Rita sopárase e diríxese ó pubrico*)

RITA – É razón que a un home peixe  
e a unha muller gaivota,  
se lles cele polo caso  
de manter ergueita a honra;  
pro ter celos sin motivo  
das mulleres que son boas,  
é como xogare ás cartas  
con soio bastos e copas,  
porque leva as de perdere  
quen co eses naipes xoga.

Pano lento

Fin do sainete

## OS MEUS AMORES, monólogo<sup>33</sup>

A Cruña, 1922

Monólogo en prosa<sup>34</sup>

Protagonista: Ciprián = 50 anos

### DISPOSICIÓN DA ESCENA

Direita i-esquerda do actor. Sala de moito luxo pra contrarrestare co traxe modesto da aldea con alpargatas que viste Ciprián, vello churruqueiro. Este leva ás costas unha alforxa con cacharros e na man unha aguillada. Séntase nunha das derradeiras butacas do púbrico e cando indíquese pasará ao escenario altaneiro. O telón está baixado e cando érguese aparece unha habitación alfombrada. Dúas portas ao fondo i-entre delas un moble con gran espello. Portas aos lados con cortiños. Dereita, na parede aparato telefónico e separada unha mecedora. Esquerda, fondo, piano aberto, e mais ao fronte, sofá e butacas. Do teito pende aparato eléctrico coas bombillas acesas. Outros adornos que se desexen. Un timbre toca sin cesar hastra abrirse o pano. Cando Ciprián fala sal por un canto do escenario o Avisador.

---

33 O manuscrito está confeccionado a man, neste caso con tres caderniños externos en papel groso sen raiar e os interiores, con papel cuadrulado; a capa está feita de cartolina verde e primorosamente escritos nela: título, autor, lugar e data, en diagonal. As follas están escritas e numeradas por ambas as caras con tinta azul totalmente esborrachada pola humidade.

34 Na primeira folla aparece repetido o título da obra, esta vez coa seguinte descrición: “Monólogo humorístico pra actor de carácter, composto i-escrito na fala gallega”.

CIPRIÁN – ¿I-hai función ou non a hai? Porque xa repinica dabondo este tlin, tlin, e ninguires [*sic*] fai caso... ¡Ou que vai a sere esto! (*do púbrico*) ¡Chist... chist! ¡Que chis nin que por-ra...! ¿Sei que é cousa de rapaces? (*Sai lixeiro o Avisador*)

AVISADOR – ¡Haga el favor de callarse amigo! (*Cala o timbre*)

CIPRIÁN – Faga vostede o favor de falare en cristiano pra que eu o entenda, porque aló na aldea tódolos lampantís que pretenden nos amolar e mais nos amocar, fálannos dese xeito (*Batendo co pau*)

AVISADOR – Pois pra que comprenda aló vai. “Respetabre púbrico: o número de canto que era a melodía “Meus Amores” non se poide faguere porque a señorita que había de cantala, comunicounos polo teléfono que éralle de todo punto imposible o vire polo momento, e como faise tarde...”

CIPRIÁN – Eu non lle teño ningunha présa porque esta noite xa non vou á aldea.

AVISADOR – De todos xeitos a función dase por arrematada...

CIPRIÁN – ¡Ca...! ¿Que te creas ti eso...! Eu paguei pra vere a función inteira e se esa señorita non canta que salla un señorito e que baile.

AVISADOR – Pro é que non temos nada porparado.

CIPRIÁN – Cando hai chenchá todo amáñase ben.

AVISADOR – Polo visto, vostede é moi chenchudo.

CIPRIÁN – Eu son quen son, e me non encollo por nada.

AVISADOR – (*Con burla*) Daquela, ¿a que non se estreve a nos contare un conto no canto do canto da señorita do canto, pra entretere ao púbrico e pagándolle o que seña...? ¿A que non?

CIPRIÁN – ¿A que si? Pro no canto do canto sin canto porque eu non son cantador.



AVISADOR – ¡Conte! I-el vostede como se chama.

CIPRIÁN – Eu non me chamo, chámanme os outros i-eu respondo polo nome de Ciprián...

AVISADOR – Pois daquela chéguese acó tío Ciprián... Digo coa licencia do respetable púbrico... *(Do púbrico saen voces que din ¡Si... si...! Ciprián como xa tense dito, pasa por entre as ringleiras de butacas sobe ao escenario e cae erguéndose axudado polo Avisador; quen, contendo a risa, retírase correndo. Ciprián vólvese cara ao púbrico e neste érguese o pano, de sorte que ao se virare pra o escenario atópase co salón tan luxoso quedándose sorprendido, e trata de fuxir non llo consentindo o Apuntador que préndeo por unha perna empurrando pra dentro as alforxas que Ciprián deixara no chan, chinquileando co arrempuco os cacharros que ten dentro. Ensáiense estes movementos pra que a escena seña movida)*

CIPRIÁN – ¡Recontra...! ¿Onde eu metinme...? Coidei que todo sería botare un parrafeo co Avisador aquel e deixame eiquí soio e sin sabere se andare pra o de fora porque correríanme os que víronme chegare acó, ou camiñare pra o diante porque botaríanme os da casa maxinando que voulles a emporcare esta sala tan limpa e tan luxosa i-esta alfombra tan rechamante que solasmente puidese pisare coas alpargatas que levo nos pés e que non serven pra outra cousa porque pra camiñare polas corredeiras choutando nas lameiras dou ao diaño se o farían os protestantes que puxéronas de moda. *(Ao púbrico)* Téndesme que perdoare pois sinto uns mareos que... Porque coleime por un atallo sin saída que non sei o que me pasa; con que coa vosa licencia... *(Pretende baixare por onde subiu, pro impídello o Apuntador prendéndolle unha perna)* ¡Eih!, ouza amigo, cébeme a perna que lle fai falta á compañeira pra me levare á miña casa. ¿Que non me ceiba? *(Fala co apuntador)* ¿Que teño por forza que cumprire co meu compromiso? ¡Pois El Señor cóllanos confesados se nos pilla a tormenta

e caía todo sobor da súa concencia pase o que pasare, que eu lávome as mans (*O apuntador empurra as alforxas batíndose os cacharros... Ciprián os examina e dirixíndose ao público os pousa no chan*). ¡A modo, ho...! ¿Sei que fixo cachos? Por sorte non (*Ao público*) Non pode sere un servicial nin vire á vila sin que o enchan de encárregos, e hoxe, como é día de mercado na Cruña déronme os de levare unha tarteira pra a tía Xenerosa do Lagar, un pote pra o abade, e pra a dona do pedanio, un condés<sup>35</sup>... (*Con intinción*) Bueno, ten outro nome, pro a bon entendedor... (*O actor pode pasear, según o xulgue comenente*). O caso está en que non sei de que vou tratare pra vos entretere no canto do canto da señorita do canto (*Párase e dáse na testa*). ¡Concho... viume unha ideia...! Esa madamiña din que iba a cantare “Meus amores”; pois eu vou a vos contare “Os meus amores”; que é cousa que me non dá outro traballo que faiguere memoria, e así sallo do paso sin gastare un carto e quizais ganando algunhas pesetas (*Pausa*). Pois, Señor, xa vén algo... Habedes de sabere que eu xa monto do medio sigro, aínda que alcóntrome rexo e varido, e habedes de sabere tamén que fun mozo... Non vos riades, porque hoxe en día haivos nenos que xa son vellos. Si señor, fun mozo e mais un bon mozo. Decíanme que eu non era de desprezar naqueles meus dezaioito anos; e debería de sere verdade porque ao presente paréceme que pódese me mirare pra a cara, fóra modestia e sin me faguere favor. Eu toda a miña vida non tiven vicio que me domease máis que un que volo dicirei. Non fun bebedor senón nalgunhas esmorgas de familia nas que chimpaba os netos no bandullo do abolito; (*levando a man ao peito*), nin xogador, máis que na condergada da timba da loteiría, un decimiño por sorteo, nin fumador, fóra de vinticinco pitillos por día e algunha tagarniña de extraordinario; pro no que toca ás rapazas... Ese, ese era o meu vicio, ou

35 Non encontramos ningún termo semellante, polo que parece que poida ser unha deformación intencionada dunha palabra como corsé.

millor a miña debridade... ¿Que eu vía unhas faldras? pois rebulíame non sei que por todo o corpo que mesmo refervíaseme o sangue... Porque, hai que vere señores que unha muller bonita é perdonando, mesmamente coma un porco, que non ten desperdicio. *(Pausa)* Lémbrome do meu primeiro amor: foi Mariana a filla do gaiteiro que mentres o seu pai asopraba no punteiro por diante o vento que saíalle polo adetrás do roncón ela e mais eu turrabamos escachando [-----] as rosquillas, bebendo garnacha nas mesas das rosquilleiras da festa do Patrón. ¡E que festa! Non hai outra como a nosa en vinte légoas á redonda. Pola mañán a diana de gaita e cordión pra despertare ás mozas, logo a misa do ramos despois a porcesión cunha chea de pendós, os santos e mailos cregos vermellos como nécoras cocidas, cun pano branco sobor da testa pra defendérense do sol, e ademais un pareaugas encarnado; de seguida o baile no adro da eigrexa pra faguere sitio na tripa, e por derradeira as merendas polo campo adiante e onde o lacón, as empanadas, os polos asados, as proias, o lombo de cocho e os grolos do da terra, baleirándose da bota de coiro, déixanno a un como pra botare súas tres horas de siesta, hasta a da foliada no rueiro, onde poñen unha cucaña mariñeira que dinlle así porque faise cun pau ensebado que empristan os mariñeiros de Mera, e mais polas merluzas que aganchan e móvense ao redor do pau. E a todo esto o fogueteiro queimando a figura do mecánico, ceibando foguetes e bombas de tres estronicios en todas direicións, e rematando a noite coas loitas de mozas e mozos polos trigueiros e maizás... *(Pausa e transición)* Por certo que o gaiteiro a Mariana e mais a min, nos puña unha cara de porcurador sin preitos que daba medo; pro nós ¡racha polo reverete...! Unha mañanciña, xustamente preto da festa, como eu non tiña cartos, pra faguéreme co' eles, apañei no galiñeiro uns cantos ovos e nun caravelo leveinos á feira do vintetrés pra vendelos, e veleiquí que no camiño atopeime con

Mariana que tamén levaba unha cesta co' eles e mais unhas pitas. Ao vela relouquei i-ela ri que te ris, i-eu ¡ala! turra que te turras, e me lle pondo ás rentes faguéndolle cóchegas; i-ela: “¡Olla que vasme a creba-los ovos!” i-eu: “¡Non lle fai, porque eu tamén os levo!” Foi o conto que en de chegando á feira arribamos co eles feitos unha tortilla... ¡Que risa! (*Ríese*) (*Golpea a testa. Transición*) Xa tería eu os vinte cando conocín en Palavea nun baile á Matilda, unha rapaciña loura como as mazarocas, i-eu que morríame polas louras, aínda que as mouras tamén tiranme o sentido, compormetina para todas as bailadas, e había que vere como nos entrelazabamos o agarradiño con tal aquel que nin o demo podíanos desentrenzare. Tódolos domingos e festas de gardare, viámonos no salón, e brinca que te brinca nós, e dálle que lle dás ao ves o organilleiro, fóronse así os catro meses do inverno cal se fosen catro semáns; de tal sorte que aqueles amores arremataron como arrematou este contiño que vou a vos referire. (*Pausa*) Pois señor había nunha sociedade de señoritingos un deses pallasos que fan risa de todo e lles non importa o poñer a un en ridículo, nin botar por terra unha reputación con tal de faguere un chiste. Chegou un forasteiro e o chistoso pra causare gracia aos tertulianos, tan parvos como el, pretendeu tomarlle o pelo; mais o forasteiro que tiña malas pulgas erguendo o brazo atizoulle tal mamporro, como din aló polos Madriles, que non parou de deixare sangue polos morros caendo a rolos polo chan, medio derreado. Púxose en pé e todo enfurecido, levou as mans aos fociños berrando: “¡Esto é unha barbaridade mandareille os meus padriños, isto non poide quedare así...!” E o forasteiro con moita sorna lle respondeu: ¡Non eso non se queda así, eso incha...! Con que agora sacade as consecuencias (*Transición*) Dos vinte en adiante miñas trouleadas amorosas foron *la mar en calzoncillos*, como reza un letreiro dun comercio da calle de San Andrés. Saín soldado e lovoume un comandante

de asistente (*Leva un dedo a un ollo*) enchinlle o ollo á comandanta; procatouse o meu amo e dispídiame pra o cuartel, porque como os dous serviamos nun mesmo corpo, naturalmente, el tiña mando sobor de min. Consoleime polas fontes e polas prazas onde fixen unha chea de falcatruadas, e como non daba parte a ninguén dos meus choios alcumáronme o acaparador tódolos pistolas que pra se entederen coas mantidas tiñan que iren con intermediarios (*Pausa*). Certo día atopei cunha pescadeira que polo muro e mais polas penas do Parrote lucía un par de pernas de moito peso, pro tiña tamén as mans dabondo pesadas, e sóupeno nunha ocasión, que por celos arreoume tal lapote cun rodaballo que estuwen medio mes co pescozo virado para o levante e outro meio pra o poniente. A esta seguía unha tendeira que emprestábame algunhas prendañas que eu sempre esquencíame de llas devorvere, aínda que ela as descontaba cobrando en especie, polo que deixei de vela; pero unha vez pasando destraído pola súa porta, ceiboume unha pesa de ferro, de dous quilómetros con tal forza que meteuse polo escaparate da carnicería de enfrente, esnaquizando os vidros e dándolle á carniceira no conexiño vivo de Indias que de mostra tiña nunha gaiola. Armouse o gran rebumbio viñeron os chapurros<sup>36</sup> cos de orde; coidaron que había fogo e chegaron os bombeiros cos bombís e as mangas armadas e dispostas pra as enchufar, i-eu dendes de lonxe, vendo todo aquel arruallo decíame: “¡Arrea de boa librácheste, Ciprianiño; se chega a che daren coa pesa no cabazo xa che non fallaba acompañamento para o enterro” (*Transición e pausa*). Mais paréceme notare que aburrídes e vou a vos referire a miña derradeira aventura, que esta si que foi macanuda, cal din que se di aló polas Pampas de onde parece que veñen

---

36 Segundo consta no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez, ‘chapurro’ era o nome burlesco que se utilizaba na Coruña para designar os gardas urbanos. Tamén fai referencia aos rapaces que viñan das aldeas e *chapurraban* o castelán.

tódolos pampos (*Misterioso*). Pasoume, cunha casada: o seu home era amolador, deses que levan a roda ás costas e van chifrando no pito (*Fai como que asubía*) ¡pi... pi... piii...! polas rúas, que non hai can nin gato que ao sentilo non fora a se escondere no curruncho máis escuro da casa. Como o bon do vaciador saía pra outros lugares e algunhas veces non viña a durmire, a súa muller Rafaiela, quizais por medo ao trasno convidábame a cenare co'ela, pro sin outra entención. Faguendo o estabamos tendo diante de nos un par de lacós con grelos, patacas e chourizos curados... (*Dirixíndose ao púbrico sin marcar persoa*) ¡Ei, vostede, non se lamba, que aquilo xa pasou i-é perde-lo tempo! Facendo o estabamos dicía cando na porta deron un tumbo que espantounos, ao mesmo tempo, que, que o condanado pito chifraba: pi... pii... piii...! O susto foi dos que fan xeira pois non esperabamos pola vesita do dono da casa... Eu, en canto ouvín os asubios levei as mans á cabeza pois xa dime por descabezado pola afiada navalla daquel mutilador e como a sala non tiña senón unha porta ca fenestra hacia esta empurroume Rafaiela berrando. “¡O can... o can!” e dun brinco din coa miña humanidade nunha pila de ramallo, estrume, toxo e patexo onde estábase amañando aquilo aquilo que tan necesario é para o abono das terras... Poidedes vos figurar como púxeme a roupa co aquelas esencias e o coiro coas espiñas do toxo que has había con perdón, así de longas (*Sinalando con delicadeza*). Entrou o amo na sala, doulle un tute á parenta foi cara á fenestra, disparou dous pistoletazos, codiron os viciños i-el berroulles: “¡Na pila, dade na pila...!” E daquela mallaron en min que co medo fórame escorrindo hasta o fondo. Cando cansáronse de mallaren e quedouse todo en calma, eu, que xa adoeecía afogándome, salín daquel inferno pra ire a me chimpare no río, que falla me faguía... E por certo encamiñándome pra a miña casa atopeime un veciño e díxome: “- ¿El ti viches o can doente que falan saliu da casa do amolador?”;

con que doente, ¿eh? - respondinlle, e mais ben doente: aló vai a todo correre co rabo entre as pernas...!” I-el foise polo seu canto i-eu a me tumbare no leito, pois coidei morrere, porque coa bañadura e a malladura mesmo quedei como roupa mollada pra metéreme na colada. *(Vai ao sofá sentándose nel e ao fundirse brinca lixeiro e quédase en pé)*. ¡Carestas, sei que senteime en moll!... *(Pasea pola escena)*. E o caso é que xa vou canso e vosoutros tamén o estaredes, pro agora arremato *(Chega fronte á mecedora séntase nela, perde o equilibrio, cae sentado i-érguese de súpeto asustado)*. El anda por eiquí o demo solto ou é cousa de chunga...? *(Encárase ao público)*. E ben por final dicireivos que xa chegado aos corenta outonos fixera saldo de contas e pensei en me casare, aínda que, acó pra inter nós se un home da cunha muller boa sempre é unha axuda, se mala, unha xeringa, e de todos modos eivos unha lavativa; por máis que eu sin merecido, o confeso, aparellei cunha dona que, como o porco de marras, tampouco ten desperdicio, pois en dez anos ¡pim, pom... pim...!, disparoume dez fillas... Agora que se a parenta repara que vánseme os ollos tras dalgunha femia máis ou menos tobilleira ou xamona sitíame por fame, pro despois de todo e de tanto trouleare, estou tranquilo e vaime ben, gracias a Dios, por máis que algunhas veces... *(transición)*. E xa sabéde-los meus amores, e se non vos contentei desemulade, pois fixen o que fixen por non deixare mal a esta enxebre sociedade. E colorín, colorán... *(Sona o timbre do teléfono e Ciprián saída, é o Avisador)* ¡Xa arrematei, ho e voume de seguida...! *(Reparan no teléfono que sigue chamando)* ¡Fala é que chaman no telefano...! ¡Quen será...? *(Indeciso)*. Eu como entender ben o entendo, e se atrevéseme... ¡Pois si señor estrévome...! *(Fala polo teléfono dirixindo os apartes ao público)* “¿Oh,... quen fala...?” E mais é voz de muller. “¿Se está don...<sup>37</sup>?

---

37 Díganse nomes de persoas ben conocidas do público. (Nota do autor).

Vou a lle decire que son eu. “Si amiguiña, eiquí o ten presente co aparato na man, pra servila... ¡Dios mo perdoe! ¿Como... que...? ¡Ah...! don...<sup>38</sup> ¡Tamén por acó lle anda...! ¿Que vostede é Mercedes...? ¡Ah, si, Mercedes ben llo sei...!” - ¿Quen será Mercedes?”. Ale si, xa o sabía, a señorita que había de cantare...”. Metín as catro e mailo rabo...! “¿E non poide vire? ¡Que lástima...! Pro a función aínda non arrematou, e se gusta poide vire e recibirémola con moito pracer, pois esperámola... “¿Ricardo... o seu marido...?” ¡É casada... outra coladura...! “Non, non está... “Cando chegue mandarémollo... E non veña que xa é moi tarde e poide faguérelle mal...” *(Fai como se preguntase e respondese)* Mui felices... igualmente... ¡páseo ben! *(Colga o aparato, prende nas alforxas e fala ao público)* ¡Casada! Non, que non apareza por acó, porque se a miña dona decátase ponme á dieta, ¡e moitos de vosoutros xa saberedes o que é non tere que papar cando hai larpulla...! Con que boas noites, aburiño e desemulare...! *(Pretende baixarse do escenario como subira: O pano descende a modiño sin Ciprián percatárese o Avisador bérralle; Ciprián asústase, mira pra enriba, anda pra atrás; cáenlle as alforxas escachándose ruidosamente o que levan dentro; dá un pulo, e baixa o pano rápido tan pronto Ciprián desaparece).* *(Estúdense estes movementos)*

APUNTADOR – ¡Cuidado...! *(Berrando)*

CIPRIÁN – ¡Ouh...! *(Idem) (Todo moi rápido)*

Pano

Fin do monólogo

A Cruña

---

38 Remite á mesma nota que a anterior.



# ALFREDO FERNÁNDEZ, NAN DE ALLARIZ

(XINZO DE LIMIA 1875-MADRID 1927)

## POR MOR DO DRAMA “MINIA” OU FURTO, XUÍZO E SENTENZA<sup>39</sup>

Socedido traxi-cómico hestórico (en parte) nunha escea... e algunhas bágoas

(O escenario rapresenta a sala do xulgado: vaise celebrar un xuízo por furto)

PERSONAXES: O Xues, Prácido Lugris (acusador), Alfredo Nan de Allariz (acusado), e coma tistigos, o ilustre maestro honra de Galicia, Don Xusé Castro Chané, i-os distinguidos peisanos señores Ánxel Barros, Sacundino G. Varela e Xosé Abeleira. Moito púbrico asiste á vista do xuízo.

## ESCEA ÚNECA

XUES – (*Dend’a súa mesa dirixíndos’a Prácido.*) Pode falar o señor Lugris.

---

<sup>39</sup> O manuscrito está formado por catorce follas mecanografadas a excepción da segunda. Na primeira folla, que serve de capa, aparece mecanografado “Sabela” e “Coro Toxos e Flores. Ferrol”. Na parte superior aparece o carimbo do coro, e na parte inferior aparece a seguinte nota escrita a man: “De la devolución de esta obra al archivo será responsable el que la pida para evitar su pérdida. Coro”.

PRÁCIDO – Pois ben, señor Xues: eu declaro, posta a man esquerda sobr'o meu peito e facendo a crus coa dereita, (*ó facelo aquivócase i-en ves da crus fai a figa*) de coma o día tres dos correntes recibín polo correo d'Europa un exemplar do drama «Minia» estreado fai pouco tempo no Ferrol con grande aprauso, e que seu autor –meu querido irmau Manoel– me mandou dend'a Cruña coma valioso presente; de coma fun esa noite pola «Peña Gallega», onde nos axuntamos tódolos días pra mellor lembra-la nosa terriña uns cantos galleguiños enxebres, antuseastas e patriotas, algús dos cales son os eiquí presentes e na cal foi recibido cos brazos abertos dendes que chegou a estas praias o señor Alfredo Nan d'Allariz, e de coma iste señor (aproveitándose dun descoido meu cando estaba xogando *ó dominó*, no momento en que ll'eu rifaba a meu compañeiro Abeleira por unha *cham-bonada*<sup>40</sup> que cometera no xogo) arrebatoume das maus o dito exemplar de «Minia» coma os testigos poderán declarar, negándose redondamente a devolvermo, auto polo que pido xustiza, pois o acusado, ó quedarse cunha cousa contr'a vontade de seu dono, incurriu no delito de furto.

XUES – Está ben, séntese. Tistigo Chané; (*chamando*) fale vos-tede o que sepia e faga a crus coa mau pra xurar. (*Iste tistigo –coma tódolos demais– ó face-la crus coa mau pechando o puño, en lugar de poñer o dedo grosso por riba de todos, méteno antr'os outros i-en ves de crus fanll'a figa ó xues.*)

CHANÉ – Eu declaro por esta, (*pola figa*) ser certo canto declarou eiquí Prácido, e que Alfredo Nan d'Allariz, cometeu un furto.

XUES – Séntese. Tistigo Barros.

---

40 Os itálicos son do autor.

- BARROS – Eu digo o mesmo; Alfredo é un *furtador*.
- XUES – Tistigo Varela...
- VARELA – Tamén eu vin o furto; Nan e cáxeque un ladrón.
- XUES – Tistigo Abeleira...
- ABELEIRA – Concorde co'ises señores; d'Allariz é un ladrón.
- XUES – Perfeutamente. Póñas' en pé o acusado. ¿Xura o señor Nan d'Allariz deci-la verdade?
- ALFREDO – Xúroo por estas. (*Iste personaxe tamén imita ós tistigos i-en lugar da crus fai a figa coas dúas maus postas car'ó Xues, quen lle reprica con sorna*)
- XUES – Aponte pra outro lado e non m'amoque, ho!! ¿Confesa vosté ter cometido o furto de que o acusan?
- ALFREDO – Confeso, si, señor; é certo.
- XUES – Nese caso, posto qu'está conuiuto e confeso vou diutar setenza condenatórea...
- ALFREDO – De vagar, de vagar, señor Xues; qu'o delito ten atanuan-tes e perciso defenderme.
- XUES – Fale, pro... con brevedá. Ten a palabra o ladrón.
- ALFREDO – Moitas gráceas.
- XUES – N'hai de que dálas.
- ALFREDO – Señores, vou falar coa reutitude que me diutan o meu curazón i-a miña concencia. ¿Se vós vírades qu'un home esfameado, adocido, rouba un pan pra mata-la súa fame, ¿condanariádelo?
- TODOS – Non... Pro... o caso é distinto.

ALFREDO – I-eu digo qu'é o mesmo, coma o vou probare. Señor Xues; señores: eu non sei se será defeuto ou virtude, pro, é o certo que, coma todo bon fillo, sinto un amor profundo por aquil currunchiño do paraíso no que por sorte vin a lus pirmeira, por aquela terriña adourada da que xa dixu ise insine cantor, goria de Galicia, que se chama Curros Enriques

«.....non hai terra  
millor que a nosa,  
máis ridentes paisaxes  
máis frescas sombras,  
máis puros ceos,  
nin lúa mais luscente  
no firmamento<sup>41</sup>.»

Polo mesmo, a min, (que pola terriña é por tódalas cousas qu'a ela concernen, son home de dar coa chola contr'on torna rodas, que no tocante a Galicia estou disposto sempre a face-los mores sacreficios que se m'eisixan) a min, repito, dóeme na i-alma que non teñamos un teatro rexional, *noso*, refrexo das nosas costumes, polo que soño e sospiro con ánsa, i-é a mor cubiza que acocha no meu peito. ¡Benia ós catalás, que, (non sei se por seren máis patreotas, ou por que), fondaron e sosteñen unha *literatura dramática* florecente, un teatro rexional foncho de vida e de prosperidade! ¿Motivo de que nós temos de sere menos? Os estilos e costumes do pobo gallego, seu caráuter, súas festas, rueiros, trulladas e maneiras de namorar; esa nosa fala agarimosa, tenra, que coa mesma intensidade espresa unha tristura qu'unha ledicia, que ten a dozura das nosas brisas, a meigosidade dos nosos campos, os marmullos das nosas chouzas, o encanto das nosas praias; as súas tradicións, xa poéticas e sintidas, xa *épicas*, xa

---

41 Os versos pertencen á poesía titulada *Un adiós a Mariquiña*, de Curros Enríquez.

maliciosas, todo, todo se presta admirabilmente pra levar ó teatro, quer no dramáteco, quer no cómeço, porque n'hai no mundo inteiro un povo máis rico do qu' o noso pra asuntos teatraes. (¡Prumas dos nosos escrebidores e poetas, zen que vos ocupandes? ¿pensasdes enmoecer sen facer nada? ¿deixarédevos roer pola ferruxe? ¡Eso sería creminal! ¡Ala, xa! ¡a traballar polo teatro gallego!) Labor patreótica é o retratar esa terriña chea de feitizos, ise pobo exempro de virtudes, dino por certo de mellor sorte, escravizado e aldraxado por catro pulíticos galopís que...

XUES – (*Facendo soar a campañña.*) Defensase, pro... non se salla do asunto.

ALFREDO – Perfeutamente. Vosté disimule, pro... ¿se me poidese desfogar! ¡ei, carafío!... Pois ben: o caso é que nós percisamos d' homes antuseastas e animosos que como o don Manoel Lugrís Freire fagan algo (que xa é hora de o facer) en prol da dramáteca gallega. Por eso teñen pra min un gran atrautivo os dramas e comédeas que se escriben no noso armoñoso dialeuto (¿endemal, poucas!) e por eso, en canto lle vin na mau ó señor Prácido o libro de «Minia», eu, que xa tiña lido «A Ponte» do mesmo autor, boteim' a él i-arrampleillo coas mesmas ánses con que o náufrago s'acolle á táboa salvadora. Namentras iles siguían xogando, eu, ó pé d'outra mesa, alí perto, xunto co Fontela (outro gallego ben enxebre por certo) púxenme aixiña a ler o dito exemprar, e... ¡ai, señor Xues! Cando acabei, non daba conta de min, non sabía o que me socedía, as bágoas caíanme a fío polas meixelas... i-a Fontela tamén. Tiña na mau unha xoia do noso nacente teatro rexional; un drama que non ten moito que ll'envexar a ningún dos escrebidos n'outas línguas. É o mellor drama gallego que teño lido. Ben urdida a trama, ben trazádo-los personaxes, ben dialogada, con esceas de pirmeira orden, e por

si o dubidan, eiquí está o exemprar; darei leutura dil pra que vostedes s'enteiren e xulguen. *(Comeza a ler o drama que todos escoitan con moita atenceón é com-pracencia, demostrando interesarlles a sorte de «Minia», unha boa rapaza do pobo que foi enganada por Xacobe do que tivo un fillo, Fiz. Xacobe, á morte de seus pais, ricos fidalgos, vaise pr'América onde morre anos dempois, deixando herdeiro da súa fortuna a seu fillo Fiz, pro, Reinaldo, irmau de Xacobe, que chegou en pulítica a se-lo cacique do pobo, e que malgastou a fortuna de seus pais en pouco tempo, home sen concencia, de cativos senti-mentos e ruín curazón – madeira de verdadeiro cacique, «¡pau neles, ¡soño!» – pertende por tódolos medios posibles arrapañar os cartos que deixou ó morrer seu irmau. Pra conseguilo, intenta hastra casar con Minia, á que noutros tempos aldraxou a máis non poder, pro, ó propoñerllo, ela recházao con dinidade; enton, il, despeitado, e valéndose do poder que ten coma cacique, quer apodeirarse do neno Fiz (ou matalo) e facer entrar a Minia nun manecomio decrarándoa tola. Minia ó porcatarse do que Reinaldo trama contr'ela e contr'o seu querido filliño, chama por iste e teñen a seguinte formosísima escea:*

Minia – *(Chamando)* ¡Fiz! ¡Fiz! Quero telo preto de min, quero que non s'aparte de diante da miña vista. ¡Fiz!

FIZ – Mamaíña, ¿que me quer?

MINIA – *(Abrazando o neno e sentándose)* Ven miña xoia, miña vidiña. Séntate no meu colo... así... pegadiño a min.

FIZ – ¡Ai! que m'apreta moito!

MINIA – Si, as miñas apretas teñen que seren así... fortes, moi fortes... ¡filliño! *(Chora)*

FIZ – Non chore, mamaíña.

MINIA – As miñas bágoas son agora d'alegría porque te teño aquí. Bícame ti tamén, Fiz, bícame que me fas moito ben, e dásmo forzas para a loita sin nome en que me vexo.

FIZ – (*Bicando*) Tome, mamaíña, tome; e non chore como chorou de noite, que me daba moita pena.

MINIA – ¿Logo, ti oícheme?

FIZ – Si, señora; e fixen que durmía, e mais recei unha salve á Santa María para que vosté non chorase.

MINIA – ¡Xoia! ¡xoíña! (*Acariciándoo*)

FIZ – ¡Mamaíña! (*Idem*)

*(Neste istante Alfredo<sup>42</sup> deixa de ler e olla en eu redor vendo que tanto o Xues coma Chané, Prácido, Barros, Varela e Abeleira están todos mirando ó chau, sen daren unha fala e cos ollos fonchos de bágoas, tal o efeuto que lles produciu a simples lectura desa escea maxistral de «Minia», escea sentida, poética, sinxela, chea de naturalidade, verdadeiro modelo na literatura dramática. Alfredo segue a leutura, entoándose cada ves máis, hastra o fin en que Reinaldo vén coa súa xente disposto a levarse a Minia á casa de tolos e apodeirarse de Fiz. Minia suprica en balde i-entón berra pidindo auxilio a seu nobre proteutor Martiño que chega correndo, pro, impídenll'a entrada os qu'están d'afora con quenes loita; mentras Minia, perdido o xuício coa delor da súa terrible situación clávally no peito unha navalla a Reinaldo que cai morto no istante en que entra Martiño que ó velo no chau dice: «Ben morto está.» O Xues, e tódolos presentes, sen se poderen conteñer, escraman tamén)*

TODOS – (*A unha*) ¡Sí; ben morto está! ¡Que drama! ¡¡que drama!!

42 Os destacados aparecen no texto.

ALFREDO – ¿Logo, están concordes comigo en qu'a obra é boa?

TODOS – ¡¡Manífeca!!

ALFREDO – Veleí porqu'eu lles dicía qu'o meu caso vén a se-lo mesmo que o do que rouba un pan pra mata-la súa fame, pois eu ó arrebatarlle a meu amigo Prácido o exemplar de «Minia» foi porque iste é o *pan* que pode calma-las ánsas da miña i-alma famenta de cousas boas no que ó arte respeta, e por eso me neguei a devolverllo.

XUES – Tes razón; eu ausólvote!

TODOS – ¡Ausolvido! ¡ausolvido! Pro veña o exemplar! (*queréndollo quitar*)

ALFREDO – (*gardándoo*) Eso, ¡un corno! O que queira ler que faga pedido ó autor, rua de San Andrés, 98, na Cruña, qu'os vende a peseta cada un. ¡Esta xoia queda pra min, que ben ma ganei!

E caio eu do leito embaixo ó querer fuxir do xulgado máis que depresa. Ergome do chau e lémbrome de que, ont'á noite, afaneilla un libro de «Minia» a meu amigo Prácido Lugrís, quen m'amenazou con botarme a presidio se non llo devolvía deseguida. Deiteime co pensamento fixo niste caso... e soñei o que máis atrás deixo escrito.

Tendo eu, pois, que falar nestas columnas a respeito do xa nomeado drama, pareceume que o mellor sería escribir o meu soño, como así o fago, por axustarse todo o que digo nil ó que diría na realidade.

Acabarei estas mal compostas liñas ofrecéndoll'os meus respetos de gallego agradecido a D. Manuel Lugrís Freire a quen desexo que Dios lle di [*sic*] moita saúde e longa vida, pra que poida escribir moitas outras, «Minias, e facéndolle o seguinte rogo: Que, coma



gallego patriota e mestre na *literatura teatral*, escreba unha comédea (ou anque sexa un milleiro) de costumes gallegas.

Fin. Cae o pano...<sup>43</sup>

---

<sup>43</sup> A seguir, reproducen o nome do autor e a data de escrita: Alfredo nan de Allariz. Habana, maio de 1904.



## ¡AIRIÑOS... LEVAIME A ELA!<sup>44</sup>

Boceto cómico-dramático, escrito por Alfredo Nan de Allariz. Estreado con grande aprauso no Gran “Teatro Nacional” da Habana na noite de Santiago de 1905.

Á miña irmá Asunción Allariz.

Chonchiña: Non pensaba publicar iste sinxelo traballíño dramático, porque o fixen tan solo pra festa da Beneficencia gallega que se celebrou eiquí o día de Santiago, pro, como moitos peisanos quedáronse sin o poder ver, –uns, por non teren xa lugar no teatro, (oí tiña unha enchente qu’estoupaba), e outros porque non poideron ir–, pedíronme con tanta teima que o publicase, que, non queréndoo facer en libríño, din gustoso a licencia que me pidiu o director diste xeito, lembreime de que ti, a máis de ser unha irmá moi agarimosa, es tamén unha grande entusiasta da nosa meiguíña fala, e, polo tanto, moi merecente de qu’eu che dadique iste cativo froito do meu probe inxenio.

Recíbeo co mesmo cariño con que cho ofrece teu irmau.

Alfredo.

Habana 31 de Santiago 1905

PERSONAXES E PERSOAS qu’o estrearon.

Carmen ..... Srta. Modesta Periath  
María ..... Srta. Anatolia Sequeiro  
O tío Marcos..... Sr. O autor  
Antón..... Sr. Lorenzo Iglesias  
Andrés..... Sr. Abdón Vide  
Gabino ..... Sr. Genaro Gil Senra

<sup>44</sup> Transcribimos o texto aparecido os días 6, 13 e 20 de agosto de 1905 (números 32, 33 e 34 respectivamente) da revista *Galicia (Revista semanal ilustrada)* publicada na Habana.

## ACTO ÚNICO

A escea rapresenta o patio dunha casa d'Habana.

### ESCEA I

Ó erguerse o pano aparece o tío Marcos, sentado, porparando unha gaita. Antón, sae das súas habitaciós.

#### FALADO

ANTÓN – Bos días, tío Marcos. ¿Que fai?

MARCOS – Xa podes ver.

ANTÓN – Porparando a gaita ¿eh? ¿Seica vai á festa?

MARCOS – E logo ¿pode faltar o *vello gaiteiro* na festa d'hoxe, na festa dos gallegos de Cuba<sup>45</sup>?

ANTÓN – Procure quedar tan ben com'o ano pasado.

MARCOS – Home, eu os medios heinos poñer. ¿E ti, non traballas hoxe?

ANTÓN – Non traballa ninguén na frábica. O noso amo que, como vosté sabe, tamén é un bon gallego, entrou onte, nos talleres e dixo: –“Rapaces, mañá non se traballa, pro, en troca, pagareiros [*sic*] dobre xornal. É o día do noso patrón Santiago i-hai que festexalo!”

MARCOS – Si tódolos gallegos fosen com'el, outro galo nos cantara!

---

45 Os destacados aparecen no texto impreso.

ANTÓN – ¿I-a que vostede non sabe unha cousa?

MARCOS – ¿O que?

ANTÓN – O seu sobriño Andrés, estalle na Habana.

MARCOS – E logo ¿cando chegou?

ANTÓN – Fará unha media hora. Polo visto vén pasar a festa d'hoxe eiquí, pro, vólvese outra vez ó campo.

## ESCEA II

Ditos e Carmen e María, fillas d'Antón, que saen tamén da casa

MARÍA – Buenos días.

MARCOS – Bos días, rapaciñas. (*Deixando a gaita no banco i-erguéndose pr'as cumprimentar.*) ¡Ai, Antón, tes eiquí dúas nenas que son dous soles!

ANTÓN – É a mor fortuna qu'atopei en Cuba.

MARCOS – ¡Xa cho creio! Ben o podes decir. Fillas así, honran a seus pais.

CARMEN – Muchas gracias. Hoy estará usted contento, ¿verdad, señor Marcos?

MARÍA – ¡Claro; es el día de su fiesta!

CARMEN – ¿Va usted a tocar la gaita como el año pasado?

MARCOS – Si, filliñas, si; vou tocar. Pro, non com'o ano pasado, sinón máis mal; porque en min, xa s'acabou o gaiteiro. (*Con sentimento*). Cada día asobállame máis a vellés;

engarabítansem'os dedos, xa n'hai listeza neles; os pulmós están esnaquizados, o peito non ten folgos; non teño alento nin xiquer pra infla-lo fol. Non podó tocar, non podó nada. (*Con desalento.*)

ANTÓN – A voluntá fai moito, velliño. (*Animándoo.*)

CARMEN – Hace más el que quiere que el que puede.

MARCOS – ¡Ai, si eso fose certo! Non estaría eu eiquí. Estaría na miña terra, naquela terriña adourada, pola que tanto sospiro. Pro, xa ves; vello, enfermo, inútil pr'o traballo; probe, moi probiño, posto que vivo da xenerosidade de todos vosoutros. Eu quixera ir acaba-los meus días en Galicia, mais... non podó, non teño con que. (*A Carmen.*) Xa ves como non dí verdade o teu adaxio.

ANTÓN – Pro, Galicia está moi lonxe, velliño, i-a gaita moi perto. En canto vostede sinta sona-lo roncón, verá como s'anima.

MARCOS – Ben pode ser; pro, hoxe –como dixo a nosa gran Rosalía (*descobríndose moi reverente*) que Dios teña en santa groria!– hoxe a miña gaita non canta, hoxe chora.

CARMEN – ¿Llorar?

MARCOS – Si, filla, si; chorar. (*Os versos que siguen, falando da gaita, están dedicados a meu quirido amigo o insine maestro D. Xusé Castro Chané.*)

Porque esta gaitiña,  
a gaita gallega,  
a gaita adourada  
de misterios chea,  
a i-alma dun pobo  
no seu fol encerra.

-----

Ouvíndoa en Galicia,  
 nun día de festa,  
 aló antre penedos,  
 no adro da igrexa,  
 ou baixo as sombrías  
 dunha carballeira,  
 cando as xentes con louca alegría  
 o santiño do pobo festexan,  
 cando todos, mocíñas e mozos,  
 e vellos, e vellas,  
 i-hastr'os rapaciños,  
 bailan a muiñeira,  
 e brilan nos ollos  
 ledicias inmensas,  
 e cheos de gozo  
 ó par do que as pernas  
 os curazós bailan  
 que os peitos encerran,  
 alí é donde a gaita  
 a gaita gallega  
 cos seus meigos sonos  
 as almas recreía. (*Moi animado*)  
 N'hai entón reisiñoles no mundo  
 que canten com'ela,  
 nin alegre risada de moza  
 que se lle pareza  
 nin hai mozo qu'estoncias non berre  
 ó acabar de beilar a muiñeira,  
 “ei, rapaces, que viva por sempre  
 a gaita gallega!”  
 (*Transición*) Mais... ouvíndoa en Cuba  
 tan lonxe da terra,  
 cando os desinganos coas súas feras garras  
 na i-alma ían presa,

cand' o peito nos firen decote  
 tristuras moi negras,  
 cando o pensamento  
 relembranzas chegan  
 dos días felices  
 da idade primeira,  
 dos tempos ditosos  
 pasados n' aldea,  
 dos seres quiridos  
 que alá nos esperan,  
 dos ríos, das veigas,  
 de cantos feitizos Galicia atesoura  
 qu' é a rexión má[i]s formosa da terra;  
 cando istes recordos  
 á i-alma nos chegan  
 ó vernos tan lonxe da patria adourada,  
 eiquí... ¡en patria allea!...  
 entón a gaitiña,  
 a gaita parleira  
 non canta alegría...  
 só chora tristeza.  
 Entón son súas notas salaios doentes  
 qu' o espíritu apenan,  
 entón do punteiro non fuxen risadas...  
 ¡escápanse queixas!  
 ¿Como n' hei de cantar da gaitiña  
 as súas escelenzas  
 si ela nosa i-alma  
 no seu fol encerra?  
 ¡Gallegos de Cuba, (*Adiantándose ó público*)  
 gallegos de veras,  
 no peito vos queda,  
 berrade cumigo – “¡que viva por sempre  
 a gaita gallega!”



- ANTÓN – ¡Tío Marquiños! (*Dándolle unha aperta*)
- MARCOS – Vaia, vaia, vaia. Non faguerme casa ¡caréstolas! Esto é a *morriña* que me esmaga o curazón, i-alcéndem'o sangue nas veas e queímame na chola os miolos, e faime desvaír, e... ¡deixádeme, deixádeme!
- CARMEN – ¡Pobre viejito! (*A María.*)
- MARÍA – ¿Y eso es lo que les hace sentir a ustedes la gaita? (*Ó tío Marcos.*)
- MARCOS – Ti tes razón. O que nos fai sentir a nosoutros; porque os subrimos misterios da gaitiña soilo poiden chegar ó curazón dos gallegos.
- CARMEN – Pues eche penas al aire, viejito, que hoy es día de regocijo.<sup>46</sup>
- MARÍA – Queremos verlo contento.
- MARCOS – Gracias, filliñas.
- CARMEN – ¿Usted no viene, papá?
- ANTÓN – No, yo me quedo por aquí.
- CARMEN – Vaya, pues hasta luego, (*Vanse as dúas pola porta da calle*)
- MARCOS – Adios, nenas. ¡Poñerme contente! ¡Non pode ser! (*Ollando pr'a gaita.*) Gaitiña quirida, quen te poidera tocar na terra. ¡Pacencia, xa n'hai esperanzas!
- ANTÓN – Quen sabe, tío Marcos; tal ves non tarde moito en conseguilo.
- MARCOS – ¡Imposible!

---

46 Até aquí chega a parte publicada no número 32.

ANTÓN – Non tanto como vosté pensa. Olle, eu non lle quería decir nada aínda; pro pra que vexa que m'acordo de vosté, díreille que xa teño falado deso a unha señora, tamén gallega, moi caritativa, i-é cuasi seguro que lle pagará o pasaxe.

MARCOS – ¡O que! (*Moi contente*). ¿Que me dis? ¿Pro, e verdade?

ANTÓN – Como que a vou ir ver agora mesmo pra falarlle do asunto.

MARCOS – Pois, curre, fillo, curre. Fálalle ó curazón a esa boa señora; dílle qu'eu vivo morrendo coas soedades do espírito, cóntall'as miñas ansias; que son moi probe, qu'estou enfermo, firido de morte, e que soilo quero qu'os meus ósos sexan roídos pola terra da patria; que s'eiquí teño o corpo, alí teño a i-alma, os pensamentos, a vida, todo, todo..

ANTÓN – Vou, vou. (*Vaise pola porta da calle*)

MARCOS – Curre, Antoniño, curre, ¡A virxe do Carmelo cho pague! ¡Ai, si fose a patria! ¡Miñas ilusiós...! (*Pausa*)

### ESCEA III

O TÍO MARCOS, *solo* – (*A poesía que sigue, de cinco estrofas, foi esquirta tempos atrás i-está dadicada ó noso gran poeta Curros Enríquez*)

Pensando na fertuna que soña o emigrado  
un día... ¡malo diaño!... pr'América embarquei  
i ó ver zarpa-lo barco, chorei, si, ¡malpocado!  
pasaron quince días i-América cheguei.  
Fai desto moitos anos, mais á fertuna aquela  
con qu'eu soñei un día, non vexo aparecer,  
pois entran nesta terra uns poucos con estrela

i-os máis can *estrelados* ¡e non ll'hai que facer!  
Si algún (dos da boa estrela) logrou en poucos anos  
achar o codiciado metal de Belcebú,  
eu sólo achei traballos e croeles desinganos  
que, a máis da doce calma, roubáronm'a salú.  
I-ó verme así tan lexos, soliño, abandonado,  
sin ter un alma amiga qu'eiquí coide de min,  
non soño coa fortuna, non quer'o ouro soñado,  
só soño co retorno á terra onde nacín.  
¡Alí terei ó menos o fin da miña vida  
quen un amante beixo me poida ó morrer dar,  
tereí un anaquiño da terra tan quirida  
en donde o sono eterno eu poida descansar! (*Pausa*)

MÚSICA

Airiños, airiños aires,  
airiños da miña terra  
airiños, airiños aires,  
airiños... levaime a ela, etc. etc.

(*Cantando a balada do maestro Chané con versos de Rosalía Castro*)

ESCEA IV

Dito, e Carmen, María, Andrés e Gabino, entrando todos pola porta da calle

FALADO

CARMEN – Señor Marcos, aquí tiene a su sobrino.

- GABINO – Bueno día, viejo. (*Iste personaxe é un negro moi composto que vén acompañando a Andrés.*)
- MARCOS – Andresiño. (*Correndo a abrazalo*)
- ANDRÉS – (*mozo de 20 anos.*) Hola, tío ¿cómo le va?.
- MARCOS – Xa ves, filliño; cada día con menos forzas, máis achacoso... ¿E ti, estás contente?
- ANDRÉS – No dego de lo estar. Al principio me molestaba aljo la mucha calore que se sinte en Cuba, pero ahora me voy afaiciendo. (*Querendo falar castellano e dándose certo tono*)
- MARCOS – ¿E como te tratan polo campo?
- ANDRÉS – A mí bien. Dendes que llejé al Inguenio entré a trabagar nel taller de carpintería y me va moi bien.
- MARCOS – Escoita, escoita; (*repéndendoo*) fai o favor de non estropealo castellano e fala en gallego coma Dios manda.
- ANDRÉS – No lo sé, tío; por mi madre, que se me ha esquecido.
- MARCOS – ¿Esquecéuchese en tres meses que levas en Cuba?
- ANDRÉS – Compadre, tío, vosté s'aquívoca. Llevo mucho más; llevo catro meses menos tres días.
- MARCOS – Pois olla, ho; eu xa levo eiquí máis de trinta anos, e aínda non o esquecín.
- ANDRÉS – Porque ustedede es de otros tiempos. Hoy somos más progresistas.
- MARCOS – O que sodes é máis burros: ¡quita, quita!...
- GABINO – Hoy etará uté contento, viejo?
- CARMEN – Al contrario, está triste.
- GABINO – ¿Po qué?

MARÍA – Porque le entró la *morriña*.

MARCOS – Esa téñoa eu cumigo fai moitos anos.

GABINO – A la noche en la fiesta del teatro se alegrará.

MARCOS – Na da miña aldea, si que m'alegaría eu.

ANDRÉS – Compadre, si vale más una función de teatro que vinte romarías de las nuestras.

MARCOS – Ti que sabes deso; larchan, brégoles, renegado. ¡Quen se pode esquecer dos encantos que teñen aquelas romarías. Escoitade:

Que o que son as nosas festas

vóuvolo decir nun credo.

*(Esta descriución da festa, é a mesma de «Recordos dun vello gaitero», ampliada)*

Xa de véspera o folión

é de tódolo contento,

i-antre a música, i-a gaita

i-os fogos i-o bailoteio

i-as rosquillas, e o bo viño,

i-algún que outro arrecheo

entre mocías e mozos,

pásase a noite nun credo.

Pola mañan a ouvir misa,

(dúas ou tres polo menos)

dempoixas a porcesión

i-en de s'esta recollendo

a buscar unha sombría

mesmo beira do rigueiro,

i-a saca-las empanadas

deixando baleiro o queipo

dos lacós, polos e cousas

de que á festa chegou cheo:  
e a xantar, e... ¡viv' o santo!  
Dempois van chegando os cegos  
pidindo e tocando a viola  
compras cantando os romeiros.

(*Canta o cego*) «Mozo del bijote negro,  
y el pañuelo colorado,  
mesmo le estoy compriendiendo  
que ha de estar anamorado».  
(*E canta a rapaciña que o acompaña*)  
«Ha de estare anamorado  
de la moza que a su beira  
esté y en el chao sentada  
y mesmo parece unha reina».

Logo entre mozas e mozos  
tamén comenzan os versos,  
i-alí é de ver antre todos  
quen demostra máis inxenio.  
(*Dice o mozo:*) «Olla moza eu os teus ollos  
estanme alcendendo a sangre,  
e si me sigues ollando  
non sei o que irá pasare».  
(*E contesta ela:*) «Mociño non sexas tolo  
si te-la sangre alcendida  
métete de chola ó río  
i-apágachase enseguida».  
(*E ripricall'ik:*) «Si vas pr' o lugar á noite,  
conta coa miña compañía,  
que solas antre carreiros  
corren peligro as rapazas».  
(*Ela con sorna:*) «Agradézocho mociño

pro, túa compañía non quero  
 porque vale máis ir sola  
 que ir en compañía do demo».

E así siguen un bo anaco  
 vencendo ela no torneio.  
 Dempois a dormi-la xesta  
 alí sobr'o campo mesmo  
 hastra que pola tardiña  
 vai tod'o mundo ó turreiro,  
 é veña beilar sin trégoas.

–«Ei, Manica, dálle xeito!  
 –¡Move ben os pés, Fuquiño,  
 que hastra o compás vas perdendo».–  
 ¡Que de cousas non se dicen!  
 ¡que de alegría e contento!  
 –«¡A ver, -dice unha rapaza–  
 a ver, que toque o gaitero.  
 –¿E que queres que che toque  
 prendiña, di o teu desexo,  
 qu'eu con tal de compracerte  
 o que queiras tocareicho.  
 –Xa sei que es bo tocador  
 é que pra todo tes xeito,  
 así, pois, o que me toques  
 eu heiche d'agradecelo.»–  
 Sigue a troula, máis de súbeto  
 ármase un cisco dos demos,  
 a xente fuxe espantada,  
 por todos lados dan berros:  
 –«¡Que viva San Paio! – ¡Morra!–  
 –¡Ei, que viva Pai Cordeiro!  
 –¡Arriba os de Curbillón!»  
 Zoan no aire os fungueiros

*e ármase unha de paus*  
que trema alí o menisterio;  
dúas ou tres cholas quebradas,  
dous ou tres *valentes* presos  
i-eiqué paz e dempois groria;  
¡si é unha delicia aquilo! (*Todos aproban*)<sup>47</sup>

GABINO – Choca, viejo. Pero oiga; no ovide que aquí también tenemo nuetra cosita buena. Y selebramo baile de sala que tienen rabia; con mucha lú eléctrica, mucha flore y música de ógano, güiro y timbale; con mulata sabrosa de pulpita mamey, de esa que a bailá e dansonsito se ponen má dulce y pegajosa que e guarapo. Compadre, y cuando uno se siñe pa bailá con una de esa mulatica que tienen coquicola, y te mira con aquello ojaso brilladore que derriten corasone, y la oqueta le mete candela y sigue el movimiento isinuante, ¡Ave Maria, negra, la gente s'entusiamas, se exata e patriotismo y «arriba criollo!» grita todo e mundo. ¿Vedá nena? (*A María*)

MARÍA – Cuando usted lo dice.

GABINO – Si que uté no lo sabe. ¿Quiere que le meta un dedo en la boca a ve si muede?

MARÍA – ¡Qué ocurrencia!

MARCOS – É moi natural que a cada un lle gusten as súas cousas. A ti gústache esto; eu sospiro por aquilo.

ANDRÉS – Pero tío, déjese de bobarías.

MARCOS – ¡Bobarías!

ANDRÉS – Claro, hombre. Si eso de patriotismo y amor a la tierra, ya no se usa. Mire que van a reir de usted.

---

47 Ate aquí chega a segunda parte, publicada no número 33.



MARCOS – ¡Rirse de min! ¿Por que? ¿Porque adouro á miña patria?

ANDRÉS – ¡Qué patria!... No hay más patria que la que nos da de comer.

MARCOS – Ouve, ti. Eu podrei pasar porque non queiras fala-lo gallego, pro non ch'hei de consentir que teñas esas ide-as. Estou falando de Galicia. (*Con orgullo*)

ANDRÉS – Pero, caballeros, si Galicia es un pueblo inculto, atrasao...

MARCOS – ¡O que? (*Nun grito de ira*) Ven eiquí, Iscariote desleigado, i-escoita. (*Colléndoo da mau*) Galicia pode ser un pobo escravizado pola política, víutima da inicua esprotación de caciques sin dinidá e sin vergonza; pro, Galicia, é o lar onde mora a virtude, a honradés, a lealtá, o traballo. Galicia, aquil encantador paraíso, é a terra máis formosa que Dious criou; e canto máis disgraciada sexa, máis dina é do amor de tódolos seus fillos. (*Eisaltándose co diálogo*) Quen non teña amor á patria, nin é honrado, nin é dino de tratar con xentes.

¡Maldito mil véce-lo paxaro que se lixa no niño! O noso niño é Galicia, e cando eu fale dela, ti hasme d'escoitar co chapo no chau, e de xionllos. (*Baténdoll'o chapeo no chan e facéndoo axoellar á viva forza*)

ANDRÉS – Tío, (*arrepentido coa leución*) vosté ten razón, eu non sei o que me digo.

MARCOS – Pro... ¿qu'é eso? ¿xa falas gallego?

ANDRÉS – Si, tío; ¡perdóeme! (*Supricante.*)

MARCOS – ¡Perdoarte? Xa o creio. Ven eiquí. (*Apertándoo*) Si este é coma todos. O fondo é bon, o curazón está sano, pro, méteselles algo de fumo na chola, i-hai que saberllo sacar. ¡Ridimín un gallego! ¡Ogallá poidera redimir moitos máis!

## ESCEA V

Ditos e Antón, da calle; moi contente

ANTÓN – Tío Marcos, tío Marquiños; alégrese, vello, que xa está todo arranxado. Propárese pra ir á terra.

MARCOS – ¡Que me dis? ¿Falas certo? (*Con alegría.*)

ANTÓN – Si; esa señora, que é tan boa, págalle a pasaxe, é aínda algo máis. Agora veña, que o quero presentar a ela.

MARCOS – Pois agarda; que pra lle ir dá-las gracias á esa señora, debo ir coma Dios manda; de calzón curto é monteira é tocando á gaita. Inda gardo o meu traxe de cando mozo. Eí o teño, agardade; nun periquete estou vestido. (*Dirixiéndose á porta d'o seu cuarto*) Si me parece mentira. Eu á patria; meu sono, miñas ilusíós, miñas espranzas; ir morrer alá, bicar aquela terriña tan quirida!... ¡Ai, eu non sei ó que sinto!.. Meu sono, meu sono... ¡Galicia!... ¡Galicia!... (*Entra no seu cuarto.*)

## ESCEA VI

Ditos, menos o tío Marcos

MARÍA – Pobre, ¡qué contento se ha puesto!

ANTÓN – O caso non é pra menos, filla.

GABINO – ¿Y uté no se alegra también? (*A María.*)

MARÍA – Yo ¿de qué?

GABINO – De veme a mí a su lao muetesito po su pedasos.

MARÍA – Qué parejero.

GABINO – ¿Parejero? Si quiere uté vení a bailá un dansón connigo en la sosiedá el domingo.

MARÍA – Me pueden preguntar si se me ha muerto alguien.

GABINO – ¿Po qué?

MARÍA – Por ir de luto. (*Gabino fai un xesto e diríxese a Carmen.*)

GABINO – ¿Y uté, nena?

CARMEN – ¡El tabaco me marea!

GABINO – No hay nada pedío; me regreso. ¡Te la patieron, Gabino!

ANTÓN – ¿Que foi eso, *Guabinas?* (*Ríndose.*)

GABINO – Oiga, compadre, aquí no hai guabina, ni cherna, ni pargo que valga; me llamo Gabino.

ANTÓN – Foi unequivoco.

GABINO – Pué por si acaso, que yo no creo en velorio chino! (*Sae o tío Marcos vestido co traxe típico de Galicia, e tocando unha muiñeira na gaita.*)

## ESCEA ÚLTIMA

Tódolos personaxes

MARCOS – (*Deixando de tocar*) Vamos alá. Pro, escoita, (*A Antón*) antes de nada, dime ó menos o nome desa señora tan caritativa.

ANTÓN – Foi, esa señora, vosté ben a coñéce, pro, pásalle o que a moitos dos nosos peisanos, que, anque é tan boa, téñena esquecida ou menospreciada. Chámase... (*Falándolle á orella.*)

MARCOS – ¡E verdade! ¡I-eu que non me porcatava!... ¡Fora chapeos! (*Ó púbrico*) Peisanos de Cuba: ¿sabedes quen é esa nobre gallega, que prauticando sempre a santa caridade espaxa a maus cheas o ben por todos lados, que acude agarimosa a consola-las afliució dos nosos irmaus en disgracia, que tantos infertunios alivia, que tantas bágoas enxuga, que tantas necesidades socorre; á que todos lle debemos tender unha mau proteutora pra que poida seguir cumprindo a súa misión sagrada, humanitaria, patriótica, groriosa?... Pois eí a tedes; é a bendita ¡«Beneficencia gallega»!

(*Érguese ó pano i-aparece unha alegoría da Beneficencia gallega.*)

Fin.

Habana, mes de Santiago de 1905.

# EMILIANO BALÁS SILVA

(FERROL 1859-1934)

## MONÓLOGO<sup>48</sup>

He aquí el aplaudido monólogo, original del inspirado poeta y querido amigo nuestro D. Emiliano Balás, recitado, como presentación del coro pontevedrés *Aires da terra* en la *Fiesta Gallega* que se celebró en el *New England* el martes último:

Señoras e señores, rógolles disemulen  
ó meu atrevimento, eu, viña parolar  
convosco, un pouquichiño; mais, anque a falar  
veña nin son un badueiro nin son un badallán  
Abofé, que nengunres de ca[n]tos aí estades  
podedes maxinarvos, siquera, quen eu son;  
nin as cobizas, nobres, que gardo acó no peito;  
nin as fondas peniñas que m'enchén de delor.  
Son, unha mesturanza d'amores e xenreiras,  
de mágoas e d'aldraxes, que sempre i-a esquenciu  
os tempos de que datan; pois évos miña hestoria  
á hestoria dun escravo, xa cheo de sufrir...

---

48 Reproducimos o texto aparecido no xornal ferrolán *El Correo Gallego* o 9 de febreiro de 1912.

Eu, funvos, ben o podo decir, moi galloufeiro,  
 un pai da miña pátreá; un nobre loitador,  
 qu'a Iberia, cuas que toda, do mouro asoballada,  
 en terra libre, grande i-espréndida trocou.  
 Eu, nos antigos tempos, loitei con Viriato  
 da forte Roma en frente, en fero batallar;  
 e fun, na derradeira centuria, quen primeiro  
 das aigas dos franceses, librou o noso chan...  
 ¿Me chaman cobizoso, e, doulles o meu sangue  
 sin marmular tampouco, nin perda teño del!  
 Me chaman cobizoso, e, a vida enteira dinlles  
 a aqueles que m'aldraxan e fanme descreer!  
 En pago dos meus trunfos, solo disprecios, danme;  
 do chan tan feiticeiro, que sempre defendín,  
 a forza de trabucos, de foros e gabelas,  
 me botan, ¡desleigados! facéndome fuxir.  
*Pra min, e sempre inverno*<sup>49</sup> (como decía Curros)  
 pra min, o ledo Maio frorido, nunca vén,  
 pra min, e sempre noite... pero ¿quen sabe, aínda,  
 s'os batumes qu'estoupan, collidos, non terei?  
 Os pobos nunca morren, si no sufrir se tempran  
 e valentes e fortes, nobres e honrados son;  
 non temen ser, os duros diamantes, arraiados,  
 por moito qu'os abatan, nas penas, os cachóns...  
 Mais eu, meus amiguiños, estábame esquecendo  
 da causa que me trouxo, con vos a parolar;  
 eu, veño presentarvos un fato de rapaces,  
 enxebres trovadores, garrida mocedá.  
 Eles, diranvos cousas que solo decir saben  
 ises airiños mornos, sinxelos, retozós,  
 que fan zoar a os pinos queixumes marmuleiros

---

49 Destacado no texto impreso.

e fanlle ceibar pelras abarreando a fror.  
¡Oídeos!, ¡ascoitade seus cantos melancónicos,  
os ecos da montaña e mais da beira mar!;  
¡oíde, os esgarrantes, potentes aturuxos  
que botan, cando a copra os aires fendeu xa!  
Oíndoos, sentiredes qu'a risa, polos beizos,  
facendo coxeguiñas, ordena d'asomar  
e as bágoas outras veces virán ós vosos ollos  
cal pingas qu'escorreran dun puro manantial.

.....

Adiós, lles digo a todos; eu, sintom'obrigado  
polas bondades vosas; despois de presentar  
a istes mozos enxebres, demándovo-la venia,  
pra, ca vosa licencia, poderme retirar.





## ESTRANXEIRO NA SÚA TERRA<sup>50</sup>

### AUTO I

#### ESCENA I

Antón – Pedro

ANTÓN – Eu conocinna, sendo rapaciño,  
e conocín un fillo que tuvera,  
naide poido saber de quen, nin como,  
porque foi co secreto para a terra.  
Por certo qu'ao rapaz logo o cebaron  
ó morrer seu avó, pr'o Sur-América  
e hoxe dín qu'está rico e sempre pía  
por vir pr'acó, que n'esquencou a terra.

PEDRO – Oín falar, por veces, á Vertudes,  
dese tío que ten e di que pensa  
vendere ou traspasar os seus negóceos  
e vir pr'acó, pasada a primaveira;  
por eso lle tratou a tía Culasa  
co canteiro do Bargo, co Macelas;  
trescentos pesos quer, por o tellado

---

50 Reproducimos o texto aparecido no *Almanaque gallego para 1915*, publicado por Manuel Castro López en Bos Aires. De todos os xeitos, ollando a numeración das escenas e seguindo o fio argumental, todo parece indicar que se suprimiron escenas intermedias.

revocar e facer xunto da eira  
un sobrado, d'altor de doce cuartas  
ou máis; con dúas luces de boa pedra  
de Formariz e vigas de castaño  
e unha porta moi guapa i-escaleiras;  
pero á tía Culasa non lle compra  
darlle máis que douscentos e cincoenta.

ANTÓN – ¡Arre, troooooo! ¡Logo é certo!

PEDRO – Elas, lle teñen  
de mentes de facerll'unha carena  
a casa, e de mercar, aló na vila,  
trebellos pra guisar e sillas, mesas,  
en fin: que contan d'amañalo todo  
com'un pazo.

ANTÓN – N'envexo ás da Pedreira  
o ben de Dios, que teñen, nin a nadie;  
mais, falando parcial; ¡quen lle dixera  
á nai desa Culasa, qu'o sobriño,  
que non parou hastr'o botar pr'América  
fose, despois de morta, e tempo andando,  
quen a nai de Virtudes protexera!  
¡Cantas voltas dá o mundo, meu amigo!  
Eu o recordo como si o tivera  
mesmo diante de min; iba pr'ascola,  
qu'estaba xunt'o Seixo, e nin merenda  
dábanlle pr'o xantar de médeo día;  
os demais rapaciños dista aldea  
levábamos a nosa, drent'un pano,  
cada un envolto o que seus pais lle deran;  
pero o probiño orfo Xan María,  
nin xantaba nin houbo quen poidera

facérchelle coller unha frangulla;  
mesmo pasaba, o probe, fame espesa.

PEDRO – ¿Logo, non tiñan que lle dar?

ANTÓN – Si, home;  
tiñan abondo, pero como Petra  
a súa nai, o tivo...

PEDRO – Ben lle me recordo  
do que falou; o tuvo de solteira.

ANTÓN – Si, pero a máis, tamén, como tan guapa  
foi a Petriña, e súa irmá non era  
pra lle chegar aos pés, porque as virolas  
deixáronlle-las marcas nas faceiras,  
Culasa nunca coa súa irmá levouse;  
pero despois do conto, sempre guerra  
houbo, na casa, arreo, e lle botaba  
Culasiña, na cara, a súa fraqueza.  
Antramentres viveu o tío Xacinto,  
que sempre quixo moito máis a Petra  
o pasou o netiño menos malo;  
pero asín que morreu, foi unha fera  
pra el, a súa tía; unha madrasta  
non cho tratase com'o tratou ela.

PEDRO – Eu, non sabía...

ANTÓN – Ti, non sabes, mozo,  
esas hestorias; poucos ten a aldea  
que saiban o qu'eu sei, porque, meu fillo,  
eu xa che son com'unha carta vella.

PEDRO – Pois din qu'é certo, que lle trai bos cartos  
e... ascoite, tío Antón: nas obras esas

que van facer na casa, penso agora  
qu'el terá súa parte, por heréncia  
da súa nai.

ANTÓN – É certo; mais en todos  
cantos bes teñen hoxe os da Pedreira;  
pois por o xenro do señor Xacinto,  
home que foi da tía Culasa a vella,  
nin por o pai, tampouco, de Virtudes,  
nunca soupera de nada que tuveran;  
foron homes de ben, pero tocante  
a capital, nin rafa.

PEDRO – ¿E sabe qu'era  
unha boa broma, si, por caso poño,  
ese parente que lles vén d'América,  
pedira a súa parte?

ANTÓN – Meu filliño,  
terían que lla dar todía enteira.

PEDRO – ¿E si pedise a parte que rentoulle  
en tantos anos?

ANTÓN – Eso nin siquera  
débese de pensar.

PEDRO – Pero... ¿non pode  
acontecer?

ANTÓN – Como poder, poideran  
tantas cousas pasar... Mais ti, te coidas  
moito do capital das da Pedreira.

PEDRO – É qu'a min non me dá boa espiñada  
o viaxe dese home; si estivera

tan rico com'o fan e tan runflante,  
non ordenara non, de vir pr'aldea.

ANTÓN – Non che falta razón, pero lle tira  
o recordo e amor da súa terra.

PEDRO – Pro, mire, tío Antón: en tantos anos...

ANTÓN – (*Pensando*). Corenta e catro fai, si eu non m'esquenzo  
nun de máis ou de menos, qu'está fóra.  
Nun bergantín mandáronno, de vela  
e pr'aforrar os cartos do pasaxe  
foiche fregando pratos e caldeiras...  
Debe de ter... cincuenta e cinco anos.

PEDRO – Pois agarde, tío Antón; si el estivera  
tan rico, ¿vosté pensa que trataba  
de vir pr'acó? Eu coido que na terra  
en que o mellor da vida foi pasando  
buscada xa tería unha parenta  
e deste síteo, onde tan crúos foron  
pra el, nin lembrarse xa quixera.

ANTÓN – Pode ser como dis, mais tamén pode  
serch'a cousa, rapaz, doutra maneira.  
Ti, non saliches nunca da túa casa  
e por eso non podes ter idea  
do que son os recordos da terriña  
pr'os que se ven orfíños, lonxe dela;  
orfíños, si, das xentes qu'os criaron;  
orfos daqueles campos e das veigas  
e das risoñas rías e dos vales  
e mais dos soutos de cañotas vellas;  
dos montes, ond'os toxos, xa leñados,  
cobertiños de fror, amarelean

dand'os aires ulidos qu'arrecenden,  
mesturados, por veces, cos da lesta...  
O que se ve moi lonxe da terriña  
ti, non sabes, Perucho, canto dera  
o día do patrón, por atoparse  
no adro da parroquia, vendo a festa,  
mirando rebullar os rapaciños  
e pasar as mocíñas pra a igrexa  
e sentir os estalos dos foguetes  
e ouvir a vos da gaita feiticeira...  
O amor da nosa Pátrea e a saúde,  
Peruchiño, nun todo se asemellan;  
non che nos decatamos do que valen  
si non nos vemos privadiños delas.

PEDRO – Vosté ben fala, tío Antón; mais eso  
creo de min qu'o sintan os que deixan  
o país noso, cando feitos homes  
botaron xa raíces na súa terra;  
pero quen diste chan saleu tan novo.

ANTÓN – Si cadra, ese, aínda che se lembra  
máis destas cousas qu'os que xa de homes  
foron pr'aló, porque a súa inocéncia  
de rapaciño, fíxolle ver todo  
por súa cara máis doce e churrusqueira.  
Por eso agardaranll'os desengaños  
máis feros e máis duros, cando veña;  
porque hoxe no día, entre nosoutros  
vai xa todo virao e che cambea.

## AUTO 2º

### ESCENA<sup>51</sup> 7ª

Xan María – Culasa

CULASA – Tes que desemular, meu curmanciño,  
por o estado en que temos inda a casa,  
como non t'esperábamos agora...

XAN MARÍA – ¿Cómo no? ¿Cuándo, entonces, me esperaban?

CULASA – Pra medeados do vran.

XAN MARÍA – Dígame, prima:  
¿Cómo no ha hecho lo que le indicara  
desde hace ya dos años? Envíele,  
para arreglar bien esto, alguna plata...  
siete letras girele, cada una  
trescientos pesos ¿no? de aquí, de España,  
a parte lo demás, que para ustedes  
siempre mandé; pues ¿cómo ni empezada  
está la obra? ¿Ustedes qué se han hecho?

CULASA – Aínda, meu fillo, n'a fixemos; ¡tantas  
labores unha ten!... coidar os porcos,  
labrar as terras e manter as vacas...  
Traballámosche sempre, com'a negras  
e non nos queda tempo para nada;

---

51 Aínda que non hai ningunha indicación de cambio de escena entre a primeira do primeiro acto e esta inicial do segundo, o autor numera esta e as seguintes, a partir de 7. Decidimos manter as indicacións do orixinal.

asín seña eu de Dios, como cho digo  
tal e conforme ch'é.

XAN MARÍA – Pero, Colasa:

¿por qué aguardó para decirlo, agora?  
¿Por qué no me lo ha dicho en una carta?  
hubiera yo buscado quien lo hiciese.

CULASA – ¿E quen s'iba meter na miña casa,  
pra facer obras?

XAN MARÍA – ¿Quién? Los carpinteros  
y el cantero, no más.

CULASA – Si eu lles deixaba,  
porque, non che pareza, curmanciño,  
mal o que vou decirche; pero a casa  
xa sabes que tan túa é, como é miña  
e mañán u outro día si te chamas  
ao teu, quedamos eu mais miña nena  
sen lar e sin fogar.

XAN MARÍA – Yo, no pensara  
en eso; pero todo lo que dice  
¿por qué no me lo ha escrito? y no, que aguarda...

CULASA – Porqu'estas cousas, coido que poñelas  
nun papel, n'é tan bon como falalas;  
todo isto non cho dixen, amiguiño,  
por mal, pero as cousiñas postas craras  
están mellor; e agora que viñeches,  
tes vagar de faceres todas cantas  
obras che se maxinen e si ordenas  
de quedarte con nós e si te casas.  
(*Chamando a Virtudes*)  
Virtudes: ven acá.



## ESCENA 8ª

Ditos – Virtudes

*Entra Virtudes*

CULASA – (*A Xan María*) ¿Que che parece?

XAN MARÍA – Es linda, la muchacha.

CULASA – Habedes de facer boa parexa.

VIRTUDES – ¡Señora nai! ¡Que cousas vosté fala!

XAN MARÍA – (*Rindo*) ¿No le gusta que le hablen de estas cosas?  
(*A Culasa*) La niña debe estar enamorada  
y creo que el galán que la requiebra  
debe ser el mozo ese que cantaba.

CULASA – Ela non ten que ter namoramentos  
sinón facer o que súa nai lle manda.

XAN MARÍA – Eso es muy fácil de decir, mi prima;  
pero es más claro el ver que la muchacha  
está muy triste y siempre la tristeza  
es amor que en tal forma se disfraza.

CULASA – ¿Que amor vai ela ter, nin que morcegos?  
E asina mentres n'hai máis confianza...



¿Sei qu'ó queres pra ti? ¡Lévete xuncras!  
 Ti non lle serives, ¡fea! ¡Porcallona!  
 ¡Gata do demo! Lávate e mais busca  
 con que rascare a lidra i-esa raña  
 que tes no corpo.

VIRTUDES – Deix'a esa cotruda,  
 miña nai; qu'abondou xa de roído.  
 ¡Ai, que vergonza! Suba, por Dios, suba;  
 si lle dá creto non lle sal da casa  
 i-estará aí, badúa que badúa.

### ESCENA 3ª

Ditas - Xan María

XAN MARÍA – (*Entrando*) Pero ¿qué pasa? ¿Qué alboroto es ese?  
 Parece que se han vuelto ustedes locas;  
 ni que fuese la casa un *conventillo*<sup>52</sup>  
 de Buenos Aires y... ¡qué palabrotas! (*A Virtudes*)  
 Niña: y usted, que siempre está callada  
 con la vista en el suelo, sabe cosas  
 muy chuscas de la hija del compadre  
 de su mamá.

VIRTUDES – Eu, tío...

CULASA – Esa bribona  
 do Nogueiral, a filla do da Laxa,  
 merecía un castigo.

52 En itálica na publicación orixinal.

XAN MARÍA –

Va furiosa

y ¿cómo no? si ustedes la injuriaron  
con mil denuestos; pero... ¿a qué me toman  
por blanco de sus necias diatribas,  
todos, chicos y grandes? Una cosa  
quieren, no más, de mí, por lo que veo  
y esa es... la plata. Miren, que me embroman  
con petitorios; cuantos aquí llegan  
algo me han de pedir: ¿que allá en las Chousas  
pretenden divertirse con un baile?  
(*Imitando*) Don Juan, si diera usted alguna cosa...  
Que pretende construir cierto mercado...  
Es preciso que usted para la obra  
contribuya. ¿Es que acaso los tributos  
al municipio a todos no les toca  
pagar, para que cuando el caso llegue  
de sus fondos realice la mejora?  
Unos vienen pidiendo para un voto,  
otros para un viaje, las limosnas  
ya no se diga, son incalculables,  
se precisa tener aquí la bolsa  
siempre dispuesta a repartir pesetas  
y una mina de cobre en perras gordas.  
Yo no encuentro franqueza en ningún lado  
sino ambición y sordidez en todas  
las personas que veo y que me miran  
como a cosa explotable y ya que ahora  
sale al caso, direles que les debo  
a ustedes, el apodo y la chacota  
con que, al pasar, algunos *atorrantes*  
dirigidos por ese, que la otra  
le acaba de nombrar a la Virtudes,  
me obsequian, entre risas y entre bromas,

diciendo: “¡Aí vai o chanco!” Chanchos, ellos  
 y la misma caterva que se mofa  
 de un hombre como yo; de un hombre honrado  
 que a fuerza de desvelos y con solo  
 la protección de Dios y con su esfuerzo  
 logró abrirse camino (*A Culasa*). Sí, señora,  
 usted, con su doblez y su egoísmo,  
 queriendo acaparar con su hija toda  
 la modesta fortuna que poseo,  
 a romper con el tonto ese, obligola,  
 creándome un estúpido enemigo  
 que a punto ha estado de matarme y ahora  
 hace que me motejen cuando paso.

CULASA – Eu non teño que ver con esas cousas  
 nin llos mando tampouco que t’alcumen  
 e tocant’a ese mozo, mentres poida  
 eu, ser dona de min, xuro qu’a filla  
 non casará con el.

XAN MARÍA – Bueno, señora;  
 pero si usted no hubiese publicado  
 sus proyectos ilusos de una boda  
 que yo jamás a ustedes he propuesto  
 ni pienso proponerles, las odiosas  
 maquinaciones del granuja ese  
 no a mí se dirigieran; usted, obra  
 cuerdamente quizás no consitiendo  
 un matrimonio que ni dará honra  
 ni puede hacer feliz a la muchacha;  
 porque ese mozo es un cabeza loca;  
 pero debió fundar su negativa  
 en los defectos del que ya de sobra  
 conoce todo el mundo y no tomarme

como una valla, para que en mí rompan  
las iras del imbécil que ha creído  
ver en mí a un rival; eso me enoja.

CULASA – (*Chorando*) ¡Ai, probiñas de nós! ¡Que disgraciadas  
somos no mundo! Non pensei que agora  
do parente que temos máis cercano  
fóramos aldraxadas e por outra  
soas, miña filliña, dispreciada;  
si acaso por amor dunha bribona...  
¡Cátate, miña rula, na miseria;  
nunca coidei chegare, polas portas  
do mundo, ter que ir coa miña filla  
pedirlles ás boas almas unha esmola.

XAN MARÍA – Pero ¿a qué vienen todos esos llantos?  
¡Parece que se han vuelto ustedes locas!  
¿Quién habla aquí de ultrajes y miseria  
sino usted, Nicolasa? Las odiosas  
impresiones que llevo recibidas  
después de mi regreso y la espantosa  
desilusión, que lejos de atenuarse  
aumenta sin cesar, destruye y borra  
aquel santo recuerdo de la infancia,  
bálsamo y lenitivo a las congojas,  
a los trabajos y vicisitudes  
de una vida muy dura y azarosa.  
Yo aquí me hallo como la gallina  
en ajeno corral; de las personas  
cuyo recuerdo conservé, no resta  
ni existe ya ninguna y de las pocas  
que en la infancia traté, hoy reducidas  
a dos o tres no más, son ya tan otras  
cambiadas por la edad y los achaques  
que no extraño el que yo no las conozca.

A NOITE DE SAN XOÁN, monólogo<sup>53</sup>

Señores: Me desemulen;  
 ¿quérenme dar súa licencia  
 pra botare un parrafeo  
 pequerrichiño? - De festa  
 deben de estar, por que moita  
 é a familia; ¡asina eu seña  
 de Dios, dáme gloria ver  
 cariñas tan feiticeiras  
 como as que vexo, e algús ollos  
 que ó mirare, lostreguean,  
 e algús labres, máis vermellos  
 que as freces<sup>54</sup> e que as cireixas!...  
 Entendámonos, señores;  
 todo o dito, vai por elas;  
 qu'eles..... ¡O demo me fuxa!...  
 Pero, ben, ¿danme licencia  
 pra lles falar? ¿Si, ou non?  
 O que cala, e non protesta  
 din que outorga.. Eu, vou falar,  
 e... ¡salla por onde queira!

53 O manuscrito deste monólogo consérvase na Carpeta nº 49 do Arquivo Toxos e Froles. O caderno está formado por once follas de papel cosidas a man con fio branco e numeradas coa mesma tinta negra do texto, agás nas nº 1, 2 e 5. Sobre esta numeración engadiron, posteriormente, outra a bolígrafo vermello. Ten grapadas no lateral superior dereito dúas follas das mesmas dimensións, mais sen numeración: na 1ª, do mesmo papel que as outras, figuran o título da obra, o nome do autor e mais o carimbo do Coro Toxos e Froles. A 2ª é de papel diferente, raiado, e contén o monólogo en verso co que se abre a obra, escrito tamén en tinta negra, mais doutra man. O texto da primeira man está descoidado, carece de acentuación e contén numerosas corrección a lapis. O texto da segunda, por contra, está coidado tanto na letra como na acentuación. O mais probábel é que esta segunda man sexa a do propio autor, que entregaría a introdución en verso con posterioridade ao corpo do monólogo.

54 Variante da palabra 'fresas', morangos.

## MONÓLOGO

Cando era rapaz, oín que aquel homiño que s'erga ben cedo, o cantar dos galos, día de San Xoan, e dea tres voltas, cabo o cruceiro da parroquia e que nas penas de Guitín, logo se poña, e tres papadiños beba da i-auga crara, e fresquiña, que corre por antr'as pedras, verá cousas que non ven os que no leito se deixan estar. Verá mil encontros; e si ten unha peneira e ó salir o sol mírase un cachiño, a través dela, bailar ve raios, e despois, cousas mirará, máis meigas.

Eu, dixen pr'o meu capote: vou saber si serán certas esas trolas, que contaban cando era mociño, as vellas.

Chegou día de San Xoan e inda seiqu'as tres non eran, da mañanciña, xa estaba brincando pola fenestra, pra que non runxira a porta, e funme cabo das penas de Guintín; despois de dar as tres voltiñas compretas, ó redor daquel cruceiro tan avegoso pr'as nenas da parroquia, que ou se casan, s'a anoitecido a el se achegan, ou cando menos, si morren, líbranse de que lles dean nas costas, con aquil saco que din que ten cheo de area, o demo e zoupa a s probiñas qu'os ollos fechados levan.

Tres papados bebín d'auga, da que corre polas penas i-antr'unhas e outras cousiñas, catade que xa encomenza Lourenzo<sup>55</sup>, a amostrar as roibas e relocentes faceiras.

Eu, ¡parvo de min! decatome de que non levei peneira e non podoo ver o sol bailar as tríscolas esas, que seique baila; máis teño inda, o paniño de seda, que doume, antontes, Culasa, metido na faltriqueira e recordando tamen o qu'oínlles decir as vellas que pode facer un pano as veces dunha peneira, botei mau del, estendinno, e colléndoo polas beiras puxenm'a mirar... ¡Meu Dios! o

---

55 O sol (nota do autor).



que vin, non o asemella en nada ó que me dixeron; mais merece que se sepa e vou ver si volo conto, asina... á miña maneira:

Mirei por antr'os fíos do meu pano e vinvos as visióis máis feiteiras que maxinar poidades; vin, un souto de sombra cheo, e unha gran festa que facían alí, mozos e mozas; eles, vestindo a cráseca monteira e as antigas cirolas, e as polainas, e o chaleque vermello, e a chaqueta, ca faixa nova, da color do sangue, que por baixo os cadrís algús<sup>56</sup> lles chega; punteaban... eu seiqu'era un fandango, repinicando as castañolas, feitas de pau de buxo, qu'o soar, falaban co seu chascaraschás, mil cousas tenras.

¿E as raparigas? Corpos máis garridos, caras máis doces, cores máis vermellos, ollos máis churrusqueiros e máis grandes e bocas máis fresquiñas e pequenas non as vin nunca ¡Aquele era un feitizo! ¿E os dengues? ¿E os adrezos? ¿E a maneira de peneirar os corpos?... Mesmo a baba caim'¡abofe!, solo con velas. ¡Que debuxos, naqueles delantales! ¡que calados nas cofias e que medias branquiñas, com'a neve que deixaban ver, ao dar viravoltas, unhas pernas...!

¡Ai! non quero lembrarme; pero mesmo a torno semellaban estar feitas. Vin bailar múiñeiras, ribeiranas e xotas, a o compas da gaita meiga que punteaba, un gaiteiríño, novo como podía facelo Ventosela o Rilo; todo esto, naquel adro qu'estábavos, do mar mesmiño á beira; dun mar, que vos é mar, solo de nome, porque máis ben a un río s'asemella, por manso, e por tranquil e asosegado, and'os montes e as casas se reflexan.

Despois, oín aqueles alalás tristes e doces, que hastr'a a almiña chegan, facéndome ceibar bágoas, que a fío

---

56 Por debaixo da palabra 'algús' aparece riscado 'abaixo'.

esvarando, mollábanme as meixelas, e oír, ceibar aqueles aturuxos qu'os aires rachan; i-estoupar á beira miña, os foguetes e ó final, as bombas de colorato<sup>57</sup> qu'atordido a un deixan.

Vin esas i-outras cousas, mesmo guapas, ó mirar polo pano aquel de seda, que Culasiña deume; pero, Xuncras non sei como atentoume a qu'o puxera cara ó sol, por a banda que antes tiña frent'os meus ollos; ¡Nunca Dios me dera! ¿Sabedes o qu'eu vin? Vinvos, de pronto, barrersem'a visión tan guapa e meiga: en ves de raparigas, aldeanas, vin mozas qu'as da vila s'asemellan moi cheas d'arrumacos, bailar *xotís ao son da murga máis zaramalleira* e destemprada qu'atoparse poida, cuns moñños con gorras de viseiras ou con boinas e uns traxes, que non teñen forma nin de cirolas nin chaquetas.

O que todos levaban, é coitelo, revólver, ou navalla; tamén ceiban por veces, algún tiro, pra que saiban os máis, que van armados; na maneira de mirare pra un, mesmo parece que tratan de decirlle catro frescas e cuspen todos polo dentiqueiro, con palabras, ou porcas, ou brasfemas.

Tamen vin moitos probes; máis probiños qu'os dos antigos tempos, ou da gleba, nin erguer a súa testa, cos trabucos qu'os gafan, os amucen<sup>58</sup> e os rebentan; e vin a usura com'os achuchaba e unha curia tan ladra e tan famenta cal outra non se veu, sempre tratando de lles comer as honras e as facendas,

Vinnos vivir, en unha escravitude; como nunca en devantes conocean; acurrados en tempo d'aleucciones por o *cacique*, os donos das súas terras; o Secretario, o

57 Clorosto de potasa (nota do autor).

58 Cremos que debe ser unha variante do verbo 'amucar', vocábulo do bable e do galego máis oriental equivalente a 'amocar' ou 'fastidiar'.

cura da parroquia e toda a condergada canirreia de xentiñas, que fan co aqueles parias cousas que maxinar non se poidera,

Pídenlles uns, o voto pra Don Pedro, e os outros pra Don Xan, ou don centellas.

O dono do tarreo os ameaza con despoxalos, da casiña e leiras si non votan por Xan; o Secretario en subirllo o consumo, mais as cédolas si non botan por Pedro i-antre todos, a os probes dos paisanos os tolean...

¡E din os qu'en Madride fan as leises, que temos liberdades!... Temos... leña; pra ceibarlles ós probes dos labregos, que estan pior qu'aló na Edade Media.

Pr'os das vilas fixéronse hastra agora revolvicios e leises; pr'os da aldea levo dengue si fíxose máis nada que [dei]xalos máis servos que antes eran.

Todo isto, e moito máis vin polo pano de Culasiña, e aunque vos quixera contar o máis que vin, falar non podó por qu'a boca, ¡así eu medre! se me seca.



# JOSÉ MANUEL LÓPEZ CASTIÑEIRAS

(LUGO ?-BUENOS AIRES 1921)

## O CHUFÓN, COMEDIA DRAMÁTICA EN DOS ACTOS<sup>59</sup>

de D. José Manuel López Castiñeiras

Como a pesar de ir el nombre del señor López Castiñeiras unido al mío en la portada de la comedia *O Chufón* que acabo de publicar, y de anotar a su final la importante participación que este ilustrado amigo ha tenido en mi obra, los diarios que hasta la fecha se han ocupado de ella me colman de elogios, muy bondadosamente, sin hacer copartícipe de ellos al Sr. Castiñeiras, a excepción del semanario local *La Razón*, yo no puedo menos de recoger los aplausos, para entregárselos a dicho señor, pues si él no fuera no se me hubiera ocurrido transformar su trabajo, haciendo de su interesante drama la digna comedia que tanto debe al beneplácito público.

Pero hay más: es un gallego tan castizo el empleado por el Sr. Castiñeiras, es tan interesante la escena del contrato y tan reales y propios algunos diálogos de su trabajo, que utilicé como inmejorables ciertos pasajes, copiando lo más escogido de las escenas que servían para el desarrollo del propósito de convertir el drama en comedia, por creer que el asunto se prestaba mejor para esto último.

---

59 A polémica suscitada en torno á autoría de *O Chufón*, de Jesús Rodríguez López, acabou levando a este último a publicar no xornal lugués *El Progreso* o orixinal que lle confiara José Manuel López Castiñeiras. Nesta publicación, realizada entre os días 22 e 27 de febreiro de 1916, Rodríguez López non reproduce aquelas escenas que el mesmo aproveitou para a súa comedia.

Na nosa edición mantemos unha fidelidade total ao orixinal reproducindo as variacións ortográficas que Rodríguez López realizou nos últimos días con relación aos primeiros; indicamos as datas de cada fragmento, reproducindo tamén os comentarios e a sinatura de Rodríguez López.

Por eso en mi comedia aparecen trocitos de la obra del Sr. Castiñeiras en las escenas 1ª y 2ª del acto primero y en la 12, 14, 16, 17 y 18, casi íntegras, del acto segundo.

Todavía no había concluído de hacer acotaciones y anotaciones en el original que me entregara el Sr. López Castiñeiras, autorizándome, con una confianza que le agradezco muchísimo, para hacer las reformas que creyese convenientes a fin de que resultase teatable la obra, cuando caí en cama con una enfermedad que me puso en trances de muerte, y que desgraciadamente ha durado meses.

Cuando al fin pude entrar en convalecencia y empecé a normalizar mis cosas, me acordé de la obra del Sr. Castiñeiras y me puse a ella dejándome llevar de la imaginación y dándole un giro en el que antes no había pensado.

Entretanto el Sr. Castiñeiras, mi colaborador, había marchado para América y no pudiendo consultar con él me determiné a concluir el trabajo.

Pero aún siendo uno el tema están diferente el argumento y tan intenso el interés dramático del trabajo del señor Castiñeiras, que el lector me agradecerá la publicación de algunas escenas, para que pueda saborear las bellezas literarias que contiene, indudablemente superiores en su género a las de mi humilde modificación.

El lector podrá apreciar mejor la razón que me asiste de recoger los aplausos para el Sr. Castiñeiras, al mismo tiempo que ejecuto una justa reparación publicando su hermosa labor después de dar a conocer la de los dos.

El argumento de la obra del Sr. Castiñeiras es el siguiente:

El tío Míngos y su esposa Sabela sacan un niño de la inclusa para que el día de mañana les ayude a trabajar los bienes, y que tienen en calidad de criado. Mas tarde recogen una sobrina huérfana de padres, y cuando el incluso, llamado Antón, y la sobrina, llamada Carmela, son ya adultos, los presenta el autor en escena enamorados el uno

del otro. Pero el tío Mingos pretende casar a Carmela con un rico heredero que viene a contratarla con el Chufón pero pide demasiada dote y se deshace la boda por unos zapatos que reclama para un criado. Antón al verse solo y huérfano pretende marcharse a América a buscar fortuna y Carmela no sabiendo hacerle desistir se decide a marcharse con él, en vista de que sus tíos se oponen a su casamiento con el expósito, renunciando nuevamente a otro mejor partido, pues en el segundo acto, el juez municipal, rico hacendado, se enamora de ella y la pide a sus tíos en casamiento.

La obra termina en el segundo acto pidiéndoles Carmela a los tíos, de rodillas, el consentimiento para casarse y la dote para marcharse a América con Antón, en una escena final dramática y desgarradora.

Ahora voy a presentar al lector algunas de las escenas más interesantes del drama, pues seguramente me lo agradecerá.

## O CHUFÓN

### AUTO PRIMEIRO

(Aparece unha habitación pobre, como de aldea e unha mesa e cous bancos e nun deles sentado Mingos, apoiado un codo na mesa e a cabeza no brazo en son de pensar)

#### ESCENA 1ª

TÍO MINGOS – Éche ben certo, non sempre o alcacer está pra temprar gaitas. Hoxe por se-la festa do santo patrón, vaía un humor de mil demos que me puxeron! Antonte derumbóuseme na revolta da Seara o millor xato que tiña na corte e onte chamoume ó Auntamento o godallo do

Secretario pra me decir que teño dez pesos de suba no consumo porque non votei co'el nas últimas eleucións. Dendes que na guerra me morreu o fillo, aquel Rosendiño qu'era a envexa dos mozos do pobo todo carga riba de min. O gando está baxo e non hai quen o leve ó pasto; a finiquita da sobriña non pensa máis que no casamento. Sabela vai vella, e eu estou cangado d'anos e traballos e non podoo chegar a todo. (*Érguese e cruza os brazos*) ¡Ai Mingos, Mingos, que vellez pasas! O que falla agora é que veña o cermuante do señorito do Souto chamándose dono do millor prado que teño, como lle fixo a Pedro do Penedo, que acabou con el. ¡Pobre Penedo! Eí o meter nun preito que lle fai facer gastar canto ten. En fin alá eles, eu bastante teño e as anseas alleas matan os amos. Eí vén logo Sabela.

## ESCENA 2ª

SABELA – Bos días, Mingos. (*Entrando*)

MINGOS – Bos días, Sabela.

SABELA – ¿Descansache?

MINGOS – Houbo de todo.

Después empieza la escena de la oración del padrenuestro, muy graciosa y que yo trasladé bastante retocada a la 2ª escena de mi comedia.

Seguidamente aparece Antón, interrumpiendo el padrenuestro y queda hablando con el tío Mingos quejándose



del cura párroco a quien tiene mal querencia porque le dio calabazas en los exámenes de doctrina cristiana.

Véase el final de la 3ª escena.

ANTÓN – Polas calabazas que me den o gano na doutrina ¿ou vosté coida que se m'esquecen as cousas? ¡Boa vergoncia levei, darmas tres veces diante de tod'a moxedá! Pra lle dar a contentiña xa lle botei a xata que se nos derrumbou antonte na revolta da Seara ó séneca que vosté tiña no cofre pequeno por si cicais esta noite cai algún lobo, si cae esfolareino e levareill'á criada qu'é media cega pra que llo amañe na festa d'hoxe.

MINGOS – ¿Avisache que prendesen os cas?

ANTÓN – Non, ¿pra que? Cas no pobo sobran, ademais s'avisara podíase decatar o abade.

MINGOS – (*Botando as mans a cabeza*) ¡Xasús, Xasús, creb'o diaño rapaz! Velaí están tocando alborada, i-é tarde, vait'ó prado da Retorta e seg'a herba pra lle dar ó gando dempois, porque estou vendo non has querer perde-la romaxe e ir con il ó pasto!

ANTÓN – ¡Boh!, o conto non ten presa.

MINGOS – Pois anda velliño, anda pronto mentras eu vou cabo de Roque a ver si m'afeita. (*Vaise*)<sup>60</sup>

## ESCENA 4ª

ANTÓN – Anda, velliño anda. Anda burriño anda, digo eu. Nado no medio do borrallo, deitado na lama e levando lápos

60 Até aquí chega a publicación da primeira parte da peza.

de quen quixo darmos, crieme sin conecer pai nin mai e sin outro agarimo no mundo máis qu'ó destes dous vellos larpeiros que me sorben a sangre. ¡Negra sorte a miña! (*Cruzando os brazos i-un pouco pensativo*) De neno era goapiño com'un carabel, polo que din os vellos; as vellas arulábanme, bicábanme as mozas i-hastra os patrós me traguían da feira roscas e axóuxeres e agora no millor da miña mocidá, ós vintecinco cumpridos, cando podía pretender unha herdeira e botar nunha boa casa donde poidera pasa-la miña vida aló descansado, atópome cansado de traballos co carrelo encorbado e sirvindo de besta da casa, cicais, cicais por pouco tempo, porque., carga larga, mau na illarga, ó cabo do ano nin besta nin carga. Non me trouxeron os zapatos com'os quería, nin me fan cousa a xeito; dicir din que zapato burgués, besta d'andadura e amigo portugués, pouco duran todos tres; pro iso que ten que ver, o que sei dicir é de todos, os cumpridos son pra fratulenta desa subriña que do diaño cousa val. Pra ela dengues, mantelas, cofias novas pra ir ás festas, e pra mín aradas, sementeiras, rebaixos nos prados e bouzas largas. Ben sei que toda carne come o lobo, meno-la súa que lambe e que na casa do bo amo, alí morre o bo criado; ¿pro eu que fago eiquí? Recoleito nela, de pequeniño xa fun coa besta e cuasi desde'os set'anos tiven que cavar na bouza o pouco pan que comín... Mais ¿a onde irei? anque de rapaz me mandaron tres meses a'scola xa non sei leer e dunha vez que me chamaron na untamento pra botar unha firma ríronse de mín porque polo visto en vez de escribir Antonio Vázquez, puxen Antón Vaca... ¿e ir polo mundo asina!... ¿A donde irás boi que non aras? Boeno, deixémonos de tristuras, antes d'ir pola herba vou limpiar un pouco os zapatos vellos pra tarefa qu'os novos non me sirven... (*Pensando*), xa non m'acorda donde teño o torrezmo... ¡ah! xa sei (*Coll'o torrezmo do caixón da mesa, os zapatos, séntase e ponse a limpalos; abresell'a boca*)

¡Cando esa condenaira desa vella pensará dá-lo almorzo!  
 (*Meneando a cabeza*) ¡ai miña mai da i-alma! Divirtámo-  
 la fame cantando porque de desesperado din que cant'o  
 gallego: (*Canta*)

Escoitando cal ruxía auguiña de certa fonte,  
 deixei nela moitas bágoas, pensando na miña sorte.  
 ¡Felice-lo que se deitan, e saben qu'han d'almorzar!  
 ¡Ai probe de aquel probiño, que solo no mundo está!  
 Non ten dun qu'o axude pronto na lama caerá.  
 Sin pais e sin agarimo, todos coios ll'han tirar;  
 si ten fam'ou pouca sorte que rabee; ¡a traballar!  
 lle contestan uns e outros chamándolle folgazán  
 e si morre esfameado nun recanto ¿que máis dá?  
 mentres eles teñan cartos aind'a conta dos demais  
 comen, e rindo contestan: a nosoutros ¿que nos vai?  
 Si ten penas que s'amoque pois nadie llas sacará  
 e non pense qu'habrá un que ll'ha de tende-la mau (*Cho-  
 rando*)

## ESCENA 5ª

CARMELA – (*Entrando e reparando en Antón*) Ti choras Antonciño,  
 ¿que tes?

ANTÓN – Nada.

CARMELA – Di hom, porque choras.

ANTÓN – Porque, orfo, teño moitas, moitiñas penas que m'apertan  
 o curazón, e que xa lle pidín os cartos do pasaxe a Sidro  
 do Pacio pra marchar'Amérecá.

CARMELA – ¡Ti!... (*Asustada*) irt'Amérecá?... (*Pensando*) ¿e deuchos?

ANTÓN – Mañá vou por iles.

CARMELA – ¿I-o que temos falado?

ANTÓN – Pouco m'importa. Tod'é barallo que pasa e non quero deixarme enganar, ¿ou cuidas que non sei as cousas?... Véndete, véndete ó herdeiro do Peto de Folgoso cal si foras unha xata e terá-lo cariño dun boi.

CARMELA – Antonciño non me fagas chorar (*Chorando*) Non é ver- dá.

ANTÓN – ¿Non é certo que ven hoxe a pretenderte?

CARMELA – É, pero ben sábe-lo cantar. Alcipreste non se rega, por- que na lentura nace. -Amor firme non s'olvida- por máis martirios que pase.

ANTÓN – Tamén ti sabes estoutro: O cariño que che teño -e mai- lo que ch'hei de ter- caben na folla dun fento -e ha de quedar sen encher.

CARMELA – ¡Antón non me fagas rabear, qu'en min non pasa eso! Ben o sabes; anda límpam'os meus (*Antón mira pr'ela e non fai caso*) anda velliño límpamos...

ANTÓN – ¡Seique m'aniñas! Vai que chos limp'o herdeiro do Peto de Folgoso.

CARMELA – Non ten de obrigación.

ANTÓN – Pois eu tampouco.

CARMELA – Anda prosmeiro que quen os seus desagarima, ós alleos nada pida...

ANTÓN – (*Encorporándose*) Logo... non casas co'il, ¿ou?

CARMELA – N'é o qu'a lúa pinta, qu'é o que Dios dita, ¡oh!

ANTÓN – *(Érguese e quérelle bota-la mau, pero Carmela retirase pra tras)* Canta logo comigo.

CARMELA – Antón, cantar e reír está ben, botarme a mau eso non.

ANTÓN – Canta logo, Carmeliña, qu'algún tempo os dos ben acaímos. *(Cantan os dous)*

Coidarán que, porque canto, en min alegría hai:  
pra min a alegría foise e choro o meu a-ia-iai.

SABELA – *(Entrando e santiguándose)* ¡Xesús, que chado de rapaz  
inda está aquí e as voltas por facer! Acaba d'ir pola herba  
¡¡loubán!! Xasús, Xasús a chaque da festa non fai nada.

ANTÓN – Eí vou, señora *(Vaise cantando)*

Por cantar e'star alegre, nunca se perdeu ningún...  
Pérdese por marmurar a vida de cada un.

## ESCENA 6ª

SABELA – Carmela.

CARMELA – Señora.

SABELA – ¿Ti sabes quen vai vir hoxe eiquí?

CARMELA – Os convidaos á festa.

SABELA – I-o mozo do Peto de Folgoso a tratar do dote qu'has  
levar, con que cómpre que t'amañes ben, qu'o miras con  
boa cara e bo modo non sexa que che vaia chamando  
fratulenta, que fagas que non miras e repara-lo ben por  
se ll'atopas algún defeuto; i-en fin, poñerte con moito  
xeito, porque xa sabes... os rapaciños d'agora...

CARMELA – Cando pretenden non contan senón mentiras.

SABELA – Xasús, xente nova toda é boba, pasa pr'eiquí e repara no que che digo. Lávate e péinate bén, pon a mantela i-o dengue novo e cúbrete c'a millor cofia que teñas; porque boa roupa e boa vida fan a vella garrida.

CARMELA – ¿I-el ha quedar a festa?

SABELA – ¿E logo...? quedará hasta mañá. Hai que llo dicir... a quen has de dá-la cea non lle négue-la merenda.

CARMELA – ¡Ui! mal me pinta.

SABELA – ¿Por que?

CARMELA – Porque quería bailar no campo unha muiñeira con Xepiño do Sancristán qu'a repenica que namora.

SABELA – Non fagas tal cousa, mira que t'aviso. Non ves que de mañá a mañá perd'o carneiriño a la!

CARMELA – Máis qu'a perda, dinlle palabra i-heina cumprir; i-ade-mais eu co do Peto non caso.

SABELA – ¿Por que?

CARMELA – Porque hei de se-la muller d'Antón.

SABELA – ¿De qu'Antón?

CARMELA – Do criado.

SABELA – ¡Ti casarte qu'o criado!

CARMELA – ¡Co mesmo!

SABELA – ¡Deliras ou metéusech'o diaño no corpo!

CARMELA – Ou me [caso] co'il, ou con ninguén e ha de ser moi pronto, antes que se vaia pr'Amérecá.

SABELA — ¿I-Antón vaise pr'Amérecá?

CARMELA — Xa ten os cartos do pasaxe e fai ben i-eu largo co'il como non nos casemos.

SABELA — Iso ti, bribona... dempois...

CARMELA — (*Vaise cantando sin faguer caso*). Máis quero ser solteriña que muller d'home baldío.

Máis quero un probe con honra que sin honra un home rico.<sup>61</sup>

## ESCENA 7ª

SABELA — (*Santiguándose*). ¡Arrenégote demo s'eres meiga Dios te tolla, San Silvestre! ¿Que diaño se metería nesta rapaza, que cousa boa non foi?

MINGOS — (*Entrando*). Pois non sei se terémo-la festa en paz.

SABELA — ¡Hache de costar bon traballo! (*De seguida*)

MINGOS — Xa se chamou a concello pra xuntar o pobo e acordar o que se vai faguer co'ises lacazás: os da ribeira qu'están desafiados cos da montaña e queren pelexar á tarde no campo. Non sei que coiro falan da voda dunha rapaza...

SABELA — ¡Estache boa! Pro logo ti non sabes nada.

MINGOS — ¿De que?

SABELA — De qu'a túa subriña non quere casar co do Peto.

---

61 Até aquí a publicación da segunda parte da peza.

MINGOS – ¿E logo?

SABELA – E logo di que si casa ha de ser con Antón.

MINGOS – ¿Co criado?

SABELA – Co criado.

MINGOS – ¡Ai logo ben! (*Chamando*) ¡Carmela!

CARMELA – (*Entre bastidores*) ¡Síñor!

MINGOS – ¡Viacó! ¿Pero entoncias cando dixo eso?

SABELA – Hoxe: i-está resolta en largar co'il.

MINGOS – ¿Pra donde?

SABELA – Pra Amérecá.

CARMELA – (*Entrando recelosa e cos ollos baixos*) ¿Que me mandaba, padriño?

MINGOS – Ti coidas, bribona qu'eiquí hemos de estar criando unha fratulenta e milindrosa com'a ti pr'a qu'o día menos pensado nos veñas dicindo que non quer casar con quen lle manden, e que se vai pr'a outras terras co primeiro farramplín qu'atopa. (*A Carmela canll'as bágoas.*)

SABELA – ¡Mingos non a atosigues! ¡As cousas é millor levalas por ben!

MINGOS – Agora que vamos vellos e queremos busca-lo noso descanso i-o teu benestar, procurándoch'un bo herdeiro, e cando me costa que tes boas comenencias, pois sei (*Cara a Sabela*) que hasta ó xuez lle gusta a rapaza (*Carmela séntase e chora*) sainos con iso. Pois ten de presente que d'hoxe en diante acabáronse os cumpridos nesta casa pr'a ti, ou has de faguer o que mandan.



CARMELA – ¡Nin me cómpren!

MINGOS – ¿Iso ti?

XUEZ – (*Entre bastidores*) ¡¡Tío Mingos!!

MINGOS – Suba quen sea.

XUEZ – ¿E por donde?

MINGOS – Por donde mil demos ha ser, pola escaleira (*Mirando pola porta*) ¡Ai e vosté señor Xuez! suba.

XUEZ – (*Entrando*) Bos días, ¿vailles ben?

MINGOS E SABELA – Ben ¿e vosté!

XUEZ – Gracias a Dios, unha palabra nada máis.

MINGOS – Sabela, traille algo eiquí ó señor Xuez.

XUEZ – Non se molesten que non tomo nada, aínda teño que ir a casa d'abade e dempois faguer unhas dilixencias en Recouco antes de vir eiquí. O meu oxeto e decirlle que penso tomar na súa casa as declaracións da xuiciada de Pedro do Penedo.

MINGOS – O que queira santo, ¡xa sabe!

## ESCENA 8ª

XUEZ – Pois si (*Reparando en Carmela que sigue sentada*) ¡Ola mocíña! (*Car'a Mingos e Sabela*) que ben lle cadra a Carmeliña aquel cantar: «Anque paso e non che falo –non che deixo de querer–; fago d'intento meu ben –por non o dar a entender.»

- CARMELA – (*Erguéndose i-encarándose no Xuez con moito moso*): Con licencia dos señores qu'é xente de querer, eu quixera perguntar este galán a que vén.
- SABELA – (*Marchando*) ¡Mal insinada!, como se fala. (*Mingos aturullado mira pr'o Xuez e Carmela*)
- XUEZ – (*Surrindo*) A que vén eu cho direo heiche de contar verdá; vén por rir e pasar tempo qu'é trato de mocidá.
- SABELA – ¡Mingos! (*Chamando entre bastidores*) viacó que de contadiño volver.
- MINGOS – Eí vou (*Marchando*)
- CARMELA – (*Sin faguer caso*) Eu quixera preguntar, s'ese galan sabe leer, porqu'isos de literados, algo lles convén saber.
- XUEZ – Eu saber algo sei leer, e non sei tocar viola mais quixera deprender, nesa túa nova escola.
- CARMELA – Escola ten o mancebo, que non é de deprender, porqu'a outros máis literados, algo máis cumpriu saber.
- XUEZ – Eu saber xa sei abondo: qu'o Domingo queres tu, i-entre outros é Antonciño, que con il teñas salú.
- CARMELA – Antes qu'a ti te quixera a Mingos habría d'amar, domingos son días santos, tódolos penso gardar.
- XUEZ – O domingo din qu'é alegre, porqu'é amigo d'alegría non podó pasar, querida, sin a túa compañía.
- CARMELA – O lus e herba do trigo, resteiraña polo chau, non quero cousa ningunha, querido da túa mau.
- XUEZ – O martes com'é anoceta, fai somana anocetada, tráigote no curazón e na i-alma resguardada.
- CARMELA – Miércoles, é unha herba, querido, da túa horta, parola con quen quixeres, a min nada che me importa; i-o xo-

ves e un xardín, donde se dá toba verdura esta dama con quen falas, doutro é que non é túa.

XUEZ – No vernes é unha falta, non poder comer de carne, non queres pasar connigo, ó parecer tempo en balde.

CARMELA – O sábado é un gran río, que rega tódalas flores pois non empezan agora, queridos nosos amores.

MINGOS – (*Entrando*) Xa sabe señor Xuez que hoxe temos eiquí un bocado pra vosté.

XUEZ – Con moito gusto pro non sei si terei que quedarme na casa do abade.

SABELA – (*Entrando*) Carmeliña, con licencia (*á parte*) vai'tá co-ciña e procura o arroz que non se torre. (*Carmela vaise sin dicir nada*)

MINGOS – Nós non terémo-los pistos do crego, pero un bocado ha d'habelo.

SABELA – Vaia, señor, agora xa está eiquí.

ANTÓN – (*Entrando de mal aire*) ¿A donde s'aciban as ovellas, ou han d'estar tod'o día na corte? (*Reparando no Xuez*) ¿Como lle vai señor Xuez?

XUEZ – Ben ¿e a ti, Antón? Podes ir cando queiras polos documentos.

ANTÓN – Xa irei mañá. Díxome Silvestre qu'o agarda.

XUEZ – Ai si, vou de contado, hastra dempois.

MINGOS E SABELA – Hastra dempois, señor Xuez.<sup>62</sup>

62 Até aquí chega a publicación da terceira parte da peza.

## ESCENA 9ª

MINGOS – (*Cara Antón*) ¿Que documentos son eses?

ANTÓN – Os que preciso pra marchar'América

SABELA – ¡Viche, non cho dixen!

MINGOS – E que che falla nesta casa ¡larpeiro do diaño! ¿Non tes que comer, non te visten, non te calzan?

SABELA – E non tes boas camisas i-a túa roupa limpiña como Dio-lo manda os domingos pra ir á misa, e tabaco cando che cómpre i-unha peseta pra ir ás feiras i-ás romarías com'o mozo da mellor casa? ¿que máis demoros queres?

ANTÓN – (*Con moita cachaza*) Non s'afonique tía Sabel, non s'afonique que non é pra tanto. S'algunha precura teño, as miñas sudas me costa ¿Quen é remo da casa dind'hai moito tempo? ¿Disfruto o xorne que merezo polo meu traballo? ¡Veleí (*mostrando a camisa rota polas mangas*) a camisa framante que teño o día da festa!

SABELA – ¿E non te-la de lenzo riba da cama?

ANTÓN – Si, a'sfiañada que parec'unha criba que tódolos mozos me fan mofa dela. A min nin me deixan ir ás segas, nin me permiten ganar un xornal pra poder nunha romaría botar'un neto e convidar unha moza. Estou eiquí com'os animás, traballa, traballa ¿e que consigo? chegar a vello e dempois, por si é caso com'unha gran cousa, cando non valga pra máis terme de limosna pra garda-las ovellas. Desde que Rosende morreu trouguéronme enganado dicindo que casaría con Carmela, que m'apricase no traballo i-eu ¡burro de min! com'un Xan procurei a casa como si fora miña pra que agora cegos polo gulumión

veña o do Peto a disfrutar o meu traballo. ¡Voume i-andando, non agardo máis! (*Marchando*)

MINGOS – Boeno, pois a ti nada ch'importa, se traballaches nesta casa tamén te criei e mantiven. Si queres seguir polo continario podes, serás com'un da parentela, sinón podest'ir pra onde che conveña, criados non han faltar!

CARMELA – (*Entrando*) ¡Escoit'Antón! (*Este agarda*) ¡Madríña! I-o rapaz hoxe podía poñe-la camisa que lle merquei na feira de Seivane.

MINGOS – ¡Qu'a leve pro viaxe e que vaia o vello co'il!

SABELA – ¡Non señor! esa non a pon hastr'o día do teu casamento.

CARMELA – Pra ise día heille regalar outra millor. ¡Ai Antón! (*Cara il*) vai cerrar o portelo do horto non sea que salten nil as ovellas de cas-baixo.

ANTÓN – (*Vaise cantando*) Favores que me fixeche, na cara me vas botando. Favores non dan amores, libre quedo en chos pagando.

(*Entre bastidores unha voz de muller chama: ¡Carmela!*)

CARMELA – ¡Aí vou! ¿quen será? (*Sai*)

## ESCENA 10ª

SABELA – Mira Mingos, cómpre moito arregrar o conto do rapaz, ben ves que vamos vellos e nós solos non podemos valer-nos, o millor será pasar co'il unha transición darll'algo e que non se vaia!

MINGOS – Deix'ó ir ho, que sin il ben os gobernamos. O do Peto ben rix'a casa i-a Carmela sabe cumprir coa súa obriga-  
ción. Con ises cartiños que trai na mau, i-o día de mañá  
xuntand'as casas podemos pasar unha vellez fera.

SABELA – Boeno alá ti; pro non sei se che pesará.

MINGOS – Non soñes, muller, non soñes.

SABELA – I-a nena canto lle toca de capital?

MINGOS – Sumando o que lle deixaron seus pais, os usufrutos i-as  
soldadas que nos pode erguer, han d'arrojar proxema-  
mente uns catro mil pesos.

SABELA – ¿I-o criado canto pode levantar?

MINGOS – ¡Hum!... bótall'a conta ten vintecinco anos cando me-  
nos a dezaseis pesos dend'os catorce de idá.

CARMELA – (*Entrando*) Ai o dengue. ¡Está corrido com'a gaita na  
voda que hoxe vén eiquí o do Peto!

SABELA – ¿Estoncias?

CARMELA – I-estoncias que viñeron a do Rolo e Maripepa a me de-  
cir que me van trague-lo ramo hogano.

MINGOS – ¡Craro! d'hoxe a un ano estás casada e tes que faguer  
com'as máis.

CARMELA – ¿Estará eiquí o Manuel cand'o traigan?

SABELA – Como decote tereis que colle-los dous.

CARMELA – ¡Boh!, logo non o collo.

MINGOS – ¿E por que?

CARMELA – Porque com'azoutar non é segredo deben de saber dunha  
vez qu'unque me leven d'arrastro eu non caso co do Peto.

- SABELA – ¿E logo con quen vas casar ti farándula?
- MINGOS – Hei saber eu s’has de faguer o que che mandan ou non. Hoxe non me sais de casa pra nada.
- CARMELA – Nin penso. E com’Antón o deixen marchar voum’eu tamén, xa llo dixen á madriña!
- MINGOS – ¿Logo quer decir que casas co criado?
- CARMELA – Xa dixen qu’eu casarei con quen me conveña. Son dona do meu curazón pra ll’entregar a quen o mereza, e non vendelo, porque vostés o digan, como se fose unha libra de carne a calquer *palleiro* que se ll’antoxe cumpralo. S’a miña mamai (*Chorando*) vivira...
- MINGOS – ¿Está visto xente nova e leña verde...!
- SABELA – Carmeliña repar’o que fas, ti non ves qu’é unha boa comenencia.
- CARMELA – Máis qu’a sea, está dito, non caso co’il e acabouse.
- SABELA – ¿Que pensas estoncias facer?
- CARMELA – Irme polo mundo i-antes faguerme dona do que me deixaron meus pais; non vaian coidar qu’hei pasar com’Antón.
- SABELA – ¿Haste dir polo mundo pra ser unha perdida!
- MINGOS – Estache boa (*rascando a testa*)
- CARMELA – Non teñan ánsas, o mal e de quen padece (*canta*)  
 ¿Coitadiño do que morre s’ó Paraíso non vai!  
 O que queda logo come e do pesar se desfai.<sup>63</sup>

63 Até aquí a cuarta parte publicada do texto.

El segundo acto tiene la misma decoración del primero.

Como mi objeto al escribir estas líneas ha sido no solo dar a conocer algunas de las más bellas páginas de la obra del señor Castiñeiras sino también demostrar la especial diferencia que existe entre ella y mi libreto, no solo en el argumento y finalidad filosófica, sino en los tipos y caracteres de los personajes que para ello he creado, me propongo, en gracia al lector, y para hacer más breve este trabajo, suprimir de él las partes que he tomado para la comedia, como son las escenas 13, 14, 16, 17 y 18 referentes a la entrada del «Chufón» y del «herdeiro do Peto», en casa del «tío Mingos» y el gracioso contrato al tratar la boda de «Carmela», convenientemente reducidas para hacerlas teatrales.

Como puede verse en la escena 18 del 2º acto de mi comedia, en la que está copiado lo más esencial de la escena correspondiente en el drama del Sr. López Castiñeiras, se deshizo la boda por unos zapatos, con gran contento de «Carmela».

Esta noticia se la da «Antón» en la siguiente escena:

-----

ANTÓN – Inda lle tes que rezar outra miguíña ó meu santo, querida.

CARMELA – ¡I-entoncias?

SABELA – Non lle fagas caso a ese altruante.

CARMELA – ¿E logo?

ANTÓN – Qu'era unha vasoira que quería varre-la casa toda, e eso qu'a min xa me proían os dentes por come-la rosca (*Gozándose*)

MARIPEPA – (*Entre bastidores*) ¡Tía Sabel! (*Chamando*)



SABELA – Sube Maripepiña.

CARMELA – Vai larpeiriño, vai (*Pegándolle un repuxón*)

SABELA – (*A Antón*) Vai acomodar o gando que logo é hora da misa ¡argalleiro!

ANTÓN – Ha, ha, ha. (*Vaise*)

MARIPEPA – (*Entrando*) Bos días ¿descansaron ben?

SABELA – ¿E logo que tras?

MARIPEPA – Tiña que falar unha palabriña.

CARMELA – ¿Sobre daquilo?

MARIPEPA – (*Ríndose fai coa cabeza que si*)

SABELA – ¡Ai fratulentas!

## ESCENA 14<sup>a</sup>

MINGOS – (*Entrando co Xuez*) Pase, señor Xuez, pase.

XUEZ – ¡Ola Carmeliña!

CARMELA – Bos días señor Xuez ¿vaille ben?

XUEZ – Ben, e ti.

CARMELA – Gracias a Dios.

XUEZ – ¿I-esta boa mocíña dond' é? (*Sinalando a Maripepa*)

CARMELA – ¿E non é boa moza?

XUEZ – Ai muller, é.

CARMELA – Pois élle viciña, filla do Zoqueiro.

XUEZ – ¿Do tío Grabiél?

CARMELA – Do mesmo, e por certo que é de moito modo e moi traballadora.

SABELA – Ai eso é; en todo'o lugar non se fala doutra cousa que do amena qu' é pra seus pais.

MINGOS – Grabiél xa dá as gracias dela, polo moi asentada que lle saiu; eí a ten que non é nada levada dos rapaces e dempois o mesmo ten que haxa feiras como romaría, qu'ela non ha d'ir a unha si os da casa non van.

MARIPEPA – Xa ven, os pais van vellos, non teñen polo quen lles axude máis qu'eu e sobre todo, de tolear non se logra nada.

*(Carmela e Sabela asinten coa cabeza i-o Xuez escoita pasmado o dito de Maripepa)*

SABELA – Si filliña, si, hai que axudar a goberna-la casa.

XUEZ – ¿E cantos irmaus son?

MINGOS – Ela i-un rapaz máis novo.

XUEZ – *(Repárea ben)* Pois vaia dúas nenas que aquí m'atopo. Si o soupera xa tiña vido por aquí antes.

CARMELA – ¡Ui señor!, isas pegas non se baixan a istes garabullos.

MARIPEPA – Das probes naide s'acorda.

SABELA – Pois mire, en máis ruín lama se podía embarcallar.

XUEZ – Iso é o que estou pensando.

SABELA – Porque ademáis de ser com'as ve, calquera delas sabe coser, pranchar, cociñar cuasi de todo e goberna-la casa com'a muller máis literada.

XUEZ – (Pensando) *Xa, xa.*

CARMELA – *Vamos logo Maripepa, vaia por un pouco (Vanse)*

MARIPEPA – *Páseno ben.*

XUEZ – *Hastra dempois.*

MINGOS – *Por un pouco Maripepa.*

SABELA – *Non tardes, Carmela.*

### ESCENA 15<sup>a</sup>

XUEZ – *Xa ven qu'a min agora non me convén gastar moita balla, porque nin mo premiten as miñas ocupacións, nin é propio dos meus anos; con que cómpre aviar pronto o casamento.*

SABELA – *¿Pro logo está en casar con Carmela?*

XUEZ – *Si Dio-lo fai, si.*

SABELA – *Pois logo cando vosté queira Santo; xa sabe; antes con vosté que con outro.*

MINGOS – *¿I-a rapaza díxolle algo?*

XUEZ – *Si, i-hai días que lle veño falando no negocio.*

SABELA – *¿E que di?*

XUEZ – *Díxome qu'é unha boa comenencia pra min esa do Zoqueiro; pro boeno, párceme que n'hai duda.*

SABELA – *Non o ingana, non; apesar de que se queren moito, non lle dixo máis qu'a verdá.*

- MINGOS – ¿I-a Carmela, móstrase disposta?
- XUEZ – Párceme que si, alomenos eu non lle notei recelo.
- MINGOS – Pois estoncias vosté dispón o día i-as cousas que se precisen i-andando, nos llo diremos hoxe, pra poñela ó corrente.
- XUEZ – Voume logo nun brinco á casa do abade e volverei pra estar co'ela antes de tomar as declaracións. Teña todo gobernado, si vén Silvestre qu'avise os outros testigos, a ver s'acabamos pronto que quero ter a tarde libre.
- SABELA – Pois volva de contadiño, que xa teremos todo preparado.
- XUEZ – ¡Hastra logo! (*Marchando*)
- MINGOS – ¡Por un pouquiño señor Xuez!
- SABELA – Moito coidadiño, ¡mire qu'o agardamos pra xantar!
- XUEZ – Xa teño que vir antes, pro s'o abade m'obrigase a quedarme non s'estrañen, porque paréceme que xa debo ser como da casa.
- MINGOS – Boeno, señor, boeno, arregre as súas cousas é veña cando poida, nós sómo-lo mesmo, ben o sabe.
- XUEZ – Por unha miguíña... (*Vaise*)<sup>64</sup>

## ESCENA 16<sup>a</sup>

- MINGOS – (*Car'a Sabela*) Veleí, é ben certo que cand'unha porta se cerra outra s'abre: o do Peto tan intiresado foi que non falla quen lle saque ó poxo.

---

64 Aquí acaba a quinta parte publicada do texto.

SABELA – E con menos voltas.

MINGOS – Por certo.

SABELA – ¿Canto valerá o que ten o xuez?

MINGOS – ¡Seique t'adivirtes muller! ¡Ti non ves que co cargo que ten i-o que lle val a casa, é un dos máis ricos d'auntamento!

SABELA – ¿Máis c'o Secretario?

MINGOS – (*Pensando*) ¡Uhn, leva a mona si pouco ll'ha de marrar!

SABELA – ¡Ánemas benditas o fagan! (*Poñend'as maus dereitas*)

PERUCHO – (*Entre bastidores*) ¡Tío Mingos! (*Chamando*)

MINGOS – ¿Quen vai?

PERUCHO – Xente de paz.

MINGOS – (*Sai á porta e mira*) ¡Ai eres tu Perucho, sube! (*Perucho sobe i-entra*) Séntate. (*Séntanse os dous*) ¿E logo que tras de novo?

PERUCHO – Pouca cousa.

MINGOS – Bor'on vaso (*Dálle de beber e beb'il tamén*)

MARIJUANA – (*Entre bastidores*) ¡Ai Sabel!

SABELA – ¿Que Marijuana...?

MARIJUANA – Pode escoitar unha palabriña.

SABELA – Poderei (*Marchando*)

PERUCHO – Pois xa saberá qu'estou envolto nun peiro co señor do Souto por causa do prado da Cervela.

MINGOS – Xa sei.

PERUCHO – Pois boaena, agora necesito probar cos tres máis vellos da parróquea a posesión d'auga qu'é donde se cimenta a demanda e por iso os citei a vosté, o tío Grabiél i-o tío Farruco da casa baixo.

MINGOS – Boeno, non boeno; todo'ó qu'esteña da miña parte xa sabes.

PERUCHO – Dios llo pague.

SABELA – (*Entrando*) ¡Párceme que tamen lle gusta ó Xuez Maripepa!

MINGOS – (*A Perucho*) Bot'outro goto qu'a rábeas tragos, i-a penas cigarros. (*Dálle de beber e bebe il tamén*) Non ch'é ruín moza.

PERUCHO – Non sea que ande de pretenda.

SABELA – (*Surrindo*) Craro que pretende a Carmeliña.

PERUCHO – ¿Pero logo non casa co do Peto?

MINGOS – Cala, hom cala, non m'acordes iso siquera, xente nova e leña verde... ¿decátaste?

PERUCHO – Pero logo que pasou, ¿derramouse a rapaz, ou?

SABELA – Non santo, pro xa non casa porque pid'o diaño.

PERUCHO – Pouco perde porque esa casa aind'está ben entrampada.

MINGOS – ¡Mirlo i-eiquí dixo que solamente debían cen pesos na casa do Souto!

PERUCHO – ¡Si, i-o allo!; teñen as vacas de cabana i-as millores leiras hipotecadas en trinta mil réas.

SABELA – ¡Vaia il que non volva!

PERUCHO – ¿Conto logo con vosté?

SABELA – Si, home si, e co Xuez tamén; vaia non faltaba máis agora que vai ser da casa!

PERUCHO – Teñen que declarar qu'auga no prado sempre correu da mesma maneira.

MINGOS – Conta connigo. ¿E non tes por eí un home bon?

PERUCHO – Si, teñ'a Silvestre o porteiro do xuzgado que xa virá a impoñelos nas declaracións.

SABELA – ¡Canto dá que faguer unha mala abella; is'home é unha acabación no país!

PERUCHO – Cale, santa cale, a min traime traslocado de cabeza, xa quería pasar unha transición pagándoll'o que debe ó crego de Sevane, pra que me deixase en paz.

MINGOS – Non fagas tal. O que pag'a Xan e deb'Andrés ten que pagar outra vez.

PERUCHO – ¡Xa, xa, agora xa non, sea o que Dios mande. Vaia, por un pouco e moitas gracias, vou ver se lles dou un bocado ós testigos, e vosté veña tamén.

MINGOS – Dios cho pague, pro hoxe non ch'é cousa diso xa ves teño qu'agardar polo Xuez.

PERUCHO – Sin cumprimentos ben o sabe.

SABELA – Éch'o mesmo, Perucho, éch'o mesmo.

PERUCHO – Por un pouco logo.

OS DOUS – Hastra dempois.

## ESCENA 17<sup>a</sup>

MINGOS – Cómpre moito que lle digas a Carmela qu'a pretend'o Xuez.

SABELA – Xa cho ha de saber.

MINGOS – Non saberá non, e poñela de xeito que non repare en casar co'il, porque este é unha comenencia fera; non seña que faga o mesmo que co do Peto.

CARMELA – (*Entrando*) ¡Ai, o dengue si non está corrido com'a gaita na voda que me caso. Xa me queren trague-lo ramo.

SABELA – ¿E con quen din?

CARMELA – Co do Peto.

MINGOS – Co do Peto non, pro d'hoxe nun ano has d'estar casada Dios diante. Has se-la muller do señor Xuez.

CARMELA – ¡Do Xuez!

SABELA – ¿Aínda?; a que lle vas poñer reparos, pois il é rico, sabido, cordo, que non é ningun toleirán, porque sabe de mundo i-é un home maduro.

CARMELA – Vello, solo o unto qu'adoba o caldo.

MINGOS – ¿En quen pensas estoncias? Ti nin o do Peto, nin o Xuez, ¿queres meterte monxa ou con quen demoros pensas casarte?

SABELA – ¡Ai Carmeliña, Carmeliña, canto frato tes!

CARMELA – Non é frato, madriña, pensareino millor (*Con entereza*) que miña nai non me pariu pra que sea do primeiro que se ll'antoxe collerme. Eu non conozo is'home, nin sei cales son as súas condicións; e porque seña unha probe



orfa; porque non teño pais (*Chorando*) non hei vendelo meu curazón, cal si fose unha libra de carne na feira, ó primeiro larfón que cheg'á miña casa aunque veña cargado d'ouro; eu son doutro, teño o meu amor comprometido, o meu curazón teno Antón, o criado, xa hai moito tempo que aunque probe, é honrado e porque sea orfo e non teña amparo de ninguén, merece unha herdeira com'o mancebo da millor casa.

SABELA – ¿Ti vela?

MINGOS – ¡Logo si el, pois acabouse, ou casas con quen che mandan, ou estais largando.

CARMELA – Largarei, pro antes quero o meu.

MINGOS – O teu s'ó queres xa o virás buscar co xuzgado.

CARMELA – ¡Ai Dios dos ceos que nin o meu me queren dar! (*Chorando*)

SABELA – Non que logo, ou casas co Xuez, ou non levas nada.

CARMELA – Máis que non leve, co meu Antón teño abondo, il é home de ben, eu axudareille e traballando día e noite s'é preciso ganaremos un bocado de pan honradamente pra manternos nós i-os nosos fillos, i-anque teñamos que faguer o lar ó pé dun carballo no val, á beira da fontela, non, non deixo o meu Antonciño nin o troco por ningún rico. ¡Si meus pais viviran non m'habían d'obligar desa maneira, pero como son uns tíos, parece mentira que digan que m'estiman tanto e queren que case cun home qu'o meu curazón desprecia. ¡Ai, ai, ai, Dios do ceo me valla, non teño quen volva por... min...¡ai!... pai-ciños da i-alma... (*Caída de rodillas e pon as maus dereitas pro ceo*) que tanto me queríades, valédeme, (*Mingos e Sabela choran*) salvádeme desta inxusticia. Antón é tan bon como vos fostes pra min, dádeme consentimento

qu'eu quero casar co'il e non me deixan, botadem'a ben-  
dición desde o ceo... (*cai esmaiada*)

(Telón)

Y así termina el interesante drama del Sr. López Castiñeiras y tam-  
bien *mi visto bueno*, en cuanto lo considero como un hermoso mode-  
lo de prosa gallega, de la que tan necesitada está la literatura regional  
aunque opino que no tiene igual importancia como obra teatral.

Tal es mi humilde parecer.

Jesús Rodríguez López

# SALVADOR CABEZA LEÓN

(BETANZOS 1864-COMPOSTELA 1934)

## CAMIÑO DA VILA. CADRO LÍRICO<sup>65</sup>

Letra de Salvador Cabeza León. Música de Antón García Ximenez.

### CUADRO ÚNECO

Paisaxe gallego. Diante de todo, un turreiro; por tras del, un pouco arredado, pasa o camiño que pola esquerda leva á aldea e pola dereita á vila. Do turreiro saíen dous carreiriños que se supón van morrer un á dereita, outro á esquerda do mesmo camiño. Pinales, carballeiras: no fondo, montañas.

Antes de erguerse o telón, oínse, en tono de *alalá*, estas dúas copras.

MOZOS – Cantaremos desta terra  
os feiticeiros primores,  
sen esquencer, raparigas  
tampouco os nosos amores.

MOZAS – ¡Ai! n'hai terra com'a nosa  
non hai com'a nosa terra;  
ai! morrerei de tristura  
se levar me levan dela.

---

<sup>65</sup> Transcribimos a copia aparecida nos números 1, 2 e 3 da revista *Suevia*, publicados en Santiago o 7, 14 e 21 de outubro de 1917 (respectivamente).

## ESCENA PRIMEIRA

Mingos, Antón

MINGOS – (*No turreiro, cara á esquerda, mirando pro camiño*). ¡Ei, Antón!... ¿Onde camiñas con tanta présa? Ven por acá se queres que botemos un parrafeo.

ANTÓN – Alá vou nunha carreiriña, Mingos. Leve o díaño se pensaba toparme contigo esta mañán. (*Pausa*). ¿E el que se che perde tan cedo pola Amañecida? (*Di esto entrando no turreiro pola esquerda*)

MINGOS – Verás, hom... O derradeiro domingo non poidemos beilar na eira do concello, porque lle morreu a sogra ao noso alcalde: ¡boa troula s'armou no lugar cando soupemos qu'espichara aquela lumia!... Boeno; o conto foi que falamos os mozos cas rapazas e quedamos en que o primeiro día que fósemos á vila, ó pasar polo turreiro da Amañecida, botaríamos nel unha muiñeira á conta das que non poidemos botar o día da morte da señora Xoana.

ANTÓN – Di ó menos, pois nada custa, Dio-la teña no seu descanso.

MINGOS – Téñaa como queira e onde sea sirvido, pro téñaa ben suxeta pra que non volva por acá.

ANTÓN – ¿E logo, tan boa era, carafio?

MINGOS – ¿Boa?... Unha santa da caixa furada, unha almiña de Dios. Polo xenio d'almibre, chamábase *a arrabeadada*, e como era tan limosneira, os probes non a destenguían senón co alcume de *nai da fame*<sup>66</sup>. Contan no lugar qu'unha ves mordeu a un can e adoeceu o probe do can.

---

66 Os destacados son do texto orixinal.

- ANTÓN – Pero, home; ¿deixarás siquera un instante de rexoubar? Nin pr'os mortos tes unha mingalla de caridá. Deixa en pas á señora Xoana e bota un cigarro.
- MINGOS – Morra logo o conto. (*Saca papel e tabaco, dálle a Antón e pónense a facer cada un o seu pitillo*). Toma pr'o cigarro e mira se tes con que alcendolo. Eu non podo darche lume: esquencéronseme os mistos.
- ANTÓN – Eso corre da miña conta. (*Feitos os cigarros, saca Antón un desos mecheiros qu'ás veces inda lles dá por alcenderse*)
- MINGOS – ¡Carozo, rapás; vaia un esqueiro ripinicado que gastas! ¡Canté!... Ben che se conoce qu'estiveches dous meses en Boenos Aires. Viñeches d'alá feito un señorito, fóra a alma. Inda t'hemos de ver arando a terra nun deses carricoches que corren como se levaran o demo dentro e fungan por múseca.
- ANTÓN – ¡Ha, ha, ha!... Ti sempre o mesmo, Mingos. Razón che tiña voso abade cando lle oín decir: «Se Mingos soupera escribir, e escribira pronósticos de risa, podíase facer de ouro».
- MINGOS – ¡Home!... Xa que falas do señor abade... Bo conto de risa o que lle pasou a el no derradeiro antroido con Martiño da Portela... o fillo da Catuxa...
- ANTÓN – Xa sei quen é: aquel que por mal nome lle chaman...
- MINGOS – ¡Xo, condanixado!... Cala, non o ripitas... Coida q'hai moita xente diante.
- ANTÓN – ¡Pois é verdá, pardiola!... A pouco máis meto o zoco sin procatarme. ¡Facíacha boa! Dios cho pague polo aviso, e veña o conto.
- MINGOS – Escoita e verás. Aí en Santa Baía temos o costume cando matamos o cocho –os que o matamos– de mandarlle a

proba ao señor abade: un cacho de lacón ou de raxo..., unhas morcegas..., a cachucha; calquer fineza. Martiño da Portela, que o contan antre os máis ricos, pro tamén antre os máis rañas da parróquea, matou polo antroido un porco... Non che quixera mintir, pro seica non vin outro como el; érase grande como un cucho dos bos: ¿e querrás creer que nin tanto así (*Dando ca uña contra os dentes*) lle mandou ó señor abade?... Sópolle mal a este o feito, non por nada, senón pola aquela do despreceio: gardoulla a Martiño e a primeira ves que o topou a xeito, púxose de parola con el e d'alí a pouco saleulle de súpeto: —«Ai, Martiño; ¿e mataches o porco?» E Martiño contestoulle: —«Matei, si señor.» —«¿Ai, home, —díxolle moito o abade; —non che soupen nada!» E Martiño, máis lavado qu'os pelouros do río, mirándoo con moita xorna, reprecoulle: —«Pois berrar, berroulle ben o condanado. Debéuselle oír non soilo na parróquea, senon en todo o Alciprestazgo.»

ANTÓN — ¿Ha, ha, ha!... ¡Éche boa a hestórea, así Dios me salve, hom! Non che se m'esquencerá na miña vida. ¡Vaite co richado de Martiño, xuncras! Ten máis letra miuda qu'o noso sacretario... e digo dabondo.

MINGOS — Podías levalo pro teu lugar: dámoscho de boa gana.

ANTÓN — Está ben onde está. E volvendo á fala denantes; inda non m'explicaches que é o que che trai tan cedo pola Amañecida.

MINGOS — Xa che contei que quedáramos cas rapazas en botar unha baila neste turreiro o primeiro día que fósemos á vila. Hoxe imos alá ao mercado. Eu tiven que saír diante, pra facer en Casalonga un mandado de meu pai, e eiquí me tes agardando polas raparigas e rapaces, que deben estar a chegar... ¿Non o dixen?... En falando do rei en Roma... Velaí veñen dando a volta ó pinal de San

Xurdo; e se non m'engano, dispoñéndose a botar unha cántiga. Vou xuntarme con eles. ¿E ti vés, Antón?

ANTÓN – Irei tamén. O traballo non me corre présa por un pouquiño, eu son tolo pola música... e polas rapazas, e as de Santa Baia teñen sona de cantar como reiseñores.

MINGOS – Pois ¡ala xa, qu'están chegando! Bota pra diante.<sup>67</sup>

## ESCENA II

*A pouco de sair Mingos e Antón, comenczan as mozas e os mozos a cantar a alborada: entran no turreiro sin deixar de cantar. Veñen tamén Antón e Mingos*

CORO – Xa nos cotos e nas veigas  
alomea a lus do sol,  
e cantando pro traballo  
sai da chouza o labrador;  
arrescende o campo a gloria  
e dos ceos cheos de lus,  
baixa leda, mainamente,  
unha prácida quietú.  
Que legría!  
que solás!  
ver das frores  
os mil cores  
que da terra  
un ceo fan;  
con que doces armunías  
cantan xílgaros, lavercas,

<sup>67</sup> Até aquí chega a publicación da primeira parte da peza.

verdorolas, cutovías,  
súas máis lindas canciós;  
ó escoitalos  
eu relouco  
e no peito  
brinca tolo o corazón.  
Tamén nós, rapazas,  
cantemos ó día  
que trae nas súas luces  
a pas e legría,  
ós tristes, consolo,  
pra os vellos calor,  
e a todos espranza  
dun tempo millor.  
Cantaremos desta terra  
os feiticeiros primores,  
sen esquencer, raparigas,  
tampouco os nosos amores.  
¡Ai! n'hai terra como a nosa;  
non hai como a nosa terra;  
¡ai! morrerei de tristura  
se levar me levan dela.  
T'éñoche un querer moi grande  
alá no fondo da i-alma;  
d'alí non pode arrincalo  
senon da morte a gadaña.  
Anque ben chova ou lostregue  
se t'alcontras de min preto,  
pr'os meus ollos tan amantes  
brilan todos os luceiros.  
N'aquel roxo caravel  
que che din onte á mañán,  
verías, meu amoríño,  
dos meus beizos a sinal.



MINGOS – ¡Ben cantado, rapazas!... E tampouco vosoutros (*Ós mozos*) o fixéchedes mal. Agora, mentras non vén o gaiteiro, que xa non pode tardar, descansade un pouquiño.

*(Séntanse as mozas, repartíndose polo turreiro e formando cos mozos grupos onde se ri e fala con animación: nun dos grupos Sabela, Manoel e Antón)*

MANOEL – Tende moita conta co que parolades, nenas. Antón está diante e n' é do noso lugar nin siquera da nosa parróquea.

SABELA – ¡Boiche!... N'ha de ser de casta moi distinta da vosa. De tolo a tolo...

ANTÓN – Tes razón, muller. Mozo son como os demais; amigo, como todos, de m'adivirtire e de botar un parrafeio cas rapazas; e cando as atopo tan garridas e falangueiras como vosoutras...

SABELA – Nosoutras semos como Dios nos fixo, ¿sabes? E se vés de chufreta pensando dar con pipiolíñas, vai chamar a outra porta: nesta n'hai lume.

MANOEL – ¡Con quen fuches a enredarte, meu vello! Ca rapaza máis espilida da parróquea, e se m'apurás un pouco de tres légoas á redonda.

ANTÓN – Non me desbotes con tanta aquela, rapariga. De verdá falo; e inda me dá o corazón que ti e eu hemos de chegar a querernos como dúas rulas.

SABELA – ¡De veras, meu probe!... Dios che conserve o sentido que como en todo acertes do mesmo xeito, vas a somellarte ó relós da nosa torre, que soilo señala a hora dúas veces ó día.

ANTÓN – ¿Cómo pode ser eso, corcia?

- SABELA – Porque vai pra un ano que está parado nas cinco.
- ANTÓN – Boeno, prendiña, déixate de lérias e fala ó caso: ¿queres dicirme como te chaman?
- SABELA – ¿A min?... Asegún.
- ANTÓN – ¿Qu’ é eso de asegún?... Inda estoupe com unha baloca, s’entendo tal andrómena.
- SABELA – Pois ben craro ch’ é o conto. Cando estou preto, chámanme a modiño; s’estou moi lonxe, berran canto poden.
- ANTÓN – ¿Sabes, neniña, que tes máis voltas qu’un argadelo?... E conta; cando te chaman de lonxe ou de preto, ¿como che din?
- SABELA – ¡Vai ti a saber!... ¡O que cadre!... Esta mañán, póñoche por caso, cando fun abrir o galiñeiro, díxome miña nai, berrando dende a porta da casa: —«¡Rapaza! escorrenta ese lagarteiro que lle anda facendo as beiras ás poliñas». E eu contesteille: —“Non ll’ é lagarteiro, mi madre, élle un miñado moi cativo que gracias poida atrapar unha miñoca”.
- MANOEL – ¡Anda, Antón, volve por outra!
- ANTÓN – Eres o mesmo diaño, rapaza; pero pouco hei de poder...  
*(Oise dentro a gaita: saien os mozos correndo con grandes mostras de regocixo, e a pouco volven pola dreita arrodando ó gaiteiro)*
- MINGOS – ¡Ea! Xa temos aquí o gaiteiro. N’hai que perder tempo: a botar unha baila, antes de seguir camiño da vila.<sup>68</sup>

---

68 Até aquí chega a segunda parte publicada.

## ESCENA III

Ditos, e o gaiteiro

CORO – Cando nas festas a múseca escoito  
 non sei que sinto por todo o meu corpo,  
 pro de contado  
 me poño a beilar,  
 se algún mocíño  
 súa seña me fai.  
 De cantas danzas no mundo se bailan  
 á muiñeira ningunha lle iguala,  
 así mo dixo  
 na vila un señor,  
 e tiña afellas,  
 dabondo razón.

Cando con Mingos se atopa Carmela  
 pónselle a cara como unha cereixa,  
 e s'el lle fala  
 con doce falar,  
 ela non sabe  
 que xeito tomar.  
 Vamos andando o camiño, rapazas,  
 qu'inda hastra vila un anaco nos falta,  
 e de pararnos  
 máis conta nos ten,  
 libres de apuros  
 facelo ó volver.  
 Marchemos, pois,  
 marchemos xa;  
 qu'a toda présa  
 corre a mañán.

MINGOS – Agardade un instantiño. Antes de sair d'aquí, ten que botar Manoel da Gándara a copra que cantou onte na casa do Pexegueiro. ¡Cousa boa, veredes!

TODOS – ¡Si, si! ¡Que a cante! ¡Que a cante!

MANOEL – ¿Pro facédeslle caso a este baralleiro de Mingos que sempre está de chola? ¡Tendes bo traballo!... E ademais, ¡vaia unha copra de xeito pra cantar agora!

MINGOS – Fálavos así porque a sacou do seu miolo e non quer darse fumes con ela; pro ben sabedes que Manoel é o máis lido e escribido de todos nós, e hastra estudia co escolante unhas cousas riviricadas como o rabo do demo. Cantar xa non se diga: é o que o fai millor na parróquea, ¿non si?

MOZO 1º – ¡Ai eso non ten volta!

MANOEL – ¿Vosoutros seique queredes tomala conmigo? Pois deixavos de parvadas. Millor canta Goriños, o fillo do sacristán.

MINGOS – ¡Que puñeflas vai cantar, hom! Ten máis torgo que ti, non cho nego; pro no demais, gáñaslle ti con moito. Eso si, torgo ten de diaño; cando solta un *Groria* ou un *Recorderis*, parés vai a fenderse a eirexa d'arriba en baixo. E aínda vos lembraredes da estragueira que fixo ó cantar aquel moquete, ou como se chame, no pasado Nadal, cando non deixou vidro sano na eirexa e tódolos picariños qu'estaban nela puxéronse a berrar mesmamente como se lles furasen as tripas cunha subela. (*Rinse todos*)

MOZA 1ª – ¡Arrenégote, xuncras; como as arma este argalleiro!

MOZO 2º – Así me gusta, Mingos. Botalas gordas ou non botalas.

- SABELA – Boeno: basta de parola que se fai tarde. ¿Ti (*a Manoel*) cantas ou vas a estar aí toda a mañá feito un espantapegas?
- MANOEL – Vaia logo; se non vos asañades, cantarei.
- SABELA – Pois acaba dunha ves; e pra que tomes algún folgo, tamén nosoutras axudaremos.
- MINGOS – ¡Boa idea, abofé!... Axudaremos todos... ¡e arda o eixo e o demo sea xordo!
- MANOEL – S'eu soupera cantar nena,  
 como quere meu desexo,  
 gabaría a denosura  
 deste chan que tanto quero,  
 o meigallo dos teus ollos,  
 a dozura dos teus beizos,  
 da túa cara os caraveles,  
 o ouro fino do teu pelo,  
 e a múseca da túa fala  
 que me sona aquí, no peito,  
 cal se dentro del cantasen  
 os anxeliños do ceo.  
 Si, miña carrapuchiña;  
 cantar fora meu desexo  
 como os mesmos reiseñores,  
 pra cantar ó chan gallego,  
 e a aquela meiguiña, meiga,  
 de quen prendido me vexo,  
 qu' é dona da miña alma,  
 da miña vida sustento.
- CORO – Cantemos, cantemos,  
 da terra os feitosos,

as doces e ardentes  
venturas do amor;  
e nunca no peito  
sintamos cravarse,  
da envexa ou dos celos  
o fero aguillón.

Telón

Santiago, diciembre 1915.

# MANUEL POSSE RODRÍGUEZ

(NEGREIRA 1892-COMPOSTELA 1968)

(F. IGNACIO BLANCO FREIRE)

## ¡INDA NON QUERO SER MICO!<sup>69</sup>

*Apropósito cómico en un acto y en verso* por Don F. Ignacio Blanco Freire y adaptado á la escena por Don Manuel Posse Rodríguez, presbíteros<sup>70</sup>.

### PERSONAJES

Un paisano ..... L. Regueiro

Señor Xan – 60 años ..... E. Alfonsín

Un ché – 28 años ..... E. Fernández

La escena en una aldea de Galicia. Época actual

### ACTO ÚNICO

Decoración de campo con entradas a derecha e izquierda y una piedra grande para sentarse.

---

69 O manuscrito, propiedade de D. Henrique Acuña Rodríguez, está formado por trece follas escritas con tinta negra por unha soa cara. A primeira, que serve de capa, é lisa, as restantes levan o carimbo do «Círculo Católico de Obreros de Santiago».

70 Ao lado aparece a seguinte nota: “Estrenada con gran éxito en el Círculo Católico de Obreros de Santiago el día 6 de enero de 1915”.

## ESCENA 1ª

*Un paisano que va para el molino entrando por la derecha mira hacia atrás, y como si viese personas que vienen por el mismo camino, dice:*

Cun ché que estovo nas Indias  
catorce meses e médeo  
camiño da súa casa  
vén o señor Xan dos queixos  
que trague as polainas novas  
i-a chaqueta nos ombreiros,  
o chapeu cun pano atado  
pra que non ll'o leve o vento;  
un pau de moca na man,  
fresco coma un berberecho  
cun cigarro tras da orella  
i-outro na boca encendeito.  
Algo máis guapo vén Ché,  
caranio, dá xenio velo  
pois dende que veu das Pampas  
anque non trouxo diñeiro,  
veste chaqueta d'alpaca  
chalina encarnada e cuello,  
un sombreiro de *pajilla*,  
anque xa estamos no inverno,  
pantalón branco de todo  
i-un ponche de doce pesos  
e pra remacha-lo cravo,  
socos de pau d'ameneiro;  
i-ademais, xa m'esquecía  
trague tamén un chaleco  
de color de sabanduxa  
qu'ós rapaces lle pon medo.  
Veñen, pois, os dous compadres  
en alegre parrafeio,  
porque de sorber acaban  
uns tragos de viño vello,



daquel que mercou “o chuco”  
fai dous anos pra Xaneiro.  
Así pois, fan máis barullo  
que sete cochos pequenos,  
i-unque algunha ves berraron  
igoal que dous gatos feros,  
non deixan de falar hoxe  
porque o viño os pon parveiros.  
Ché, conta mil aventuras  
e d’Amérecia mil feitos  
que ten tanto de verdade  
coma meu avó de crego;  
pro é costume en tales tipos  
sobre todo nestes tempos  
de contar “bolas” con forza  
unque non contén diñeiro;  
namentras qu’o señor Xan,  
meu probe, vai feito un vello,  
botando as mans á cachola  
lembra os seus pasados tempos  
unque ó Ché non lle fai caso  
pois sabe qu’é un mentireiro,  
pra quen asoball’o mundo  
e pon freno ós linguateiros:  
bo, bo, andemos pra diante  
a ver s’está mundo ó centeo  
*(vase por la izquierda)*

## ESCENA 2ª

SEÑOR XAN – *(Entrando, acompañado del Ché)* Sentémonos aquí un pouco.

CHÉ – Bueno luejo, fumaremos ¿un sigarro? *(dandóselo)*

- XAN – Trague logo (*fuman*)  
Inda lembro aqueles tempos  
de rapás cando iba ós niños  
de pimpín, rulas e merlos.  
Inda n'esquecín tampouco  
a Don Xaquín ó maestro  
que me mazou a badana  
coma se fose un pandeiro;  
os apuros que pasei  
cando lle fun ós pexegos  
ó froital de Don Ramiro  
e m'apurrou o “tistelo”  
qu'á primeira taniscada<sup>71</sup>  
case quedei sin alento.
- CHÉ – Rediés, con la mordellada  
luejo le calou adentro.
- XAN – Condanado, tiña uns dentes  
que parecían fungueiros;  
malas papas nunca o pelen  
arre diaño, ben me lembro.
- CHÉ – Debía ser un buen can...
- XAN – Era un can coma un becerro.
- CHÉ – ¿Y non recorda xa máis?...
- XAN – Inda lembro ademais desto  
as ruadas sendo moso,  
i-os cantos do ailelelo  
a miña fruta de buxo  
tocaba que daba xenio;  
cando lembro aqueles días:  
¡ei carafío, anda marelo!

---

71 Mordedura ou belisco.

Estonces n'había pena,  
estonces soilo contento  
pero agora....

CHÉ – Pues agora  
haija alegría lo mesmo.  
*(Se pasea con garbo haciendo todo lo que dice a continuación el otro)*

XAN – *(Á parte)* ¡Este ché ten máis fachenda!  
e pon de lado o sombreiro  
e quer tufar os bigotes  
que parecen pelos tesos  
espiñas de bacalao  
chantadas nun pau de freixo.

XAN – Quen poidera así vivir  
sin ter penas, compañeiro,  
estas cousas xa son outras,  
agora estou feito un vello.

CHÉ – Déguese V. de macanas,  
que sonsera eso no es certo...

XAN – Dende q'un ten pelos brancos  
con media ducia de netos,  
se n'é vello rematado,  
de moso ten pouco xeito.

CHÉ – Esas son apresiasiones,  
n'hay que reparar en eso...

XAN – Eu xa non repararía,  
pro séntemas o pelexo.

CHÉ – Tiene usted salú dabondo,  
está máis duro que un fierro  
y en su caixón hoy por hoy  
inda non lle falta un peso;

coma usté la boa carne  
y el buen viño del Ribeiro,  
buen morapio, buen morapio  
y cuestas de nutrimento.

XAN – Eu agora un bo rosario  
a ver se logro no ceo  
cando fuxa deste mundo  
un cachiño de terreno,  
porque...

CHÉ – Diéguese usté de macanas  
esas son cuestas de cregos  
pra enganar al ignorante  
al rústico...

XAN – Vas pro inferno  
se falas desa maneira,  
coidadiño...

CHÉ – Legos deso  
eso es una trapallada,  
qu'esperansa...

XAN – Boeno, boeno,  
pouca leria, ché...

CHÉ – Amigaso  
en la Amérecia no hay eso  
y en un día jana el hombre  
tres, cuatro, sinco ó seis peso,  
porque allá reina cultura,  
y hay otros conesimientos pero  
aquí solo miseria amigo...

XAN – Va non che entendo  
por eso prá acá viñeste.

- CHÉ – Todo es cosa de los tempos  
hay pues que salir d'aquí  
pra tener conesimiento  
de qu'a religión es farsa  
solo pra sacar dinero,  
y que los curas y frades  
son todos...
- XAN – Va, va, xa vexo  
qu'estás un pouco guillado  
e así xa non che dou creto.  
Non fales desa maneira  
contra Dios e contra o ceo  
da religión qu'os pasados  
en todos tempos tiveron  
e souberon máis que ti  
i-outros moitos linguateiros  
que soilo tragués d'aló  
faladorías a centos  
en contra da religión sin  
saber...
- CHÉ – Pero sabemos...
- XAN – Tirar ben dun carromato.
- CHÉ – Por moito más yo me teño;  
porque aquí non saben nada  
porque no existe el progreso  
ni cultura...
- XAN – Moito falas  
e sin nada de proveito,  
mellor fora que calaras  
que darlle couces ó vento;  
por máis de que sea un probe  
Dios hame quere-lo mesmo.

Cristianos foron meus pais.  
i-eu coma eles quero selo.

CHÉ – Esto me dá en los fociños  
si os nosos parientes fueron  
los monos, hombre, los monos.

XAN – Ei, coidado, son máis vello,  
non fagas trapo de min,  
qu'inda podes ser meu neto.

CHÉ – N'es risa, s'eu tamén son,  
como V. también desiendo  
del mono...

XAN – Pois ti sé mono,  
qu'eu inda non quero selo.

CHÉ – Es que lo disen los sabios  
y así lo asmiten los pueblos...

XAN – Pois eu non quero ser mono,  
aunque o diga o mundo enteiro.

CHÉ – Pues nuestros primeros padres  
tan solo los monos fueron...

XAN – Os teus serían, qu'os meus  
foron Farruca e mais Pedro.  
Ei, recontra, viva Xan,  
non coides que son un neno,  
qu'inda que me ves de lan,  
non che son ningún carneiro.

CHÉ – Non le quepa á usté ya duda  
que os nuestros parientes fueron  
tan soilamente los monos...

XAN – Ai, díaño, é como foi eso,

porque a cousa é ben sabida  
e que non asmite pero  
qu'os fillos os pais semellan  
na figura é algúns no xenio;  
se teus avós foron monos  
como aseguras moi sereo,  
¿onde botáste-lo rabo?  
porque ti debías telo.

CHÉ – Qu'esperanza n'hai tal cuesa  
eso si qu'es no entenderlo  
el rabo lo hemos perdido  
por evolucionamiento  
que quiere decir que todo  
cambea y no se está quedo.

XAN – Poi estonces poida ser  
qu'inda non pares en esto  
i-o día menos pensado  
vólveche a nacer aquilo,  
o rabo quero dicir  
soilo qu'un rabo máis feito,  
i-unhas orellas tan longas  
coma os d'o mellor xumento.  
Polo si, ou polo non  
e por s'esto chega presto  
podes ir mercando albarda  
freno e demais aparellos.

CHÉ – Yo ben dijo, aquí en Galicia  
n'hay cuesa de valimento.

XAN – Badulaque, fachendoso  
¡ti si que tra-lo progreso!

*(Se van, el Ché por la derecha y Xan por la izquierda)*

### ESCENA 3ª

*Un paisano, que vuelve del molino, entrando (se oie tocar una campana que dá las diez)*

Soaron as des da noite (*se oyen ladrar perros*)  
ladran os cans no soutelo (*se siente cantar el ailelelo*)  
séntese a vos dun que canta,  
caranio, debe ser Pedro  
que camiña prá fiada  
tódalas noites d'inverno  
estriquémo-las orellas (*escuchando*)  
ai recontra non ch'é certo  
o que canta pola veiga  
éche o señor Xan dos queixos  
escoitemos (*escuchando*)  
(*el que canta dice esta copla*)  
Hoxe un ché chamoume mono  
i-eu respondinlle sin medo,  
mono serás ti, carafio  
qu'eu inda non quero selo.

*Lanza un "aturuxo" y cae el telón.*



# EUXENIO CHARLÓN ARIAS

(NARÓN 1888-FERROL 1930) E

# MANUEL SÁNCHEZ HERMIDA

(FERROL 1889-1940)

## CALQUERA ENTENDE ESTE ENREDO<sup>72</sup>

Sainete comico, en un acto, por los Sres. Eugenio Charlón Arias y Manuel Sánchez Hermida<sup>73</sup>.

### REPARTO

Vicente.....	Charlón (E)
Anestasio.....	Sanchez Hermida (M)
Guardia.....	Charlón (E)
Borracho .....	Sánchez Hermida (M)

La acción, en El Ferrol. Época actual

---

72 O manuscrito forma parte dunha libreta escolar raiada, de medidas estándar, en que ocupa 15 páxinas, numeradas a man a partir da segunda, actuando a primeira a modo de capa. Remata coa sinatura de ambos os dous autores

73 Ao lado aparece anotado: "Estrenado en el "Teatro Jofre" del Ferrol, la noche del 12 de marzo de 1916".

## ESCENA 1ª

VICENTE – Coidado comigo, que é moito conto coa xenta esta. Vén un co seu nagocio pra ver de ganar catro cartos, e solo atopa disgustos, porque ¡douna o demo! si vin xente con máis vento; en canto mangan un traxe de picorros nin xudas para con eles... pois válgalle que mo fixo aquí... si me fai tal aución, aló pola Mourela ou pola Cruz do Pouso, iba levar que rascar... xa lle diría eu si ese é xeito de tratar coa xente; ou pensan que somos carneiros porque vestimos de lan; e ademais que non había razón pra me agarrar daquela maneira; con me decir que non fora polo andén xa estaba todo romatado pro, así e todo, el ben vía que polo medio da rúa aínda non andan os cas. E como un non ten o xenio gardado díxenlle o que viña ao conto... habíades de ver aquel home como se puxo avinagrado; hastra me meteu as maus nos petos pra ver si levaba farramenta. Eu non estou moi caído en leises, pro, parceme que a ordanza non lles manda ir aos petos de naide, e iso... mirando ben por onde apalpan... porque hai partes moi respetadas que non son pra manosear ningun home por moita seguridá que manteña.

## ESCENA 2ª

ANESTASIO – ¡Trage un raio! ¡Coiro! que si soupera quen foi... *aseguro a Dios mi alma*<sup>74</sup> si non o había de peneirar ben peneirado...

VICENTE – Que che pasa Nestasio? ¿onde vas tan enfurruñado?

---

74 Destacado no orixinal.

ANESTASIO – Home, mesmamente iba pra casa d'Angelito a ver si t'atopaba pra que viñeras canda min

VICENTE – Pois, aquí me tes; ti dirás o que queres

ANESTASIO – Pro ti sabes o que me pasa, Vicentiño...

VICENTE – Eu non, namentras non mo digas

NESTACIO – Pois que teño a besta no untamento...

VICENTE – ¿E por iso te desgustas? non teñas pena, home, que alí trátanas ben. ¿E como foi parar alí?

ANESTASIO – Pois, verás; boteina a pacer naquel souto que hai enfrente d'Angustia, e por cuaselidá, disque pasou un municipal, que sin máis acá nin máis alá, levouna ¡mira ti que mal facía alí!

VICENTE – Pro a ti, ¡tentáronte os demoros! ¿non sabes que aquilo é un xardín?

NESTASIO – Sei, home, sei, si ben vin as pilas, pro eu precurei de poñela no lugar máis limpo, pra que non se m'embarroara.

VICENTE – Non, home, non, si non é dises xardís que ti pensas, é un xardín de recreo pra respirar aires saudabres.

NESTACIO – Saudabres de donde, Vicente, pro ti viches aquilo, pra falar asina, si aquilo imbra; pouco lle falta pra lle igualar ao rio de Figueiras, e xa ves que alí... paxaro que se pousa, paxaro que queda embisgado...

VICENTE – Si, pois vaite con esas andrómenas a eles que has de sacar bo pelo.

NESTACIO – Logo, é mentira o qu'eu digo.

VICENTE – Mentira non, pro aquilo consta como recreo por que hai xente pra tódolos gustos; ti non sabes que hai a quen lle gusta ter o esterco drento da casa.

NESTACIO – Ti que me dis!

VICENTE – ¡O que oies! Aquí nin o demo entende este enredo, sá-cannos de vender na praza de Arm[as] por que din que lixuga a nosa mercancía i-en cambio, méteste nesas que lles chaman xardís e non ves máis que queixos de periquito. Tamén a min sin razón ningunha por nada me fan a santísima.

NESTASIO – E logo ¿que che pasou?

VICENTE – Pois verás, cando fun leva-lo saco a cas de don Ramón á Praza de Delores, funme polo andén porque, ti ben sabes que aquela calle de María nin o demo a atravesa i-o chegar preto da calle dos Mortos, unha rapaza que salía dunha casa, trompezou contra o meu saco, eu a verda sea dita non me din conta ¡así Dios me dea a súa salvación!, seguí o meu camiño, cando nesto sinto berrar polo guardia, i-o demo apara un desos de medi[a] polaina, que había que velo, parecía un galo queirés<sup>75</sup>, doume unhas contoadas, e como eu non quería ir polo medio da calle a non ser de que quixera romper unha perna; agarroume polo brazo, e queiras que non queiras, había d'ir á espeución<sup>76</sup>.

NESTASIO – ¡Á espeución!

VICENTE – ¡Tal como cho conto! e como eu me recristaba hastra me foi os petos; gracias, gracias a que cuasemente pasou por alí D. Ramón e intermediou no asunto que sinón, a[n]daría agora nas maus de Pilatos.

NESTASIO – Deixasme admirado.

VICENTE – Trag'o demo se che mintu.

---

75 Segundo o Vocabulario de Constantino García, utilízase este termo para falar dun polo sen prumas.

76 Xusto despois, aparece riscado “que me debeu deixar marcadas as gadoupas”.

NESTASIO – Pero logo; sin máis nin máis berrou a rapaza... veu o... ese... agarroute.

VICENTE – Non, home non; polo visto<sup>77</sup>, tireina e por iso berrou.

NESTASIO – ¡Ah! e si se puxo por diante... e a cousa máis fÁCILE.

VICENTE – Non, si astra foi por detrás<sup>78</sup>. En fin, home, en fin, que sale un da casa pensando que vai seguro, e na volta da mau atravesásell<sup>o</sup> demo no camiño, e mira ti quen vai paga-los vidros rotos; porque si as calles estiveran amañadas como Dios manda, non había necesidade de meterse polos andés.

NESTASIO – ¿I-en que quedáchedes ó remate?

VICENTE – Amañouse todo de contado<sup>79</sup>,... eu tiña o dereito do meu lado e quen perdeu foi a rapaza.

NESTASIO – Si, home, si; Dios dea quen mire por un.

VICENTE – Pois, sinón; estamos aviados.

NESTASIO – Quen me dera poder amañar asina o conto da miña besta. Si ti foras cabo do compadre e lle pidiras a ver si podía facer algo.

VICENTE – Non che sei, como será<sup>80</sup>, hai algun tempo que non ten tanta influencia; dendes que foron as últimas eleucións, non ten compinche cos de *marras*<sup>81</sup>; pro mira; vai cabo do alcalde.

NESTASIO – Si xa fun aló, e me dixo o gardia que ten á porta que isas cousas non as amaña na casa, e como hastra as cinco non

---

77 Ao lado aparece riscado “sin darme conta”.

78 Tamén aquí aparece riscado “sin darme conta”.

79 Ao lado destas palabras aparece riscado “habendo quen mire por un”.

80 Debaixo de “como será” aparece riscado “si fara algo”.

81 Destacado no orixinal.

vai par'o untamento, a min fáisem'algo tarde. A besta, craro está, danma sempre e cando pague as dúas pesetas do dereito, pro eu quería mirar a ver si mo suspendían.

VICENTE – Ben<sup>82</sup>, iremos alo pra ver si faguemos algo. Pois mira, vou catar uns poucos de cartos que me deben aquí adiante, pra non atrasar camiño; namentras, ti vas andando pra casa de Angelito e alí nos agardamos; astra logo.

NESTASIO – Ben; pois bule axiña, pra nos marchar cedo.

### ESCENA 3ª

Nestacio solo

NESTACIO – Xa veremos a ver; mal será que Don Mícael non faga algo... por que a min doime a i-alma ter que largar dúas pesetas polo que non comín nin bebín. Xesús, que demoro... de pouco tempo a esta parte, parece que estamos deixados da mau de Dios, nin o demo entende este enredo con tanta ordenanza<sup>83</sup> como hai agora na vila, botannos da praza por culpa do cisco, pois mira que naquela fonte ármase cada un, que toca a xuício; tanta limpeza, tanta limpeza... e os días da feira arman cada telderete de porquerías, por que alí non faltan camas vellas, lorchos, sombreiros, roupa, lavativas, tirabergueiros,... en fin, cantos morren de morte infeuciosa, todo aquilo que non poden levar na caixa, vai para a Praza d'Armas. Ben é verdade que a nosoutros, o mesmo nos dá vender nun lado que noutro, pro, mirándoo ben non é unha vergonza que nos teñan alí ó ventimperio coa

---

82 Aparece riscado o inicio do parlamento: "Non che sei como será, pro bueno"

83 Debaixo de "ordenanza" aparece riscado "limpeza".

i-auga hastra o medio das pernas, sin ter un maldito alboio onde nos poder abrigar. ¿Ou é que nosoutros non somos de Dios como calquera veciño? En cambio pra nos cobrar á porta, andan listos e coidado que non se quedan curtos. Pro aseguro a Dios mi alma que ou máis non hei de poder, ou hannos de fague-lo alboio, ¡así os confunda o demo!

#### ESCENA 4ª

GUARDIA – Oija, peisano, vénjase usted conmigo.

NESTACIO – ¿A donde?

GUARDIA – El adonde ya se lo diciran ¡recoiro!

NESTACIO – Logo, non poido saber onde me leva.

GUARDIA – Vosté viene a donde sea ¡puñeña! no sabe que está terminantemente prohibido blasfemar en medio de la calle ¡mecachin dos!

NESTACIO – (Pro esta xente anda lovada do demo) A ver; dígame usted ond'están esas fremas e si é capás d'aseñalar algunha das que botei eu.

GUARDIA – Pro luego, me quier ustede negar lo que yo vin con mis propios oídos, lo que yo veo non me lo nega naide ¡recoyo!

NESTACIO – Pro puñéronse d'acordo pra nos toca-la gaita por que isto si non e amolar pouco lle falta.

GUARDIA – Quen esta faltando es ustede y menos pico, que quen perde, es el pico ¡moño!

NESTACIO – E logo, un home non pode falar a razón cando ten o dereito do seu lado como eu o teño agora, e que me veña a min con cousas coma esas ¿diga usted onde están esas fremas?

GUARDIA – Pro que, me quier negar a mí de que estaba usted jurando como un carretero, ¡remoño! con usted que terco es.

NESTACIO – Ai... xurar, é... eu parceme que non xurei, ou sinon pergúntello a este.

GUARDIA – Yo no tengo que perguntar nada a naide; ben puido ser que me lo parcera a mí.

NESTACIO – Pois, cando non teña seguranza nunha cousa non veña asoballando desa maneira, por que a máis, quen chegou botando xuramentos, foi vostede.

GUARDIA – Es que yo si los diguen foi sin darme cuenta.

NESTACIO – Pois daquela, calemos a boca que será o máis razonable, porque meterse a escolante sin conoce-las letras, non lle pode ser.

GUARDIA – Bueno, bueno, pois mucho ojo con lo que di; us[t]ed qu'entende distas cosas.

NESTACIO – Home, ten razón que abofeñas, son malas d'entender.

GUARDIA – Pues andandito, y siga su camino, antes de que outra cosa seña.

NESTACIO – Si, señor si, cuasamente estanme agardando acolá arriba pra ir catar unha besta que teño detenida no untamento

GUARDIA – Y luego es usted el propietario.

NESTACIO – Si Dio-lo quer; ¿e vosté veuna?

GUARDIA – Sí, percisamente fui yo quen la detuvo.



NESTACIO – E logo, ¿que mal lle fixo?

GUARDIA – A mí ninguno; pro vaya ver los imprefeuto que organizó en los guardines de cabo la Engustia.

NESTACIO – Non lle chame xardís por que aquilo parece un souto sin dono; pouco mal puido facer alí.

GUARDIA – Pois si quier arrecada-la besta tenderá que pagar la multa que ha de andar al rente de medio peso.

NESTACIO – Diso non se ocupe qu'é conta nosa e quede con Dios.

## ESCENA 5ª

GUARDIA – Adios. Um... non sei como che irá, parceme que por mucho que te remejas Dios te tenga de su mano, por que anda el persupuesto moi escaso y de algún xeito hay que percurar los cuartos. Como que me parece a mí que iso de rapar los álberes al cero, es unha<sup>84</sup> alimaña, por que yo no les veo la punta. Um... e más nogocio habería si non fora quen s'atranca por el medio, porque aquello del treatito tiña mucho rabo, pro saleules la perra, can. En cambio ahí tedes lo del trenevía a Juvia, iso caeu en buenas manos y yo sei por buena tinta de que xa tienen los pranos listos pra cuando s'encomece y en cuanto que hagan lo que falta, xa podemos ir nel, huy... la gente potreutora del pueblo ben se conoce, pro dejémonos de cuentos por que yo non me debo de meter nestas cosas, pois tenemos qu'andar a tódolos xeitos, porque el que tiene tienda, quer que le atienda, y sinon que la venda; e hainos que contentar a todos que por desgracia hailos de muchas menas.

---

84 Debaixo de “unha” aparece riscado “outra”.

## ESCENA 6ª

GUARDIA – Sei que me viene aí choio

BORRACHO – Oiga guardia; ¿ha tocado el pito?

GUARDIA – Y a usted que le importa... que atribuciones ten pra me perguntar a mí por eso; yo lo toco cuando es de nacesidá.

BORRACHO – Yo quiero decir, si ha tocado el de la Constructora.

GUARDIA – ¡Ah..! yo pensei que me decía el de alarma... pois ese ya tocó las cuatro veces.

BORRACHO – ¿Las cuatro veces ya? pues lo siento tendré que aguardar a mañana

GUARDIA – Y luego ¿le hace mal tercio?

BORRACHO – No, era por poner el reloj en hora y asi lo tindre que dejar para luego<sup>85</sup>.

GUARDIA – Puede ponerlo por el de la Engustia o por el del Hospital del Rey; yo siempre andive por el del Hespital.

BORRACHO – Pero guardia entonces llegará usted siempre con retraso.

GUARDIA – Non lo crea que se lo ponemos por los otros, llegamos lo mismo.

BORRACHO – Pues entonces ¿por donde lo voy a poner?

GUARDIA – Pues póngalo por el manómetro del *Correo Gallego* que es el que cuenta mas verdad.

BORRACHO – Pero el qué, guardia, me quiere usted tomar el pelo pues hemos terminado

---

85 Debaixo de “luego” aparece riscado “mañana”.

GUARDIA – Si, si, é millor porque cualesquiera entende este enredo.

BORRACHO – Este enredo, lo entendemos los dos, y si yo fuera quien mandara

GUARDIA – ¡Ai... si mandáramos nós...! (*Prevención*)

BORRACHO – ¿Y que haríamos guardia?

GUARDIA – Haceríamos un cartel mui grande onde dijera  
“Respetable pubrico  
Este enredo s’acabó  
Si queredes apraudir  
Y hacerlo antes de nos ir

BORRACHO – Lo mismito, lo mismito digo yo.

Telón

Ferrol, 11 de marzo de 1916



## NOCTURNO PERIODÍSTICO<sup>86</sup>

### ACTO ÚNICO

Redacción de un periódico. A la derecha una mesa de escritorio, un teléfono y un timbre; una puerta practicable en la lateral. A la izquierda y en el fondo, una puerta que se supone da salida a la calle

### ESCENA PRIMERA

Don Tomás solo; luego un Cajista

TOMÁS – (*Escribiendo unas cuartillas*) Listo; ya tenemos artículo de fondo (*Tocando el timbre*) Vamos a ver que hay por aquí.

CAJISTA – ¿Llamaba usted?

TOMÁS – Sí; que vayan preparando eso (*Le da las cuartillas*)

CAJISTA – Va enseguida (*Mutis*)

TOMÁS – (*Toma unas cartas que estarán sobre la mesa, las que leerá según indica la obra*) «El Presidente de la sociedad de recreo “El lirio campestre”» ¡Caracoles! «besa la mano al Señor Director del “Diario de Noticias” y tiene el honor de invitarle al baile que el primero de año, dará en el salón de la Sociedad instalado en la Carretera de Castilla...»

---

86 O manuscrito está formado por once follas raiadas escritas por unha soa cara. O texto non está asinado por ningún dos autores e a letra non se corresponde coa do manuscrito anterior. O autor/a desta copia demostra ter maiores coñecimentos, non só ortográficos, senón tamén das convencións da escrita dramática que os propios autores.

Estos taberneros, son el mismísimo demonio: Se pone en vigor una orden prohibiendo terminantemente esos bailes domingueros que tan serios disgustos acarrear y sacamos en consecuencia, que, toda taberna provista de su correspondiente salón de baile, tendremos que llamarle en lo sucesivo, o bien *centro de cultura* o *sociedad de recreo*<sup>87</sup>. Está bien; les dedicaremos unas líneas en los “Ecos de Sociedad” (*Tomando otra carta*) ¿Y esto es...? ¡Ah, sí! «Lista de suscripción para la hermandad “Los hijos de la buena vida”» Enterados. (*Abre otra y lee*) «Querido Amigo» y firma «C. de Vez». Vamos a ver que dice este buen señor «Habiéndome sido pedida la mano de mi hija Maruja para su novio, don Justo Sobrado» ¡Ah! por fin consiguió no quedar soltera «desearía diera publicidad a la notita que adjunto remito. Gracias anticipadas de su...» A ver que dice. «Ayer fue pedida la mano de la bella y elegante señorita María de los Desamparados de Vez y Salgueiro; hija de nuestro querido amigo, el pundonoroso industrial, don Cándido de Vez, para el bizarro fabricante de gaseosas, don Justo Sobrado. La boda se celebrará en la próxima primavera». Con que *pundonoroso* y *bizarro* ¡eh! Amigo mío; no jeringue. Pero, bueno; aún esto es pasable, comparado con lo de *bella y elegante*. Esto si que no lo come nadie; publicarlo, sería tanto como hacer el ridículo, porque ¡Dios mío! si la pobrecilla es más fea que una caricatura de Fresno y tiene un cuerpecito que ¡vaya...! únicamente para cantar el cuplé del “Couceiro”. Y a más; mandar semejantes notitas redactadas por los mismos interesados, ¡es el colmo! hace falta ser cándido de veras (*Poniéndose a escribir*) En fin; otro amigo menos (*Dictando lo que escribe*) «Capítulo de bodas. Ha sido pedida la mano de la simpática señorita...» (*Llaman a la puerta*) ¡Adelante!

---

87 Todos os destacados en *italico* reproducen palabras destacadas na copia orixinal.

## ESCENA SEGUNDA

DON TOMÁS<sup>88</sup> – Vigilante Nocturno *que entra por la puerta del fondo. Vestirá impermeable nuevo sin capucha y un pañuelo de estambre puesto al cuello en forma de bufanda.*

VIGILANTE – Buenas noches tenja usted (*Descubriéndose*)

TOMÁS – ¡Hola amigo!

VIGILANTE – (*Sacudiendo la gorra*) ¡Vaya una manera de caer auga!

TOMÁS – ¡Cúbrase, cúbrase! haga el favor.

VIGILANTE – Con su licencia (*Cubriéndose*)

TOMÁS – Escusa de quejarse. Parece usted un explorador del Polo.

VIGILANTE – Todo le hace falta; aínda onte tive que emprear una pila de cuartos neste impreable.

TOMÁS – Eso prueba que el negocio da para todo.

VIGILANTE – No lo crea; merqueilo de ganga a un sujeto que los ten de contrabando; y ademais, penso guntar pra él con las prepinas de la Nochebuena.

TOMÁS – Es usted prevenido (y sabe trabaxarlas) ¿Qué trae de nuevo?

VIGILANTE – Pues, vinía a molestarlo con una comisión.

TOMÁS – Ya sabe que no molesta nunca.

VIGILANTE – Tantas gracias.

TOMÁS – Conque, usted dirá en qué puedo servirle.

VIGILANTE – Si ve que tal, venderé cuando estenga mas desacupado.

---

88 Por debaixo de Tomás aparece riscado “Andrés”.

Tomas – Diga, diga. Por que me vea escribir, no le importe; le atiendo lo mismo.

VIGILANTE – Está bien, sí señor (muchacha hace falta para ser priodista). Pues verá: Vinía, porque... cuando... como se echa enriba la Nochebuena; quería, a ver si me hacía el favor de le decir a don Ginés, que no s'esquenza de m'hacer los versos que me prometeu; pra le pidir el ginaldo a mis abonados ¿me entiende?

TOMÁS – Sí, hombre, sí; pero lo malo es que don Jinés está con gripe; y como es de suponer, no se encuentra en situación de hacer versos.

VIGILANTE – En todo caso aguardaré a que se marche.

TOMÁS – ¿Quién?

VIGILANTE – Don Gripe.

TOMÁS – (*Riéndose*) No, hombre, no; gripe, es lo que vulgarmente llaman *trancozo*.

VIGILANTE – ¡Ah!, sí, sí... ¡qué lástima! Ya me lo parecía a mí, porque, va de unas noches que le tenjo el paso, y nunca lo veio

TOMÁS – Pues, sí señor: desde el lunes último, no viene a la redacción<sup>89</sup>. Por cierto que enfermó en ocasión bien inoportuna: estamos haciendo el periódico, entre Salcedo y yo.

VIGILANTE – ¿Y luego; don Guillermito, también está enfermo?

TOMÁS – No; está en Madrid examinándose para aduanas.

VIGILANTE – ¡Vaya señor! Yo pensé que los padres no se valían ben pra pagarle carrera

TOMÁS – Claro que no, pero, como el muchacho tiene facilidades; entre varios amigos le reunimos unas pesetillas; y entre

---

89 Antes de "redacción" aparece riscado "oficina".



todos nosotros, procuramos hacer su trabajo, para que así, cobre su sueldo y atienda las necesidades de su casa.

VIGILANTE – Pues, aquí no marchaba mal.

TOMÁS – ¡Hombre, no diga eso! ¿usted no sabe que no hay trabajo mas ingrato que el nuestro?

VIGILANTE – Naide l'está contento con su oficio: yo, no sé de que se quegan; al fin, se tratan con lo megorcito de la gente y todos son a adularlos a ustedes.

TOMÁS – Sí, hombre, sí. Eso es mientras uno puede con la pluma; mas, despues, cuando vamos viejos y no servimos para nada; nadie se acuerda de nosotros ¡ni aún aquellos que hemos encumbrado!

VIGILANTE – Deso no le sé, porque, como nunca me gustó meterme en vidas ajenas.

TOMÁS – (*Cogiendo unas cuartillas*) Hombre; a propósito: ¿qué fue lo que sucedió ayer noche? Según unas notitas que tengo aquí, dicen que usted le pegó a unos chicos, sin razón ni motivo.

VIGILANTE – ¿Y quien digo iso?

TOMÁS – Los mismos interesados vinieron a darme las quejas, para que mañana saliera en el periódico.

VIGILANTE – ¡Ay que simbreguenzas! ¡coidado comigo que hay hombres desprensivos!

TOMÁS – Cuente cómo fue.

VIGILANTE – ¡Así Dios me salve! como le voy decir la verdad, sin quitar nin poner un tanto, así (*señalando la yema del dedo*) despensando, y puede usted copearlo al pé de la letra

TOMÁS – Sí, hombre, sí; ya sé que usted no acostumbra a mentir.

VIGILANTE – Eso puedo decirlo con la boca llena. Pues verá: hace una temporada que un fato de simbregüenzas me vienen tomando de chirigota

TOMÁS – Mire; fáleme gallego que lle ha ser máis doado, i-entenderémonos millor

VIG[ILANTE] – No se crea; yo ben m'entendo, pro ben, xa que vosted quere, fareino.

TOMÁS – Si, home, si: e ademais, non é desmingua ningunha.

VIGILANTE – Pois, como ll'acabo de contar; tódalas noites andaban faguendo risa de min: ao millor estaba eu aí fóra, na esquina, e tacaban as maus, no fondal da calle; iba pr'aló, como é o meu deber; cando chegaba, xa non había naide e no arte do demo, volvían chamar aí (*Señalando la calle*). E non vaia pensar qu'era cousa dunha vez nin dúas; estaban as horas enteiras con esta trécola, i-así me tiveron tres noites arreo, sempre da Zeca pra Meca, e tanto m'encheron, que agora por último, xa non faguía caso; por moito que palmearan, non me movía do sitio.

TOMÁS – ¡Ben feito!

VIGILANTE – Si, pro, algunhas das veces, eran os abonados que chamaban, e como eu non aparcía, víñanme catar, e, ¡botáronme cada can!... hastra que por último xa non sabía que faguer de min.

TOMÁS – Ben, pero, cónteme como foi o da noite pasada.

VIGILANTE – A iso vou. Onte falei o conto na casa, e díxom'o fillo. «Deixe meu pai, qu'esta noite vou canda vostede, e ¡xuro a Dios! si non han lovar que rascar» Tal dito, tal feito: cando chegou a hora, eu quedeime nesta esquina; i-o rapaz foise pra o romate da calle, i-escondeuse no portal da casa grande. A eso das doce e des, véxoos saír desa tenda de *bebestibres* que hai aí adiante.

TOMÁS – ¿Que tenda?

VIG[ILANTE] – ¡Cal ha de ser! esa que lle puxeron o nome de “Café económico” pra ter aberto nos domingos

TOMÁS – ¡Ah, si! xa sei.

VIGILANTE – Si vostede vira que de gandallada se xunta aí.

TOMÁS – Ben; romate o conto que teño moito que faguer.

VIGILANTE – Pois que, aínda ben non saliron, xa comenzaron a festa de sempre: neste sal o meu fillo, i-este quero, i-estou-tro tamén ¡arrimoulles unhas lostregadas de moito ole! e sei que lles era hora, porque, os larchás berraban por min pra que lles valera; i-eu que máis quixen, funme pr’aló, e, sei que coidaron que lle iba axudar porque cando me viron, ¡entran a contas co meu fillo, que, había que velo! neste remango de pau e dinlles unha refrega, que si non fora porque fuxiron coma condenados, sei que aínda agora, estaba bourando neles.

TOMÁS – ¡Cata que pillos! Pois eiquí viñeron contando todo ao rové.

VIGILANTE – ¿E logo, que dixeron?

TOMÁS – Pois que un borracho, sin máis acá nin máis alá, lles faltara de palabra e obra; neste chamaron polo guardia; e cando aparceu vostede, en vez de defendelos, foise a paus a eles; e cuasemente, un traguía os fuciños inchados o mesmo que unha pataca alemana.

VIGILANTE – Habíalle de ser ao que ll’arrimeí un bastonazo eiquí... cabo da rabadeu.

TOMÁS – ¡Vaia unha cousa rara!

VIGILANTE – Non o crea. Foi que con o medo, quíxose meter nun portal, e com’estaba a porta fechada (*Síntese palmear*) ¡Vaa...!

- TOMÁS – ¡Pois que non berra vostede! ¿sabe que ten boas gorxas?
- VIGILANTE – Xa ve; como teño un abonado xordo, ben pode ser el. Vaia don Tomás, vouno deixar.
- TOMÁS – Si, si, e teña coidado; non vaian ser eles.
- VIGILANTE – Non, por ese lado, estou ben tranquilo; conquese ¡paselo bien! (*Vase*)
- TOMÁS – Adios; home, adios (*Al cerrar la puerta siéntense palmas, y la voz del guardia ¡Vaa...!*)

### ESCENA TERCERA

Don Tomás, luego el Tipógrafo

- TOMÁS – (*Dirigiéndose a la mesa*) Bien, subsanaremos este suceso (*Escribiendo*)
- TIPÓGRAFO – (*Con unas pruebas*) Aquí está esto.
- TOMÁS – Póngalo sobre esa mesa.
- TIPÓGRAFO – ¿Hay algo que llevar?
- TOMÁS – Sí, estas cuartillas.
- TIPÓGRAFO – Está bien (*Vase*)
- TOMÁS – (*Solo*) Se salvó con venir hoy por aquí: si hago la información, según esos buenos mozos, ¡vaya un disgusto que iba pasar el pobre hombre, en cuanto se enterase de la noticia! Bien; supongamos que el vigilante, es un desconocido y no me inspirase la confianza que merece. ¡Adivine usted la verdad! y después, uno es muy malo, porque, no quiere hacer caso de ciertas informaciones:

en fin, yo creo que en vez de ser periodista, es preferible el dedicarse a hacer zapatos, tan siquiera nos informaríamos de cosas que dejan impresiones mas agradables. (*Revolviendo en los papeles*) Y el telégrafo como siempre... las once y media, y sin haber recibido<sup>90</sup> la primera conferencia... Luego los subscriptores protestan... Seguro que nos la servirán a la hora de cerrar la edición y nosotros por servir al público, sacrificaremos dos o tres horas de descanso, que nadie nos agradece.

## ESCENA CUARTA

Don Tomás - Salcedo

SALCEDO – Buenas noches

TOMÁS – ¡Hola! ¿que hay?

SALCEDO – Nada de particular.

TOMÁS – ¿De dónde vienes?

SALCEDO – Del baile del casino.

TOMÁS – ¿Y qué tal?

SALCEDO – Mucho parvo, y es una lástima porque, hay cada mujer ¡mas bonita!

TOMÁS – Entonces lamentarías mucho el tener que dejarlo.

SALCEDO – ¡Suponga! ¡Hoy que tenía ocasión de decirle algo!...

TOMÁS – Deja, hombre, deja, para eso siempre hay tiempo. ¿Fuis-te al teatro?

---

90 Ao lado aparece riscado "recibir".

SALCEDO – Sí señor; estuve a primera hora; por cierto que hay un lleno completo.

TOMÁS – Y los números ¿resultan?

SALCEDO – Muy bien.

TOMÁS – ¿Agradó el estreno?

SALCEDO – Solo he visto la primera escena, así que, no puedo decirle. Como estas obras de aficionados siempre resultan latosas... y tenía que ir al casino...

TOMÁS – De modo, que no recogiste ninguna impresión.

SALCEDO – Sí, tienen muy buen público y creo les perdonarán el meterse en camisas de once varas.

TOMÁS – Procura hacerles una reseña benévola; no se les puede pedir más (*Llaman al teléfono*) (*Prevenición*) ¿Quién llama?... servidor... bien muchas gracias ¿y usted?... me alegro... sí... bien... bien... ¿quién es la chica?... ¿y el tórtolo?... ¿desde cuándo faltan?... bien, guardaremos reserva. Aquí, no sabemos nada que merezca mención... ¡ah sí! el beneficio nuestro... un lleno completo... los rapaces agradaron mucho... sí, hicieron un estreno... *Nocturno periodístico*, no puedo decirle, aún no trajeron la reseña... preguntaré ahora mismo; espere un segundo (*Dirigiéndose al público*)

Me acaban de preguntar  
si os ha gustado esta obrita ;  
decídmelo enseguidita,  
pues, tengo que contestar.

Telón

# XOSÉ ARES MIRAMONTE

(BETANZOS 1893-ROSARIO (ARXENTINA) 1976)

## ANDACIO<sup>91</sup>

### ACTO ÚNECO

Comedor dunha fonda. Á dereita unha porta practicable que comunica coa cocíña e demáis habitaciós da casa, outra do mesmo xeito, no foro, que dá á rua. Na esquina unha mesa grande cuberta cun mantel branco; o longo da mesa, dous bancos corridos; pendurados na parede varios cadros de comedor

### ESCEA I

Canuta e Vicente

*Ao erguerse o pano, aparecerá Vicente sentado na mesa, dandolle os ultemos toques, cun anaco de pan cravado no tedor, a un prato con prebe. Dimpois dun pequeno silencio batirá ás mans en aitude de chamar*

---

91 O texto conservado non é autógrafo, senón unha copia manuscrita realizada por Lois Amor Soto. Como a maioría das copias de Amor Soto, o caderno está formado con follas de rexistro da «Construtora Naval» escritas polo envés, de modo que resultan 18 páxinas, servindo a primeira de capa. Carpeta nº 51 do Arquivo Toxos e Froles.

- CANUTA – *(Entrando pola dereita)* ¿Chamou?
- VICENTE – Chamei. ¿Que máis tedes de comer?
- CANUTA – *(Acercándose á mesa)* Pois haille pescado frito, estofado e língoa con tomate.
- VICENTE – *(Dimpois de unha pequena pausa)* Boeno. Polo de pronto vaime traendo unha ración de pescado, dimpois... xa verei.
- CANUTA – A língoa estalle moi rica.
- VICENTE – *(Con sorna)* Non; a língoa dalla ós mozos, qu'os meus dentes xa van indo vellos pra trabar nisas cousas...
- CANUTA – *(Índose)* Demo de vellastorio; nunca perde das súas *(Colle o prato de Vicente e vaise pola dereita)*
- VICENTE – *(Denantes que Canuta chegue á porta)* Canutiña, leva a xarra *(cóllea)* e traina de contado outro neto de viño, por que iste... *(ollando a xarra)*
- CANUTA – *(Atallándolle)* Xa o pifou. *(Canuta acercase a mesa, colle a xarra de mans de Vicente con finxido enoxo)*
- VICENTE – Aténdeme ben Canutiña, que che teño un netiño moi garrido, que mesmo cadraría pra ti a pedir de boca.
- CANUTA – ¿Ten un solo? Eu coido que con iste, *(Sinala a xarra)* xa son cinco. *(Canuta vaise pola dereita antes de chegar a porta fica un pouquiño arrimada a ela ollando con bulra a Vicente)*
- VICENTE – ¡Ui! Estasme resultando unha agulla...
- CANUTA – *(Dende a porta)* Pero unha agulla que non pica, Señor Vicente *(Retírase rindo)*
- VICENTE – ¡Vaites, vaites coas reparigas destes tempos, que che teñen os ollos ben abertos!



## ESCEA II

Ditos e Silvestre

*Silvestre entra polo foro con unha maleta na man, tras del unha muller cun baul, atado con unha corda, na cabeza, e unha sombrereira das de cartón pendurada dun brazo*

- VICENTE – *(Referíndose a Silvestre)* ¡Xesús me valla! Vaia unha caña de lambespiñas que trae iste macana.
- SILVESTRE – *(Pousando a maleta en riba da mesa)* Buen día e a gusto.
- VICENTE – Bon día *(pausa)* O bon proveito, si che parece deixáremolo pros cans ¿eh?
- SILVESTRE – ¡Ai! Buen provecho. Vostede perdone; no me decatava de que estaba almorzando *(Pausa)* ¿No hai ninguén?
- VICENTE – *(Con carraxe)* Si eu non son xente
- SILVESTRE – No s'atufe el vieguito; la ofensa no fue pra tanto. Quise decir...
- MOZA – *(Interrumpindo)* Señorito, onde pouso o baúl que xa me está roendo<sup>92</sup> o lombo.
- SILVESTRE – *(Dirixíndose a moza do baúl)* Aguárdese un momento, y no interrumpa a la gente ¿quiere?
- MOZA – Eu por agardar, agardo; así me agardasen a min os ánxeles no ceo, pero...
- SILVESTRE – *(Volvendo a falar con Vicente)* Quise decirle al amigo, si había alguna persona persona de la casa, por que vostede tiña oído que no lo es.

92 Aparece riscado “a cabeza”.

VICENTE – Acabáramos. Pois si non lle molesta, arrechéguese a aquela porta (*senalando a da dereita*) e chame que axiña o virán a recibir.

SILVESTRE – Está muy bien (*Silvestre diríxese á porta indicada, e óllaa de enriba abaixo*)

SILVESTRE – (*A Vicente*) No atopo el timbre.

(*A moza do baúl mostrará moita impacencia*)

VICENTE – Non te molestes en buscalo; en hoteles de tres pesetas por día, non se poden eisixir certas cousas.

SILVESTRE – Pero non dega de ser un atraso (*Berrando na porta*) Patrona, patrono ¿no está la patrona?

(*Una voz de drento*) Agora van.

### ESCEA III

Ditos e Canuta

(*Canuta entra pola porta da cociña cun prato de comida, e cunha xarra de viño nas mans que poiroa na mesa diante de Vicente*)

CANUTA – (*Limpándose as mans co mandil*) Que desexa o señor.

SILVESTRE – ¿Vostede es la patrona de la casa?

CANUTA – Non señor; pero coido que poderei atendelo eu o mesmo.

SILVESTRE – Muy bien; le hice esta pregunta, y perdónela, por que la coidaba demasiado goben para ser patrona (*Pausa pequena*) ¿Tiene pieza para mí?

- VICENTE – *(En voz baixa)* ¡Boa peza me resultas ti!
- CANUTA – E o señor vaina ocupar por moito tempo.
- SILVESTRE – A rentes de una somana, no más.
- CANUTA – Boeno; por hoxe terémo-lo que acomodar un pouco mal ¿sabe?; pero mañán fica unha habitación moi boa, con dúas ventanas á calle.
- SILVESTRE – Muy bien, muy bien, así me gusta a mí.
- CANUTA – Entón fagan o favor de entrar *(A moza entra co baúl na cabeza, e ó querer pasa-la porta, tropézalle no marco de enriba)*
- SILVESTRE – *(Á moza)* Amodo con el baiul; báguelo un poquito que está tropezando en la sogá. *(Vendo que non pode pasar)* Parece sonsa esta muguer *(Pequena pausa)*. Báguelo, báguelo, más, más.  
*(Dimpois dun finxido esforzo conquire pasalo)*
- CANUTA – *(Que lle axudou á moza a mete-lo baul drento)* ¡Xa está!  
*(Entran Canuta e Silvestre, Silvestre ao lembrare que lle fica a maleta no comedor volta ao momento por ela.)*
- SILVESTRE – Qué cabeza la mía; se me esquencía la valiga. *(Mutis pola mesma porta)*
- VICENTE – *(Pechando o puño)* Debe traer moitos cartos, por que ten cara de habere pasado moita necesidade *(Pausa)* ¡Mal-pocados!; vanse ás amérecas creendo millorar de vida e resulta que ó úneco que conquiren naquel desterro dimpois de moitos traballos e calamidades, é facer un pequeno peto, o que, andando o tempo, téñeno que deixar por falla de saúde nas maus de médecos e boticarios *(Pausa pequena)*. Pero non é solo esto; que tamén, por querer trocar a súa lingoa por outra que lles parece

máis fina, fan tal mistura de falas que non hai xuivas que os entenda. Non cabe dúbida qu'a emigración é un andacio que acabará por faguer de Galicia unha segunda torre de Babel

#### ESCEA IV

*(A moza do baúl sale pola porta da dereita e detense un anaco de tempo no comedor, pra contar us cartos que levará na mau. Vaíse polo foro)*

VICENTE – Pagoulle con caldeirilla. Pouca cousa me parece

#### ESCEA V

Vicente, Canuta e Silvestre

*(Canuta e Silvestre entran pola dereita, Canuta trae dous pratos, cunha servilleta enriba; que pousará na mesa, frente a Vicente)*

CANUTA – *(A Silvestre)* Pode sentarse aquí *(Señalándolle o sitio)*

SILVESTRE – Frente al señor ¿no? Está muy bien. *(Sentándose)* ¿Qué tiene pra comer?

CANUTA – Pois temos sopa de fideos, cocido, merluza frita e língoa con tomate.

SILVESTRE – ¡Caramba! ¿No tiene pichón de paloma?

CANUTA – Hoxe non señor; pero pra mañan si vostede quere traerémoslle un par deles.

- SILVESTRE – Eso es; es cosa que me conviene mucho ¿sabe?; y además tengo un padecimiento a los riles.
- VICENTE – Iso é o peor (*Vicente areda o prato de diante de si, e ponse a faguer un pitillo. Usa petaca*)
- CANUTA – Daquela ireille traendo a sopa.
- SILVESTRE – Sí, despues ya le diré lo que tiene que traerme.
- CANUTA – Ben si señor. E vostede Sr. Vicente, quere algunha cousa máis?
- VICENTE – Si queres que estoupe. Eu coido que cun prato de sopa e unha ración de cocido, xa pode camiñar un home (*A Silvestre*) ¿Non é certo?
- SILVESTRE – Don Vicente tiene mucha razón (*Pausa*), quien pudiera comer lo mismo.  
*(Menos a xarra, Canuta recolle todo o servicio de Vicente e vaíse pola dereita)*
- VICENTE – (*Dimpois dun pequeno silencio*) Vostede non pode negar que vén das Amérecas.
- SILVESTRE – Sí señor, de Buenos Aires mesmamente. Se me conoce en el acento, ¿no?
- VICENTE – Por disgracia de Galicia, conócechese dabondo. E dime: ¿en que vapor viñeches?
- SILVESTRE – ¿Cómo dice?
- VICENTE – Que cal foi o vapor que te trouxo a esta terra.
- SILVESTRE – ¡Ah!; fue el Gulvia, llegado esta mañana a la Coruña. Es moi bon buque por cierto.
- VICENTE – Si mal no me trabuco, ise vapor xa chegou fai dous días.

SILVESTRE – ¡Ca! ¡Qué esperanza!; debería llegar en la data que vostede dice; pero tivo una avería y grande en la trubina.

VICENTE – ¿E que é iso?

SILVESTRE – No le puedo decir; me lo estivo esplicando a bordo el capitán, pero tengo tan poca memoria, que ya no me lembro.

VICENTE – Entón tendo tanto trato co capitán, e de supoñer que foras pasaxeiro de primeira.

SILVESTRE – Nuestra amistá no era pra tanto; aunque le diré que varias veces me ha proponido cambiarme de clase a la de segunda.

VICENTE – Logo ti moi simpático debes ser.

SILVESTRE – Eso me decían siempre las chicas de Buenos Aires y el patrón onde yo trabagaba.

## ESCENA VI

Ditos e Canuta

*Canuta entra polo sitio de costume cunha sopeira nas maus que pousa diante de Silvestre*

SILVESTRE – *(A Canuta)* Cuánto se ha demorado con la sopa la señorita.

CANUTA – *(Ríndose)* É que ll'estaba un pouco fría, e vostede como ben delicado... tivémo-la que poñer ó lume novamente *(Pausa pequena)*. ¿Que máis vai a comer?

SILVESTRE – Agora me trae un poquito puchero ¿no? Despues ya le dirá lo demás.

CANUTA – E viño, que viño quere.

- SILVESTRE – El régimen de vida que me aconsejó el doctor me prohíbe tomar bebidas alcohólicas; o que si puede traerme una garrita con agua
- CANUTA – Está ben, si señor (*Mutis pola direita*)
- VICENTE – E dime: o médeco tamén che aconsellou que comeras pucheiros.
- SILVESTRE – Disimule la frase, pero vostede confunde gordura con hinchazón. El puchero a que yo me refería es el que ustedes llaman cocido.
- VICENTE – Si, si. Os que non che recorremos mundo, desconocemos moitas cousas...
- SILVESTRE – (*Dimpois de botar a sopa no prato*) ¡Ah! qué porquería; yo protesto.
- VICENTE – ¿Que che pasa, hom?
- SILVESTRE – ¿Que me ha de pasar? ¿No ve una mosca en la sopa?
- VICENTE – (*Ollándolle o prato*) Non ten dúbida ningunha, vén cocida, e si algunha maldá tiña perdeuna na ola ao ferver.
- SILVESTRE – Vostede debe estar intresado en la casa, ¿no?
- VICENTE – O intrés que eu teño é que saques axiña a mosquiña do prato que xa me está remexendo a pescada que comín.
- SILVESTRE – (*Quitando a mosca do prato*) Es que yo voy a exigirle a la patrona...
- VICENTE – Pero logo, ti querías que con tres pesetas que pagarás por día, ¿che trouxeran dentro da sopa unha galiña?
- SILVESTRE – Eso no; pero yo coido que la ambición nada tiene que ver con la higiene. En la Argentina no sucede isto (*Ponse a comer*)

VICENTE – Na Arxentina polo que ti dis estabas ateigado de regalías; mais a túa cara esmirriada, dáme que sospeitar que o pasache moi mal.

SILVESTRE – Es que no a todos les presta el país, e ademais el sufrimento de los riles me hizo perder la color.

VICENTE – O que eres ti, e consínteme que cho diga diante dos teus fuciños, un malpocado desleigado.

SILVESTRE – No señor, no es desleigamento, está vostede grandemente trabucado; tengo pruebas pra ver o adelanto de aquel país y el retraso de este.

VICENTE – Terás home, terás.

SILVESTRE – Verá vostede; esta mañana, no bien desembarqué ¿no? Fui a una de las megores peluquerías a rasurarme ¿sabe? Y al pasarme el peluquero la navaga por la cara, coasamente coidé que me pasaba un sacho, ya puede maginarse como rascaría. Lo he amolado que no le he dado la propina.

VICENTE – E que con esto da guerra sobiron moito as pedras d’afilar.

SILVESTRE – No hay disculpa posible, Don Vicente (*Pausa*). También al llegar a esta fonda, he visto un entierro ¡qué cosa!; llevaban el cagón cuatro hombres que yo no sé como no se esmendrellaban los cadrís. Allá no sucede esto. En la Argentina, muere un pobre, y lo llevan al cementerio en un coche tirado por dos caballos; muere un rico, y lo atan cuatro caballos; muere otro más rico, y le enganchan nada menos que ocho caballos, ¡qué me cuenta vostede de esto!

VICENTE – Que polo que estou vendo, en Bos Aires, canto máis ricos son, máis animales... levan.

SILVESTRE – ¡Que cosa barbara! No se puede hablar formalmente con vostede.



VICENTE – ¡Que queres! Éche culpa dos poucos anos que che teño  
(*Pausa*). De maneira que ti estás enfermo.

SILVESTRE – De los riles.

VICENTE – E viñas, craro é, co ouxeto de repoñerte na túa terra.

SILVESTRE – Sí señor, de seguir allá, ya hubiese estado en la Chacarita.

VICENTE – Está ben; así e que aquel país que ti tanto gabas, creéndoo a soberana providencia, non foi capaz de darche a saúde que, ao correr o tempo, atoparás nista terra que ti maxinas atrasada e despreciabre...

SILVESTRE – Eso es una verdad Don Vicente; dende que pisé tierra gallega me atopo mucho megor

VICENTE – Pois entón ¿que vale que un país teña tódolos adiantos habidos e por haber, se non conta cun crima saudabre pr'as xentes que nel viven? Eu comparo as américas cun árbore que desque eixiste nos bosques (*Pausa pequena*) cando os labregos, abrouados polos calores do trópico, buscan no seu follaxe a sombra proteitora, sin saber como, entra neles tal atolondramento, que a moitos terminalles coa morte.

SILVESTRE – Está buena la comparanza; pro eso no sucede en la Argentina.

VICENTE – (*Dimpois dun pequeno silencio*) Ti traes moito peto.

SILVESTRE – No sé lo que vosté quiere decirme.

VICENTE – Que si traes moitos cartos.

SILVESTRE – Como para guntar prata están los tiempos; además, yo he sido moy farrista ¿sabe?

VICENTE – Entón si non traes diñeiro ¿por que defendes tanto esa terra culpabre da túa doenza?

SILVESTRE – Porque si bien es cierto que aquel país me arruinó la saúde y no hice prata, adequerí, en troques una gran cultura, ¿sabe?

VICENTE – Non che vexo relucir por ningunha parte. ¡Como non sexan os moitos disparates que dis ao falar!

SILVESTRE – Disparate por que hablo como la gente fina.

VICENTE – Si, por iso mesmo, porque ao que cree falar como esa xente fina que ti coidas, nin falas nin galego nin castelán tampouco.

SILVESTRE – ¿Luego vosté que cree que hablo?

VICENTE – ¡Boh! Un pisto manchego sin pés nin cabeza.

SILVESTRE – (*Medio convencido*) ¡Caramba!

## ESCEA VII

Ditos e Canuta

*Canuta entra pola dereita cun prato, un bote d'auga e un vaso que pon diante de Silvestre.*

SILVESTRE – ¿No traerá moscas como la sopa?

CANUTA – Logo, ¿atopou algo na sopa?

VICENTE – Si, atopou unha mosca; non ten importancia.

CANUTA – Caeríalle na sopeira.

SILVESTRE – No; según D. Vicente venía hervida.

CANUTA – ¿E por que comeu a sopa que lle traía outra?

SILVESTRE – Agora ya está.

*(Canuta colle à sopeira co prato de Silvestre. Mutis pola direita)*

SILVESTRE – *(Dimpois dun pequeno silencio)*. Loego vostede que coida.

VICENTE – Coido que eres un infeliz; galegos coma ti non debían vir ó mundo *(Pausa)* Agora cando máis precisa era a axuda da xuventude, nista cruzada de redenzón da Patria asoballada resulta que solo sealcontran e atopan espritos apoucados e almas insensibres, cuia única aspiración consiste en gabar aos tiranos. Tempo virá que reconozades o voso dano.

SILVESTRE – Señor Vicente; fala vostede moi ben.

VICENTE – Os mozos qu'aquí están non me estrañan que pensen diste xeito; pero vós, os emigrantes, que pra ganar un anaco de pan tedes que arredaros da vosa terra e das vosas familias, habendo aquí en Galicia tantas riquezas sin esportar e que os tiráns non queren que se esporten por comenencias caciquiles...

SILVESTRE – *(Erguéndose e tratando de abrazar a Vicente)* Perdóme señor Vicente, son un desleigado.

VICENTE – *(Arredando de si a Silvestre e faguendo sentar)*. ¡Que che perdoe Galicia que é a aldraxada!

SILVESTRE – *(Sentándose)* Vostede é un home de ben.

VICENTE – Non son un galego, pero un galego que reconece o andacio que esnaquiza o sentimento da casa, e que quere, por riba de tódalas cousas no mundo, faguer desaparecer.

Fin



# MANUEL VIDAL RODRÍGUEZ

(MACEDA (OURENSE) 187-COMPOSTELA 1941)

## EL “SÍ” DE GRABIELA<sup>93</sup>

- Ai mi tío: eu quería lle decire unha cousa en segredo, mais non me astrevo.
- Fala, Florencio, fala, que xa sabes que che quero coma se foras fillo.
- Pois mire... eu estou namorado da prima xa fai tempo, e a vosté ¿que lle parece?
- ¿Ti namorado de Grabiela? ¡Canto che m’alegro! ¡Ben o desemulades!
- O namorado son eu, qu’ela non me quer.
- ¿Non te quer? Vaia ho, era o que faltaba. ¡Un rapaz tan traballador e tan home de ben coma ti! ¡Tomara ela! O caso é que ti a queiras...
- Pois non señor, non me quer.
- ¿Non te quer? ¡Ten que estare tola rematada! Bueno, xo saberemos en toda esta semana.

---

<sup>93</sup> Esta peza foi publicada no nº 150 da revista *Vida Gallega* de Vigo, o 25 de Xullo de 1920, na sección “Contos d’hogano”. A súa estrea realizouse na Coruña, no Teatro Linares Rivas, interpretada polo «Cadro Escolar» de Santiago, o 28 de Decembro de 1922. Probabelmente o autor introduciría algunha modificación no texto que reproducimos a continuación que, a pesar de que non segue as convencións da disposición tipográfica das obras dramáticas, é totalmente dialogado.

## II

- Ai Grabiela... ¿ti dormes, rapaza?
- Durmo, si señor...
- Pois escoita... que che teño que decire... escoita, que logo vai rompe-lo día... e dende o meu leito ó teu non hai tantas leguas... ¿os, rapaza?
- Oio, si señora...
- Pois mira, Grabiela; xa che teño dito de que vai sendo tempo de que pensemos en te casare; pois entrache nos dazanove, e dende que morreu túa nai, qu'en gloria seia, como os mozos non san da porta, sempre temos que quedare na casa para te gardare... i-eso non pode seguire moito tempo.
- Ben está, si señora.
- Xa che teño dito tamén que non quero que fales máis co neto do Moxón de Escornabois, pois nin ten xugada de seu; nin un mal lameiro, e por cima de todo é un bocallán, un mal falado. Un home qu'a cada paso s'estreve a luxarse no d'arriba, non ten sentementos, nin concencia... Oíche, rapaza: que non quero ver máis diante de casa o neto de Moxón; se sei que volves a dar con el un pío, co mallo de mallar créboche un cadril. Non Grabieliña, ese mal home non che convén; polo teu ben cho digo.
- Ben está, si señora.
- Ti a quen debías querere, s'el te quixera por milagre, é o primo. ¡Oh! ese rapaz si qu'era unha boa comenencia pra ti... Se te chegara a querere, eu toleaba de contente... Dúas xugadas de bois, tres de vacas, sen contare os becerros de cría, rube de cen carros d'herba... e por cima tan bo rapaz...
- ¿O primo? ¡Tenlle boa ansia de min o primo!
- Bueno, pois figúrate que te quer ¿ti quereríalo?... ¿si ou non?

- ¿O primo?... ¡booo!
- ¿Tí dormes, rapaza? Pergúntoche se queredías o primo, no caso qu'el te quixera... ¡Tomáralo ti!... ¿Respondes, rapaza?
- Bueno logo... quereireino, si señora.
- ¡Fas bo milagre! Rube de cen carros d'herba, vinte cabezas de gando, herdeiro úneco e tan bo rapaz...

### III

- A rapaza querte, Florencio. Vaia se te quer. Non fai nada de máis. Pódeslle falar cando queiras.
- Mire, meu tío, qu'eu teño pra min que Gabriela queme ben, mais non como home... como irmán...
- Vaia, cando eu che digo que te quer... as miñas razóns teño pra cho decir... a rapaza querte i-alabio.
- Pois entonces esta mesma tarde che falo, propoñéndolle o casamento.
- Bueno, e non te descuides en decirme esta mesma noite o que che diga.

### IV

- ¡Ai que me mata meu pai! ¡Ai mi madriña querida, que me mata!
- Toma, condenada, toma, qu'hastra que che esmirfe a riata do macho nas costelas non hei de parare... Toma condenada, que me fixeche quedar mal... que me engañache com'a un gitano... ¿non me dixeches que queredías o primo?

- ¡Ai miña nai queridiña, que me mata! Dixen, si siñore, mais agora heino de quererere.
- Míroo ben, rapaza, que se me enganas desta vez heite de mazar com'o liño na mazadoira.
- Eu quéroo ben, mais fágase cargo meu padriño, que ten vint'anos máis qu'a min... i-ademais é algo coxo...
- Ai, eres moi finústica... ¿I-eso qu'importa? ¿Quérelo ou non, rapaza, que te revento?
- Bueno logo, querereino, si siñore.

## V

- Vaia, Forlencio, agora quérete de vez. Era qu'a rapaza inda non pensara en casárase... e como sodes primos e vos queredes coma irmáns... xa ves... mais agora querte... o caso é que ti a queiras.
- Eu, meu tío, toleo por ela; mais, francamente, pra nos casare contragusto dela... millor será deixalo...
- Quere, home, quere... Se hastra creo que está rabeando por ti... son cousas de rapazas...
- Non lle vexo trazas... Está moi garimosa connigo, mais en canto lle falo de nos casare... ponse máis fría e dura cun croio... parece-me que será millor deixalo, que moza con que me casare non me fallará... ¡unque non sea tan boa com'ela!...
- Vaia, xúroche polo nome de Brais que levo, qu'agora querte, qu'agora está convencida qu'era unha barbaridade quererere o neto de Moxón de Escarnabois, e que a veu Dios a vere con que ti t'anemorases dela... onte á noite, s'en lle eu decire nada, díxome que te quería, qu'esta noite, ó saír da novena, ch'había de decilo.
- Bueno, pois s'á terceira me di que non, queda todo desfeito.



## VI

- ¡Ai Fulipe querido! ¡Ai irmanciño, váleme! ¡Acúdeme Fulipe, qu’o pai márame cun estadullo!
- Toma condenada, qu’a Fulipe ben pechado o teño no cortello dos becerros pra que non ch’acuda. Toma co estadullo, xa qu’o teu irmán m’escondeu a riata... ¡Enganarme dúas veces!...
- ¡Ai Virxen do Carme me valia, que me mata!...
- ¡Non querer o primo, a millor comencia da parroquia, que non o houbera cuspidos a filla do alcalde!... ¡Ti toleache! ¡Toma, condenada, toma!
- ¡Ai meu padriño, non me batia máis, que me mata; non me batia máis qu’agora heino de querer!...
- Mírao ben, rapaza, mírao ben, que te mato como son Brais se lle volves a decire que non.
- Mirado o teño meu padriño... xúrolle qu’agora non o engano; agora heino de querer...
- ¡Fas bon milagre en querelo! O milagre é qu’il te queira a ti...
- Ben está, si señora, agora heino de querer.

...

- E logo, tío Brais, ¿qu’hai de novo? Seica lle vai moi ben á súa filla co casamento...
- Cale, señor abade, cale, qu’estou máis contente ca se me deran cen pesos... un casoiro qu’é un alabar a Dios... ¡Cando eu había de presumir tanto ben pra miña Grabiela!
- Non, hai dúbida que Grabiela foi favorecida, mais ben o merecío, pois é moi boa rapaza i-a millor moza que se pasea pola montaña... Bueno, home, bueno, pois alégrome.

- I-eso que a condenada non o quería nin a tiros.
- ¿Non o quería?
- Non siñore; tuven qu'il arrear dúas palizas; unha coa riata do moto, i-outra cun estadullo... e inda créome que lle dei algunhas patadas.
- Pero home, eso de pegarlle dúas palizas pra qu'o quixese foi unha brutalidade i-hastra pouco cristiano... ¿Vosté non sabe qu'esas cousas á forza poden tragner malas consecuencias...? Eso foi grave, tío Brais.
- Non me convence, siñor abade. N'eso non está no certo. Téñolle eu máis mundo que vosté. Mesmamente o sei por un caso semellante que pasou coa mesma irmán máis nova, coa Xertrudes, e xa ve vosté que ben lle vai...
- E logo ¿que pasou coa Xertrudes?
- Pois verá. Cando a rapaza cumpriu trece anos, acordamos eu e meus pais casala con Xacobe de Corguizoi, qu'era unha boa comencia, e inda algo parente. Il quixo de camiño, mais ela non o quería. Pegámoslle dúas ou tres palizas con unhas varas de abeleira que tínhamos a secar pra aguillada, e... ¡vaia se quixo!..., despois inda lle tivemos que pegar outras dúas ou tres palizas, porque como a probiña era tan nena inda, non quería ir pr'onde o seu home, i-escapábaselle a xugar as pedriñas coas outras rapazas... I-agora xa ve vosté que contentes están e que ben lles vai. Non vou vez a Garguizoi qu'a Xertrudes non me agasalle na súa casa, e me diga: bebe, Brais, bebe, que toda esta fartura i-este alabar a Dios e todo que eiquí hai a ti cho debo; as tundas que me pegache pra que quixese o meu Xacobe.

# MANUEL REI POSE

## UN MATCH INTERNACIONAL DE FÚTBOL, monólogo<sup>94</sup>

*Monólogo gallego*

A escena representa un anaco da estacada de un campo de foot-ball; colgado na esquerda mesma hase ver un letreiro coa seguinte inscrición:

“Hoy gran match de foot-ball, entre los teams ‘Spenser’ de la Escuadra inglesa, y el ‘Real Club Alfonso XIII’”

PERSONAXE: Sr. Doval

Un feireante con paraugas dises conocidos polo nome de “parróquea”, entrando pola esquerda moi anoxado berrando cos da porta do campo.

¡Ei sentencia! ¿Porque non hei poder pasar pra ond’a xente? ¿Ou non serei com’os máis? (*Dirixes’ó público*)  
¡O boleto! ¡O boleto! E pra entrar aquí hai que mercar ese papel que do demo si val’un carto; estou vendo que pra vir á vila, hai que trague-lo bolso repretro sola-

---

<sup>94</sup> Transcribimos o texto impreso en forma de folleto publicado en Vilagarcía en 1920. Contén a seguinte dedicatoria: “Ó Sr. Enrique Dovat. A ti, amiguiño d’Ourense, que con tanto xeito arreméda-lo lengoaxe bulrón dos barbaballoeiros vellos da nosa terra. ¡E... desimula!”. Manoel R. Posse

mente pra mercar boletos... ¡Centella que vou farto de cichar diñeiro! (*Contando polos dedos*) Pra entrar na vila coa cabra, boleto; pra levala ó matadeiro, boleto; pra cobrala, boleto; e pra falar agora con Don Guanito, o que ma mercou, boleto. ¡Recoiro con tanto boleto! Pois non entro... agardarei eiquí na porta... non teño présa... ¿pra que quero ise papel? Aínda se fose para unha urguencia. (*Cacheando antras táboas da estacada pra olla-lo campo*) ¡Boleto! ¡Boleto!... Isto, lévase de qu' eiquí non hai concéncea nin vergonza, eiquí ben sei eu o que hai... (*Alcontra unha rendixa*) Eiquí... hai unha fenda... ¿que raio é isto? (*Asopárase pra ler no letreiro*) O letreiro iste, déixall'a unha língoa trabada. (*Falando pola rendixa*) ¿Oes?... ¿Mozo, mocíño? ¿A que hora escomenzan as comedias? – ¿Que dis? – ¿Un xogo? – ¿Os da vila? – ¿Cos ingreses? – ¡Facédell'a trampa centella! ¿E que xogades? – ¿A copa? ¡Ai meu fillo que logo vos deches a bebida branca! – ¿Que dis? – Xogo, xogo, pro ha de ser a brisca e nada de copas senon unha boa cunca do ribeiro. (*Falando baixo*) ¿Oes? ¿Tes eí disos boletos? ¿Eh? Os da porta acabáronse. – ¿Canto? – ¿Catro pesetas? Estouche ben pola banda da fóra. ¿Oes? ¿Viche por eí a Don Guanito, ese que lle dá vivres á escuadra? Si, dálle de todo; dálle ovos, verzas, dálle carne de boi, carne de porco, carne de cabirto, de...

(*Óucese dentro: ¡Hurra! ¡Hurra!*)

E poida que tamén de burra. Si é que fa-lo favor dille qu' o agarda na porta o que lle vendeu a cabra. – ¿Eh? – Por que me dou unhas pezas que non che teñen aló moi boa cara (*Amostrando unhas peniques que ten envoltos nun pano*). ¿Ti velos ben? – ¿Son ingresas? – Xa che me dab' o corpo... ben decía eu qu' o noso Rei non ten barbas. – ¿Que dis? – ¿Hai queres levarllas a Don Guanito? – Non é que desconfíe (*Con malícea*) e que non caben pola fenda; (*Gardándoas*) como son falsas

non pasan. – ¿Como? – ¿Eh? – ¿Que dis? – ¿Como? – ¡Cómea ti! ¡Demo de mal falado! Éche pan de pobres; e... non che digo o latinorio, porque hai moita xente diante, que si non... ¿E que raio de xogo é iste? ¡U! ¡Que fato de xente, miña naiciña! ¡Que boa leira para patacas! ¿Oes? – ¿Son mozos ou mozas? – ¿Aqueles que van coas canelas ó aire? – ¿Eh? – ¿Son femias? – Oes: mércam'ei un boleto. – ¡Entónceas si son machos, que córcea!... ¿E con que, andan a couces? (*Ríndose con moita gana*) ¡Éche cunha vexiga de porco! – ¿Logo, non é de porco? – ¿É de porca? – ¿Da porca de quen? – ¡Ou da túa! ¡Fuxe d'ei que te esgazo! (*Querendo meter a punta da "parróquea" pola rendixa*) ¿Oes? ¿Cales son os nosos? – ¿Os brancos? – ¿E botan pola vexiga pr'aló? ¿E donde a queren meter? ¿Por antr'aquelas varas? ¡Oh, pro estach'un dos nosos!... Eí van os nosos co'ela (*mui entuseasmado*) turra pra riba ¡ei carballeira...! ¡Vivan os nosos!! ¡Que couce lle dou aquel ingrés! ¡Veleí vén agora pra baixo! ¡Como corre aquel roxo! ¡Demo, que xa están chegando!... (*Óucese dentro: Comán<sup>95</sup>, comán, comán...*) ¡Que coa man! (*mui enérxico*) ¡dálle con un zoco, centella! (*Óucese o pito*). ¿Oes? ¿Quen é aquel do asubío? – ¿Quen? – ¿O xuez? – ¿Logo aquel da bandeira será o algoacil? Hastr'a a xusticia se mete en xogos dos rapaces; que pouca formalidade dempois van a unha deligüencia, e como levan o raio do xogo na testa, amáñano todo cos pés... Agora si que lle dou aquel ingrés coa man; por iso iles decían coa man, coa man... ¡Oh! Eles pensan que non os entendo... Velos eí veñen outra vez.... ¡Ei centella como, como corren! (*Dentro: ¡Comelán! ¡Comelán!*) (*Falando cos xogadores moi anoxado*) ¡Oes! ¡Iso non se fai, carafio! ¡E non lle deron un estumballazo a un dos nosos! ¡Craro, truncáronll'a perna i-o pobre hóubose matar... Velo eí veñen co'il pra fóra... (*Óucese dentro:*

---

95 Deformación polo inglés *come on!*

*¡Comelán! ¡Comelán!*) Probiño, debeu crebar unha perna... E magoáronte non, meu meniño... Malpocado. (*Óucese dentro: ¡Comelán! ¡Comelán!*) Pois pra non magoarte, antes de caír, fai o que che din iles, come lan, meu meniño, come, eisí, cairás no brando... ¡Magoaron! Magoaron, e xa velo aí vai correndo... ¡Ui! Que alta vai a vexiga... Ila ben sabe pra onde vai: quérese xuntar co pernil qu'anda por las [*sic*] nubes... ¡Que desgraceado é aquil!... E non lle caeu na testa. (*Óucese dentro: ¡Córner! ¡Córner!*) ¿Oes? ¿Ise mociño está casado? ¿Aquel que lle deron coa vexiga na testa? – Como din que lle deron nos cornos... ¡Matádesvos ben pola copa! ¡Eí veñen outra vez os ingleses! ¡Picádella coa punta dunha navalla, que vola van meter! ¡Veleí vén, veleí vén, veleí vén! (*Óucese dentro: ¡Orsai! ¡Orsai!*) ¡Arsai! ¡Arsai! ¡Arsa! Tamén hai ingleses andaluces. (*Cae a pelota na escea, e cóllea polo cordel percatándose ben dila*) ¡Centella, coa porca da túa tía! Había de ser ben vella, que xa tiña a vexiga encoirada... Pro isto non parece vexiga: máis ben é un ventre de cabalo. (*Ó pubrico*) Si non me visen, levábaa, pros meus pequenos. (*Ouse falar dentro; – ¿Eh? – ¡Que cha bote! – Non cabe pola fenda – ¡Ai, que cha bote por enriba da estacada! –Estouche eivado dun brazo. – ¡Si me dá-lo boleto, bótocha! Veleí vai – Bota ti o boleto. Veleí vai. (*Vendo a Don Guanito, deixa a pelota na escea e vaise correndo pola esquerda.*) Veleí vai, Don Guanito... ¡D. Guanito!... ¡D. Guanito!...*

Teón rapido.

# NIN GUÉN

## O TORNILLO<sup>96</sup>

Na carballeira hai un mesón no mesmo camiño que vai ós Tres Ríos indo pr'alá i-Ourense vindo pr'acá. Á porta do mesón hai un automóvile, i-os porpietáreos dil - un señor i-unha señora - estaban dentro refrescando... ou o que fose. Viñan d'acabar i-ó dispoñerse a montar no automóvile a señora aprecibe no chau un pequeno ouxeto brillante.

A SIÑORA – Mira o qu'hai aí. (*Baixándose a colle-lo ouxeto*)

O SIÑOR – (*Eisaminándoo*). Tes razón, un tornillo. (*Malhumorado*).  
Concho, reconcho, ¡fixémola boa!

ELA – Boeno. ¿Que ch'importa iso? Un tornillo; i-a ti que, ó contráreo, tontiño, gárdoo no bolso, qu'ó millor algún día pode facernos falta.

IL – (*Engurruñando os ombreiros*). Si, o qu'é tu logo arránxa-las cousas. ¿Pero que sabemos nós de donde vén iste tornillo?

ELA – Ben, ¿e que? Sopoño que non será venenoso. Calquera qu'o perdeu...

IL – (*Sarcásteco*). ¡Non me digas iso! ¿E si fumos nós os qu'o perdimos? (*Olla o tornillo, pálpao, chéirao, voltéao dun lado e d'outro*). Xustamente iña está quente, e ol'a aceite... E noso, non cabe duda. ¡Pois estamos frescos!...

---

96 Transcribimos o texto aparecido no xornal ourensán *La Región* o 31 de maio de 1923.

- ELA – (*Con candidez*). ¿Por que estamos frescos?
- IL – (*Desesperado*). ¿Por que, por que!... Desgraciada; iste tornillo que caeu do noso automóvile é, ó millor, dun órgano importantismo. E sendo asina non pidas máis pra nos inmovilizar, ¡quen sabe! ó millor hastra pra nos rompe-la crisma.
- ELA – (*Asombrada*). ¡Oh! ¿Unha cousa tan cativiña com'esa?
- IL – Perfeutamente, pequenas cousas grandes efeutos. Unha mazá foi o suficiente pra cambia-la faz do mundo; de modo qu'un simple tornillo ben poide cambia-la nosa... (*Ollando de novo e tomando nos dedos o tornillo*) ¿De donde será? ¿Da direución? ¿Do cámbeco da velocidá? ¿Do...? (*Decedido*). ¡Ou, xa t'atoparei! (*Remexendo rabeosamente na caixa da ferramenta*). O meu mahón, pásame o meu mahón<sup>97</sup>.
- ELA – ¿Que Mahón?
- IL – O traxe das reparaceós.
- ELA – Ai, si, é verdá, non caía, pois como estaba algo luxado, mandeino á lavandeira.
- IL – (*Erguendo as maus ó ceo*). Soilo iso nos faltaba; tu, oportuna como sempre, a boa hora che se foi acurrir que me lavasen o mahón. Decedidamente tu non chegarás na túa vida a comprender mecánica. Pois non hai remédeo.
- ELA – ¡Como! ¿Dis que non hai remédeo?
- IL – Cala. ¡Que sabedes vós distes tornillos! Os que vos apretades son doutros.
- Cheo de xenreira túmbase no chao panz'arriba baixo do automóvile. O aceite píngalle got'a gota na cara, o que*

---

97 Tipo de tela de algodón forte, normalmente azul.



*non ll'impide de buscar o lugar de deserceón do tornillo. Mais isto prolóngase, o día baixa, a señora queda dormida. En fin unha eisclamaceón trunfante a desperta.*

- IL – Vaia, hon, por fin x'está.
- ELA – (*Frotand'os ollos*) ¿Que é o qu'está?
- IL – (*Cheo de satisfauceón*). Non te creas que pr'estas cousas non todos che sirven. Tiven que desmontar e montar cada peza unha por unha; i-amiga miña hai pezas qu'as monta calquera, pro istas dos automóviles hai que che nacer; en cabo x'é... era un tornillo do porta-farol.
- ELA – ¿Entón nada nos impide xa de marchar?
- IL – Nada, muller, nada, e tu vas ver que modo d'aplantillar pra ganar o tempo perdido.
- ELA – Non te deixes levar do xenio, non fagamos unha que valla por dúas.
- IL – Non teñas medo. (*A mau na manivela da marcha*). Pois si, tu vas ver... ¿concho!... (*Soltand'a manivela da marcha, e horribelmente páledo*). ¿Coiro, coiro e recoiro...
- ELA – Pero que, ¿outro inconveniente?
- IL – (*Desfallecendo*). ¡Volt'a comenzar! ¿Ves isto? (*Il ensinall'unhas cousas que acaba d'apañar do chau*). Pois son us cantos tornillos qu'hai de máis! ¡E vai tu agora adeviñar de donde son!

*Algunhos minutos máis tarde, xa noite pecha, a calma dos campos non era turbada máis que polo ruído, verdadeiramente singular, dun 16HP, remolcado por unha xugada de vacas aguilladas polo tío Xan da Carballeira, levando drento un señor enzoufado de terra, cheo d'aceite e unha señora moi mona en traxe d'automovelista.*



# ÍNDICE

NOTA DAS AUTORAS .....	7
ESTUDO INTRODUTORIO.....	9
TEXTOS RECUPERADOS .....	35
Criterios de edición .....	37
ALFONSO DANIEL R. CASTELAO.....	41
<i>Proieuto de teatro galego ô xeito do da «chauve souris»</i> .....	41
GALO SALINAS RODRÍGUEZ.....	47
<i>Sabela, comedia nun acto</i> .....	47
<i>Entre dous mundos, poema dramático nun acto</i> .....	71
<i>Copas e bastos</i> .....	105
<i>Os meus amores</i> .....	127
ALFREDO FERNÁNDEZ, NAN DE ALLARIZ .....	137
<i>Por mor do drama “minia” ou furto, xuízo e sentenza</i> .....	137
<i>¡Airiños... Leváime a ela!</i> .....	145
EMILIANO BALÁS SILVA.....	165
<i>Monólogo</i> .....	165
<i>Estranxeiro na súa terra</i> .....	169
<i>A noite de San Xoan</i> .....	183
JOSÉ MANUEL LÓPEZ CASTIÑEIRAS.....	189
<i>O chufón, comedia dramática en dos actos</i> .....	189
SALVADOR CABEZA LEÓN.....	219
<i>Camiño da vila</i> .....	219
MANUEL POSSE RODRÍGUEZ (F. IGNACIO BLANCO FREIRE) .....	231
<i>¡Inda non quero ser mico!</i> .....	231
EUXENIO CHARLÓN ARIAS & MANUEL SÁNCHEZ HERMIDA.....	241
<i>Calquera entende este enredo</i> .....	241
<i>Nocturno periodístico</i> .....	253
XOSÉ ARES MIRAMONTE .....	263
<i>Andacio</i> .....	263
MANUEL VIDAL RODRÍGUEZ.....	277
<i>El “sí” de Grabiela</i> .....	277
MANUEL REI POSE .....	283
<i>Un match internacional de fútbol</i> .....	283
NIN GUÉN.....	287
<i>O Tornillo</i> .....	287



ESTE LIBRO SAÍU DO PRELO DE LUGAMI EN BETANZOS O 5 DE  
DECEMBRO DE 2012





## LIBROS PUBLICADOS

1. Xaime Quintanilla: DONOSINA (Edición de Laura Tato)
2. Denis Diderot: O PARADOXO SOBRE O ACTOR (Edición bilingüe de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Bouter) –Esgotado–
3. Antón Villar Ponte: ENTRE DOUS ABISMS e NOUTURNO DE MEDO E MORTI (Edición de Emilio Xosé Insua López) –Esgotado–
4. Oscar Wilde: ERNEST (Edición bilingüe de Miguel Pérez Romero) –Esgotado–
5. Aristóteles: POÉTICA (Edición bilingüe de Fernando González Muñoz) –Esgotado–
6. Hildegarde de Bingen: O DESFILE DAS VIRTUDES (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
7. Ramón Otero Pedrayo: O FIDALGO E O TEATRO (tres textos dramáticos) (Edición de Xosé Manuel Sánchez Rei)
8. TRES PEZAS CÓMICAS MEDIEVAIS (Edición bilingüe de Henrique Harguindey Banet)
9. Pedro P. Riobó Sanluis: O TEATRO GALEGO CONTEMPORÁNEO (1936-1996)
10. O TEATRO DE CHARLES BAUDELAIRE. PROXECTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
11. Ricardo Carvalho Calero: ESCRITOS SOBRE TEATRO (Edición de Laura Tato)
12. António Ferreira: CASTRO (Edição de M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Sellers)
13. Rosvita de Gandersheim: OBRA DRAMÁTICA (Edición bilingüe de Xosé C. Santos Paz)
14. Llorenç Villalonga: DESBARATOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
15. José Oliveira Barata: O ESPAÇO LITERÁRIO DO TEATRO. ESTUDOS SOBRE LITERATURA DRAMÁTICA PORTUGUESA/I
16. Alexandre Ballester: NUN PREGUE DE VELUDO (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
17. Goretti Sanmartín Rei: O TEATRO DE XAN DA COVA. *LA GALICIANA E MARÍA PITA*
18. Josep Pere Peyró: DESERTOS (Edición bilingüe de Xesús González Gómez)
19. Afonso Álvares: AUTO DE SANTIAGO (Edição de Juan M. Carrasco González)
20. Ramón Cabanillas: A VIRXE DO CRISTAL (Edición de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei)
21. TEATRO BRASILEIRO: TEXTOS DE FUNDAÇÃO (Edição de Maria Aparecida Ribeiro)
22. Roberto Cordovani: TEATRO BRASILEIRO NA GALIZA (Edição de Eisenhower Moreno)
23. Joan Guasp: O VENDEADOR DE AMENDÓIS (Ed. bilingüe de Xesús González Gómez)
24. François Riccoboni: A ARTE DO TEATRO (Edición bilingüe de Roberto Salgueiro)
25. M<sup>a</sup> Isabel Morán Cabanas: FESTA, TEATRALIDADE E ESCRITA. ESBOÇOS TEATRAIS NO CANCIONEIRO GERAL DE GARCIA DE RESENDE
26. Ana Kiffer: ANTONIN ARTAUD. UMA POÉTICA DO PENSAMENTO
27. Paulino Pereira: A MÚSICA TEATRAL
28. Francisco Gomes de Amorim: FIGADOS DE TIGRE (Edição de Carme Fernández Pérez-Sanjulián)
29. Gil Vicente: FARSA DOS ALMOCREVES (Edición de Xoán Carlos Lagares)
30. Manuel María: EDIPO (Edición de Miguel A. Mato Fondo)
31. Eugène Labiche [e Marc-Michel]: UN CHAPEU DE PALLA ITALIANA (Edición bilingüe de Ana Luna Alonso)
32. Manuel Lourenzo: INSOMNES
33. Cándido A. González: ¡MAL OLLO!... (Edición de Manuel Ferreiro e Laura Tato Fontañá)
34. Iolanda Ogando: TEATRO HISTÓRICO: CONSTRUCCIÓN DRAMÁTICA E CONSTRUCCIÓN NACIONAL
35. Euloxio R. Ruibal: MINIMALIA. 20 PEZAS DE TEATRO BREVE
36. Antoni Nadal: O TEATRO MALLORQUINO DO S. XX
37. Emilio Xosé Insua López: SOBRE *O MARISCAL*, DE CABANILLAS E VILLAR PONTE
38. Xesús Písón: NOITE INVADIDA
39. Duarte Ivo Cruz: O TEATRO PORTUGUÉS: ESTRUCTURA E TRANSVERSALIDADE
40. Afonso Becerra de Becerré: O RITMO NA DRAMATURXIA. TEORÍA E PRÁCTICA DA ANÁLISE RÍTMICA (A PARTIR DA PRIMEIRA DRAMATURXIA GALEGA EN VERSO)
41. DOCUMENTOS PARA A HISTORIA DO TEATRO GALEGO (1919-1924) (Edición de Silvana Castro García)
42. QUE (NON) É O TEATRO? [Manuel Lourenzo / José Oliveira Barata] / CATÁLOGO DE PUBLICACIONS (1997-2005)
43. Marica Campo: CONFUSIÓN DE MARIA BALTEIRA (Edición de María Pilar García Negro)
44. Manuel Lugrís Freire: A COSTUREIRA D'ALDEA (Edición de Teresa López)
45. Hélène Cixous: A CONQUISTA DA ESCOLA DE MADHUBAI (Edición bilingüe de Purificación Cabido Pérez)
46. Uxío Carré Aldao: MEMORIA CRÍTICO-BIBLIOGRÁFICA SOBRE EL TEATRO REGIONAL GALLEGO (Edición de Xoán López Viñas)
47. Manjula Padmanabhan: LUCES FORA! (Edición bilingüe de Antía Mato Bouzas)
48. Teresa Rita Lopes: COISAS DE MULHERES! (Teatro reunido)
49. D. Francisco Manuel de Melo: O FIDALGO APRENDEZ (Edición de Evelina Verdelho)
50. Aristóteles: POÉTICA (Segunda Edición bilingüe revisada de Fernando González Muñoz)
51. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume I (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
52. Carlo Gozzi: TURANDOT. Volume II (Edición crítica italiana e tradución galega de Javier Gutiérrez Carou)
53. Luís de Camões: AUTO CHAMADO DOS ENFATRIOS (Edição de Leticia Eirín García)
54. Marica Campo: O DIVINO SAINETE (Adaptación teatral da obra homónima de Curtos Enriquez)
55. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO I [1916-1917] (Ed. de Xesús González Gómez)
56. Antonio Gramsci: ESCRITOS SOBRE TEATRO II [1918-1920] (Ed. de Xesús González Gómez)
57. Camilo Castelo Branco: O MORGADO DE FAFE EM LISBOA E O MORGADO DE FAFE AMOROSO (Edição de Carlos Paulo Martínez Pereira)
58. Xosé Teixeiro: DOUTOR, POR FAVOR, MÁTEME CON XEITO (Edición e tradución de Francine Sucarrat Bouter e Xosé Carlos Carrete Díaz)
59. Laura Tato Fontañá: RELACION DE NOTICIAS SOBRE TEATRO NOS FONDOS DA BIBLIOTECA-ARQUIVO TEATRAL 'FRANCISCO PILLADO MAYOR' (1882-1975)
60. Alva Martínez Teixeira: O HERÓI INCOMODO (UTOPIA E PESSIMISMO NO TEATRO DE HILDA HILST)
61. Iolanda Ogando: ALMEIDA GARRETT, RETRATO PARATEXTUAL COM TEATRO AO FUNDO
62. Henrique Rabuñal: O TEATRO EN JENARO MARINHAS DEL VALLE
63. Pepetela: A REVOLTA DA CASA DOS ÍDOLOS (Edição de Francisco Salinas Portugal)
64. Raúl Dans: MATALOBOS
65. Octave Mirbeau: OS MALOS PASTORES (Edición, introdución e tradución de María Obdulia Luis Gamallo)
66. Teresa Moure: CLINICAS
67. Maria de Lourdes Nunes Ramalho: A FEIRA. O TROVADOR ENCANTADO (Introdução de Lourdes Nunes Ramalho, Valéria Andrade e Ria Lemaire)
68. A ARCA DE NOÉ (Tradución ao galego de *Noah's Ark do Newcastle (non-cycle) Play* e *The Fall of Angels (York Cycle)*) (Edición de Isabel Moskowich, Begoña Crespo e Cristina Mourón Figueroa)
69. Leandro Carré: TEATRO RECUPERADO (Edición de Carlos Caetano Biscainho Fernandes)
70. MÚSICA ESCÉNICA (TRES PROPOSTAS) Julio Montero, Paulino Pereira e Juan Pérez Berná
71. A. D. R. Castela, G. Salinas, A. Nan de Allariz, E. Charlón e M. S. Hermida, E. Balás, X. M. López Castiñeiras, S. Cabeza de León, M. Posse, X. Ares, M. Vidal e M. Rei Pose: TEXTOS RECUPERADOS (Edición e notas: Iolanda Ogando. Estudo introdutorio: Laura Tato)

